

Memoria de actividades de cultura da Xunta de Galicia 2017



Memoria de actividades de **cultura**
da Xunta de Galicia **2017**

EDITA:
XUNTA DE GALICIA
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Cultura

Santiago de Compostela
2018

DESEÑO: Trisquelia
IMPRESIÓN: Tórculo
DEPÓSITO LEGAL: C 436-2014

Contido

Presentación	11
Introdución xeral	13

01

BIBLIOTECAS E PROMOCIÓN LECTORA 15

1.1	Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia	16
1.2	Biblioteca de Galicia	21
1.3	Iniciativas para a renovación e a mellora das bibliotecas	26
1.4	Formación do persoal bibliotecario	29
1.5	GaliciaLe: préstamo de libros electrónicos	29
1.6	Iniciativas de fomento da lectura	31
1.7	Bibliotecas escolares	34

02

ARQUIVOS DE GALICIA 39

2.1	Sistema de Arquivos de Galicia	40
2.2	Os arquivos de xestión autonómica	42
2.3	Actuacións sobre os arquivos de Galicia	45
2.4	Unha formación continua en arquivística	47
2.5	Dinamización dos arquivos	47

03

PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA 53

3.1	Memoria Dixital de Galicia	54
3.2	Desenvolvemento da Lei do patrimonio cultural	54
3.3	Políticas de protección e conservación do patrimonio galego	55
3.4	Actuacións sobre o patrimonio cultural galego	59
3.5	Dinamización do patrimonio cultural	80
3.6	Apoio á formación, á investigación e á posta en valor do patrimonio	86

04

MUSEOS DE GALICIA 91

4.1	Sistema Galego de Museos	92
4.2	Centro Galego de Arte Contemporánea	94
4.3	Museo de Belas Artes da Coruña	100
4.4	Museo das Peregrinacións e de Santiago	104
4.5	Museo Pedagóxico de Galicia	107
4.6	Museo do Mar de Galicia e Centro Arqueolóxico do Areal Salinae	109
4.7	Museo Massó	113
4.8	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense	117
4.9	Museo Etnolóxico de Ribadavia	120
4.10	Museo do Castro de Viladonga	124
4.11	Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro	127
4.12	Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa	129
4.13	Conxunto Etnográfico do Cebreiro	132
4.14	Cifras de visitantes dos museos en 2017	133

05

DIFUSIÓN DAS ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS 135

5.1	Exposicións de artes plásticas e visuais nos centros de xestión autonómica	136
5.2	Colaboración con mostras e outras iniciativas	146
5.3	Efemérides das artes plásticas 2017	148
5.4	Apoio a certames artísticos e premios	150

06

PROMOCIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS, MUSICAIS E AUDIOVISUAIS 153

6.1	Oferta musical	154
6.2	Iniciativas escénicas e audiovisuais	162

07

IMPULSO AO LIBRO E Á LITERATURA GALEGA 165

7.1	Apoio ao sector editorial	166
7.2	Librería Institucional da Xunta de Galicia	168
7.3	Colaboración coas entidades profesionais	169
7.4	Premios para alentar a creación literaria	173
7.5	Colaboración con fundacións de autor e casas museo	175
7.6	Datas sinaladas	177
7.7	Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades	181
7.8	Fundación Pública Galega Camilo José Cela	184
7.9	Xestión do Rexistro da Propiedade Intelectual e do Depósito Legal	186

08

A CULTURA, PARA TODAS E TODOS **189**

8.1	Recoñecemento ao labor a prol da cultura	190
8.2	Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas	194
8.3	Impulso á oferta cultural no conxunto do territorio	197
8.4	Difusión da lingua entre a mocidade	199
8.5	Rede de Dinamización Lingüística	203
8.6	Visibilización e integración social a través das artes	206
8.7	Illa de San Simón	208

09

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI **211**

9.1	Fomento da música e das artes escénicas	212
9.2	Promoción do audiovisual galego	219
9.3	Programacións escénicas, cinematográficas e musicais da Agadic	223
9.4	Formación e apoio sectorial	227
9.5	Centro Dramático Galego	231
9.6	Centro Coreográfico Galego	235
9.7	Centro Galego de Artes da Imaxe	236

10

CIDADE DA CULTURA DE GALICIA **241**

10.1	Exposicións	243
10.2	Música e escena	248
10.3	En familia	253
10.4	Letras e pensamento	260
10.5	Intercambio	262
10.6	Aula Gaiás	266
10.7	Visitar	267
10.8	Emprender no Gaiás	270

11

PROXECCIÓN EXTERIOR DA CULTURA GALEGA **277**

11.1	Libro e literatura	278
11.2	Artes plásticas e visuais	281
11.3	Internacionalización das industrias musical, escénica e audiovisual	282
11.4	Lingua e cultura	287
11.5	Diálogo cultural coa lusofonía	290

Anexo 1 ÁREA DE CULTURA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA 2017	296
Anexo 2 PRINCIPAIS CONVOCATORIAS DE AXUDAS PÚBLICAS DA ÁREA DE CULTURA DA XUNTA DE GALICIA	298
Créditos fotográficos	302





Presentación

Estimado lector, ten nas súas mans a *Memoria de actividades de cultura da Xunta de Galicia 2017*. Esta publicación pretende, por unha banda, ser un exercicio de transparencia na xestión dos recursos públicos, mediante a explicación do que se ten feito para someterse ao xuízo e a crítica razoada. E, por outra, funcionar como ferramenta de uso interno para avaliar o investimento e maximizar a rendibilidade do conxunto da programación cultural da Xunta.

Deste modo, coñecer e analizar as actividades que se describen nos 11 capítulos e dous anexos que conforman este libro permítenos corraxir e perfeccionar o traballo de planificación, para mellorar tanto as políticas públicas de apoio á creación, produción, distribución e acceso aos diversos bens e servizos culturais, como aquelas orientadas á salvagarda do noso patrimonio.

Somos conscientes de que a cultura é un grande activo do país. Son os froitos e as propias raíces de Galicia. Pola súa importancia social e económica, a cultura galega cumpre a función de panca para o noso progreso e desenvolvemento territorial, pero tamén é un elemento clave para a plena realización das persoas e o aumento das súas capacidades e oportunidades.

Pola súa transcendencia e transversalidade, a Xunta aposta pola vía da cooperación e o traballo conxunto, tendo en conta que a tarefa cultural do mañá se nos revela como un dos grandes desafíos do presente. Un reto que nos interesa a todos, que a todos nos atinxe e a todos nos beneficia.

Román Rodríguez González

Conseleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



Introdución xeral

Co fin de dar conta do labor anual desenvolvido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no ámbito cultural, ve a luz un novo volume da *Memoria de actividades de cultura* da Xunta de Galicia.

O ano 2017 quedará felizmente vinculado na nosa memoria coa chegada a Galicia do Pergamiño Vindel, un “tesouro en sete cantigas” da lírica medieval galego-portuguesa que se exhibiu publicamente por vez primeira no marco dunha exposición promovida pola Xunta de Galicia e pola Universidade de Vigo no Museo do Mar de Galicia.

Canda Martín Códax, autor das cantigas, o relato da cultura galega en 2017 tivo outros protagonistas, de onte e de hoxe. A arte de Maruja Mallo e de Álvaro Cebreiro ou as letras de Carlos Casares e de Eduardo Pondal compartiron escenario cos creadores e creadoras, e co resto de axentes que sitúan actualmente a Galicia nun lugar destacado nos diferentes sectores das industriais culturais. O encontro Conecta Fiction, o festival Escenas do Cambio, a participación de Galicia nas principais feiras internacionais do libro ou a asistencia a mercados do audiovisual de todo o mundo contribuíron a reforzar a proxección exterior da cultura galega.

No ámbito do patrimonio cultural, déronse pasos importantes na protección e posta en valor de bens sobranceiros, a través da incoación como BIC da Ribeira Sacra na categoría de paisaxe cultural ou do impulso da candidatura das Illas Cíes-Parque Nacional Illas Atlánticas para a súa declaración como patrimonio da humanidade.

A danza, as artes plásticas e visuais, o libro, o teatro, a música, o audiovisual, os museos, as bibliotecas ou os arquivos son vimbios imprescindibles cos que día a día construímos a nosa cultura e que nos permiten avanzar no benestar social. Por iso, outro dos principais retos da política cultural do Goberno galego é garantir o acceso da cidadanía a uns servizos e a unha oferta cultural de calidade e diversa que cheguen a todo o territorio. Con este fin, en 2017 imprimíuselles un novo impulso ás redes de distribución de espectáculos da Agadic; a programacións coma Cultura no Camiño, coa participación de máis de 150 compañías e grupos galegos; ás liñas de axudas para certames e festivais de carácter afeccionado; ás subvencións para a mellora de equipamento cultural ou ás iniciativas apoiadas para favorecer unha participación efectiva na cultura daqueles colectivos con necesidades especiais.

Estas liñas de actuación, que centran as páxinas da *Memoria de actividades de cultura 2017*, dan conta do papel da cultura como piar da nosa gobernanza, como sector estratéxico da nosa economía e como elemento central para o progreso da nosa sociedade.

Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario xeral de Cultura



01

BIBLIOTECAS E PROMOCIÓN LECTORA

Se se repartisen todos os fondos da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia entre os habitantes da comunidade, cada galego e cada galega levaría 3,04 documentos, o que axuda a comprender a variedade e a amplitude dos fondos das bibliotecas galegas, que cada ano aumentan a súa colección bibliográfica e que cada ano procuran tamén achegarlle á cidadanía o libro e a lectura.

Un entretecido bibliotecario saudable é imprescindible para construír país. As bibliotecas son unha porta de acceso ao coñecemento, á información e á cultura, e sono, ademais, dun xeito libre e gratuíto, aberto a todas as persoas. Calquera pode ter o seu carné de biblioteca e calquera pode, por tanto, acceder aos múltiples servizos que ofrecen os centros bibliotecarios galegos. Por iso, é tan determinante contar cunha rede de bibliotecas nas mellores condicións.



1.1 Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia está conformada polas bibliotecas e servizos bibliotecarios públicos galegos, baixo a coordinación da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que ten como obxectivos darlles apoio ás bibliotecas públicas de Galicia, sistematizar a información relativa a estes centros e xestionar todos aqueles programas que contribúen a fomentar a lectura e a mellorar os servizos e as coleccións que ofrecen as bibliotecas públicas galegas.

Inclúe a Biblioteca de Galicia, cabeceira da rede; os centros bibliotecarios de titularidade estatal ou municipal e xestión autonómica no territorio galego (a Biblioteca Pública de Lugo —que festexou o seu trinta aniversario en 2017—, a Biblioteca Pública de Ourense, a Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés, a Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola, a Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel e a Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal), así como as 337 bibliotecas de titularidade pública local e outras 13 bibliotecas públicas e de titularidade privada.

Ao longo de 2017, os centros bibliotecarios que se integraron na rede foron:

- Biblioteca Pública Municipal de Moeche
- Biblioteca Pública Municipal de Mondariz Xoán Xosé Pérez Labaca
- Biblioteca Pública Municipal Florencio Delgado Gurriarán do Barco de Valdeorras
- Biblioteca Pública Municipal Rosalía de Castro de Arzúa
- Axencia de Lectura Municipal da Lama
- Biblioteca Pública Municipal do Pino
- Axencia de Lectura Municipal de Riotorto
- Axencia de Lectura Municipal Vilalonga de Sanxenxo

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia dispón dun espazo en liña propio (<http://rbgalicia.xunta.gal>), artellado como canle fundamental para a difusión de informa-

ción de utilidade para o desenvolvemento do traballo do persoal das bibliotecas galegas, e para a recompilación das actuacións postas en marcha pola Subdirección Xeral de Bibliotecas.

Este sitio web, que recibiu ao longo de 2017 un total de 332.964 visitas, alberga, entre outros materiais, recursos técnicos para profesionais, os catálogos da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, ao tempo que difunde diversa información de interese, como as convocatorias de cursos e programas internacionais de formación para bibliotecarios e bibliotecarias, as liñas de subvencións destinadas ás bibliotecas públicas galegas e aqueles datos de apoio necesarios para a elaboración das súas estatísticas.

Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia

De ámbito autonómico, o Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia é o órgano encargado de promover e de impulsar a cooperación bibliotecaria. Actúa como fonte de información, consulta e asesoramento sobre as políticas bibliotecarias de Galicia coa finalidade de favorecer o desenvolvemento e a mellora das condicións destes centros e dos seus servizos. Están representadas neste órgano a Biblioteca de Galicia, as bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura e Educación, as municipais, as universitarias, as escolares, as especializadas e as de titularidade privada, así como as asociacións profesionais de bibliotecarios de Galicia e o Consello da Cultura Galega.



Este órgano colexiado reúne dúas veces ao ano. En 2017, nos encontros, que tiveron lugar o 31 de xaneiro e o 19 de xullo, tratáronse os estudos impulsados pola Consellería de Cultura e Educación para realizar unha diagnose dos servizos bibliotecarios dos concellos, froito das propostas recollidas nas conclusións do Mapa de bibliotecas

de Galicia. A implantación do novo programa de xestión bibliotecaria, o balance da actividade na plataforma GaliciaLe para o préstamo de libros electrónicos, as liñas de subvencións para a mellora dos servizos bibliotecarios ou o anteproxecto de decreto polo que se regula a xestión do depósito legal na Comunidade Autónoma de Galicia foron outros dos temas que centraron as reunións.

Mapa de bibliotecas públicas de Galicia

O Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, aprobado en 2016, amosa a situación das bibliotecas públicas galegas por concellos e realiza unha diagnose desta realidade, ademais de achegar propostas de actuación que contribúan a un mellor servizo á cidadanía. Deste xeito, preséntase como unha ferramenta que permite establecer as necesidades de lectura pública de cada municipio a partir da comparación entre a situación real das bibliotecas e os valores estipulados nos estándares de bibliotecas públicas de Galicia.

Para a confección do mapa, os datos referentes á situación das bibliotecas foron extraídos do Censo de Bibliotecas Públicas de Galicia presentado no Consello de Cooperación Bibliotecaria en setembro de 2015.

Con carácter posterior á publicación do mapa, comezouse a traballar nas propostas de actuación para darlles cumprimento ás conclusións extraídas das bibliotecas analizadas. Así, ao longo de 2017 puxéronse en marcha distintas accións, como os estudos sobre a situación dos municipios que contan con máis dun punto de servizo bibliotecario e dos 53 concellos de menos de 2.000 habitantes que carecen del, o impulso á renovación do mobiliario e equipamentos informáticos e a mellora do acceso á formación do persoal bibliotecario mediante o incremento da formación en liña referido ao proceso técnico.

As bibliotecas en cifras: estatística anual

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia elabora unha estatística anual a partir dos datos que proporciona cada unha destas bibliotecas a través dun formulario accesible na web da propia rede desde o ano 2016. Posteriormente, a Subdirección Xeral de Bibliotecas depura e publica a información recompilada.

O formulario renovouse en 2017 para facilitar a visualización dos campos por parte dos bibliotecarios, de xeito que se presentan dunha forma máis intuitiva para mellorar a recollida de datos. Así mesmo, incorpora novos campos e está adaptado ás necesidades técnicas que solicita o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o envío de datos das distintas comunidades autónomas co fin de elaborar a estatística de bibliotecas no ámbito estatal.

A finalidade desta enquisa é contar cunha información completa e actualizada da realidade dos centros da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e dispoñer dun instrumento de avaliación imprescindible para a planificación da política bibliotecaria da comunidade autónoma.

Na elaboración da estatística de 2017, cuxos datos se procesan en 2018, participaron un total de 318 bibliotecas públicas e axencias de lectura.

DATOS DE 2016 DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

USUARIOS/AS: 918.859
 NOVOS/AS USUARIOS/AS: 47.654
 VISITAS: 4.911.958
 COLECCIÓN TOTAL: 6.857.836 documentos
 DOCUMENTOS ADQUIRIDOS: 277.014

DATOS DE 2016 DAS BIBLIOTECAS CENTRAIS TERRITORIAIS**Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés**

USUARIOS/AS INSCRITOS/AS: 39.163
 PORCENTAXE DE POBOACIÓN INSCRITA: 16,05 %
 NOVOS/AS USUARIOS/AS: 1.052
 PRÉSTAMOS: 136.424
 PRÉSTAMOS POR USUARIO/A: 3,48
 ACTIVIDADES REALIZADAS: 476

Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal

USUARIOS/AS INSCRITOS/AS: 37.500
 PORCENTAXE DE POBOACIÓN INSCRITA: 39,08 %
 NOVOS/AS USUARIOS/AS: 3.369
 PRÉSTAMOS: 154.242
 PRÉSTAMOS POR USUARIO/A: 4,11
 ACTIVIDADES REALIZADAS: 492

Biblioteca Pública de Ourense

USUARIOS/AS INSCRITOS/AS: 35.435
 PORCENTAXE DE POBOACIÓN INSCRITA: 33,46 %
 NOVOS/AS USUARIOS/AS: 2.338
 PRÉSTAMOS: 107.995
 PRÉSTAMOS POR USUARIO/A: 3,05
 ACTIVIDADES REALIZADAS: 279

Biblioteca Pública de Lugo

USUARIOS/AS INSCRITOS/AS: 31.924
 PORCENTAXE DE POBOACIÓN INSCRITA: 32,49 %
 NOVOS/AS USUARIOS/AS: 1.665
 PRÉSTAMOS: 162.538
 PRÉSTAMOS POR USUARIO/A: 5,09
 ACTIVIDADES REALIZADAS: 182

Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

USUARIOS/AS INSCRITOS/AS: 34.298
 PORCENTAXE DE POBOACIÓN INSCRITA: 41,55 %
 NOVOS/AS USUARIOS/AS: 1.142

PRÉSTAMOS: 111.378
 PRÉSTAMOS POR USUARIO/A: 3,25
 ACTIVIDADES REALIZADAS: 240

Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel

USUARIOS/AS INSCRITOS/AS: 35.938
 PORCENTAXE DE POBOACIÓN INSCRITA: 12,06%
 NOVOS/AS USUARIOS/AS: 2.480
 PRÉSTAMOS: 188.755
 PRÉSTAMOS POR USUARIO/A: 5,25
 ACTIVIDADES REALIZADAS: 431

TOTAL PRÉSTAMOS: 861.332
TOTAL ACTIVIDADES REALIZADAS: 2.100

Galicia, no Padroado da Biblioteca Nacional de España

Galicia incorporouse en 2017 ao Real Padroado da Biblioteca Nacional de España (BNE) en representación das bibliotecas das comunidades autónomas, xunto con Euskadi e con Cataluña. A designación, que ten carácter rotatorio, aprobouse no marco da reunión plenaria da Conferencia Sectorial de Cultura que tivo lugar o 10 de xullo no Museo Nacional do Prado, en Madrid.

Neste encontro tamén se presentou o proxecto polo cal a BNE lles cederá ás comunidades autónomas máis de un millón de exemplares das primeiras edicións publicadas desde a década dos cincuenta ata o ano 2011, procedentes do depósito legal. A través desta iniciativa, e mediante un contrato de comodato por 20 anos, prevese que en 2018 estean dispoñibles para a Biblioteca de Galicia preto de 30.000 volumes, moitos deles descatalogados, que pasarán a enriquecer e a completar o patrimonio bibliográfico galego.





1.2 Biblioteca de Galicia

Con sede na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela, a Biblioteca de Galicia é a biblioteca central do sistema galego de bibliotecas e o centro de conexión da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia co ámbito bibliotecario internacional. Garante a conservación e a difusión do patrimonio bibliográfico de Galicia, tanto materiais tradicionais impresos como novos soportes, e custodia todos os libros que se editan dentro ou fóra do ámbito autonómico sempre e cando traten temas galegos, se editen en galego ou os seus autores sexan galegos.

Está orientada fundamentalmente a investigadores, estudosos ou persoas interesadas na cultura galega, que poden acceder ao seu catálogo, aos seus fondos impresos e, a través da Biblioteca Dixital de Galicia, a todos os recursos dixitalizados.

Na rede, o portal www.bibliotecadegalicia.xunta.gal ofrece información sobre as coleccións temáticas da Biblioteca de Galicia temáticas e de autores galegos senlleiros; así mesmo, pon ao dispor da cidadanía o catálogo de fondo antigo ou o catálogo do patrimonio de Galicia, entre outros recursos.

Biblioteca Dixital de Galicia

Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia é o portal de acceso aos recursos patrimoniais, dixitais ou dixitalizados, da cultura galega que se atopan en dominio público ou de cuxos dereitos de difusión é titular a Xunta de Galicia. Un dos principais provedores de Galiciana é a Biblioteca Dixital de Galicia (<http://biblioteca.galiciana.gal/>), que dá acceso a obxectos dixitalizados das bibliotecas adscritas á Secretaría Xeral de Cultura e doutras institucións da memoria cuxos fondos se consideran de interese para o patrimonio bibliográfico de Galicia.

Os principais obxectivos da Biblioteca Dixital de Galicia son difundir e dar acceso ao patrimonio bibliográfico galego na rede, contribuír á súa preservación mediante a

aplicación das TIC e lograr a máxima visibilidade dos recursos dixitais integrados nela e a interoperabilidade cos principais proxectos de dixitalización existentes hoxe en día (Hispana e Europea).

En 2017, dixitalizáronse 3.135 números e 33.022 imaxes de *La Noche*, 7.548 números e 39.363 imaxes de *La Región*, 17 números e 68 imaxes de *El Sobroso*, 11 números e 547 imaxes de *Vida Gallega*. Ademais, redixitalizáronse as cabeceiras de *El Compostelano*, *Diario de Pontevedra* e *Noticiero de Vigo*, para mellorar a calidade de 69.723 imaxes.

Co fin de faliciatar as consultas das persoas usuarias e para darlles visibilidade aos fondos máis salientables, a Biblioteca Dixital de Galicia incorporou en 2017 os seguintes micrositios: Arquivo Persoal. Camilo Díaz Baliño, Arquivo Persoal. Carlos Casares, Memorias de Arqueoloxía, Balnearia Bibliográfica, Fondo Museos de Galicia, Festas de Galicia, Fondo Mondoñedo, Fondo Estudos Locais A Coruña e Fondo Incunables Abanca.

Adquisicións bibliográficas

Unha das principais funcións da Biblioteca de Galicia é reunir e custodiar os fondos relacionados coa propia comunidade autónoma para conservar como mínimo un exemplar de todas aquelas publicacións, impresións ou gravacións realizadas en Galicia escritas en galego, de autoría galega ou de temática relacionada con Galicia. O seu patrimonio bibliográfico enriquecese mediante doazón, depósito ou compra, así como a través do depósito legal. Deste xeito, a biblioteca dispón dunha colección única de fondos que fai dela unha referencia fundamental para a cultura galega.

En cumprimento deste obxectivo, en 2017 adquiríronse un total de 953 unidades bibliográficas das que carecía a Biblioteca de Galicia e que poden resultar de interese para estudosos e público en xeral polo seu carácter de patrimonio bibliográfico. Obtivéronse, así, fondos de monografías impresos en Galicia anteriores ao ano 1980, como *Sorrisos e bágoas*, de Francisca Herrera, que data de 1918; *Sátiras policromas de Pedro Ollo*, de 1920; e obras de Pérez Luján, Francisco Camba, Alberto Insúa, Concepción Arenal, Elena Quiroga e Manuel María, entre outras.

Así mesmo, incorporáronse libros e carpetas con gravados e debuxos de Seoane, edicións antigas de exemplares de Camilo José Cela, Torrente Ballester ou Valle Inclán, así como debuxos de Ángel Bar. Adquiríronse, ademais, facsímiles de obras referenciais, como o Pergamiño Vindel, xunto cunha ampla colección de manuscritos que datan do século XX e copias de manuscritos máis antigos, como un vocabulario galego-castelán ou *As cruces de pedra na Galiza*; tamén se adquiriron folletos e mesmo follas soltas, como o *Verdadeiro relato dos roubos e crimes cometidos polo famoso bandoleiro Mamed Casanova*; publicacións periódicas, impresas en Galicia ou por comunidades e autores galegos no exterior, como *Vida Gallega*, ou números da revista arxentina *Fray Mocho*, de 1915, con ilustracións do caricaturista lucense José María Cao.

En canto ao patrimonio musical, ampliouse a colección da Biblioteca de Galicia con partituras de autores galegos ou de orixe galega na Arxentina e discos de autor en galego, a maior parte vinilos de grupos como Los Tamara, Voces Ceibes, Bibiano y Benedicto, Xoán Rubia, coros (Toxos e Froles ou Terra a Nosa) ou bandas galegas no exterior, pero tamén discos de lousa (*Maruxa*, de Inocencio Navarro) ou os *Contos galegos* de Joselín.

Catalogacións

A Biblioteca de Galicia realizou en 2017 diversas actuacións de catalogación e de recollida de datos, que se incorporaron aos catálogos colectivos da Rede de Bibliotecas de Galicia e do Patrimonio Bibliográfico (CCPB) do Estado español.

No Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago completouse a catalogación e/ou recollida de datos do seu fondo histórico, constituído por arredor de 5.500 volumes.

Na Biblioteca de Galicia realizouse a catalogación e/ou recollida de datos das súas coleccións de fondo antigo, de bibliotecas de autor e de materiais especiais. Os títulos catalogados comprenden desde o século XVI ata os primeiros 15 anos do século XXI e en total catalogáronse 7.692 exemplares.

Tamén se realizaron traballos e actuacións sobre o fondo sonoro da Biblioteca de Galicia constituído polos CD que se depositan en cumprimento da lexislación de depósito legal.

Exposicións

Para dar a coñecer os seus fondos, a Biblioteca de Galicia organiza ao longo do ano diferentes exposicións. En 2017 realizáronse catro proxectos expositivos.

Cebreiro. O trazo da vangarda

DATAS: do 20 de xaneiro ao 7 de marzo de 2017

Mostra bibliográfica realizada en colaboración coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI) en homenaxe ao pintor, debuxante e caricaturista galego Álvaro Cebreiro (1903-1956), protagonista do Día da Ilustración 2017. En total, expuxéronse 31 pezas, entre debuxos, libros, publicacións periódicas, manuscritos e reproducións.



Balnearia Bibliográfica. Un percorrido polas augas minerais de Galicia

DATAS: do 5 de abril de 2017 ao 12 de febreiro de 2018

Unha selección de 150 pezas orixinais gráficas, bibliográficas e obxectos relacionados co mundo das augas termais e minerais, desde os seus inicios ata a actualidade. A maioría das pezas (libros, folletos, publicacións, carteis, postais, selos etc.) da mostra, que se acompañou dun catálogo, eran fondos propios da Biblioteca de Galicia, que se expuxeron con outras procedentes de coleccionistas particulares, entre os que destacan a familia Galdo-Rolón ou Hijos de Rivera SA (Cabreiroá). Coa colaboración do Clúster da Auga Mineral e Termal de Galicia e da Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia.



Carlos Casares: arte e pensamento para Galicia

DATAS: do 18 de abril ao 10 de xuño de 2017

Unha mostra de 49 pezas que recompilou os principais ámbitos de creación de Carlos Casares: literatura, ensaio e colaboracións en distintas publicacións. A exposición dividiuse en seis seccións, con libros, material audiovisual e carteis de obras do autor homenaxeado coas Letras Galegas 2017, así como traballos e artigos sobre a súa figura publicados en xornais e revistas.

Novidades da Biblioteca de Galicia

DATAS: do 20 de outubro ao 31 de decembro de 2017

Esta exposición responde ao obxectivo da Biblioteca de Galicia de difundir as adquisicións e ingresos novos que se incorporan aos seus fondos co fin de darlles visibilidade e de contribuír á posta en valor do patrimonio bibliográfico galego. Entre as pezas que se exhibiron en 2017 incluíronse copias de manuscritos, como *As cruces de pedra na Galiza*, de Castela; incunables como o *Libro de las propiedades de las cosas* e a *Biblia do oso*; un facsímile do Pergamiño Vindel e varios números da revista *Vida Gallega*.

Xornadas técnicas

Cos obxectivos de actualizar e de formar o persoal das bibliotecas galegas nos novos procedementos e ferramentas cos que se está a responder aos desafíos dun contorno xa plenamente dixital, a Biblioteca de Galicia organizou en 2017 dúas xornadas técnicas.

O 19 de maio tivo lugar a xornada *Datos abertos enlazados en bibliotecas, museos e arquivos*, na que se afondou no coñecemento desta nova tecnoloxía para publicar os datos de bibliotecas, museos e arquivos. Na xornada, que serviu tamén para presentar o apartado de datos abertos na web da Biblioteca Dixital de Galicia, participaron como relatores representantes e técnicos da Universidade Carlos III, da Universidade Politécnica de Madrid, do Goberno de Aragón e do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

A *preservación do patrimonio documental en liña: o novo reto do depósito legal* foi o título da segunda xornada, levada a cabo o 14 de decembro e na que se deron a coñecer os procedementos e ferramentas cos que se está a responder aos desafíos que presenta o depósito legal do patrimonio bibliográfico, sonoro, visual e audiovisual nun contorno dixital. A xornada, que foi tamén unha plataforma para informar sobre o novo decreto que regulará o depósito legal, ofreceu relatorios sobre os procesos técnicos que se realizan e os servizos que se prestan na BNE, no Goberno de Euskadi, na Biblioteca Nacional de Cataluña e no Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía do Goberno de Portugal.

Actividades para celebrar as datas sinaladas

No ano 2017 organizáronse distintas actividades para dinamizar as exposicións que se levaron a cabo na Biblioteca de Galicia e mais para convidar o público a conmemorar as principais datas do *Calendario do libro e da lectura 2017*. En concreto, leváronse a cabo 18 obradoiros, dúas xincanas, cinco obras de teatro e tres concertos didácticos. Estas actividades contaron coa participación de 1.465 persoas.

Coincidindo coa mostra *Cebreiro. O trazo da vangarda* e co gallo do Día da Ilustración (30 de xaneiro), realizouse un obradoiro para fomentar a habilidade creativa a partir dun relato da tradición oral galega.

Con motivo do 180 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, o 24 de febreiro de 2017, os rapaces mergulláronse na figura da poetisa a través dalgúns dos seus poemas máis significativos.

Ao abeiro da mostra de *Carlos Casares: arte e pensamento para Galicia*, levouse a cabo unha actividade arredor do seu libro *A galiña azul*, na que os cativos crearon a bomba da alegría de Leoncio con material reciclado e marionetas dos personaxes do conto para a súa posterior representación.

Para conmemorar o Día das Artes Galegas (1 de abril), que en 2017 se lle dedicou á figura de Maruja Mallo, a Biblioteca de Galicia organizou tres obradoiros arredor das obras *Naturezas vivas*, *La sorpresa del trigo* e *La verbena*, dirixido aos máis pequenos. Ademais, do 20 ao 23 de abril a Biblioteca de Galicia agasallou os visitantes cun exemplar con motivo do Día do Libro, que se conmemora o día 23 dese mes.

En xullo tiveron lugar distintas xincanas literarias no exterior da Biblioteca de Galicia para celebrar o centenario da publicación de *Da terra asoballada*, de Ramón

Cabanillas. E, en setembro, Xardín Desordenado ofreceu un concerto e tamén se realizou un obradoiro de dramatización arredor de Blanco Amor con motivo do 120 aniversario do seu nacemento. No Día da Biblioteca (24 de outubro) inaugurouse a serie expositiva para dar a coñecer as incorporacións máis recentes aos fondos da Biblioteca de Galicia. Ademais, o público puido asistir a unha visita guiada por técnicos da propia Biblioteca de Galicia.

No mes de novembro conmemorouse o Mes da Ciencia en galego con distintas iniciativas impartidas polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e a Institución Galega da Ciencia (Igaciencia). Nestas actividades, os cativos puideron achegarse á música da prehistoria, familiarizarse coa robótica a través da resolución de desafíos con LEGO EV3 e coñecer algunhas criaturas mariñas misteriosas protagonistas do cinema de ciencia ficción. As últimas actividades do ano tiveron como eixe central o Nadal e foron de diversa índole, desde espectáculos infantís ata obradoiros de cociña ou contacontos.

1.3

Iniciativas para a renovación e a mellora das bibliotecas

Mellorar o estado das bibliotecas públicas é prioritario para garantir uns servizos de calidade, que dean resposta ás demandas dos usuarios e das usuarias. En 2017, destináronse 90.000 euros ao equipamento e á adquisición de mobiliario para as bibliotecas públicas da Coruña, de Lugo, de Pontevedra, de Vigo e de Santiago de Compostela xestionadas pola Consellería de Cultura e Educación. Entre as adquisicións realizadas incluíronse cadeiras, carros, mesas, butacas, andeis ou dispositivos electrónicos. Na Biblioteca Pública de Lugo tamén se pechou a compra dun sistema de alimentación ininterrompida (SAI). Outras iniciativas de mellora, nas que se investiron un total de 55.000 euros, foron actuacións na cuberta do centro lucense, na iluminación e na infraestrutura de préstamo da Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés, nos accesos e na rede de saneamento da Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal e nas luces de emerxencia da Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola.

O Ministerio de Cultura, Educación e Deporte tamén impulsou diversas actuacións de mellora en centros de xestión autonómica e titularidade estatal. Na Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés executáronse obras de reparación da climatización, de acondicionamento da accesibilidade e de adaptación de espazos de lectura e arquivo. No caso da Biblioteca Pública de Ourense, realizáronse obras de construción e rehabilitación na que será a nova sede do centro. As actuacións tamén incluíron compra de material, como tabletas e libros electrónicos de lectura para a Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola e para a Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal. Nesta última, ademais, acometéronse obras de reparación de cubertas.

O total do investimento realizado polo Estado nestes centros bibliotecarios ascendeu en 2017 a un total de 1.448.165,68 euros.

Servizo de autopréstamo

Ademais, a través dunha contratación realizada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia con fondos do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, dotáronse as bibliotecas públicas de Vigo Juan Compañel, de Pontevedra Antonio Odriozola e da Coruña Miguel González Garcés dun sistema de control e identificación de fondos con tecnoloxía de radiofrecuencia, que supuxo a mellora dos procesos de inventariado dos fondos de cada biblioteca, a posta en marcha do servizo de autopréstamo e de devolución e a protección dos fondos coa instalación dun novo sistema antifurto.

As bibliotecas públicas de Santiago Ánxel Casal e de Lugo contan con este sistema desde os anos 2008 e 2011, respectivamente, mentres que a Biblioteca Pública de Ourense disporá del na que será a súa nova sede.



Actualización e mellora das coleccións

En 2017, a Consellería de Cultura e Educación promoveu a actualización, a ampliación e a mellora das coleccións bibliográficas. Así, dedicouse unha partida orzamentaria de 350.000 euros á mellora dos fondos tanto das bibliotecas como das axencias de lectura públicas que están integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia. Estas axudas, das que se beneficiou en 2017 un total 114 municipios, están destinadas á compra de libros, material sonoro, recursos electrónicos, partituras, material cartográfico etc. Como novidade, en 2017 incrementouse o tramo de poboación respecto das convocatorias anteriores, ao poder optar os municipios cunha poboación igual ou superior a 30.001 habitantes.

Estas subvencións complementáanse coa liña de axudas destinada á adquisición de novidades editoriais en galego, dirixida tamén aos concellos de Galicia. Dotada con 200.000 euros, contribuíu a que bibliotecas e axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia puxesen ao dispor dos seus usuarios os títulos máis recentes publicados en lingua galega. Estas axudas chegaron a 152 concellos, dos que 141 mercaron novidades de 38 editoras das 42 dadas de alta na plataforma coa que se xestiona esta liña de subvencións. En total, dos 542 títulos dispoñibles na plataforma, as bibliotecas municipais adquiriron 474, o que se traduciu na compra dun total de 14.770 exemplares.

A Consellería de Cultura e Educación tamén promoveu a mellora das coleccións da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia cun investimento de 238.000 euros para a adquisición de fondos nas bibliotecas públicas de xestión autonómica.

Por un catálogo e un carné únicos

Durante 2017 continuaron os traballos iniciados en 2016 para a integración das bibliotecas da rede nun sistema de xestión único, o sistema integrado de xestión bibliotecaria, a través do programa Koha, unha ferramenta de xestión bibliotecaria de software libre. En 2017, foron 70 os centros que se incorporaron a este novo sistema de xestión bibliotecaria.

Estes traballos forman parte dun proxecto promovido pola Amtega en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020. Cando o proceso remate, toda a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia contará cun carné único, que xa funciona nunha parte importante da rede e que permite retirar libros en calquera biblioteca. Ademais, o catálogo bibliográfico será tamén único para todas, como xa o é para parte das bibliotecas galegas, o que permitirá localizar máis facilmente títulos na colección e eliminará limitacións no seu acceso.

Este novo sistema tamén unifica para todas as biblioteca as políticas de préstamo e catalogación de exemplares.



1.4 Formación do persoal bibliotecario

A formación continua dos bibliotecarios é fundamental para o bo funcionamento dos centros, polo que cada ano a Secretaría Xeral de Cultura promove unha serie de cursos orientados ao persoal da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. Os cursos procuran indiciar naqueles coñecementos de nova xeración que permiten mellorar e modernizar o traballo nas bibliotecas. Así, a animación á lectura, as novas tecnoloxías e os usuarios son os elementos que centran estes plans de formación.

Organizados pola Subdirección Xeral de Bibliotecas, realizáronse en 2017 o *Curso básico de comisariado de exposicións*, os cursos *Propiedade intelectual e dereitos de autor*, *Como explorar a fondo un libro para nenos e como dar conta disto*, *Gamificación en bibliotecas*, *Xestión da colección na biblioteca pública* e *A colección local*. A estes cursos súmase o posto en marcha en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública, *RDA (Resource Description and Access): unha nova filosofía para a catalogación*. En total participaron nestes programas de formación 180 profesionais.

Ademais de traballar para manter sempre actualizados os coñecementos do persoal da rede de bibliotecas, a programación de formación da Consellería de Cultura e Educación está tamén dirixida aos futuros bibliotecarios. Así, a Subdirección Xeral de Bibliotecas conta cun programa de bolsas de formación en biblioteconomía, aberto aos titulados en disciplinas como biblioteconomía e documentación, filoloxía, historia ou humanidades. Durante un máximo de sete meses, os titulados seleccionados son tutelados polo persoal das diferentes bibliotecas de xestión autonómica e adquiren formación teórica e práctica canda eles, descubrinto a realidade do día a día dunha biblioteca pública e asimilando uns coñecementos que lles resultarán valiosos no seu futuro profesional.

Na convocatoria de 2017, o programa de bolsas tivo unha dotación orzamentaria de 224.233 euros para un total de 35 prazas. A Biblioteca de Galicia contou con 10 bolseiros, a da Coruña, a de Lugo, a de Ourense, a de Pontevedra, a de Santiago de Compostela e a de Vigo contaron con catro bolseiros cada unha, e a de Ferrol, cun bolseiro.

1.5 GaliciaLe: préstamo de libros electrónicos

Nos últimos anos, a cada vez maior popularización dos dispositivos electrónicos móbiles, como *smartphones* e tabletas, aumentou o parque de terminais dispoñibles entre a cidadanía para a lectura electrónica. Se hai uns anos os *ereaders* abriron o mercado do libro electrónico, agora os novos e máis populares terminais móbiles fixeron que as publicacións dixitais cheguen a un maior número de potenciais lectores e que estes estean cada vez máis acostumados ao seu uso.

Por tanto, as bibliotecas públicas teñen que adaptarse aos tempos e deben estar alí onde os seus usuarios e usuarias están lendo. GaliciaLe, a plataforma para o prés-

tamo de libro electrónico en liña, ofrece un amplo catálogo de libros electrónicos en préstamo.

Para acceder ao servizo, só hai que ter o carné dunha das bibliotecas da rede. Este carné dá acceso, a través de www.galiciae.gal, aos contidos, que poden ser lidos en liña ou descargados en dispositivos compatibles. Cada usuario pode ter en préstamo ata un máximo de dous documentos electrónicos, durante un prazo de 21 días para os libros e de tres días para as revistas. En 2017 a plataforma contou con 3.236 usuarios e usuarias que realizaron 16.241 préstamos.

Ampliación do catálogo

GaliciaLe está operativa desde 2014 e cada ano amplía a súa oferta de títulos para actualizar o catálogo dispoñible a través da rede. Durante 2017 realizouse un investimento de 75.186,15 euros, que permitiu aumentar o número de títulos dispoñibles no catálogo, tendo en conta especialmente as novidades. No caso do libro galego, o catálogo creceu con 128 novos títulos en formato electrónico. No caso do libro en castelán, a través do catálogo eBiblio do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, fíxoo con 597 títulos. A iso súmase, no caso desta lingua, a ampliación dos fondos con revistas (31 novos títulos) e coas edicións de clásicos da Fundación Biblioteca Virtual Cervantes (103).





1.6 Iniciativas de fomento da lectura

Ler conta moito

Moitas das actividades destinadas á dinamización da lectura teñen na rapazada un dos seus destinatarios principais. A infancia é un momento crucial para desenvolver o hábito lector e a adolescencia é igualmente importante para mantelo e non perdelo.

Ler conta moito é unha peza fundamental dese traballo de dinamización lectora entre a xente nova. O programa, promovido pola Secretaría Xeral de Cultura en colaboración cos concellos, ofreceu un catálogo con 183 propostas. En total, desenvóléronse en 2017 728 eventos en 208 bibliotecas e axencias de lectura localizadas en 164 concellos das catro provincias galegas.

O Goberno galego, que financia o 75% do custo de cada actividade, investiu na quinta edición deste programa 163.598,50 euros.

Obradoiros, contacontos, espectáculos teatrais e musicais, actividades arredor da maxia, monicreques etc. foron algunhas das propostas de Ler conta moito para un público fundamentalmente infantil e xuvenil, pero con propostas para adultos e colectivos con necesidades especiais.

As bibliotecas que participan no programa difunden a través de blogs.xunta.gal/lercontamoito as actividades desta iniciativa.

Datas para celebrar. Calendario do libro e da lectura

O *Calendario do libro e da lectura 2017*, que a Secretaría Xeral de Cultura distribuíu entre as librarías e os centros da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, funcionou como

unha guía das principais datas arredor do libro e da lectura. Eduardo Blanco Amor, polo 120 aniversario do seu nacemento; Eduardo Pondal, do que se fixo o centenario do pasamento; Ramón Cabanillas, co centenario da publicación *Da terra asoballada*; ou os días da Ilustración, da Poesía, do Libro Infantil e Xuvenil ou das Letras Galegas foron algúns dos protagonistas desta edición do calendario.

As conmemoracións ás que se sumaron as bibliotecas centrais territoriais da Coruña, Lugo, Ourense Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela foron o Día do Usuario/a das Bibliotecas, con 15 actividades; o Día da Ilustración, con 17 propostas; o Día do Libro, con 33 iniciativas; o Día das Letras Galegas, con 37, e o Día das Bibliotecas, con 39 actividades e a entrega de premios aos superlectores, as persoas usuarias con maior número de préstamos ao longo do ano.

Outra das efemérides que se promove directamente desde a Administración pública é o **Mes da Ciencia en galego**, no que, durante o mes de novembro, participan tanto as bibliotecas centrais territoriais como as bibliotecas escolares (véx. 1.7), ademais de recibir o apoio do traballo dos equipos de dinamización da lingua galega. As diferentes actividades que se organizan durante o mes buscan impulsar tanto a creación como a divulgación científicas en galego.

A programación levouse a cabo ao abeiro do manifesto realizado pola catedrática de Matemática Aplicada da USC Peregrina Quintela Estévez, Premio María Josefa Wonenburger Planells 2016, e incluíu múltiples actividades, como obradoiros, contacontos, espectáculos de maxia, exposicións, conferencias ou proxeccións audiovisuais. Nas bibliotecas de xestión autonómica desenvolvéronse un total de 35 actividades.

Clubs de lectura

Os clubs de lectura son unha actividade cada vez máis popular entre os lectores, que participan en encontros en escenarios diversos para poñer en común as súas experiencias de lectura e para descubrir autores e autoras, e libros novos. As bibliotecas son un espazo practicamente natural para este tipo de xuntanzas e, por iso, as da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia organizan dun xeito regular e xa desde 2010 estas actividades.

Os clubs de lectura desenvólvense nos diferentes centros da rede, nos que se crean varios grupos de lectores. Nas súas xuntanzas, e guiados por un coordinador especializado, os participantes analizan o libro que acaban de ler e que foi seleccionado previamente. Nun número de sesións ao longo do ano xa marcado desde o comezo, os lectores descubren así libros de literaturas diversas. Os clubs de lectura funcionan en galego, castelán, francés, inglés, italiano e portugués. En Galicia, 79 bibliotecas organizan xa algo máis de 150 clubs. Nas bibliotecas públicas de Ourense e de Lugo e nas bibliotecas públicas da Coruña Miguel González Garcés, de Santiago Ánxel Casal, de Vigo Juan Compañel e de Pontevedra Antonio Odriozola puxéronse en marcha en 2017 un total de 30 clubs de lectura.

Ademais, a Biblioteca de Galicia conta cun sistema específico creado para coordinar e para apoiar o traballo que se fai nos clubs de lectura propios das diferentes bibliotecas. Nela están centralizados os fondos dos títulos destinados ás diferentes edicións dos clubs, dos que se adquiren lotes de 21 exemplares por título. En 2017 esta colección ampliouse con cinco novos títulos en galego, 53 en castelán e seis de

banda deseñada, para o que se contou cun orzamento de 20.000 euros. A colección dispoñible para préstamos para os clubs de lectura é xa de 791 títulos cos seus 16.271 exemplares. Durante 2017 prestáronse 6.812 exemplares a 86 bibliotecas para os seus clubs de lectura.

Voluntariado cultural

A participación dos usuarios e usuarias no ámbito das bibliotecas é moi diversa. O programa de Voluntariado cultural nas bibliotecas públicas de xestión autonómica permítelles desenvolver actividades propias e apoiar o día a día das bibliotecas e o traballo dos seus profesionais. Os voluntarios asumen accións de difusión e promoción, de formación, de animación lectora, de posta en marcha de actividades culturais ou artísticas ou de potenciación de aprendizaxe de idiomas.

Biblioteca	Num. voluntarios/as	Num. actividades	Num. asistentes
Biblioteca pública da Coruña Miguel González Garcés	3	20	202
Biblioteca pública de Lugo	4	30	100
Biblioteca pública de Ourense	8	149	1.647
Biblioteca pública de Pontevedra Antonio Odriozola	6	120	135
Biblioteca pública de Santiago Ánxel Casal	12	117	629
Biblioteca pública de Vigo Juan Compañel	1	28	672
TOTAL	34	464	3.385





1.7 Bibliotecas escolares

As bibliotecas escolares son espazos útiles que fomentan a adquisición de competencias clave do alumnado co fin de contribuír a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe. A Asesoría de Bibliotecas Escolares (www.edu.xunta.gal/biblioteca), integrada na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria traballa para a consecución deste obxectivo a través do desenvolvemento de diversas iniciativas como dotalas do equipamento e mobiliario precisos para que ofrezan os servizos propios dunha biblioteca do século XXI. Búscase tamén acadar unha biblioteca escolar inclusiva, involucrar as comunidades educativas no seu uso e contribuír á construción da sociedade lectora, ofrecendo oportunidades para experiencias lectoras de calidade.

Doce desafíos

O Plan LÍA 2016/20 para a Lectura, a Información e a Aprendizaxe integra todas as actuacións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a prol das bibliotecas escolares para a mellora das competencias de lectura, escritura e habilidades investigadoras e de uso da información do alumnado galego. Este plan contou cun orzamento de 1.906.000 euros en 2017.

Para avanzar na consecución dos obxectivos xerais do Plan LÍA, identifícanse doce retos que se abordarán ata o ano 2020 e que se concretan en accións específicas como o Plan de mellora de bibliotecas escolares (Plambe), as Bibliotecas Escolares Solidarias, o Concurso de Traballos por Proxectos, os programas Hora de ler e Clubs de lectura ou o proxecto Escornabots.

O **Plambe** contempla actuacións continuadas para lograr avances na renovación das bibliotecas dos centros de forma progresiva, de acordo co primeiro desafío: «Avanzar na renovación das bibliotecas escolares no 100% dos centros da rede galega de centros non universitarios». O Plan de mellora de bibliotecas escolares do curso 2017/18 conta cun orzamento de 1.321.244 euros e nel participan 646 centros de ensino de toda Galicia —31 máis que na anterior convocatoria—, que reciben asignacións para a renovación e actualización dos fondos da colección. Durante os dous primeiros anos de inclusión neste programa, reciben tamén apoio para a renovación de mobiliario e outros equipamentos, así como para gastos de funcionamento da biblioteca.

Este plan incentiva o deseño e posta en marcha de programas para a adquisición de competencias informacionais e mediáticas, así como a integración das novas tecnoloxías e o multialfabetismo á hora de abordar a formación lectora do alumnado. Así mesmo, impulsa o desenvolvemento de proxectos que procuran a dinamización das bibliotecas escolares como centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe, e ofrécelle un asesoramento específico ao profesorado en materia de xestión e organización da biblioteca. Neste sentido, os responsables destes centros puideron asistir ás *VIII Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia*, que contaron coa participación de mil profesores en activo, e aos *Encontros dos centros do Plan de mellora de bibliotecas escolares 2016/17*, que se celebraron en marzo e aos que acudiron 615 docentes.

O programa **Bibliotecas Escolares Solidarias** agrupa varias iniciativas de voluntariado cultural relacionado cos centros bibliotecarios e a lectura, como a concesión anual do selo Biblioteca Escolar Solidaria a 15 bibliotecas, o recoñecemento de horas de voluntariado ao alumnado de secundaria e o impulso do voluntariado cultural entre alumnado de quinto e sexto de primaria.

Hora de ler é un programa que busca fomentar a lectura entre os escolares mediante a posta en marcha de diversas actuacións nos centros educativos. Baixo o lema *Aprender a pensar coa biblioteca escolar*, no presente curso aglutináronse diferentes actividades co obxectivo de desenvolver o pensamento crítico no alumnado, como a creación de espazos e tempos que possibiliten ambientes e prácticas lectoras, o préstamo de maletas viaxeiras para reforzar os materiais de determinadas temáticas, a edición de materiais de apoio ao profesorado das bibliotecas ou a vivencia de máis e mellores experiencias lectoras a través da convocatoria de clubs de lectura. En 2017 beneficiáronse deste programa, que contou cun orzamento de 236.000 euros, un total de 273.881 alumnos de centros públicos e as súas familias.

Os **clubs de lectura** enmárcanse no programa Hora de ler para o fomento da lectura en centros escolares. No curso 2016/17 implicaron a máis de 11.000 lectores e lectoras nos 239 espazos que levaron a cabo a iniciativa. No presente curso, segundo os datos das solicitudes presentadas, aumentou o número ata 12.300, nun total de 240 centros con club de lectura.

En 2017, esta convocatoria fixo 10 anos, unha década literaria que se conmemorou cun gran encontro en Santiago de lectoras e lectores de todos os clubs dos centros de ensino de Galicia. Arredor de 1.200 persoas acudiron á *X Xornada dos clubs de lectura*, entre eles, profesorado coordinador e lectores e lectoras procedentes de 93 centros educativos galegos, en representación da totalidade dos centros con club de lectura, algo máis de 950 alumnos e alumnas, ademais dunha trintena de creadores e creadoras.

Os asistentes puideron vivir unha experiencia única arredor da lectura e participar en coloquios con autores e autoras galegos e de fóra, como César Mallorquí, María

Reimóndez, Rosa Aneiros ou Fran Alonso. Durante a xornada houbo espazo tamén para o cómic, o audiovisual, o cine, o teatro, a música, as culturas urbanas, o xornalismo cultural ou a narración. Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre foi o encargado de rematar a xornada.



Difusión da ciencia en galego

Desde 2014, as bibliotecas escolares conmemoran en novembro o Mes da Ciencia en galego a través da difusión dos seus recursos no ámbito científico, a organización de actividades relacionadas con esta disciplina entre o alumnado ou a distinción de figuras galegas importantes no mundo da ciencia. Desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares dáse cumprida información do manifesto promovido pola Subdirección Xeral de Bibliotecas para tal fin e recóllense na súa páxina web algunhas das experiencias levadas a cabo polos centros, ademais do mantemento de dous espazos web nos que se difunden recursos e actividades para a ciencia en galego ou libros divulgativos en galego, susceptibles de pasar a formar parte das coleccións das bibliotecas escolares.

Concurso de Traballos por Proxectos

É unha das iniciativas previstas para traballar o desafío número 11 do Plan LÍA, denominado *Aprendizaxes por proxectos e outras metodoloxías activas*. Este certame, coordinado desde a biblioteca escolar, reconece o deseño e desenvolvemento de proxectos de investigación ou interdisciplinarios realizados en centros non universitarios. Na convocatoria do curso 2016/17 presentáronse 102 traballos e seleccionáronse 21

proxectos. Os centros premiados reciben asignacións destinadas a cubrir necesidades da biblioteca escolar, especialmente no ámbito da información, que en total ascenden a 33.500 euros.

Proxecto Escornabots na biblioteca escolar

A través deste proxecto introdúcense os robots, a linguaxe de programación e a impresión 3D nas bibliotecas escolares, con actividades destinadas á mellora da comunicación lingüística do alumnado, á expresión oral, á creatividade, ao traballo colaborativo, á investigación, á aprendizaxe manipulativa e ao xogo.

Na súa segunda edición, participaron na iniciativa 36 centros, 20 máis que no curso anterior, nos que se organizaron xornadas presenciais de formación inicial para o profesorado responsable das bibliotecas, un curso virtual na plataforma Platega e a difusión de experiencias ao resto do profesorado a través de actividades formativas.



Radio na biblio

No marco do Plan LÍA, 20 centros de infantil, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional integrados no Plambe participan no curso 2017/18 no proxecto piloto Radio na biblio, que promove a creación de laboratorios de radio nas bibliotecas escolares e a realización de obradoiros de formación para o alumnado para a súa participación activa no proxecto. Esta iniciativa, que integra distintos desafíos do propio LÍA, estimula o desenvolvemento do modelo de biblioteca cara a centros creativos de aprendizaxes, ademais de ampliar as linguaxes presentes neste espazo, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado. O proxecto tivo boa acollida entre os centros —recibíronse 180 solicitudes—, polo que se lle pretende dar continuidade cara ao vindeiro curso.





02

ARQUIVOS DE GALICIA

As cartas que Martín Sarmiento lles escribiu aos seus familiares, o libro que un tal W. Dalrymple, militar británico, redactou en 1774 sobre as súas viaxes por España e Portugal ou os consellos que *El Ángel del Hogar*, unha revista ilustrada, lles daba ás mulleres de 1894 son algúns dos documentos que se poden atopar nos arquivos galegos, xunto con fondos das administracións públicas, dos tribunais de xustiza ou actas notariais e testamentos polos que xa pasaron moitos anos. Todos eles conforman dun xeito ou doutro a memoria de Galicia e todos eles se conservan no Sistema de Arquivos de Galicia, onde poden ser consultados por investigadores e pola cidadanía en xeral.



2.1 Sistema de Arquivos de Galicia

O Sistema de Arquivos de Galicia está composto polo conxunto dos arquivos de Galicia, aos que se suman os órganos da Administración que teñen competencias na materia e os servizos técnicos asociados na conformación do sistema. Destaca dentro desta estrutura organizativa a rede específica dos arquivos de xestión autonómica (véx. 2.2), entre os que hai que salientar o Arquivo de Galicia como cabeceira do sistema.

A esta rede arquivística sumáronse nestes últimos anos dous novos órganos colexiados de carácter consultivo de asesoramento, cooperación e participación: o Consello de Avaliación Documental de Galicia e o Consello de Arquivos de Galicia. Neles están representados os arquivos de todas as titularidades públicas e privadas, que buscan sinerxías para acadar unha mellor protección e difusión do patrimonio documental galego.

Consello de Avaliación Documental de Galicia

O Consello de Avaliación Documental de Galicia ten como finalidade ditaminar sobre a cualificación e utilización dos documentos considerados patrimonio documental de Galicia. Este organismo comezou a reunirse en 2016, ao abeiro da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. O consello ten condición de asesor na avaliación e selección dos documentos das institucións, administracións, organismos públicos, empresas e entidades deles dependentes, para determinar o seu potencial interese para formar parte dos arquivos galegos.

Durante 2017, o consello celebrou unha reunión por semestre. A primeira foi o 15 de marzo para presentar os estudos de valoración de catro series documentais da Administración autonómica e a segunda, o 7 de novembro para informar do traballo realizado e presentar propostas de valoración de varias series documentais, maioritaria-

mente da Administración local. A actividade do órgano centrouse na creación de tres grupos de traballo: un grupo de avaliación de series documentais da Administración autonómica, outro de series documentais da Administración local e, finalmente, un de series documentais dos órganos estatutarios e do Consello Consultivo de Galicia.

Os criterios de avaliación para a selección, transferencia da custodia e acceso aos documentos e o formulario para a elaboración dos estudos de identificación e avaliación de series documentais foron propostos polo Consello de Avaliación Documental de Galicia, aprobados pola Secretaría Xeral Cultura e publicados no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Os criterios permítenlles ás persoas titulares dos documentos e ás responsables dos arquivos coñecer os parámetros empregados polo consello para emitir informe sobre as propostas de valoración.

Consello de Arquivos de Galicia

O Consello de Arquivos de Galicia é o órgano no que están representados os arquivos das institucións que integran o Sistema de Arquivos de Galicia. Púxose en marcha en 2016 o Consello de Arquivos de Galicia, de acordo coas disposicións da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. As súas funcións están ligadas a propoñer actuacións e iniciativas en relación co mellor funcionamento do Sistema de Arquivos de Galicia, relacionadas coa protección e difusión dos documentos ou coa mellora da transparencia no seu uso.

En 2017 constituíuse a Comisión Permanente do consello, encargada de xestionar o traballo que realiza este organismo e de crear un grupo específico para a elaboración dun regulamento de arquivos en desenvolvemento da Lei 7/2014; o censo de arquivos e patrimonio documental de Galicia; e o Plan de arquivos, para avaliar as necesidades de persoal e de infraestrutura dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.

Na sesión do 19 de decembro, o Pleno do consello informou favorablemente o proxecto para a creación da Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental do Consello de Contas de Galicia. Trátase do primeiro sistema impulsado por este órgano estatutario para coordinar e normalizar os procesos técnicos de xestión documental, de acceso á información e de preservación dos seus documentos, tanto en papel como electrónicos.

Nesa sesión informouse o proxecto de ordenanza reguladora dos arquivos do sector público provincial de Ourense presentado pola súa deputación, que supón un paso importante de cara a estruturar os procesos documentais vinculados á súa actividade e porque estende a proposta ofrecéndolles asesoramento e servizo aos concellos que o demanden.

Na reunión tamén se presentou o Plan de organización e de expurgo dos arquivos xudiciais de Galicia, impulsado pola Dirección Xeral de Xustiza e que xa ten resultados palpables tan relevantes como a creación dos catro arquivos territoriais de Xustiza e a dotación de prazas de persoal de arquivos, así como o premio concedido polo Consello Xeral do Poder Xudicial por este plan de organización dos arquivos xudiciais, no que colaborou estreitamente a Secretaría Xeral de Cultura.

No consello deuse conta do proxecto da Memoria Dixital de Galicia (véx. 3.1) liderado pola Amtega, que ten un grande impacto e relevancia nos arquivos de institucións

públicas e privadas que custodian patrimonio documental susceptible de dixitalizar co obxectivo de protexelo e difundilo.

2.2 Os arquivos de xestión autonómica

O Arquivo de Galicia, localizado na Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela, é a cabeceira do Sistema de Arquivos de Galicia. Encárgase de asumir tanto os fondos derivados da propia actividade da Xunta de Galicia como todos aqueles que, por unha razón ou por outra, resultan de interese xeral para Galicia.

Xunto con el, o Arquivo do Reino de Galicia, os arquivos históricos provinciais de Lugo, de Ourense e de Pontevedra, e os arquivos territoriais da Xunta de Galicia en Lugo, en Pontevedra e en Vigo son os oito organismos que forman parte do sistema propio de arquivos xestionados pola Secretaría Xeral de Cultura. A eles súmanse os arquivos centrais da Consellería de Cultura e Educación, da Consellería de Política Social e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que tamén dependen da Administración autonómica. Estes arquivos encárganse de velar pola memoria documental de Galicia, conservando os fondos históricos e tamén protexendo o rastro documental creado cada día polas administracións públicas.

Arquivo Dixital de Galicia

Un dos logros de Internet nas últimas décadas foi permitir un acceso moito máis descentralizado á información, algo que está a marcar unha das tendencias en termos de difusión e de consulta da información nos arquivos públicos nos últimos anos. A maioría dos arquivos está dixitalizando os seus fondos e subíndoos á rede para que calquera persoa cun ordenador e cunha conexión a Internet poida acceder a eles.

Os arquivos galegos participan desta corrente e fano a través do portal Galicia-Patrimonio Dixital de Galicia (www.galiciana.gal). En total, 2017 pechou con 49.773 documentos dispoñibles na rede, abertos a todas as persoas interesadas na súa consulta. A colaboración con outros portais similares, nos ámbitos estatal e europeo, como é o caso de Hispana e Europeana, amplía o seu alcance.

Tamén ao abeiro das iniciativas impulsadas arredor da Memoria Dixital de Galicia (véx. 3.1), o Servizo do Sistema de Arquivos contribuíu co desenvolvemento do proxecto Xeoarpad, un dos piares do programa de cooperación transfronteiriza entre España e Portugal. Xeoarpad céntrase na dixitalización do patrimonio documental de Galicia e do Norte de Portugal, como poden ser fotografías aéreas, libros de aduanas ou documentos catastrais. O proxecto emprega fondos Interreg 2014-2020 para executar as súas actividades.

As actuacións para o proxecto Xeoarpad en 2017 concretáronse en diversos traballos de dixitalización en catro arquivos de xestión autonómica. No Arquivo do Reino de Galicia centráronse na dixitalización de expedientes de documentos de xuntas e

de deputacións creadas en Galicia a comezos do século XIX, así como nos libros do catastro de Ensenada; no Arquivo Histórico Provincial de Lugo e no de Ourense tamén se levaron a cabo dixitalizacións de documentos do catastro de Ensenada; e no Histórico Provincial de Pontevedra dixitalizáronse cadernos de campo do catastro de Urbana. Este traballo xerou en 2017 un total de 346.080 imaxes cos seus correspondentes metadatos, que se incorporaron ao proxecto Xeoarpad e ao Arquivo Dixital de Galicia.


Incorporación de novos fondos

Os arquivos xestionados pola Consellería de Cultura e Educación están nun constante proceso de enriquecemento, coa incorporación ás súas coleccións de novos fondos. O ingreso de documentos pode realizarse mediante transferencias periódicas desde as unidades administrativas da Xunta de Galicia, a través de adquisicións ou ben mediante doazóns ou depósitos, xeralmente en réxime de comodato.

En 2017, estes centros incorporaron 111 ingresos de documentos procedentes das unidades administrativas da Xunta de Galicia mediante transferencias ordinarias, que ocuparon 28.235 unidades de instalación. A estes fondos hai que sumar os demais contidos que o arquivo debe xestionar. En total, ao longo do ano produciuse o ingreso de 20.239 unidades de instalación novas no Arquivo de Galicia, o que tamén se traduci na realización de 127.906 novos rexistros descritivos.

No que respecta a acordos de doazón e a compra de documentos especialmente salientables, en 2017, o Arquivo do Reino de Galicia enriqueceu a colección de **pergamíños** coa adquisición de tres exemplares do século XIII, realizados entre particulares e institucións eclesiásticas na antiga provincia de Betanzos, nos concellos de Ponte-deume e de Monfero.

O fondo documental do Arquivo de Galicia tamén se enriqueceu co depósito realizado polo Banco Sabadell, en réxime de comodato, de gran parte do fondo histórico **Banco de Hijos de Olimpio Pérez**, antecedente do Banco Gallego. A documentación, datada entre 1760 e 1900, confórmana un total de 633 libros, entre os que se inclúen libros maiores, diarios de contas bancarias, libros copiadores de cartas, libros de facturas, relacións con debedores e escrituras de sociedades.



Outro material que se incorporou ao Arquivo de Galicia foi o legado artístico e intelectual do músico e compositor galego **Germán Lago** (Vigo, 1883 - Madrid, 1967), coincidindo co 50 aniversario do seu pasamento. Correspondencia, fotografías, álbums con anotacións e recortes de prensa, programas de concertos, a colección completa de partituras editadas por Germán Lago baixo o título *Rondalla* e diversa documentación administrativa sobre a Orquesta Ibérica de Madrid, da que foi fundador, son algúns dos materiais —a maioría deles inéditos— que conforman este fondo, doado polos músicos Antonio Navarro e Esther Casado.



A través dunha doazón, o Arquivo de Galicia tamén incorporou o arquivo particular da deseñadora **María Moreira Gonda**, con bosquejos, catálogos de coleccións, correspondencia e outros documentos ligados á súa carreira profesional e que serven para comprender o desenvolvemento do sector téxtil en Galicia.

Outro dos fondos que recibiu o Arquivo de Galicia foi o da **Fundación Ventura Figueroa**, constituído por 502 caixas de arquivo e 109 libros comprendidos entre os anos 1756 e 1908, que custodiaba desde 1989 o Arquivo Universitario de Santiago de Compostela

Entre os documentos que pasaron a formar parte do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, en réxime de comodato, están os do fondo documental da **Casa Palacio de Bóveda**, dos séculos XV e XX.

A familia Baltar Tojo cedeulle ao Arquivo do Reino de Galicia cinco libros de actas da **Xunta Superior Provincial do Reino de Galicia** e da **Deputación Provincial de Gali-**

cia, datados entre os anos 1810 e 1820. Os libros, que resultan clave para comprender o comezo das institucións liberais en Galicia, foran atopados recentemente entre os fondos que a familia lle doara ao Museo do Pobo Galego.

Finalmente, a familia Dapena dooulle ao Arquivo Histórico Provincial de Lugo documentación de carácter patrimonial na súa maioría, tanto de propiedade como de administración (compravendas, foros, arrendamentos, recibos etc.), datada entre 1583 e 1901.

Consulta e préstamo de documentos

Os fondos dos arquivos de xestión autonómica non só están sendo custodiados para o futuro, senón que tamén están dispoñibles no presente para as persoas interesadas nos seus contidos. A cidadanía, o persoal investigador, o estudantado e a propia Administración poden realizar consultas a través da rede e tamén de xeito presencial. En 2017, atendéronse 11.816 consultas con acceso a documentos. A estas cifras súmanse as consultas directas que se realizan sobre as versións dixitalizadas dos documentos que se poden atopar en liña.

Ademais de consultar os documentos custodiados nos arquivos galegos, tamén se poden realizar copias deles baixo demanda. Entre xaneiro e decembro leváronse a cabo 59.344 reproducións de documentos, o que se traduciu nuns ingresos de 27.400 euros.

Igualmente, en 2017 realizáronse 5.668 préstamos de documentos, xa fose para a participación en exposicións e outras actividades de terceiros ou de xeito temporal para o uso da propia Administración. Dese total, o Arquivo de Galicia, cuxo persoal atendeu un total de 130 usuarios e usuarias, foi responsable de 545 expedientes entregados.

2.3 Actuacións sobre os arquivos de Galicia

Manter os materiais conservados no Sistema de Arquivos de Galicia dunha forma óptima implica tamén ter os espazos nos que estes se conservan nas mellores condicións posibles e contar co material e coas ferramentas máis adecuadas para desenvolver o traballo diario dos profesionais dos arquivos. Durante 2017, realizáronse diferentes investimentos nos arquivos adscritos á Secretaría Xeral de Cultura para mellorar os diferentes elementos que os conforman.

No Arquivo de Galicia, no Arquivo do Reino de Galicia, nos arquivos históricos provinciais de Lugo, de Ourense e de Pontevedra, e nos arquivos territoriais da Xunta de Galicia en Lugo, Pontevedra e Vigo realizáronse diversas obras de conservación nos edificios dos arquivos históricos, procedeuse á renovación de mobiliario e dotación de equipamento, desenvolvéronse actividades de promoción e de difusión do patrimonio documental e leváronse a cabo adquisicións de documentos e traballos de restau-

ración. Nestas actuacións, a Secretaría Xeral de Cultura investiu un total de 183.935 euros.

Para o labor de restauración, o Arquivo do Reino de Galicia e o Arquivo Histórico Provincial de Lugo contan con cadanseu laboratorio especializado no que se levan a cabo diversos traballos para preservar a documentación e garantir a súa conservación. En 2017, realizáronse 189 intervencións preventivas e de restauración en documentos:



Axudas para a organización e descrición dos arquivos

Aos investimentos directos sobre os arquivos de xestión autonómica, engádense as axudas aos arquivos do sistema galego, ás que, na súa edición de 2017 puideron optar entes locais e entidades privadas sen fin de lucro da comunidade autónoma. Mellorar a protección e a conservación do patrimonio documental, así como favorecer a súa difusión entre a cidadanía, son os principais obxectivos desta liña de subvencións dotada en 2017 con 77.740 euros.

Esta partida orzamentaria destinouse á organización dos arquivos municipais de Mugarodos, Viana do Bolo, Mondoñedo, Lousame, Xermade, Bergondo, Cee, Mesía, Cervo, Vimianzo e Porto do Son, e á descrición do fondo documental da cátedra de latinidade do Arquivo Municipal de Pontedeume. Ás entidades sen ánimo de lucro destináronse 20.000 euros, que cubriron a organización do arquivo da Fundación Uxío Novoneyra, o da Fundación Exponav e o da Fundación Bautista Álvarez, e a organización do fondo documental Xaime Isla Couto da Fundación Isla Couto.

2.4 Unha formación continua en arquivística

A mellora no funcionamento dos arquivos e no traballo que neles se realiza implica tamén manter unha formación continua do seu persoal. Os traballadores do Sistema de Arquivos de Galicia participaron en tres cursos desenvolvidos pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), que tiveron lugar nos meses de abril, maio e outubro.

Cada un deles centrouse en diferentes cuestións de interese. *Os arquivos e o patrimonio documental: un recurso didáctico* afondou na utilización dos fondos como recurso didáctico; *Recursos arquivísticos en Internet*, en como empregar as ferramentas na rede tanto para mellorar a visibilidade como a accesibilidade dos fondos, e *Xestión de proxectos*, en como planificar e xestionar proxectos no ámbito arquivístico.

O programa de formación non só está destinado aos profesionais en activo dos arquivos. Entre xaneiro e xullo de 2017, os arquivos galegos acolleron 20 bolseiros e bolseiras, nun programa de protección do patrimonio documental en arquivos no que os participantes aprenderon do persoal técnico dos arquivos xestionados pola Consellería de Cultura e Educación en materias de organización, descrición e tratamento técnico dos fondos. Os bolseiros traballaron en tarefas de descrición de fondos nos sete arquivos dependentes da Secretaría Xeral de Cultura; nos arquivos municipais de Cee, de Curtis, do Valadouro, de Pontedeume, de Sober e de Viana do Bolo, onde se encargaron da organización e informatización dos fondos; nos arquivos municipais de Bergondo, de Ribeira e de Foz, nos que se centraron na descrición e subida de imaxes dos libros de actas ao Arquivo Dixital de Galicia; e nos arquivos xudiciais das audiencias provinciais da Coruña, de Lugo, de Ourense e de Pontevedra, nos que traballaron na descrición de fondos.

O traballo destes bolseiros traducíuse na subida de 21.463 imaxes ao Arquivo Dixital de Galicia e na introdución de 26.627 entradas no sistema de información de arquivos xeral. O orzamento do programa —unha prórroga do de 2016— foi de 107.406 euros, aos que hai que sumar os 4.567,20 euros en pagos asociados á Seguridade Social.

2.5 Dinamización dos arquivos

Entre as actividades que organizaron os arquivos galegos durante 2017 houbo cursos, charlas, conferencias, diferentes proxectos educativos e outras actividades de difusión para diferentes públicos, como o alumnado universitario, para o que o Arquivo de Galicia preparou un programa específico de visitas especializadas. Os beneficiarios foron estudantes de materias de Patrimonio Histórico e Usos Sociais das Universidades de Santiago de Compostela (USC), e os estudantes do grao de Documentación da Universidade da Coruña (UDC) e do mestrado de Xestión do Patrimonio da USC.

Á realización destas actividades de difusión, un total de 135, a Subdirección Xeral de Arquivos destinou 50.100 euros.

No que respecta á actividade na rede, o portal de Arquivos de Galicia, en www.arquivosdegalicia.xunta.gal, é o embaixador en liña destes organismos e o punto de encontro no que os potenciais usuarios poden atopar información de interese sobre o patrimonio documental. O sitio web, que se enriquece de forma continua e crea oportunidades específicas de contacto coa cidadanía, recibiu 117.611 visitas en 2017.

A presenza na rede complementábase cos perfís en Facebook e en Twitter dos diferentes arquivos de xestión autonómica.

Día Internacional dos Arquivos

Cada 9 de xuño celébrase en todo o mundo o Día Internacional dos Arquivos. A xornada conmemora a creación do Consello Internacional de Arquivos (ICA) e convértese nunha oportunidade para achegarlle o traballo que neles se realiza á cidadanía.

Os arquivos galegos organizan diferentes eventos co gallo desta data e contan con diversas actividades durante a xornada e nos días previos e posteriores. Entre o 7 e o 16 de xuño, os centros arquivísticos da Consellería de Cultura e Educación ofreceron un completo programa de visitas, exposicións e obradoiros. No Arquivo de Galicia contouse cunha xornada de portas abertas, con visitas guiadas, cun obradoiro sobre o histórico crime de Valladares e coa inauguración da exposición *Vicente Álvarez de Neira, arquivista (1717-1784)*. No Arquivo do Reino de Galicia, o programa incluíu varios obradoiros e a conferencia *A arquitectura dunha Coruña inexistente*.

A isto sumáronse a xornada de portas abertas, as visitas guiadas e a presentación dun dos seus documentos singulares no Arquivo Histórico Provincial de Lugo, concretamente un plano de Santiago de Quende (Abadín); as visitas teatralizadas sobre a historia da cidade e sobre os segredos dos franciscanos, e obradoiros no Arquivo Histórico Provincial de Ourense e unha visita guiada, unha xornada de portas abertas, a conferencia *A Casona dos Fonseca: o oráculo histórico na Pontevedra renacentista* e unha velada musical no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. O arquivo central da Consellería de Cultura e Educación e os arquivos territoriais da Xunta de Galicia nas cidades de Lugo, Pontevedra e Vigo organizaron xornadas de portas abertas.

O Mes da Ciencia nos arquivos

Os arquivos sumáronse á celebración do Día Internacional da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento, que ten unha visualización no mes de novembro, como Mes da Ciencia durante o cal se difunden documentos relacionados coas diversas disciplinas científicas. No portal de Arquivos de Galicia creouse un apartado especial, entre os que destaca o elaborado polo laboratorio de restauración do Arquivo do Reino de Galicia, *A química dos arquivos: a tinta*, cunha breve exposición virtual para destacar a composición e características da tinta como elemento esencial na produción dos textos escritos ata a aparición do documento electrónico.

Ademais, arredor do Día Internacional do Patrimonio Mundial, os arquivos de xestión autonómica tamén promoveron na rede a difusión de imaxes de documentos,

fotografías, mapas, planos etc. sobre diferentes bens galegos declarados patrimonio mundial, como a muralla de Lugo, a torre de Hércules ou o Camiño de Santiago.

Proxectos expositivos e mostras documentais

O programa de exposicións dos arquivos non se limita ás datas destacadas e intenta chegarlle á cidadanía ao longo do ano unha oferta diversa de mostras para difundir o patrimonio documental que albergan. Ademais, todas as exposicións que os arquivos puxeron en marcha durante 2017 poden ser visitadas en liña na páxina oficial dos Arquivos de Galicia, no apartado de visitas virtuais.

Paisaxe e patrimonio. Un percorrido polo territorio a través do Arquivo de Galicia

ARQUIVO: Arquivo de Galicia

DATAS: do 20 de decembro de 2016 ao 20 de marzo de 2017

Noventa documentos dos fondos do arquivo, nos que se inclúen 44 fotografías aéreas, mostraron como cambiou o territorio galego nos últimos tempos.

Mulleres sobranceiras: María Moreira

ARQUIVO: Arquivo de Galicia

DATAS: do 7 de marzo ao 7 de maio de 2017

Ao abeiro da celebración do Día Internacional da Muller, recuperouse a figura da deseñadora téxtil María Moreira, a través de 55 pezas do seu arquivo.



Vicente Álvarez de Neira, arquivista (1717-1784)

ARQUIVO: Arquivo de Galicia

DATAS: do 9 de xuño ao 17 de setembro de 2017 e prorrogada ata novembro

Para celebrar o Día dos Arquivos, mostrouse unha selección de 26 documentos de Vicente Álvarez de Neira, o primeiro arquivista do Arquivo Xeral e Público de Galicia, que forman parte do arquivo da familia Pita da Veiga.



Por feiras e mercados. Ver, mercar, vender...

ARQUIVO: Arquivo Histórico Provincial de Lugo

DATAS: do 31 de outubro de 2017 ata febreiro de 2018

Sesenta fotografías de 1914 a 1984, planos históricos, libros de rexistros e o cartel das festas de San Froilán de 1879 permitiron profundar na historia das feiras e mercados en Galicia.



A Casa dos Fonseca

ARQUIVO: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

DATAS: 8 e 9 de xuño de 2017

Paneis con fotografías e documentos sobre a construción e historia da Casona dos Fonseca e como se converteu na sede do arquivo.



Publicacións

A palabra escrita permite unha permanencia no traballo de dinamización e divulgación dos contidos dos arquivos, ademais de posibilitar unha acción que vai máis lonxe en termos de tempo e xeografía. No caso das exposicións, por exemplo, os seus catálogos e as demais publicacións derivadas permiten que se poida acceder aos seus contidos mesmo cando estas xa remataron ou cando non se pode visitar o espazo dun xeito físico.

Durante 2017, o Arquivo de Galicia publicou o catálogo da exposición *Paisaxe e patrimonio*; da exposición *Por feiras e mercados*, o Arquivo Histórico Provincial de Lugo realizou un catálogo dixital e un tríptico en papel, así como un folleto con documentos de interese para o Día dos Arquivos; e o Arquivo Histórico Provincial de Ourense editou os seis números para o ano da revista bimensual *Fronda*, tanto en papel como en formato dixital. Os temas que centraron estas entregas foron o centenario do nacemento de Camilo José Cela, o 340 aniversario do nacemento do padre Feijoo, a actividade da Inquisición en Galicia, o concello de Lobeira no Antigo Réxime, a historia das portas de Ourense e as guerras carlistas en Galicia.





03

PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o organismo encargado de coordinar as actuacións referidas ao patrimonio arquitectónico, histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, artístico e etnolóxico, así como en materia de museos. A protección e a delimitación dos Camiños de Santiago, a conservación e difusión das coleccións museográficas e a restauración do patrimonio histórico son algunhas das liñas de actuación desenvolvidas polo departamento.

Entre as iniciativas de protección do patrimonio cultural impulsadas en 2017 destacan as incoacións como BIC da Ribeira Sacra e das técnicas construtivas da carpintería de ribeira, xunto coa candidatura das Illas Cíes-Parque Nacional Illas Atlánticas para a súa declaración pola Unesco como patrimonio da humanidade.



3.1 Memoria Dixital de Galicia

A Memoria Dixital de Galicia é unha estratexia impulsada desde o ámbito público, a través da Consellería de Cultura e Educación e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), en colaboración coa sociedade galega e cos axentes implicados na xestión do patrimonio cultural de Galicia. O Consello da Xunta aprobou en 2016 a posta en marcha deste novo modelo de xestión, conservación e difusión do patrimonio material e inmaterial galego baseado na innovación tecnolóxica.

Entre as iniciativas impulsadas ao abeiro deste proxecto destaca Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, un portal xestionado pola Secretaría Xeral de Cultura de acceso aos recursos patrimoniais, dixitais e dixitalizados, da cultura galega que se atopan en dominio público ou de cuxos dereitos de difusión sexa titular a Xunta de Galicia. Actualmente, Galiciana alberga dous subdominios principais: a Biblioteca Dixital de Galicia (véx. 1.2) e o Arquivo Dixital de Galicia (véx. 2.2). Tamén están en marcha actuacións vinculadas coa recolección e coa xeorreferenciación da toponimia galega.

3.2 Desenvolvemento da Lei do patrimonio cultural

Ao abeiro da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, o 27 de decembro de 2017 constituíuse a Comisión Mixta Xunta-Igrexa católica, un órgano cuxo propósito é ofrecerlle asesoramento á Consellería de Cultura e Educación para

preservar, conservar, fomentar e divulgar o patrimonio cultural de Galicia nas cuestións relativas aos bens eclesiásticos con valor cultural.

Entre as súas tarefas destaca a elaboración dun programa anual de intervencións nos centros de titularidade da Igrexa, cos criterios de asignación de fondos propios para estas actuacións. Tamén se encontran entre as súas funcións o establecemento de prioridades para a distribución das achegas e melloras, o asesoramento en medidas de seguridade e o establecemento das condicións para a visita pública aos bens inmoables.

3.3 Políticas de protección e conservación do patrimonio galego

A Xunta de Galicia publicou en decembro de 2017 unha instrución relativa ao trámite de autorizacións en bens protexidos e na súa contorna de protección ou de amortecemento, negociada coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para acadar unha maior axilidade e seguridade xurídica. Deste xeito, un mínimo dun 30% das autorizacións que antes tiñan que pasar pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural xa non precisarán deste trámite por non supoñer afección ningunha nin poñer en risco os valores culturais protexidos.

Así mesmo, asinou un protocolo de colaboración co fin de avanzar na habilitación dos concellos galegos para autorizar intervencións sobre bens catalogados do patrimonio arquitectónico ou etnolóxico, as súas contornas de protección e zonas de amortecemento.



Protección do patrimonio cultural galego

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural encárgase dos procedementos vinculados co réxime xurídico de protección do patrimonio cultural, da xestión para as declaracións de bens de interese cultural (BIC), do catálogo e censo do patrimonio cultural e dos informes sobre el que poidan ser requiridos polas autoridades competentes.

En decembro de 2017 incoouse como BIC a **Ribeira Sacra** coa categoría de paisaxe cultural. Trátase do primeiro paso para impulsar a inclusión na lista indicativa do Patrimonio Mundial da Unesco deste territorio, que conta cun valioso patrimonio cultural, artístico e arquitectónico.



En 2017 declarouse BIC o mural *Vista da Coruña 1669*, de Urbano Lugrís. Tamén remataron os traballos de restauración da obra na sede de Abanca na Coruña, que contaron co asesoramento e supervisión de Patrimonio Cultural.

Na categoría de xacemento arqueolóxico, declarouse BIC o **castro de Fazouro**, en Foz (Lugo), o único poboado costeiro escavado e musealizado na costa cantábrica galega.

Outras das incorporacións ao rexistro de BIC foron a da laxe decorada da necrópole dos Campiños e a do merlón con escudo dos Soutomaior do castelo da Lúa, custodiados no Auditorio Municipal de Rianxo.

No referente á protección de bens de interese sobranceiro, incoouse o expediente de BIC das obras escultóricas da desaparecida fachada exterior do **Pórtico da Gloria**, unha serie de nove pezas e figuras románicas do Mestre Mateo datadas entre 1188 e 1211.

Así mesmo, iniciouse o procedemento de declaración de BIC, coa categoría de zona arqueolóxica, do campamento romano e *mansio viaria* de **Aquis Querquennis**, en Bande (Ourense).

Outro dos expedientes incoados foi o do **pazo de San Isidro de Mondoñedo** para declaralo BIC coa categoría de monumento. Redactouse, ademais, o documento para o expediente de declaración de BIC do **colexio do Cardeal**.

Patrimonio Cultural abriu tamén o proceso para ampliar a delimitación dos **muíños do Folón e do Picón**, no Rosal (Pontevedra), para incluír nela a ermida de San Martiño e o castro do Picón. Por outra banda, comezouse o procedemento para declarar BIC coa categoría de monumento a cova Eirós, en Triacastela (Lugo), que aglutina xacementos paleontolóxicos e arqueolóxicos de grande interese científico e patrimonial.

No plano ambiental, abordouse a situación do **parque do Pasatempo**, en Betanzos (A Coruña), para facilitar a súa declaración como BIC na categoría de xardín histórico. Iniciáronse tamén os trámites para incluír a **illa de Sálvora** na lista de BIC, co que se trataría do primeiro espazo natural con este título en paisaxe cultural.

A Xunta de Galicia tamén constituíu a comisión para estudar a posibilidade de incorporar o **pazo de Meirás** ao patrimonio público, en cumprimento do acordo parlamentario acadado en setembro de 2017. Nel recóllese o mandato de realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, para analizar a posibilidade e os mecanismos necesarios para que esta incorporación se faga efectiva.

Ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia incorporouse o conxunto de **eiras e hórreos de Mundín**, en Maside (Ourense), como ben inmovible coa categoría de lugar de valor etnolóxico, mentres que o **cine Zarate**, en Mugarzos (A Coruña), pasou a formar parte do catálogo como ben inmovible coa categoría de monumento. Nesta mesma categoría prevese incorporar a **antiga fábrica de electricidade da Ponte Nova**, en Betanzos (A Coruña), para o que se iniciaron os trámites oportunos.

Outra das tarefas de Patrimonio Cultural é a redacción de informes sobre a incidencia no patrimonio cultural das propostas de ordenación do territorio, medio ambiente e planificación urbanística. En 2017 realizáronse un total de 80 informes de impacto ambiental e 111 en materia de planeamento urbanístico.

Bens galegos na lista da Unesco

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural colabora con distintas institucións na documentación técnica necesaria para manter os bens galegos na lista da Unesco, así como para optar a futuras inclusións. En 2017, o organismo recoñeceu o gran valor do **Códice Calixtino** coa súa inscrición no Rexistro da Memoria do Mundo, que contén as testemuñas documentais máis importantes da historia da humanidade.

Así mesmo, o Consello do Patrimonio Histórico Español aprobou a solicitude da Xunta de Galicia para que as **Illas Cíes-Parque Nacional Illas Atlánticas** fosen incluídas na lista indicativa. Trátase do paso previo para que esta paraxe, que conta cunha extensión de máis de 8.400 hectáreas integradas por catro arquipélagos cun valor natural, cultural e universal excepcional, poida ser declarada patrimonio da humanidade pola Unesco.

Camiños de Santiago

A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia establece un réxime específico para a identificación e a protección dos Camiños de Santiago. O marco principal no que se levan a cabo estas actuacións é o Plan director, que en 2017 se centrou na aplicación de melloras no Camiño Inglés e no Camiño de Fisterra-Muxía.

En 2017 celebráronse dous actos conmemorativos relacionados co Camiño: o trixésimo aniversario da declaración do Camiño de Santiago como Itinerario Cultural Europeo e o segundo aniversario da declaración dos Camiños do Norte como Patrimonio Universal da Unesco. No marco dos Camiños do Norte, celebrouse o 17 aniversario da declaración da muralla de Lugo como patrimonio da humanidade.

Cara á celebración do Xacobeo 2021, a Comisión Executiva do Consello Xacobeo puxo en marcha en 2017 os trámites para que este evento sexa declarado como acontecemento de excepcional interese público. A comisión acordou tamén o lanzamento dun proxecto de formación para alumnado de educación secundaria obrigatoria e unha exposición fotográfica itinerante.

Tamén cara á preparación do Ano Santo Xacobeo, Cultura e Educación e a Fundación Catedral de Santiago deron a coñecer o programa de obras de conservación e restauración da basílica compostelá. Neste marco presentouse *Descubrinto a catedral*, unha iniciativa para informar das novidades das obras que cómpre acometer e para dar a coñecer os valores e riquezas do templo.

Salvagarda do patrimonio inmaterial

En 2017, publicouse a resolución de incoación do procedemento para declarar BIC as técnicas construtivas da carpintería de ribeira como manifestación do patrimonio inmaterial de Galicia. Algunhas das accións que se promoven son a creación dun órgano de xestión para as medidas de salvagarda destas técnicas tradicionais, dun censo de embarcacións tradicionais e de barcos históricos de Galicia, xunto coa inclusión das carpinterías de ribeira de especial interese no Censo do Patrimonio Cultural.

A toponimia galega ocupa tamén un lugar destacado no patrimonio cultural inmaterial de Galicia. Co fin de favorecer a recollida e a xeorreferenciación e a xeolocalización deste tesouro lingüístico coa máxima garantía, a Secretaría Xeral de Política Lingüística vén traballando en colaboración coa Amtega e coa Consellería de Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza, departamento encargado de coordinar os proxectos Toponimia de Galicia e XeoArpad.



3.4

Actuacións sobre o patrimonio cultural galego

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural desenvolve distintas intervencións para a protección e a conservación do patrimonio cultural de Galicia dentro da Estratexia Galicia 2015-2020. Algunhas destas actuacións realízanse ao abeiro do Programa operativo Galicia Feder 2014-2020, no marco da estratexia de *Conservación, promoción e difusión dos museos, o patrimonio cultural edificado, os sitios, o territorio e a paisaxe de valor cultural*.

Ao longo de 2017 autorizáronse 703 intervencións arqueolóxicas en Galicia. Resolvéronse 2.184 solicitudes de intervencións en bens catalogados ou nos seus contornos na Coruña, 1.156 en Lugo, 1.031 en Ourense e 1.537 en Pontevedra. Así mesmo, informáronse 452 expedientes de actuacións referidas á Igrexa católica e 1.956 dos Camiños de Santiago.

No mes de marzo, convocouse unha liña de axudas dotada con 50.000 euros para colaborar no financiamento da execución de proxectos de intervencións arqueolóxicas, con sete persoas físicas e xurídicas beneficiarias.

Para poñer en valor o antigo mercado popular de Agolada, en Pontevedra, a Consellería de Cultura e Educación asinou un convenio co Concello que permitirá rehabilitar os pendellos 8 e B1 deste conxunto histórico-artístico.

Intervencións en xacementos arqueolóxicos

As actuacións para a posta en valor dos bens do patrimonio arqueolóxico abranquen accións de investigación, restauración e difusión en distintos xacementos do territorio galego coa finalidade de mellorar a súa conservación, protección e divulgación.

Área arqueolóxica de Tourón

LOCALIZACIÓN: Ponte Caldelas (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: roza manual da vexetación na contorna dos petróglifos da Laxe das Cruces e Nabal de Martiño. Limpeza dos petróglifos e traballos de drenaxes para evitar o paso da auga por riba deles, xunto con reparacións puntuais en pasarelas e plataformas de madeira, principalmente no Coto da Siribela.

Baños de Río Caldo

LOCALIZACIÓN: Lobios (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: roza e retirada da vexetación, limpeza da área escavada e consolidación do xacemento. Repuxéronse os arcos do hipocausto e o panel informativo, e documentouse fotograficamente o espazo e o proceso de traballo.

Camiño Real de Vilar de Fraga

LOCALIZACIÓN: A Laracha (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: traballos de prospección arqueolóxica para determinar se a traza do chamado Camiño Real de Vilar de Fraga podería corresponderse cunha vía romana.

Campamento romano de Cidadela

LOCALIZACIÓN: Sobrado (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: escavación e consolidación arqueolóxica do xacemento, cofinanciadas con fondos Feder.

**Castro de Castrelo**

LOCALIZACIÓN: Laxe (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: traballos de limpeza da vexetación nas estruturas visibles e da contorna do castro para a súa conservación e impulso da súa visita e comprensión.

Castro de Castromao

LOCALIZACIÓN: Celanova (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: traballos de limpeza, roza e acondicionamento do asentamento castrexo, xunto co levantamento fotogramétrico.

Castro de Fazouro

LOCALIZACIÓN: Foz (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: limpeza de estruturas, recolocación de pedras caídas das cabeceiras dos muros con morteiro, reconstrución dalgúns paramentos deteriorados e arranxo do peche de protección. Aplicouse un tratamento nas madeiras, reparáronse as escaleiras, repúxose o pasamáns e pintouse a varanda de aluminio.

Castro dos Castelos

LOCALIZACIÓN: Entrimo (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: traballos de limpeza, roza e acondicionamento do asentamento castrexo, así como levantamento topográfico e colocación dun novo cartel interpretativo.

Castro de Santa Trega

LOCALIZACIÓN: A Guarda (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: contratación do departamento de Historia da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a realización dun estudo sobre os sistemas de cubrición en construcións da segunda Idade do Ferro no sur de Galicia. Levouse a cabo a primeira das dúas fases do estudo.



Castro de Sarridal

LOCALIZACIÓN: Cedeira (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: traballos de escavación que puxeron ao descuberto unha estrutura castrexa tipo sauna das denominadas monumento con forno.

Castro de Seceda

LOCALIZACIÓN: Folgoso do Courel (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: traballos de limpeza, roza e acondicionamento do asentamento castrexo, así como levantamento fotogramétrico.

Castro de Viladonga

LOCALIZACIÓN: Castro de Rei (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: actuación integral que continuará en 2018 e que inclúe a roza e limpeza, a escavación e revisión da documentación bibliográfica e documental das antigas campañas, a consolidación dos muros, pavimentos e outras estruturas e o acondicionamento de espazos da croa para garantir a súa conservación e facilitar a accesibilidade e seguridade dos visitantes.

**Castro de Vilar**

LOCALIZACIÓN: Folgoso do Courel (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: limpeza do xacemento para frear a deterioración das estruturas do castro causada pola vexetación.

Cistas de Punta Riasón

LOCALIZACIÓN: A Illa de Arousa (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: escavación e documentación das tres cistas desta paraxe debido ao perigo de desaparición pola súa situación na zona intermareal. Dúas foron trasladadas a un museo para a súa salvagarda.

Castro e mosteiro de Cálago

LOCALIZACIÓN: Vilanova de Arousa (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: escavación, documentación e valorización patrimonial do castro e do mosteiro de Cálago, e prospección xeofísica do xacemento. En colaboración co Concello de Vilanova de Arousa.

Cova Eirós

LOCALIZACIÓN: Triacastrela (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: continuación das escavacións arqueolóxicas en colaboración coa USC na Cova Eirós, onde se atoparon restos de ocupacións paleolíticas. O obxectivo é estudar este tipo de ocupacións en covas da parte oriental da cunca media do Miño e difundir os resultados obtidos, para o que se organizaron as *II Xornadas sobre o Paleolítico do noroeste*.

Cova dos Mouros

LOCALIZACIÓN: Baleira (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: elaboración dun informe de avaliación e posterior construción dun peche para a protección da cova e das súas pinturas rupestres.

Guidoiro de Areoso

LOCALIZACIÓN: A Illa de Arousa (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: escavación arqueolóxica na mámoa 4, afectada pola suba do nivel do mar e polos temporais. Documentouse e procedeuse ao posterior tapado e restitución dos terreos para a súa conservación e protección.



Laxe das Cruces

LOCALIZACIÓN: Mos (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: traballos de limpeza, acondicionamento, sinalización, mantemento e posta en valor do xacemento, afectado pola vaga de incendios. Realizouse, ademais, un levantamento planimétrico dos gravados e rexistráronse o soporte e os propios gravados mediante fotogrametría.

Mámoas da Cruz

LOCALIZACIÓN: Alperiz (Lalín)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: continuación das obras realizadas desde 2015, coa limpeza e roza da vexetación, rexistro fotogramétrico e restauración virtual do túmulo 5 das mámoas da Cruz.

Mesa dos Tres Bispos

LOCALIZACIÓN: Beariz (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: limpeza da parcela na que se sitúa o marco, escavación arqueolóxica da contorna e localización dos restos das outras dúas pedras que conformaban o conxunto. Delimitouse o espazo próximo ao marco, fíxose unha diagnose, limpeza e levantamento 3D da pedra, e colocouse un panel interpretativo.

Salinas de Mougás e Viladesuso

LOCALIZACIÓN: Oia (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: escavación, rexistro, documentación e valoración das opcións para a preservación dos xacementos recentemente descubertos en Mougás e Viladesuso.

Xacemento dos Castros

LOCALIZACIÓN: Mondoñedo (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: realización de sondaxes arqueolóxicas para a valoración e delimitación máis precisa do xacemento arqueolóxico, co fin de conseguir a información necesaria para axustar a súa área de protección.

Actuacións en fortificacións e conxuntos arquitectónicos

Coa finalidade de garantir a conservación dos valores culturais dos bens e das manifestacións do patrimonio cultural, Patrimonio Cultural levou a cabo distintas intervencións en bens protexidos de valor cultural, na súa contorna de protección e na zona de amortecementos, como monumentos e conxuntos históricos.

Arquitectura defensiva

LOCALIZACIÓN: Cedeira, Ferrol, Ares, Bergondo e Sada (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: identificación e delimitación de elementos da arquitectura das baterías da Concepción en Cedeira; de Prioriño, Viñas e Cariño en Ferrol; do arsenal deste mesmo concello; das baterías de obuses de Montefaro e da batería e do castro de Santa Mariña en Ares; do castelo de Corbeiroá en Bergondo e dos restos da batería de Fontán en Sada.

Castelo da Pena

LOCALIZACIÓN: Xinzo de Limia (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: roza da vexetación do castelo e da parcela na que se localiza. Tamén se escavou toda a fronte nordeste para identificar en planta as estruturas murarias.

Castelo de Monterrei

LOCALIZACIÓN: Monterrei (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto e execución das obras na cuberta da torre da Homenaxe. Limpouse a cantería da cuberta e dos petos, elimináronse as xuntas de morteiro e rexuntáronse con morteiro de cal, realizouse un hidrofugado superficial, substituíuse a madeira deteriorada e recuperáronse pequenos volumes na porta de acceso.

Ademais, redactouse o proxecto e executáronse as obras de acondicionamento dos accesos ao castelo, coa restauración dos pavimentos históricos.

Castelos da Limia

LOCALIZACIÓN: Sandiás (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: roza da vexetación do castelo e da parcela na que se localiza.

Illas de San Simón e San Antón

LOCALIZACIÓN: Redondela (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do plan de intervención nos distintos inmobles e no paseo dos Buxos tras sufriren diversos danos provocados por temporais.

**Muralla romana de Lugo**

LOCALIZACIÓN: Lugo

INTERVENCIÓN EFECTUADA: continuación das obras previstas no Plan de mantemento da muralla romana de Lugo 2015-16, coa reposición de cachotería en lenzos, conser-

vación do pavimento e impermeabilización do adarve, retirada de vexetación, tratamentos fitosanitarios e reparacións na instalación eléctrica e luminarias. Tamén se restauraron os cubos XIX e LXXX e renováronse varias partes da muralla. Ademais de acadar a estabilidade estrutural dos cubos LXX e LXXI, elimináronselles as filtracións, dotouse dun acceso ao seu interior e continuouse co seguimento da evolución das fendas. En colaboración co Ministerio de Fomento, redactouse o proxecto de consolidación estrutural do cubo VII e o lenzo interior do seu contorno inmediato na muralla. Tamén se redactou o proxecto para a posta en valor do túnel do cubo VI a través da exposición permanente dos seus restos arqueolóxicos.



Torre do Castro

LOCALIZACIÓN: Sandiás (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: roza da vexetación e limpeza, baixo control arqueolóxico, da parcela na que se localiza o xacemento arqueolóxico.

Melloras en bens etnográficos, sitios históricos ou singulares e Camiños de Santiago

As Burgas

LOCALIZACIÓN: Ourense

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto para a limpeza e restauración das Burgas de Abaixo, en colaboración co Concello de Ourense.

Camiños de Santiago

LOCALIZACIÓN: Varios

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do informe do estado de varios bens de interese cultural (BIC) no ámbito dos Camiños de Santiago, como os conxuntos históricos de Mondoñedo, Betanzos, Tui, Ribadeo e Baiona.

Cruceiro de Olás

LOCALIZACIÓN: A Merca (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: restauración e recolocación do cruceiro na súa localización orixinal.

Pallozas do Cebreiro

LOCALIZACIÓN: Pedrafitá do Cebreiro (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: delimitación do alcance dos traballos de conservación, mantemento e reparación neste conxunto etnográfico; en concreto, nas cubertas das catro pallozas, paramentos interiores, espazos exteriores, elementos mobles e drenaxe puntual.



Rehabilitación de pontes

Ponte da Carixa

LOCALIZACIÓN: Silleda e Vila de Cruces (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción dun informe sobre o estado estrutural da ponte a través dun estudo de enxeñería civil.

Ponte de San Lourenzo

LOCALIZACIÓN: A Lama e Cercedo-Cotobade (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto de reparación na última fiada do tímpano do estribo dereito, o tallamar, da última fiada baixo o arco esquerdo, así como da necesidade de limpeza da vexetación.

Restauración de retablos e pinturas murais**Capela da Mercede de Carcacia**

LOCALIZACIÓN: Padrón (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: restauración do retablo maior, que se concretou na montaxe, axustes estruturais con reconstrucións de volumes, limpeza de policromías con eliminación de repintes, reintegración cromática e protección final.

Capela do Ciprés ou do Salvador

LOCALIZACIÓN: Samos (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: realización dunha intervención de urxencia nas pinturas murais en perigo de desprendemento. Ademais, redactouse o proxecto para a reparación de humidades na cuberta, nos muros e na drenaxe desta capela do mosteiro de Samos.

Igrexa de Cortegada

LOCALIZACIÓN: Cortegada (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: consolidación das policromías, desinsectación, eliminación de repintes, reintegración formal con madeira de balsa e araldit madeira, estucado de lagoas e reintegración cromática no retablo lateral de santa Ana e a Virxe.

Igrexa de San Cristovo de Cancelo

LOCALIZACIÓN: Triacastela (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: restauración de urxencia na pintura mural e no retablo maior. Realizáronse traballos de consolidación do soporte de fixación da policromía mural, de eliminación de morteiros, de tratamentos biolóxicos e de sales, e de asentamento de estratos pictóricos. No retablo, aplicáronse tratamentos antifúnxicos e consolidouse o frontal do altar maior, afectado por humidades.

Igrexa de San Pedro de Cudeiro

LOCALIZACIÓN: Ourense

INTERVENCIÓN EFECTUADA: limpeza e desinsectación do retablo maior, xunto con tarefas de consolidación, cobertura de fendas, revisión de ancoraxes e reconstrución puntual de volumes. Fixouse tamén a película pictórica e fíxose unha reintegración cromática con acuarelas e po de micas.

Igrexa de San Salvador de Vilar de Donas

LOCALIZACIÓN: Palas de Rei (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto e comezo das obras para a recuperación do conxunto mural policromado da ábsida e a aplicación de tratamentos biocidas nos paramentos interiores, tras o estudo da colonización biolóxica.

Igrexa de San Vicente de Pinol

LOCALIZACIÓN: Sober (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: eliminación de entrada de humidade pola cuberta, os paramentos e o chan, así como a restauración da portada, rosetón, escaleira de acceso á espadana, carpinterías e ferraxería, e da instalación eléctrica e iluminación.



Igrexa de Santa María de Nogueira

LOCALIZACIÓN: Chantada (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: continuación das obras iniciadas en 2016 para a recuperación integral da cabeceira, que inclúe as pinturas murais e o retablo. Para a divulgación dos traballos organizáronse tres xornadas de portas abertas.



Templo de Santa Eulalia de Bóveda

LOCALIZACIÓN: Lugo

INTERVENCIÓN EFECTUADA: continuación dos traballos iniciados en 2016 de conservación preventiva e curativa e control climático das pinturas murais deste templo romano.



Iniciativas de mellora en centros museísticos

Ao longo de 2017 leváronse a cabo distintas actuacións en museos de xestión autonómica. No **Museo das Peregrinacións e de Santiago** redactouse un proxecto básico de execución de obras de conservación e mantemento das súas dependencias para garantir unha maior adecuación ao uso previsto. Neste marco, instaláronse novos compresores para mellorar o sistema de climatización co obxectivo de solucionar os problemas de salubridade que afectaban ao edificio, que se traducían en malos olores, humidades e entradas de auga.

No **Museo de Belas Artes da Coruña** redactouse un proxecto para acometer reparacións urxentes que evitasen as entradas de auga que sufría o edificio.

Na nave de salgadura e nas oficinas do **Museo Massó de Bueu** aplicouse un tratamento antitérmites para reparar a tarima de madeira e realizáronse distintas intervencións para mellorar as condicións de temperatura e humidade na sala nobre do inmobile.

Ademais, no marco da colaboración con outras entidades, asinouse un convenio de colaboración coa Fundación Rosalía de Castro para actuacións de mellora na **Casa Museo de Rosalía de Castro**, entre as que destacan a rehabilitación da envolvente dos edificios anexos na traseira da casa museo e a reforma da planta baixa da antiga Casa Maruxa Villanueva.

A Xunta de Galicia tamén promoveu a elaboración, para a **Casa Museo de Ramón Otero Pedrayo**, dun proxecto director para analizar de forma integral o conxunto da Casa Grande de Cimadevila, tamén coñecida como pazo de Trasalba, desde as perspectivas gráfica, fitolóxica, arquitectónica e cultural.

Promoveuse, así mesmo, a posta en marcha de novos espazos de difusión e conservación do patrimonio. Así, en setembro de 2017 inaugurouse o **Centro de Interpretación do Xacemento Romano de Caldoval**, en Mugar dos, logo dun proceso de conservación e de musealización dos vestixios atopados que contou co apoio técnico e o asesoramento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Restauración de edificios históricos: catedrais, mosteiros e igrexas

Antigo hospital de San Roque

LOCALIZACIÓN: Santiago de Compostela (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: actuacións nas fachadas exteriores, no claustro e no patio do antigo hospital de San Roque.

Basílica de Santa María a Maior

LOCALIZACIÓN: Pontevedra

INTERVENCIÓN EFECTUADA: proxecto que abrangue actuacións de restauración e traballos de conservación preventiva, como o cambio de tella da cuberta e a mellora da evacuación de auga, a reforma das carpinterías, a reparación dos paramentos interiores e exteriores, así como da crestaría que coroa as fachadas.

Capela da Virxe dos Milagres

LOCALIZACIÓN: illa de Cortegada, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: limpeza de vexetación no interior e na contorna da capela e antigo lazareto, consolidación do arranque da bóveda e das cabezas dos muros, e apuntalamiento dalgúns elementos. Esta actuación de urxencia permitiu estabilizar os danos existentes nos restos da edificación e obter datos máis fiables para próximas actuacións.

Capela de San Sebastián da Granxa

LOCALIZACIÓN: Boqueixón (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: execución de obras de conservación das fachadas exteriores, paramentos interiores, cuberta e instalacións, en colaboración co Concello de Boqueixón e coa diocese de Santiago.

Catedral de Mondoñedo

LOCALIZACIÓN: Mondoñedo (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto para a restauración da cuberta da catedral e do claustro da basílica de Nosa Señora da Asunción para a conservación das pinturas murais situadas na bóveda da capela maior.

Iniciáronse tamén os traballos de restauración da Casa dos Cóengos e das obras adicionais no sistema de carpinterías, tabiquería, revestimentos interiores, escaleiras e instalación eléctrica deteriorados.

Catedral de San Martiño

LOCALIZACIÓN: Ourense

INTERVENCIÓN EFECTUADA: continuación e remate das obras iniciadas no ano 2016 para frear a deterioración da portada e rosetón da fachada do brazo norte do cruceiro.

Por outra banda, acometeuse a reforma xeral do sistema eléctrico da catedral. Ademais de dotalo de seguridade, instalouse unha iluminación ornamental eficiente na capela maior e fixouse o sistema de iluminación de emerxencia do edificio.

Catedral de Santiago de Compostela

LOCALIZACIÓN: Santiago de Compostela (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: en colaboración co Ministerio de Facenda, coa Fundación Catedral e co Cabido da catedral de Santiago, continuáronse as obras iniciadas en 2016 de restauración dos zócalos de mármore na capela maior, xunto cos traballos no interior do fuste medieval das torres e nos paramentos interiores da nave maior de acceso a elas. No curso desta intervención achouse a peza *Figura masculina mutilada*, un notable fragmento de escultura atribuído ao Mestre dos Panos Mollados.

Tamén se levaron a cabo as actuacións previas á restauración da policromía mural da capela maior e se restauraron os paramentos das naves e as súas bóvedas, a tribuna na nave principal e o transepto da catedral. Así mesmo, redactouse o proxecto para recuperar a capela do Cristo de Burgos e a fachada ao patio do pazo de Xelmírez.



Catedral de Tui

LOCALIZACIÓN: Tui (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: acondicionamento de varias dependencias do pazo episcopal para poderen ser dedicadas a usos culturais.

Convento de Santo Antón de Herbón

LOCALIZACIÓN: Padrón (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do plan de actuación destinado ao mantemento, conservación e restauración de elementos neste inmobile, que se traduce en distintos traballos no claustro, e no acondicionamento do espazo de entrada e revisión das súas cubertas.



Igrexa da Santísima Trindade

LOCALIZACIÓN: Ourense

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción dun proxecto de control arqueolóxico e doutro de restauración da cristaría para incorporar ao proxecto de obra do bispado de Ourense.

Igrexa de San Francisco de Betanzos

LOCALIZACIÓN: Betanzos (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto para acometer actuacións na cuberta e na estrutura, nos muros, no pavimento do coro e na instalación eléctrica do inmobile.

Igrexa de San Paio de Diomondi

LOCALIZACIÓN: Saviñao (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto e execución de obras na cuberta para evitar o acceso da auga ao interior do edificio e do muro, e para reducir as humidades na base dos muros. Acometeuse a limpeza e rexuntamento da fachada principal e restaurouse a súa portada románica.

**Igrexa de San Pedro**

LOCALIZACIÓN: Lugo

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto de reparación e restauración da cuberta, da instalación eléctrica e da envolvente desta igrexa do convento de San Francisco.

Igrexa de San Xiao de Moraimo

LOCALIZACIÓN: Muxía (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto de conservación das fachadas oeste, leste e sur.

Igrexa de San Xiao de Vigo

LOCALIZACIÓN: Paderne (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto para a renovación da cuberta da igrexa, tanto na nave como no presbiterio e na sancristía.

Igrexa de San Xoán de Moreiras

LOCALIZACIÓN: O Pereiro de Aguiar (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: elaboración da memoria valorada para a rehabilitación da cuberta da igrexa, ao abeiro da Comisión Mixta Xunta-Igrexa.

Igrexa de San Xoán ou San Nicolás de Portomarín

LOCALIZACIÓN: Portomarín (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto para realizar actuacións de conservación na cuberta, nos paramentos interiores e nas fachadas exteriores.

Igrexa de Santa Baia de Palio

LOCALIZACIÓN: Lalín (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: remate das obras iniciadas en 2016, que consistiron na execución dunha nova cuberta, na renovación das carpinterías de portas e fiestras e na consolidación estrutural e drenaxe perimetral da sancristía. Tamén se redactou o proxecto da segunda fase de restauración da tribuna e dos muros de peche do recinto, así como a recuperación dos revestimentos de paramentos e a instalación eléctrica.

Igrexa de Santa María de Baiona

LOCALIZACIÓN: Baiona (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: levantamento planimétrico 3D e redacción do proxecto de reparación da cuberta, de supresión de humidades, de renovación de revocos, de pintado e reparación das vidreiras e de limpeza da pedra das fachadas.



Igrexa de Santa María de Donramiro

LOCALIZACIÓN: Lalín (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto, que recolle a recuperación dos volumes orixinais, a execución dunha nova cuberta, a eliminación dos morteiros de cemento e a formación dunha rede de drenaxe.

Igrexa de Santa María de Guísamo

LOCALIZACIÓN: Bergondo (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: substitución da cuberta actual do presbiterio e capelas laterais de madeira por outra de similares características, ao abeiro da Comisión Mixta Xunta-Igrexa 2017 e coa colaboración da diocese de Santiago.

Igrexa de Santa María do Porto

LOCALIZACIÓN: Marín (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: restauración da cuberta, reparación de beirados, impermeabilización do piso exterior do campanario, substitución das carpinterías de formigón por outras de aceiro inoxidable, mellora da ventilación nas existentes e execución do rexuntamento dos zócalos das fachadas.

**Igrexa do Castro**

LOCALIZACIÓN: O Barco de Valdeorras (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: acondicionamento da cuberta do presbiterio da igrexa, en colaboración coa diocese de Astorga ao abeiro da Comisión Mixta Xunta-Igrexa 2017.

Igrexa do mosteiro de San Vincenzo do Pino

LOCALIZACIÓN: Monforte de Lemos (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto de restauración das fachadas. Delimitación do alcance dos traballos para resolver as filtracións de auga a través dos muros das fachadas e carpinterías, e da mellora da accesibilidade na portada da fachada sur.

Igrexa do mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes

LOCALIZACIÓN: Sobrado (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: os traballos, cofinanciados con fondos Feder, consistiron na realización de sondaxes para avaliar o sistema construtivo do pavimento actual e a estratigrafía.

Mosteiro de Carboeiro

LOCALIZACIÓN: Silleda (Pontevedra)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto para levar a cabo a reparación dos muros, das cubertas e das fiestras das torres en mal estado.

Mosteiro de San Martiño Pinario

LOCALIZACIÓN: Santiago de Compostela (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: realización de informes para valorar o estado estrutural do mosteiro, co conseguente levantamento 3D do extradorso da bóveda da escaleira, ademais da descrición e da caracterización dos sistemas construtivos e estruturais do edificio.

Mosteiro de San Martiño de Xubia

LOCALIZACIÓN: Narón (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: reparación da torre do campanario e dos paramentos exteriores. Renováronse a cuberta da igrexa e as revocaduras en mal estado na fachada norte da igrexa e na leste da sancristía. Tamén se impermeabilizou a base do campanario e se restaurou o palco.

Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro

LOCALIZACIÓN: Ares (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: reparacións urxentes en elementos puntuais como o tellado, a fachada e a carpintería exterior para evitar a entrada e as filtracións de auga. Ademais, asinouse un convenio de colaboración co Concello de Ares para acondicionar o cabido como sala de interpretación deste ben de interese cultural.

Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil

LOCALIZACIÓN: Parada de Sil (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto para levar a cabo actuacións de conservación e de mellora da accesibilidade.

Mosteiro de Santa María a Real de Oseira

LOCALIZACIÓN: San Cristovo de Gea (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto para a conservación e posta en valor

do conxunto monumental do mosteiro, en colaboración coa comunidade cisterciense de Santa María a Real de Oseira.

Mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón

LOCALIZACIÓN: Ferreira de Pantón (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto de restauración da planta baixa da casa do capelán coa finalidade de poder poñela en uso.

Mosteiro de Santa María de Montederramo

LOCALIZACIÓN: Montederramo (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: presentación do plan director do monumento para establecer o seu estado de conservación e definir, entre outras, as actuacións de mellora da accesibilidade do primeiro andar e de conservación máis necesarias. Así mesmo, rematáronse as obras iniciadas en 2016.

Mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes

LOCALIZACIÓN: Sobrado (A Coruña)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto básico de execución para a conservación do conxunto monumental do mosteiro. Resolveranse as patoloxías máis urxentes da igrexa e poñeranse en valor os espazos de acceso e uso público.



Reitoral de Santo André de Camporredondo

LOCALIZACIÓN: Ribadavia (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: redacción do proxecto e execución da reparación do muro de contención do adro. Tamén se restauraron dous lagares.

Reitoral de San Martiño de Mondoñedo

LOCALIZACIÓN: Foz (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: resolución das patoloxías detectadas no edificio, como nos acabados e na carpintería e reformas na instalación eléctrica e climatización para a apertura do Centro de Interpretación de San Martiño de Mondoñedo.

Reitoral do mosteiro de Vilar de Donas

LOCALIZACIÓN: Palas de Rei (Lugo)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: delimitación do alcance dos traballos necesarios para a execución dunha nova cuberta, a restauración de elementos estruturais interiores e da envolvente do edificio.

Santuario de Nosa Señora das Ermidas

LOCALIZACIÓN: O Bolo (Ourense)

INTERVENCIÓN EFECTUADA: reconstrución do muro derrubado do oliveiral. As obras consistiron na limpeza e na preparación previa das terrazas anexas ao muro MC2, na limpeza previa de muros e contraforte C3, na execución parcial da cimentación do tramo do muro MC2, na reconstrución e drenaxe do tramo de muro derrubado MC2, na desmontaxe do transformador, na plantación de céspede e na colocación dunha varanda.





3.5 Dinamización do patrimonio cultural

A Secretaría Xeral de Cultura apoia e organiza diversas actividades e eventos artísticos e didácticos vencellados ao patrimonio cultural de Galicia co fin de contribuír á súa difusión e valoración entre o conxunto da sociedade. Os ciclos **Espazos Sonoros** e **Monumenta**, **andar con arte** vertebran unha programación que se completa co apoio a iniciativas diversas para a divulgación do patrimonio en distintos ámbitos (véx. 6.1).

Espazos Sonoros. Dez anos de música e patrimonio

O ciclo chegou á súa décima edición conxugando música e riqueza patrimonial para dar a coñecer e poñer en valor espazos etnográficos ou antropolóxicos a través dunha ampla oferta de actividades e concertos. Os fornos da Pontenova, o castelo de Pambre, o mosteiro de Montederramo e Santa Mariña de Sela foron algúns dos escenarios polos que, do 2 de setembro ao 15 de outubro, transcorreu o festival. O abano de propostas incluíu un obradoiro de fundición de campás, unha rolda pola paisaxe organística do Camiño do Norte, rutas a pé, visitas guiadas e outras actividades que consolidan o ciclo, dirixido por Belén Bermejo, como unha cita ineludible no outono galego.

Igrexa de Santa María de Mezonzo de Vilasantar (A Coruña)

DATA: 2 de setembro de 2017

Concerto de apertura a cargo do trío formado por Angela e Marco Ambrosini e por Eva-Maria Rusche, cun repertorio de música barroca con obras de compositores italianos, españois, centroeuropeos e ingleses. Percorrido pola ruta dos muíños do río Gándaras e obradoiros de agricultura ecolóxica na granxa Millo e Landras.

Mosteiro de Santa María de Sobrado (A Coruña)

DATA: 3 de setembro de 2017

Obradoiro de achegamento á música antiga a través da actividade *Da imprenta ao salón: a danza no Renacemento*, unha aproximación ao momento histórico de expansión da danza que propiciou o emprego da imprenta para a edición da música. Cun percorrido guiado polo mosteiro.

Igrexa de Santa Mariña de Sela (Arbo, Pontevedra)

DATA: 9 de setembro de 2017

Concerto de música antiga a cargo do ensemble Favola d'Argo. Rosana Orsini e Marco Brescia, coa colaboración do arpista galego Manuel Vilas, foron os responsables de poñerlle música a este espazo con *Lagrima tutte care*, un achegamento á obra do compositor e cantante Giovanni Felice Sances. Ruta pola contorna de Santa Mariña de Sela, cun descenso polo río ata a praia fluvial.

Mosteiro de Montederramo (Lugo)

DATA: 16 de setembro de 2017

Concerto *A guitarra e os seus camiños*, unha viaxe pola evolución deste instrumento a cargo do músico catalán Xavier Díaz-Latorre. Ruta polo bidueiral de Gabín e visita guiada ao mosteiro.

Castelo de Pambre (Palas de Rei, Lugo)

DATA: 17 de setembro de 2017

Paseando doña Silvana. A guitarra na Galicia contemporánea, un recital de Samuel Diz no que se interpretaron obras de autores como José Chas, Jesús Bal y Gay, Frederic Mompou ou Saúl Chapela. Visita guiada polo castelo.



Antigos fornos da Pontenova (Lugo)

DATA: 23 de setembro de 2017

Actuación musical de Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde, que ofreceron un variado repertorio de músicas a través dos instrumentos da tradición musical de Galicia. Visita guiada polo conxunto patrimonial e percorrido pola ruta do antigo ferrocarril.



Igrexa de Santa María de Godos (Caldas de Reis, Pontevedra)

DATA: 30 de outubro de 2017

Concerto de Manseliña, grupo integrado por María Giménez, Valentín Novio e Pablo Carpintero, que fusionan as cantigas medievas galego-portuguesas de Martín Códax ou Afonso X con exemplos de música tradicional do noroeste da Península. Visita ao obradoiro de fundición de campás Ocampo, en Arcos da Condesa, único en Galicia e dos últimos que quedan na Península Ibérica.



Órganos do Camiño do Norte (Lugo)

DATA: 7 de outubro de 2017

A rolda pola paisaxe organística galega transcorreu nesta edición polo Camiño do Norte co fin de descubrir o patrimonio que agocha a ruta xacobeá que entra en Galicia a través de Ribadeo. O percorrido incluíu unha visita aos órganos de Vilalba, de Mondoñedo e de Lourenzá, e concluíu na igrexa deste último concello coa estrea dunha obra composta especificamente para o festival por Pablo Seoane.



Arquivo Histórico Provincial de Ourense

DATA: 11 de outubro de 2017

Concerto a cargo da soprano Susana de Lorenzo, do pianista Alejo Amoedo e de Abraham Cupeiro á gaita no Liceo de Ourense. Visita aos fondos musicais que alberga o Arquivo Histórico Provincial da cidade, entre eles, os manuscritos orixinais de dúas obras inéditas do capelán de Bohemia Krause.

Igrexa de Santa María de Baiona (Pontevedra)

DATA: 15 de outubro de 2017

O virtuoso frautista Michael Oman, acompañado doutros catro intérpretes, foi o encargado de poñerlle o ramo ao festival. A formación Austrian Baroque Company ofreceu un repertorio de música instrumental barroca de autores vencellados á corte dos Habsburgo.

Monumenta, andar con arte

Na súa quinta edición, unha parte importante das xornadas seguiron os pasos de camiñantes ilustres que recolleron os seus saberes ou que atoparon a súa inspiración no territorio galego. O programa levouse a cabo do 5 ao 27 de agosto e constou de oito percorridos con convidados expertos en xeografía, cartografía, fotografía, artes plásticas ou historia que lles achegaron aos asistentes unha experiencia diferente e singular de vivir e sentir o patrimonio a través das andainas.



Os pasos de Domingo Fontán en Santiago de Compostela

DATA: 5 de agosto de 2017

Un percorrido a pé pola capital de Galicia para coñecer as distintas vertentes do ilustre xeógrafo, autor do primeiro mapa topográfico científico do territorio de Galicia, con paradas en lugares clave da súa vida e obra, como a igrexa de Bonaval, a facultade de Xeografía e Historia, a praza da Quintana ou o claustro de Fonseca.

Os cultos en Santa Mariña de Augas Santas en Allariz

DATA: 6 de agosto de 2017

A sesión xirou arredor desta igrexa, que constitúe un centro cultural desde hai máis de 2.000 anos no que conflúen os restos arqueolóxicos e históricos, a toponimia e a memoria oral dos veciños da parroquia.

Os morcegos de Santa María de Pesqueiras en Chantada

DATA: 12 de agosto de 2017

Unha andaina para descubrir este tesouro de arquitectura románica, que conserva pinturas murais do século XVI, e a natureza que o rodea: un bosque de castiñeiros e carballos centenarios que crean unha contorna propia, territorial e natural enmarcada na Ribeira Sacra, ademais dos morcegos que se protexen no templo de forma controlada.

A Valga romana

DATA: 13 de agosto de 2017

Unha viaxe á época romana do municipio desde os últimos achados arqueolóxicos, como as augas do Ulla, os xacementos de Mercado dos Mouros e a igrexa Vella.



Escoitando as Terras de Miranda

DATA: 19 de agosto de 2017

Unha camiñada por Mondoñedo para coñecer o seu legado inmaterial a través da súa paisaxe sonoro-cultural. O campanario da catedral foi o punto de partida dun percorrido no que non faltaron os vilancicos barrocos, as melodías de Pascual Veiga ou os cantos de cego e os sons das zanfonas.

Os pasos de Ruth Matilda Anderson e Man na Costa da Morte

DATA: 20 de agosto de 2017

Un percorrido pola paisaxe natural e cultural de Camelle, en Camariñas, seguindo os pasos da fotógrafa americana, que chegou a Galicia en 1924 para documentar a reali-

dade social do país por encargo da Hispanic American Society, e o artista alemán Manfred Gnädinger, *Man*.



3.6 Apoio á formación, á investigación e á posta en valor do patrimonio

Cos obxectivos de favorecer o estudo arredor do patrimonio cultural e de contribuír á súa recuperación e aprecio por parte da cidadanía, a Consellería de Cultura e Educación promove e apoia diversas iniciativas. Ademais, no ámbito da formación promóvense bolsas en materia de patrimonio moble galego, coas que os beneficiarios completan a súa preparación académica en museos de xestión autonómica. A convocatoria convocada en 2016 comezou o 1 de xuño dese ano e rematou o 30 de xuño de 2017.

A consellería e as universidades galegas tamén veñen colaborando para facilitar a realización de prácticas externas do alumnado con titulacións relacionadas coa actividade museística nos museos xestionados polo Goberno galego. Os centros nos que desenvolveron a súa actividade en 2017 os 18 alumnos e alumnas beneficiarios das bolsas foron o Museo de Belas Artes (3), o Museo Massó (1), o Castro de Viladonga (3), o Museo Etnolóxico de Ribadavia (2), o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (1) e o Museo das Peregrinacións e de Santiago (8).

Proxectos e certames

No ámbito educativo, dentro do marco do **Plan Proxecta**, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural puxo en marcha un programa para a pescuda do patrimonio e os bens comúns desde o punto de vista antropolóxico, histórico, arqueolóxico, arquitectónico, xeográfico e lingüístico da contorna dos 26 centros que participan na iniciativa.

Tamén dirixido ao ámbito educativo, o **Proxecto didáctico Antonio Fraguas**, promovido pola fundación homónima e apoiado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, busca achegarlles ao estudantado o patrimonio lingüístico e cultural galego.

Na súa X edición, os proxectos premiados foron *Vedr@ medra, unha aposta polo patrimonio inmaterial como eixe de dinamización lingüística e cultural nun centro educativo do rural galego*, do CPI Plurilingüe de Vedra (A Coruña), e *Figuras de antonte e de onte. Figuras para o mañá*, do IES da Pinguela de Monforte de Lemos (Lugo). Cada proposta recibiu 7.000 euros para materializarse nas exposicións que se puideron ver no Museo do Pobo Galego desde o 4 de novembro ata o 17 de decembro de 2017.

O **Certame de Investigación Condado de Pallares** impulsa a investigación en galego sobre a arte, a antropoloxía, a lingua ou a etnografía de Galicia a través de diferentes estudos. A obra gañadora na XI edición foi *Traslado de tres templos románicos no condado de Pallares*, da arquitecta coruñesa Alberta Lorenzo Aspres. A Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares promove o certame coa colaboración dos concellos lugueses de Guntín, Taboada e Chantada, e co apoio das secretarías xerais de Política Lingüística e de Cultura.

Exposición monográfica sobre os suevos

O Centro Cultural Marcos Valcárcel, a igrexa de Santa María Nai e o Museo Municipal de Ourense acollen desde o 15 decembro de 2017 e ata o 6 de maio de 2018 a mostra *In Tempore Sueborum. O tempo dos suevos na Gallaecia. O primeiro reino medieval de Occidente (411-585)*. Promovido pola Deputación de Ourense co apoio da Consellería de Cultura e Educación, a exposición constitúe a primeira iniciativa monográfica que aborda na comunidade galega este tema.



Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia

Para a promoción do patrimonio cultural e histórico do mar, a Xunta de Galicia colabora coa Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial-Culturmar, a través das consellerías do Mar e de Cultura e Educación. Neste marco celebrouse o *Encontro de embarcacións tradicionais*, unha iniciativa bianual que celebrou a súa décimo terceira edición na vila mariñeira de Combarro, en Poio.

Recuperación do patrimonio musical

A Secretaría Xeral de Cultura apoia a divulgación e a posta en valor do patrimonio musical galego ofrecéndolles apoio a diversas iniciativas. En 2017 colaborou coa obra *O órgano na arquidiocese de Santiago*, na que se catalogaron os máis de 40 órganos do territorio que abrangue o arcebispado.

A Consellería de Cultura colaborou tamén na edición do libro-disco *A requinta da Ulla. Obradoiro Riobó*, no que Rafael Carracedo Crespo recupera este instrumento tradicional galego case desaparecido. A obra, editada por Edicións Embora, constitúe o primeiro cancionero que recolle a música orixinal da requinta da Ulla e ofrece un percorrido polo instrumento a través de partituras, planos e fotografías.



Así mesmo, apoiouse a publicación do libro-CD *Maruxa Boga. Recordando a Galicia*, de aCentral Folque, que recupera a figura desta muller pioneira da radiodifusión e a memoria do programa máis popular e lonxevo da radio galega na Argentina.

A edición do disco *Redondela*, o quinto traballo da Orquestra de Saxos do Conservatorio Profesional de Música redondelán, e *Evocación*, un traballo discográfico do pianista Alejo Amoedo que recupera o repertorio de piano de salón do mestre Reveriano Soutullo (1880-1932), a través de 20 composicións, contaron igualmente coa colaboración de Cultura.

Outra das obras coas que a Consellería de Cultura e Educación contribuíu á súa difusión foi a do mestre **Juan Montes Capón** (1840-1899). A Agadic e a editorial Dos Acordes publicaron en 2017 o segundo volume das obras para piano deste compositor lucense, que se corresponde co volume 31 da serie Agra Vella da colección *Ars Gallaciae Musicae*. A obra recolle a música pianística a catro e seis mans de Montes, en edición de Joám Trillo cun estudo introdutorio de Carlos Villanueva.

O ente autonómico colaborou, ademais, na recuperación e difusión dos compositores históricos galegos levadas a cabo polas bandas sinfónicas Infantil e Xuvenil de Galicia. As dúas entidades publicaron tres das obras que interpretaron na súa xira de verán *Sons de Gallaecia*. Trátase do *Himno rexional galego*, versión inédita da partitura da estrea do himno galego na Habana (1907); a ata agora descoñecida *Alborada galega*, de Xoán Montes; e *A fiada*, do compositor mindoniense José Lodeiro.

O 2 de xuño tivo lugar en Cangas a quinta edición do proxecto de música e poesía *No bico un cantar*. O evento, promovido polo Consello da Cultura Galega en colaboración con Cultura e Educación, reuniu un coro infantil formado por preto de 500 nenas e nenos procedentes de diversos conservatorios profesionais e escolas de música de toda Galicia que cantaron poemas de poetas mindonienses. Maximino Zumalave é o director artístico do proxecto, que contou co acompañamento instrumental de Hércules Brass para interpretar seis pezas doutros tantos autores en versión para coro de nenos e sexteto de metais de Juan Durán: «No niño novo do vento», de Álvaro Cunqueiro, con música de Luis Emilio Batallán; «As froiñas dos toxos», de Noriega Varela, e musicado por Eduardo Toldrá; «O neno durmía», de Xosé Díaz-Jácome, e música de Antonio Paz Valverde; «¡Non o sei!», de Manuel Leiras Pulpeiro e Nico Casal como compositor; e «Neniae», de Aquilino Iglesia Alvariño e tamén musicado por Nico Casal. O coro pechou o concerto coa interpretación de «Maio longo», de Rosalía de Castro, con música de Xosé Baldomir.

Con motivo do 25 aniversario do pasamento do gaitero Ricardo Portela, apoiáronse diversas iniciativas de homenaxe promovidas polo músico Oscar Ibáñez, entre elas o disco *Aires de Pontevedra*. O programa conmemorativo incluíu tamén unha ofrenda floral en Cerdedo-Cotobade e unha gala homenaxe no Teatro Principal de Pontevedra.

Finalmente, colaborouse co simposio *O espello de Galicia en América: ideoloxía, emigración e exilio (1875-1951)*, organizado polo grupo de investigación Organistrum da USC. O congreso, que se levou a cabo do 9 ao 11 de novembro no Museo do Pobo Galego, contou coa presenza de distintos especialistas españois e americanos que analizaron a influencia da emigración e do exilio na evolución da música galega no último cuarto do século XIX e primeira metade do século XX.



04

MUSEOS DE GALICIA



Os museos son espazos de intercambio, de investigación, de coñecemento e de divulgación, eixes centrais da cultura de calquera territorio. Canda a tarefa de conservación, catalogación e protección do patrimonio que custodian, estes centros levan a cabo un imprescindible labor de difusión social dos seus fondos

entre a cidadanía.

Con este fin, os museos de xestión autonómica veñen desenvolvendo unha programación diversa e de calidade para todos os públicos coa que poñer en valor os seus bens. Obradoiros, visitas didácticas, xornadas, ciclos de cine e de música, conferencias e presentacións son algunhas das propostas coas que estes centros contribúen á dinamización da oferta cultural. A súa programación expositiva de artes plásticas e visuais está referida no capítulo 5.



4.1 Sistema Galego de Museos

Arqueoloxía, etnografía, patrimonio, artes visuais, artes plásticas ou arte sacra son algunhas das temáticas arredor das que se organizan os museos e coleccións visitables que integran o Sistema Galego de Museos.

Dentro deste sistema, a Consellería de Cultura e Educación encárgase da xestión do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), do Museo das Peregrinacións e de Santiago, do Museo Pedagóxico de Galicia e do centro expositivo Museo Centro Gaiás, todos eles con sede na cidade compostelá; do Museo de Belas Artes da Coruña, do Museo do Castro de Viladonga, do conxunto etnográfico do Cebreiro, do Museo Etnolóxico de Ribadavia, do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, do Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa en San Cibrao de Las, do Museo Massó de Bueu, do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro e do Museo do Mar de Galicia e Centro Arqueolóxico do Areal Salinae, en Vigo.

A programación expositiva e de actividades dos museos de titularidade autonómica está accesible no portal web www.museos.xunta.gal, que tamén ofrece información de interese sobre o conxunto de centros que conforman o Sistema Galego de Museos.

Día Internacional dos Museos

No marco das actividades realizadas polos centros museísticos de xestión autonómica en 2017 desenvolveuse unha programación especial arredor do Día Internacional dos Museos, que se celebra anualmente o 18 de maio e que en 2017 tivo como lema *Museos e historias controvertidas: dicir o indicible nos museos*.

Na capital de Galicia, o **Museo Centro Gaiás** aproveitou a data para celebrar, o 20 de maio, un lustro de actividade cultural cun programa de actividades de balde que incluía xogos tradicionais, música, obradoiros e exposicións.

Nesa semana do 16 ao 21 de maio, o **CGAC** inaugurou a exposición *El final, aquí* (2003-2008), de Jorge Barbi. Organizou tamén o concerto *Catálogos de sopro, respiración e asubío*, do compositor galego Ramón Souto, visitas guiadas á mostra *[Ex]posicións críticas. Discursos críticos na arte española, 1975-1995* e o obradoiro *Talleres para familias. O corpo*.

No **Museo das Peregrinacións e de Santiago** organizouse unha xornada de portas abertas, con 490 asistentes, e promóveronse diversas actividades, nas que non faltou a música, a cargo do cuarteto Kentokaki; as danzas tradicionais do mundo, cun obradoiro impartido por Pilar Conde; os contos da tradición popular, da man de Celso Fernández Sanmartín, e mais a arte e a fantasía do creador sirio Ali Ali. En total, 208 persoas participaron nas actividades.

O **Mupeg**a sumouse á celebración con diferentes iniciativas ao longo do mes de maio. Do 12 ao 27, organizou a mostra temporal *Educación a debate*. Tamén promoveu o roteiro *Camiñando entre a controversia* e o día 19 organizou unha xornada de portas abertas xunto cun obradoiro para público infantil.

Na cidade herculina, o **Museo de Belas Artes** organizou o 18 de maio dúas actividades para escolares, *Descubriendo o museo*, que consistiu nunha visita guiada e nun taller de retratos, e *Un museo de tesouros*, cun percorrido pola propia colección. Houbo tamén dúas visitas guiadas polas obras icónicas do museo. O 19 de maio representouse a obra *Anónima18*, de Ditirambo Teatro, e o día 20 celebrouse a Noite dos Museos cunha programación especial.

As propostas do **Museo Massó** consistiron nunha edición do obradoiro para escolares *Arqueólogos por un día*, nunha visita guiada á exposición permanente e nun concerto a cargo da Coral Polifónica de Bueu.

Na provincia ourensá, o **Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense** ofreceu diversas iniciativas entre o 16 e o 19 de maio. Ademais de realizar tres visitas guiadas a distintos espazos da entidade, actualmente pechados ao público, e á sala de exposicións, organizou a serie de obradoiros para nenos e nenas *Castrexos e romanos, amigos ou inimigos?* O concerto de Clara Pino e Pablo Vidal púxolle o broche musical á celebración.

O **Museo Etnolóxico de Ribadavia** iniciou a programación conmemorativa o 5 de maio coa presentación do catálogo da mostra *A pesca fluvial a través da colección do Museo Etnolóxico*. O día 6 e o 12 presentáronse a exposición *Vivir da terra. A loita do campesiñado galego (1925-1975)* e o libro *Non des a esquecemento*, respectivamente. Proxectáronse, ademais, dous documentais e o día 18 organizouse unha xornada de portas abertas. Tres eventos musicais no patio do museo pecharon as celebracións.

O **Museo do Castro de Viladonga** organizou un obradoiro de forxa impartido polo ferreiro Friedrich Bramsteidl. Ademais, na Noite dos Museos realizouse un obradoiro de creación de brinquedos a partir de elementos naturais. Cé Orquestra Pantasma, Davide Salvado e Pedro Pascual puxéronlle a nota musical ao evento e, como peche, organizáronse unha cea ao aire libre e unha visita nocturna polo castro.

O día 16, o **Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa de San Cibrao de Las** inaugurou a exposición *Historia e coleccións do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense* e o propio 18 de maio organizáronse visitas guiadas ao centro de interpretación e ao xacemento do castro.

Finalmente, o **Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro** ofreceu, de xeito gratuito coa a entrada ao centro, unha visita guiada e un obradoiro de caza.



4.2 Centro Galego de Arte Contemporánea

O Centro Galego de Arte Contemporánea ou CGAC está situado no centro histórico da capital de Galicia. Creada no ano 1993, esta institución defínese non só como un espazo expositivo, senón tamén como centro dinámico e multidisciplinar no que teñen cabida desde artistas noveis a figuras reputadas, galegas e internacionais.

A súa programación de actividades dá boa conta desta filosofía, con propostas multidisciplinares de carácter audiovisual e musical, con obradoiros, ciclos, conferencias, presentacións e outros proxectos, que aproveitan os característicos espazos abertos do edificio deseñado polo arquitecto portugués Álvaro Siza.

Visitas guiadas

O programa de visitas guiadas do CGAC artéllase en dous grandes grupos: as visitas de fin de semana, que de xaneiro a maio e de outubro a decembro deron a coñecer os artistas, as técnicas e o contexto das mostras do centro; e as visitas didácticas, nas que a entidade realizou percorridos polas exposicións para todos os públicos. Estas últimas realizáronse durante o curso académico, acompañadas de obradoiros cos que facilitar, a través da creatividade, a comprensión dos conceptos clave das mostras por parte da rapazada. En total, 2.795 persoas participaron no programa.

Conversas, xornadas e debates

O evento Filocafé no CGAC reuniu durante as sete sesións celebradas en 2017 un total de 247 persoas na cafetería do centro para analizar distintas pezas da colección,

coas achegas de profesionais de distintas disciplinas. *Tentativas críticas. Debates* complementou a mostra *[Ex]posicións críticas* en forma de seis sesións e 10 mesas redondas nas que se reflexionou sobre o contexto, as influencias e o propio traballo dos profesionais vinculados á arte. Acudiron 394 persoas ás citas, realizadas entre febreiro e maio.

As exposicións serviron como base para actividades como a *Conferencia sobre arquitectura ao redor da obra de Eva Lootz from Finding. Frei Otto, un home libre*, coa que pechou a mostra *Cut Through the Fog* e que vinculou a obra plástica de Lootz co traballo do arquitecto Frei Otto. A conferencia contou con 61 asistentes. Entre xuño e setembro, 214 persoas asistiron á serie *Conversas con artistas*, diálogos con creadores e comisarios das principais mostras feitas nese período.



Obradoiros e cursos

A oferta de obradoiros do CGAC vai destinada principalmente aos máis novos, pero en 2017 tamén se programaron dous para adultos. O 29 de marzo realizouse unha sesión do taller para persoas con trastorno do espectro autista *Maruja Mallo, unha viaxe espacial*. Organizado coa colaboración de Aspanaes, a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista, co gallo da celebración do Día Internacional de Concienciación do Autismo e do Día das Artes Galegas, o colectivo Taller Abierto fixo un percorrido pola obra de Mallo adaptado a persoas con este tipo de trastornos. No verán, do 11 ao 14 de xullo, organizouse o *Taller de creación audiovisual*, dirixido polo guionista e xestor cultural Javier Trigales e centrado no *found footage*, en relación á exposición *Bañistas* (véx. 5.1).

Cursos, seminarios e congresos

Co fin de afondar na súa vocación divulgativa e de sinerxía entre distintas artes, o CGAC organizou dúas iniciativas ao longo de 2017 vinculadas co cinema. Entre novembro de 2016 e maio de 2017, o curso *Os ollos non queren pecharse* levou os 115 asistentes de cada unha das 23 sesións por un percorrido a través da representación da mirada no cinema, no que se indagou en distintos movementos e na obra de varios realizadores. No curso *Os corpos do cinema*, a representación do físico humano foi o eixe central das oito sesións realizadas de outubro a decembro. Participaron 93 persoas en cada unha das sesións.



No seminario *Novas narrativas na historia da arte contemporánea*, organizado o 24 e o 25 de novembro coa asistencia de 613 persoas, expertos en historia da arte, en cultura e en antropoloxía debateron sobre a influencia destas disciplinas na visión da arte contemporánea e nos traballos artísticos actuais.

O *II Congreso de arte de acción. Fugas e interferencias* (30 de novembro, 1 e 2 de decembro) xuntou danza, performance e artes escénicas para explorar as novidades en arte de acción a través de conferencias, mesas redondas e espectáculos. Organizado en colaboración coa Universidade de Vigo e a Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Participaron 22 persoas.

Programación audiovisual

O CGAC organizou a iniciativa *Cine de verán ao aire libre. Fóra de contexto. Ciclo de cine turista*, que, entre o 5 e o 20 de xullo, explorou a representación do viaxante a través

dunha escolma de filmes. A programación deste ciclo, elaborada co Cineclube de Compostela, incluíu seis títulos de directores como Jim Jarmusch, Richard Linklater ou David Lean. Contou coa asistencia de 537 persoas.



A entidade repetiu participación na programación do Festival Internacional de Cine Curtocircuíto, que tivo lugar do 1 ao 8 de outubro de 2017 en colaboración co Concello de Santiago de Compostela. Nas súas instalacións realizouse parte da programación do festival: a proxección da sección Canteiras, a gravación do programa de Radio 3 *El séptimo vicio* e a realización de obradoiros de son. Asistiron 445 persoas.

Na 31 edición do festival Cineuropa, o CGAC tamén foi unha das sedes principais. Houbo 239 asistentes.

Propostas musicais

O ciclo *Música e arte. Correspondencias sonoras* tivo catro citas no CGAC, nas que se ambientou de forma sonora, nun formato de charla-concerto cos compositores, as mostras *Confesión xeral*, de Luis Gordillo; *Mise en Abyme*, de Eduardo Batarda; e *Y*, de Álvaro Negro (véx. 5.1). A actividade estivo comisariada por Vertixe Sonora e asistiron en total 125 persoas.

Catro das 18 propostas da programación das *Xornadas de música contemporánea* realizáronse no CGAC, que colabora nesta iniciativa co Concello de Santiago de Compostela, coa USC, co Centro Nacional de Difusión Musical. As catro citas tiveron como protagonistas o Grupo Cosmos 21, Vertixe Sonora Ensemble, Taller Atlántico Contemporáneo e o pianista galego Nicasio Gradaille, concerto integrado na programación de Cineuropa. Participaron 364 persoas.

Programación infantil

A axenda do CGAC puxo o foco na xente nova con propostas pedagóxicas, na forma de obradoiros de distinto tipo. O 3 e o 4 de xaneiro foron as datas dos *Talleres de Nadal*, que contaron con 70 asistentes. Neles, a educadora Candela Rajal guiou os máis novos na exploración e experimentación creativa, co punto de partida das exposicións de Eva Lootz e Berta Álvarez Cáccamo. Os *Talleres experimentais de arquitectura contemporánea Mies é +* desenvolvéronse de xaneiro a novembro baixo a dirección do arquitecto Fermín Blanco, coa participación de 123 persoas.



Cindy Sherman, George Segal, Janine Antoni, Marina Abramovic e Kara Walker foron os cinco artistas que indagaron na representación do corpo humano na arte contemporánea nos *Talleres para familias. O corpo*, que se desenvolveron entre febreiro e xuño e aos que asistiron 278 nenos e nenas. A iniciativa estivo dirixida por Rebeca Mariño e Clara Rodríguez.

Tamén houbo unha edición do *Taller para persoas con trastorno do espectro autista* para a rapazada, realizado o 29 de marzo e ao que asistiron 30 mozos e mozas.

Os *Talleres de lecer*, organizados polos artistas e profesionais Montse Rego, Alejandra Pombo, Alberto Vázquez e Carina Moreira, abordaron de xeito lúdico distintos aspectos da creación artística contemporánea: a plástica e a ensamblaxe, a animación e a videocreación. Realizados no mes de xullo, contaron con 240 asistentes.

Colaboración con outras entidades

Ao longo de 2017 foron diversas as colaboracións do CGAC con outras organizacións ou entidades. Ademais das iniciativas xa referidas de Cineuropa, Curtocircuíto

ou as *Xornadas de música contemporánea*, coa Universidade de Santiago de Compostela promovéronse novas edicións dos encontros sobre ciencia Nerd Nites e das Sesións Fotoforum.



Ademais, o centro acolle a proxección das películas integradas na programación do festival Escenas do Cambio 2017, organizado pola Cidade da Cultura, así como algúns dos encontros do WOS (véx. 10.2 e 10.8).

O CGAC tamén cedeu as súas instalacións para presentacións de libros, concertos, seminarios, foros ou reunións arredor de proxectos externos á entidade.

Culturalgal

Por vez primeira, o CGAC participou cun expositor propio na Feira das Industrias Culturais, o Culturalgal, que estivo situado no novo Espazo Arte Contemporánea (véx. 9.4). Ademais, incorporou ao programa da feira dous obradoiros de arquitectura para nenos e nenas de entre 6 e 11 anos.

Publicacións

O CGAC encargouse da publicación de catálogos e obras baseadas nas mostras que organizou ao longo do ano. Así, en 2017 editáronse os manuais das exposicións de Berta Álvarez Cáccamo, Eva Lootz, Luis Gordillo, Eduardo Batarda e Xosé M. Buxán Bran, ademais da serie *Tentativas críticas*, arredor dos tres debates do proxecto *[Ex]posicións críticas* e da obra desta mesma mostra.

Ademais, co gallo do Día do Libro, o CGAC participou nunha iniciativa estatal de liberación de exemplares dos fondos da súa biblioteca procedentes da bolsa de duplicados para bookcrossing.



4.3

Museo de Belas Artes da Coruña

A historia do Museo de Belas Artes da Coruña pódese contar en dúas partes: antes de 1995 e despois de 1995. Ese foi o ano no que a institución ocupou a súa sede actual, deseñada polo arquitecto Manuel Gallego Jorroto. Pero o museo como tal créase moito antes, en 1922, e neses primeiros anos non contou cun espazo definido. En 1947 abren as instalacións situadas no antigo edificio do Consulado do Mar, nas que ficaría ata o ano 1995.

A colección do museo, que desde 1989 está xestionado pola Xunta de Galicia, abrangue pezas de pintura, debuxo, escultura, gravado, artes decorativas e arqueoloxía, desde a Idade Media ata a actualidade.

Entre as obras que incorporou o museo en 2017 destaca o cadro de Isaac Díaz Pardo *O discurso*, cedido pola Deputación Provincial da Coruña e que se exhibe desde setembro na sala de arte galega do século XX.

O programa de exposicións temporais do museo incluíu as mostras *Alfonso Sucasas*, *California Dreaming* e *Observadores observados*, que se detallan no capítulo 5.

Programa educativo

O programa educativo que desenvolve o Museo de Belas Artes da Coruña está dirixido a escolares dos distintos niveis e consta dunha serie de visitas-obradoiros que, a partir das obras da colección do museo, pretenden achegar o alumnado a distintos aspectos da arte, como a composición, os xéneros da pintura, os temas e o significados dos obxectos representados nas obras etc. Tamén se fai fincapé nas funcións básicas do museo como entidade que conserva, estuda, documenta e difunde o patrimonio cultural.

En 2017, un total de 460 centros educativos de Galicia, con 11.121 alumnos e alumnas, participaron nesta programación, ademais dos 74 grupos, cun total de 1.669 persoas, que o fixeron nas actividades educativas dirixidas ás asociacións que traballan con persoas de diversidade funcional.

Visitas guiadas

Ao longo de 2017, o Museo de Belas Artes da Coruña realizou tres programas de visitas guiadas. A iniciativa *Museo en movemento* ofreceu unha serie de visitas virtuais pola colección xunto con obradoiros en distintos espazos da cidade herculina, co fin de achegar o museo a sectores de poboación que non poden desprazarse ata a súa sede. Este proxecto desenvolveuse entre marzo e xuño, coa colaboración da Fundación Emalcsa e da Asociación de Amigos do Museo.

No propio centro desenvolvéronse, colaboración da Asociación de Amigos do Museo e a Deputación Provincial da Coruña, os programas de visitas guiadas *Os segredos das obras de arte*, entre abril e xuño, e *A moda no Museo de Belas Artes da Coruña*, de outubro a novembro. Neles participaron 1.156 persoas.

Cursos e conferencias

Na liña das temáticas das visitas guiadas, o museo desenvolveu os cursos *O significado dos obxectos*, artellado arredor de oito conferencias realizadas nos meses de abril a xuño, e *Os temas da arte. Introducción á historia da moda a través da pintura*, para o que se organizaron sete sesións entre outubro e novembro. Nos dous colaboraron a Asociación de Amigos do Museo e a Deputación Provincial da Coruña, e en total asistiron 70 persoas.

A arquitectura das casas modernas de baixo custo foi o vínculo entre a mostra *California Dreaming* (véx. 5.1) e a conferencia *Unha historia en Bélxica. René Heyvaert, de arquitecto a artista, a medida da vida*, sobre a arquitectura de Heyvaert. Impartida pola súa filla, a profesora da facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo Anne Heyvaert, contou coa asistencia de 53 persoas.

A través da actividade *Os libros como punto de partida* programáronse en 2017 tres conferencias (o 16 e o 23 de novembro, e o 14 de decembro), centradas no cambio de rol de bibliotecarias e bibliotecarios da II República ao franquismo, as primeiras arquitectas de Galicia e as mulleres na ciencia. Colaboraron a Asociación de Amigos do Museo e a Deputación da Coruña, e asistiron un total de 217 persoas.

Obradoiros

A oferta do museo de obradoiros para adultos artellouse a través de dúas propostas nas que participaron 15 persoas en cinco sesións. O *Obradoiro de gravado: serigrafía de pequeno formato*, realizado nos meses de maio e xuño, foi impartido polo especialista Héctor Francesch, mentres que o artista Ali Ali conduciu o *Obradoiro de gravado: a xilografía*, entre outubro e novembro.

Programación musical

O ciclo *Resonare*, que se desenvolveu de febreiro a abril, ofreceu seis sesións de concertos de música de cámara, en colaboración co Conservatorio Superior de Música da Coruña e co Conservatorio Profesional de Música da Coruña, aos que asistiron 540 persoas. Na XVI edición de *Música para unha época*, cinco compositores interpretaron traballos dedicados a obras do museo, unha proposta de unión entre artes realizada o 7 de maio coa participación de 150 persoas. E durante os meses de outubro e de novembro, o XIX Ciclo *concertos de outono* ofreceu dous concertos de música clásica, coa asistencia de 230 persoas.

Programación infantil

Dentro das actividades do museo destinadas ao público máis novo está o obradoiro de verán *Do autorretrato ao selfie*. Organizado no mes de xullo en catro edicións semanais, explorou distintas épocas e manifestacións artísticas a través do retrato, en colaboración da Asociación de Amigos do Museo.



Durante o curso académico, a partir de outubro, desenvolveuse unha serie de visitas e actividades educativas para escolares con itinerarios pedagóxicos acordes aos distintos cursos. Do 24 ao 28 de outubro, a compañía Caramuxo Teatro representou a

obra *Ela*, nunha proposta que incluíu catro sesións para escolares e outra para público familiar. En total participaron 639 persoas.



Actividades conmemorativas

Por sexto ano consecutivo, o museo participou nunha iniciativa estatal de book-crossing polo Día do Libro, coa liberación de exemplares pertencentes á súa bolsa de duplicados. E, no Día Internacional do Patrimonio Mundial, o 16 de novembro, sumouse á conmemoración desta data cunha xornada de portas abertas.





4.4 Museo das Peregrinacións e de Santiago

O Museo das Peregrinacións e de Santiago foi creado por iniciativa de Manuel Chamoso Lamas en 1951. Logo de varios períodos pechado ao público abriu definitivamente as súas portas en 1996 como museo de titularidade estatal e xestión transferida á Xunta de Galicia. A partir de 2003, o Museo das Peregrinacións e de Santiago comezou un proceso de reorganización que culminou en 2015 co traslado da sede expositiva ao antigo edificio do Banco de España, situado na praza de Praterías, mentres que a sede administrativa e a biblioteca permanecen na Casa Gótica.

Desde a súa condición de institución museística nacional e centro de documentación, investigación e interpretación de Santiago e das peregrinacións, o museo ofrece a través da súa exposición permanente un percorrido pola peregrinación como fenómeno universal e pola peregrinación xacobeá e o Camiño de Santiago, ademais de achegar o visitante ao nacemento e á evolución da cidade compostelá.

Exposicións temporais

Ademais das exposicións *A contemplación do invisible. Colección Santos-Illueca de iconas rusas*, *Agion Oros. Peregrinación ao monte Athos*, *O Camiño Francés a Santiago* e *Por fin Santiago!*, que se detallan no capítulo 5, no Museo das Peregrinacións e de Santiago exhibíronse en 2017 as seguintes mostras temporais:

Na procura do pasado. Orixe e desenvolvemento da arqueoloxía en Ourense

DATAS: do 14 de marzo ao 28 de maio de 2017

ASISTENTES: 10.397 persoas

Mostra itinerante sobre as orixes da actividade arqueolóxica na provincia de Ourense, promovida polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (véx. 4.8).

Documento estético. Fotografías de Ourense do Marqués de Santa María del Villar

DATAS: do 28 de marzo ao 28 de maio de 2017

ASISTENTES: 8.968 persoas

Mostra promovida polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, cunha escolma fotográfica das imaxes realizadas por Diego Quiroga Losada das paisaxes e do patrimonio ourensán (véx. 4.8).



O Camiño de Shikoku

DATAS: do 21 de xullo ao 24 de setembro de 2017

ASISTENTES: 9.089 persoas

Esta mostra producida pola S.A. do Plan Xacobeo ofreceu unha aproximación á historia de Shikoku, unha ruta de peregrinación do país asiático. Organizada polo Consello para a Inscripción do Camiño de Shikoku Henro como ben patrimonio da humanidade e as prefecturas de Tokushima, Kochi, Ehime e Kagawa, a exposición incluíu documentos dos séculos XVII e XVIII, imaxes, esculturas e outros materiais relacionados con esta ruta.

Visitas

De abril a decembro, o museo organizou a actividade *Visitas contadas*, unha serie de itinerarios guiados para grupos de 10 a 25 persoas. Coa colaboración de TEP Teatro en Punto, a actividade combinou o percorrido polo museo con contacontos relativos ao Camiño e á propia cidade. Ademais, co obxectivo de facer máis accesibles os museos, colaborouse coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para a realización de visitas guiadas con intérprete de lingua de signos.

Programación conmemorativa

As propostas para a celebración do Día Internacional do Patrimonio Mundial consistiron nunha xornada de portas abertas, na difusión a través das redes dalgunhas das pezas máis singulares do fondo do museo e na iniciativa *Un museo en crecemento*, coa que se presentaron dúas táboas do século XVI recentemente adquiridas polo centro, nas que se representa o traslado do corpo de Santiago desde Iria Flavia a Santiago de Compostela. Coa participación de 132 persoas.

O 10 de novembro, o museo conmemorou o segundo aniversario da apertura da súa nova sede expositiva con diversas propostas, que consistiron nunha xornada de portas abertas durante todo o día, xunto con visitas guiadas polas coleccións a cargo de TEP Teatro en Punto, un obradoiro de papiroflexia e mais un concerto de música antiga a cargo do grupo Resonet. Preto de 560 persoas compartiron co museo esta celebración.

O museo tamén se sumou á conmemoración do Día do Libro coa liberación de exemplares duplicados da súa biblioteca, que puxo a disposición da rede de bookcrossing.

Colaboración con outras entidades

Ademais de presentar publicacións propias, como o catálogo da exposición *A contemplación do invisible*, un texto de análise da colección de iconas rusas Santos-Illueca (véx. 5.1), o Museo das Peregrinacións e de Santiago cedeu as súas instalacións para dar a coñecer diversas obras, entre elas, o sétimo volume anual da revista *Ad Limina*, o libro histórico *Non des a esquecemento*, do profesor e filólogo Luis Bará, a obra de investigación de Alberto Solana *El enigma compostelano* e *De piedra. Cómo el estudio de los materiales pétreos de construcción ofrece una nueva visión del legado cultural del Camino de Santiago*, de Enrique Álvarez Areces.

O museo tamén foi a sede do VI Encontro ibérico de xestores do patrimonio mundial, organizado pola Dirección Xeral de Belas Artes e Patrimonio Cultural do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, en colaboración coa Xunta de Galicia, o Consorcio de Santiago e o Concello de Santiago. Entre o 29 e o 31 de marzo, o encontro reuniu máis de 70 especialistas de patrimonio de España e de Portugal.

Do II Encontro internacional de cadernos de viaxe. *Compostela ilustrada*, realizado do 9 ao 12 de novembro, o museo acolleu un taller de debuxo do mestre Munehiro Ikeda. As mostras *O Camiño Francés a Santiago*, do propio Ikeda, e *Por fin Santiago!*, de Alfredo González, enmárcanse na programación vinculada a este encontro (véx. 5.1).

O curso de verán da USC *Cando o efémero se eleva a categoría de sublime: a moda, algo máis que un concepto*; as X Leccións xacobeas internacionais na USC. *Trinta anos da declaración do Camiño de Santiago como Primeiro Itinerario Cultural Europeo*; a *Xornada sobre educación e patrimonio: un diálogo interdisciplinar*, organizada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural; o concerto do grupo Psaiiko Quartet, dentro do XIII Encontro galego do saxofón; e o Seminario internacional *Camiño de Santiago e Europa. 30º Aniversario da súa declaración como primeiro itinerario cultural europeo*, organizado polo Grupo Compostela de Universidades e a Cátedra do Camiño de Santiago e das Peregrinacións da USC, foron outras das iniciativas que albergou o museo en 2017.



4.5 Museo Pedagógico de Galicia

Creado no ano 2000 pola Xunta de Galicia, o Museo Pedagógico de Galicia abriu as súas portas en Santiago de Compostela en 2004, nun edificio situado nunha das grandes entradas á capital de Galicia e no tramo final do Camiño Francés.

A exposición permanente do Mupega, recoñecido desde 2006 como museo de contido pedagóxico e científico-técnico de ámbito autonómico galego, ten como eixos centrais a promoción, a recuperación e a explicación do legado pedagóxico de Galicia a través dos testemuños en materia educativa, con especial atención á educación e ao ensino da lingua e cultura galegas.

Exposicións temporais

O mundo nas mans. Cartografía escolar dos séculos XIX e XX

DATAS: do 5 de febreiro de 2016 a xuño de 2018

ASISTENTES EN 2017: 2.135 persoas

Comisariada por Jesús Oitavén e por Beatriz Seco, a exposición ofrece un achegamento a diversos materiais didácticos e curiosidades vinculadas co ensino e a aprendizaxe de xeografía e cartografía nas escolas a través dunha escolma de 66 pezas.

O químico que axudou a construír Galicia

DATAS: do 15 de setembro ao 15 de outubro de 2017

ASISTENTES: 700 persoas

Exposición didáctica sobre o labor docente e investigador do químico Ignacio Ribas Marqués, na que se fai fincapé nas súas liñas de traballo coa cortiza e cos alcaloides,

xunto coa súa contribución á cura das hemorragias no parto. Promovida polo Colexio de Químicos de Galicia.

Exposicións itinerantes

Ademais, para lle achegar os seus fondos á cidadanía fóra das súas instalacións, o Mupega levou a recreación dunha aula antiga ao IES Fontexería, de Muros; ao Museo Verbum de Vigo da man da Federación Olívica de Pais e Nais de alumnos/as de Vigo e Comarca Foanpas, e aos concellos de Melide e Cerdedo-Cotobade.

Visitas interxeneracionais

O Mupega desenvolveu en 2017 un programa de visitas guiadas cun carácter integrador, nas que confluíron nenos e nenas con persoas da terceira idade. O obxectivo desta iniciativa foi estimular as relacións entre as distintas franxas da poboación en busca dunha experiencia compartida mentres se coñece o patrimonio educativo de Galicia. Participaron no programa 64 persoas.

Actividades para os máis novos

Para o público escolar o museo organizou visitas coas que dar a coñecer non só os fondos do museo, senón tamén como era noutros tempos a ensinanza nas escolas. Nelas participaron 3.749 rapaces e rapazas. Do 4 ao 6 de xullo realizáronse tres sesións dos *Obradoiros de verán*, con traballos manuais e xogos para difundir a historia da pedagogía en Galicia. Tamén se programaron diversos contacontos e obradoiros para conmemorar datas sinaladas, como o Día dos Dereitos da Infancia e o Día da Muller, o Entroido, o Samaín ou Nadal, xunto con outros vinculados ao cine ou á reciclaxe.

Arredor do Día do Libro o Mupega organizou un videofórum a partir da curtmetraje *Os fantásticos libros voadores do señor Morris Lessmore* e un obradoiro de creación de libros, nos que participaron 30 rapaces e rapazas.

Para o Día das Letras Galegas levouse a cabo un obradoiro cultural arredor do conto de Carlos Casares *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, que se completou cunha olimpíada cultural galega baseada na obra do escritor.

Colaboración con outras entidades

Ao longo do ano, as instalacións do Mupega serviron de escenario para a realización de diversas actividades promovidas por entidades diferentes, como cursos, entregas de premios ou xornadas, nas que participaron 3.332 persoas. Ademais, o museo asinou un convenio coa Escola Superior de Arte do Principado de Asturias para acoller en prácticas estudantes de ensinanza artística superiores.



4.6 Museo do Mar de Galicia e Centro Arqueolóxico do Areal Salinae

Un edificio que foi primeiro fábrica de conservas, logo, matadoiro municipal. Restos dun poboado castrexo. Un faro simbólico e un acuario no que se recolle o ecosistema mariño da ría de Vigo. O Museo do Mar de Galicia integra o legado de centos de anos e tradicións nunha obra dos arquitectos Aldo Rossi e César Portela que rehabilitou a antiga conserveira Alcabre - Molino de Viento cunhas instalacións complementarias.

A través da mostra permanente e co apoio das exposicións temporais e da súa programación de actividades, o museo recolle a importancia que mar e pesca tiveron, e teñen, para Galicia. O museo coordina tamén o Centro Arqueolóxico do Areal Salinae, unha salina mariña de evaporación solar da época romana conservada e musealizada.

Exposicións

Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas

DATAS: do 10 de outubro de 2017 ao 4 de marzo de 2018

ASISTENTES EN 2017: 21.544 persoas

O manuscrito coas sete cantigas de amigo de Martín Códax chegou a Galicia en 2017 para a súa exhibición ao público, por primeira vez na historia, no marco dunha exposición promovida pola Xunta de Galicia e pola Universidade de Vigo. Procedente da Morgan Library de Nova York, esta xoia da lírica medieval de finais do século XIII constitúe o único exemplo de cantigas de amigo galego-portuguesas que se conserva con notación musical, en seis das sete composicións, ademais de seren a mostra máis antiga deste tipo de cantigas.



Comisariada por Francisco Singul, a mostra estruturouse en sete partes, inspiradas en cadansúa cantiga, con medio cento de pezas arqueolóxicas, escultóricas, pictóricas e documentos que contribuíron a contextualizar o momento histórico, político e social da creación do Pergamiño Vindel, ao tempo que conectaron as cantigas co tempo actual.

Arredor da exposición, a Consellería de Cultura e Educación desenvolveu unha programación de actividades ampla e diversa que pode consultarse no capítulo 8.

Actividades arredor do Vindel

Algunhas destas actividades arredor do Vindel foron promovidas polo Museo do Mar, entre elas, percorridos guiados e obradoiros para público xeral e escolar.

Os sábados, domingos e festivos desenvolveuse un obradoiro dirixido a familias para coñecer o traballo dos amanuenses medievais. A entidade preparou tamén un programa específico para escolares composto polos obradoiros *Escritura medieval*, *Marcamos os libros* e *Creando follas*; a visita experimental *Unha aproximación ao Pergamiño Vindel*, con actividades complementarias na aula didáctica, e percorridos guiados pola propia mostra.

Os obradoiros *Nadal con V de Vindel* e *As letras do Vindel. Caligrafía medieval* xunto coas visitas temáticas *Coñece o Pergamiño Vindel* completaron a programación do museo arredor das cantigas de Martín Códax, na que participaron 1.972 persoas.

Visitas guiadas e actividades didácticas

O museo desenvolveu ao longo de todo o ano unha programación diversa para dar a coñecer o seu legado tanto entre o público xeral como entre os escolares, que incluíu visitas guiadas e propostas educativas nas que participaron un total de 8.510 persoas. Itinerarios polo museo con especialistas e actividades como *Arqueoloxía, un mundo por descubrir*; *A conquista do mundo submarino* ou *Jasón o tiburón* foron algunhas das propostas.

Centro Arqueolóxico do Areal Salinae

En 2017, un total de 6.056 persoas participaron no programa de visitas guiadas e de actividades organizadas arredor deste xacemento, que constitúe a única salina mariña de evaporación solar conservada e musealizada de todo o Imperio Romano. Entre as iniciativas incluíronse *Descubrinto Salinae* e *Saturnalia! Descubre o Nadal na antiga Roma*, cun obradoiro culinario de arqueoloxía experimental.

O acuario

Parte importante do Museo do Mar é o seu acuario, que foi visitado en 2017 por 39.258 persoas. Arredor del desenvolvéronse varias iniciativas co obxectivo de dar a

coñecer o ecosistema mariño local e concienciar do seu coidado. Ademais, o museo colaborou co proxecto da Comisión Europea *Acuarios mundiais contra o lixo mariño*, que se desenvolveu do 28 de xullo ao 31 de decembro e que chegou a 27.654 persoas.

Programación musical

En 2017 houbo numerosas citas musicais no Museo do Mar, nas que participaron 2.334 persoas. A iniciativa *Redes* levou a música clásica ao público familiar en xaneiro con dúas actuacións da orquestra viguesa Ensemble Galería. O 10 de xuño actuou o grupo Loiros e, dúas semanas despois, o 24 de xuño, presentouse o Coro de Voces Graves de Vigo co concerto *Sinais de identidade*.

A última semana de xullo realizouse o Festival do Mar, coa participación da Ensemble Galería. O Día de Galicia foi a quenda do LABConcert¹, cun concerto de cámara e, o 26, de LABConcert². O 28 e 29 de xullo estreouse o espectáculo *A quinta*, de Ensemble Galería. O grupo volveu ao museo o 30 de setembro e o 1 de outubro para presentar o seu espectáculo *Terra*. O 4 de novembro, no marco do ciclo *Pergamiño Vindel e a música no tempo de Martín Códax* (véx. 8.1), o grupo Pres de Cambrai ofreceu unha charla-concerto para 70 asistentes.



Colaboracións con outras entidades

Dúas rutas pola cidade de Vigo pasaron en 2017 por espazos do Museo do Mar. A visita guiada *Percorre*, organizada por Fundamar, rematou no centro Salinae, mentres que a *II Andaina Industrial*, promovida por Fundamar e por Anfaco, finalizou coa visita ás instalacións do museo. A entidade tamén acolleu un curso de modelismo naval promovido pola Asociación de Modelistas Navais de Galicia, Amonaga.



4.7 Museo Massó

A programación do Museo Massó de Bueu está vinculada á cultura marítima e na súa axenda incorpóranse moitas das grandes citas da comarca do Morrazo. A súa sede sitúase nas antigas naves industriais da conserveira Massó. En 1932, esta familia de empresarios abre ao público a súa colección de obxectos vinculados co mar e senta as bases do actual centro. O Museo Massó permanece de titularidade privada ata que, co peche da fábrica, en 1994, a Xunta de Galicia adquire o espazo e a colección.

O actual centro, inaugurado en 2002, ofrece unha exposición permanente baseada na historia da navegación e no aproveitamento económico do mar, con pezas vinculadas ás técnicas de navegación e ás expedicións marítimas, á actividade industrial de salgado, de conservas de peixe e da caza da balea, así coma á carpintería de ribeira, e conta cunha serie de valiosos libros incunables.

Exposicións temporais

De Punta Balea a Cabo Morás. A caza moderna da balea en Galicia

DATAS: do 4 agosto de 2015 ao 4 de xullo de 2018

VISITANTES EN 2017: 14.163

Centrada na pouco coñecida industria da caza da balea en Galicia.

A arte de navegar. A colección de Antonio Rama

DATAS: de agosto de 2016 a maio de 2018

VISITANTES EN 2017: 13.112

Conformada por un conxunto de máis de 100 instrumentos procedentes da colección que Antonio Rama lle doou ao museo, a mostra propón unha viaxe polos coñecemen-

tos e polas técnicas de navegación vixentes no período inmediatamente anterior á incorporación do GPS, unha tecnoloxía que pon fin ao sistema milenario da navegación astronómica.



Visitas guiadas

O museo Massó desenvolveu durante todo o ano varios programas de visitas guiadas dirixidas a todo tipo de públicos, que incluíron propostas específicas para colectivos con necesidades especiais e tamén para escolares. En total participaron 7.230 persoas.

Obradoiros

Para o público máis novo e para os centros de ensino realizáronse durante todo o ano diversos obradoiros arredor da exposición permanente e das temporais, centradas nas temáticas da historia da navegación e das industrias pesqueiras e baleeiras. Coa participación de 1.535 nenos e nenas.



No verán organizáronse varios obradoiros para público xeral: *Observación nocturna do ceo con telescopio*, coa colaboración da asociación Astrovigo, á que asistiron 110 persoas; *Atrapadas na rede*, sobre a técnica de elaboración de redes; *A cesta do peixe*, sobre a confección de patelas; *Atando cabos. Nós mariñeiros*, e os obradoiros *Ex Libris*, arredor da técnica de selos de propiedade nos libros, nos que participaron 12 persoas dun colectivo de diversidade funcional e 19 persoas da terceira idade.



Conferencias divulgativas e presentacións

A programación divulgativa do museo incluíu unha serie de conferencias de temática variada. Ao abeiro do Día Internacional da Muller realizouse a actividade *A pintora Maruja Mallo en Bueu*, que afondou na figura da artista e na súa estancia neste municipio. Tamén se organizaron as conferencias *Os corsarios de Galicia, donos do mar* e *Unha ollada ao mundo do remo, retrospectiva do Club do Mar de Bueu*. Acudiron ás tres citas un total de 218 persoas.

Singraduras pola ría

O Massó repetiu en 2017 a iniciativa *Singraduras pola ría*, con seis sesións no galeón Ave de Paso, propulsado a vela, e outras seis na embarcación tradicional Chasula. Centro trinta e dúas persoas participaron en xullo e en agosto nesta proposta para dar a coñecer as embarcacións e as artes de pesca tradicionais, e axudar á conservación da cultura mariñeira local.

I Concurso de Fotografía Museo Massó

O museo puxo en marcha en 2017 o Concurso de Fotografía Museo Massó. Esta primeira edición estivo dedicada á temática da carpintería de ribeira tradicional para poñer en valor o espazo e o proceso de construción das embarcacións pesqueiras. A imaxe *Simetría en popa*, de Daniel Lojo Romarís, fíxose co primeiro premio do certame, ao que se presentaron un total de 100 fotografías.

Audiovisual e música no museo

O Massó apoiou un ano máis o Festival Internacional de Curtas de Bueu na súa décima edición como espazo para a realización de varias das súas iniciativas, como un obradoiro de realización de curtametraxes; o encontro co actor Antonio Durán Morris e charlas impartidas pola profesora Concepción Cascajosa e polo realizador luso António Costa. O museo foi tamén a sede do I Mercado da Curtametraxe, onde se puxo a disposición dos profesionais do audiovisual equipos para a visualización das curtas do certame en horario ininterrompido de 10 a 20 horas. O conxunto das actividades xuntou 437 persoas.

O 19 de agosto tivo lugar a actuación da banda de gaitas Manxadaira de Bueu, á que asistiron 140 persoas.



Colaboracións con outras entidades

O vínculo do Museo Massó coa vila queda patente nas colaboracións que mantivo ao longo de 2017 con entidades da localidade. As instalacións foron a sede da presentación de festas locais e participou en iniciativas como a ruta de arte Segundo Caderno de Bueu, o XXI Encontro de embarcacións tradicionais da Asociación de Amigos de Embarcacións Tradicionais Os Galos e as III Xornadas das alfombras de Bueu, da Asociación Cultural Alfombras Corpus de Bueu e centradas en Maruja Mallo.

O museo serviu tamén como espazo de distintas conferencias sobre Maruja Mallo e de presentacións, como a do libro *A relixión do mar* e a da obra de teatro *As do peixe*.



4.8 Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

Os fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense reúnen unha ampla escolma de pezas vinculadas ao legado histórico e artístico, testemuñas da era do Paleolítico, do paso da cultura castrexa e da chegada dos romanos, e da época medieval. Tamén conta cunha colección de belas artes, con escultura e pintura do século XV ao XIX, ademais doutros elementos de artes decorativas.

No que respecta á súa sede física, o edificio principal, o antigo Pazo Episcopal, afronta desde 2002 unha ampla reforma, polo que a entidade divide a súa presenza entre o edificio Santa María de Europa, na Carballeira, onde están a biblioteca e área técnica, e a sala de exposicións de San Francisco.

Exposicións temporais

Na procura do pasado. Orixe e desenvolvemento da arqueoloxía en Ourense

DATAS: do 30 de novembro de 2016 ao 19 de febreiro de 2017

ASISTENTES EN 2017: 3.032 persoas

Achegamento aos pioneiros e impulsores da arqueoloxía na provincia de Ourense, entre finais do século XIX e mediados do XX. A mostra exhibiu algunhas das pezas máis singulares localizadas nas intervencións arqueolóxicas, como o sedente de Xinzo, o mosaico da Cigarrosa ou o guerreiro de Armea. Tras o seu peche, a mostra visitou o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro e o Museo das Peregrinacións e de Santiago.

Documento estético. Fotografías de Ourense do Marqués de Santa María del Villar

DATAS: do 2 de decembro de 2016 ao 19 de febreiro de 2017

ASISTENTES EN 2017: 1.312 persoas

Escolma das fotografías realizadas por Diego Quiroga Losada, o marqués de Santa María del Villar, nunha viaxe pola provincia de Ourense na que documentou as paisaxes e o patrimonio cultural ourensán. Como exposición itinerante pasou polo Museo das Peregrinacións e de Santiago, polo Museo Etnolóxico de Ribadavia e pola sala de exposición A Fábrica de Allariz.

Voando o pasado. Fotografía aérea e arqueoloxía en Galicia

DATAS: do 6 de outubro ao 10 decembro de 2017

ASISTENTES: 3.357 persoas

Imaxes aéreas, instrumental de voo, cámaras fotográficas antigas e material fotográfico, libros, mapas e maquetas de castros conformaron esta mostra co fin de dar a coñecer as posibilidades que a fotografía aérea ofrece para o coñecemento, a recuperación e a preservación do patrimonio arqueolóxico.

Visitas guiadas

De xaneiro a xuño, 372 persoas participaron nos 11 percorridos da iniciativa *Escolma de escultura*, a través de itinerarios por unha selección de obras dos fondos do museo que está expostas na sala de San Francisco.



Peza do mes

O museo selecciona cada mes unha das pezas dos seus fondos, sobre a que realiza unha publicación dixital e unha conferencia a cargo dunha persoa especialista. O mapa de Fontán, a lápida de San Pedro de Rocas, o puñal de antenas do castro de San Cibrao de Las e o muíño circular de Santomé foron algunhas das pezas que se difundiron en 2017. Asistiron ás actividades un total de 300 persoas.



Propostas audiovisuais e musicais

O xardín da sede principal do museo, situado na Praza Maior, acolleu o 7 e o 14 de agosto a proxección de dous filmes do ciclo *Cine de verán*, organizado polo Cineclub Padre Feijoo. Coa participación de 285 persoas.

No marco do X Festival Internacional de Música de Ourense Pórtico do Paraíso (véx. 9.1), o museo foi a sede do concerto de Mercedes Hernández e Fernando Reyes, realizado o 8 de marzo coa asistencia de 120 persoas.

Publicacións

Entre as iniciativas do museo destaca a publicación do *Boletín Avriense*, con información dos proxectos propios e doutros temas vinculados ao patrimonio da provincia. No mes de xuño, o museo presentou o volume XLVI, nun acto ao que asistiron 15 persoas. En outubro tamén se publicou o catálogo da exposición *Voando o pasado. Fotografía aérea e arqueoloxía en Galicia*.



4.9 Museo Etnolóxico de Ribadavia

Con case 50 anos ás súas costas, o Museo Etnolóxico de Ribadavia está situado no Pazo de Baamonde ou Casa da Fundación. Os seus fondos, cunha periodicidade que abrangue desde finais do século XIX ata a actualidade, inclúen diverso material de carácter etnográfico da provincia de Ourense. Destacan as máis de 35.000 fotografías, a documentación sobre o teatro galego, as pezas de cerámica e téxtil e o fondo da cultura vitivinícola, que está previsto que se albergue no futuro Museo Galego do Viño, na reitoral de Santo André de Camporredondo.

As súas salas albergan catro mostras permanentes sobre prácticas e tradicións locais e da provincia: *Seguindo o fío, a tradición téxtil en Galicia*; *A pesca fluvial a través da colección do Museo Etnolóxico*; *O viño na adega. Vellos traballos. De San Miguel a San Martiño*, e *A mirada dos espazos. Cara a unha antropoloxía visual*. Estas exposicións recibiron a visita de 12.081 persoas en 2017.

Exposicións temporais

Xunguir non é esmorecer, senón medrar. Fotografías de Rita Blanco Fernández

DATAS: do 22 de febreiro ao 31 de marzo de 2017

ASISTENTES: 735 persoas

A exposición puxo en valor unha das tradicións clásicas da terra, o Entroido, e a idea da fotografía como reportaxe. Coa colaboración do Concello de Ribadavia e a Asociación de Amigos do Museo.

Xosé Vizoso. Carteis 1970-2016

DATAS: do 10 de xuño ao 10 de xullo de 2017

ASISTENTES: 1.019 persoas

Percorrido por unha escolma de carteis do deseñador e ilustrador Xosé Vizoso, longamente vinculado á fábrica de cerámica de Sargadelos. A exposición amosou a súa faceta como cartelista, con imaxes elaboradas para distintas citas, desde festas populares ata congresos.

A olería en Galicia: unha mirada a partir dos fondos do Museo Etnolóxico

DATAS: do 15 de outubro de 2017 ao 30 de outubro de 2018

ASISTENTES: 1.848 persoas

Conformada por 24 pezas e 12 fotografías, a exposición afonda na historia e no desenvolvemento da cerámica galega, no seu papel estético e práctico e nos cambios na tradición. Víctor Manuel Castro Carballal é o comisario da mostra, que rompe co relato tipolóxico máis frecuente neste tipo de exposicións, ao tempo que tende pontes entre o pasado da olería e o presente deste tipo de artesanía. Entre as pezas que se exhiben inclúense algunhas cedidas por artistas e artesáns como Juan José Unzueta, Xosé Poldras e Agustín Vázquez

**A olería de Niñodagua. Achegamento ás formas tradicionais****Colección Agustín Vázquez Ferreiro**

DATAS: do 10 de xullo de 2017 ao 30 de xaneiro de 2018

ASISTENTES: 5.474 persoas

Concibida como complemento da anterior, esta mostra de cerámica tradicional reuniu unha trintena de pezas de olería de Niñodagua, historicamente un dos centros máis importantes de cerámica da provincia ourensá.

XXXV Outono fotográfico: Efémeros

DATAS: do 18 de setembro ao 20 de outubro de 2017

ASISTENTES: 930 persoas

Mostra das imaxes de arte de rúa de Juan Antonio Gómez. Enmárcase dentro do proxecto do *Outono fotográfico*, cun enfoque de antropoloxía visual, un dos temas centrais do museo.

Documento estético. Fotografías de Ourense do Marqués de Santa María del Villar

DATAS: do 1 de agosto ao 30 de setembro de 2017

ASISTENTES: 2.666 persoas

Exposición promovida polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (véx. 4.8).

Visitas guiadas

Dentro da programación de visitas guiadas, destacan as realizadas cun grupo da terceira idade da Cruz Vermella de Ribadavia á mostra *Xungir non é esmorecer, senón medrar*, e con alumnado do CPI Tomás de Lemos. O museo tamén participou nas visitas á reitoral de Santo André de Camporredondo, dentro das *VI Xornadas de portas abertas das rutas do viño do Ribeiro*.

**Conferencias**

O museo incluíu na súa programación un variado programa de conferencias con persoas especialistas en diferentes disciplinas, nas que se abordaron temas como a minería na comarca na época romana, a posguerra ou o patrimonio cultural. Contaron coa asistencia de 118 persoas.

Programación audiovisual

Ao longo de 2017, realizáronse varios ciclos e proxeccións audiovisuais. En febreiro, *Tractora Coop. Traballos 2014/16* mostrou cinco iniciativas desta cooperativa de artistas e cineastas nunha xornada á que asistiron 26 persoas.

O 1 e o 18 de abril tivo lugar o ciclo *Cine de Entroido*, no que participaron 35 persoas. Ademais, programáronse dous documentais sobre a tradición en distintas zonas da xeografía galega: *O Moredo. A resistencia do Entroido ribeirao* e *Madamas e galáns. Historia do Entroido de Cobres*.

Marxes fílmicas. Noites persas no patio do Museo Etnolóxico centrouse na súa sexta edición en Irán, coa proxección de catro filmes deste país desde o 3 ao 12 de xullo, ante a presenza de 177 persoas e coa colaboración do Cineclub de Padre Feijoo de Ourense e mais da Federación de Cineclubes de Galicia.

Cine de outono: Miradas etnográficas 5 tivo como protagonista o fenómeno das migracións. Do 3 ao 17 de outubro, 123 persoas asistiron ao ciclo, realizado en colaboración co Cineclub de Padre Feijoo, o IES O Ribeiro, o Goethe Institut, o Institut Français e o Centro Galego de Artes da Imaxe.

As proxeccións do filme *The Rebel* e do documental *Entrar aos Vilares*, con 49 asistentes, completaron o programa audiovisual do museo.

Actividades conmemorativas

Para celebrar o Día do Libro, o museo participou un ano máis na campaña estatal de liberación de libros, cun total de 10 exemplares que liberaron en distintos espazos públicos da comarca do Ribeiro e por Ourense. E co gallo do Día Internacional da Música organizouse unha actuación do dúo Ad Heyra Liti, formado por Erea Carbajales ao violón e Aser Rodríguez á guitarra. Asistiron ao concerto 46 persoas.

Colaboración con outras entidades

As instalacións do museo acolleron as presentacións de diversas publicacións e proxectos con temáticas variadas, como a historia e o patrimonio. Tamén foi o escenario dunha das charlas do Foro La Región, dunha xornada do curso *Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro: camiño histórico de peregrinación* e de diversas actividades do XI Festival Artificial. En total, 327 persoas participaron nesta oferta cultural.

Publicacións

En 2017 publicáronse tres catálogos: *Legado Meruéndano. Depósito Meruéndano-Cardeñosa*, dos fondos dun arquivo familiar; *Colección Vitivinícola 2. A tonelería*, con información sobre o obradoiro dun toneleiro e do propio museo, e *A pesca fluvial a través da colección do Museo Etnolóxico*, da mostra homónima.



4.10 Museo do Castro de Viladonga

2017 foi un ano de renovación para o Museo do Castro de Viladonga. Cambiou a súa identidade visual e actualizou folletos e sinalización. Puxo en marcha un portal web (<https://viladonga.xunta.gal/>), a través do que se pode realizar un percorrido virtual ás instalacións e ver as pezas máis destacadas en formato tridimensional. Ademais de realizar unha nova campaña de escavacións no castro, levou a cabo a dixitalización de todas as diapositivas do seu fondo documental.

Todas estas iniciativas encamiñáronse a poñer en valor o xacemento situado en Castro de Rei, que tivo o seu esplendor entre os séculos II e V d.C., o que o converteu nunha peza clave para o estudo da romanización dos castrexos en Galicia xa desde as primeiras escavacións, no ano 1971. O museo creouse en 1983 e desde 1990 está xestionado pola Xunta de Galicia.

Exposicións temporais

A moeda romana como documento. A colección numismática do Museo do Castro de Viladonga

DATAS: do 15 de maio ao 15 de setembro de 2017

ASISTENTES: 11.020 persoas

Unha mostra pedagóxica na que, a través de varios paneis, se realizou unha viaxe pola historia, a orixe e o proceso de fabricación das moedas, ademais de afondar nos tipos de moedas representadas na colección numismática do museo, do século I a.C. ao IV d.C.

Obradoiro de cerámica castrexa

Realizado do 23 de setembro ao 29 de outubro de 2017 coa asistencia de 25 persoas, este obradoiro introduciu os participantes na elaboración de cerámica ao modo tradicional da cultura castrexa. Contou cunha parte teórica e outra práctica na que se elaboraron, decoraron e coceron as pezas.



Música e maxia no museo

O museo acolleu o 22 de abril o concerto da agrupación musical La Xácara. A actuación cubriu un período de 200 anos en melodías, cun repertorio de pezas do Renacemento e do Barroco. A música tampouco faltou na celebración do Día das Letras Galegas co concerto da agrupación de música tradicional galega Os Mínhotos.

O 25 de marzo, o museo acolleu o espectáculo de maxia de Óscar Bello, no que o mago integrou trucos tradicionais coa tecnomaxia e os novos dispositivos.

Esta programación de música e maxia contou coa asistencia de 252 persoas.

Programación infantil

Teatro de Miolo acompañou 140 escolares no programa de visitas teatralizadas organizado polo museo os días 12 e 13 de xuño. Nelas, a compañía interpretou distintas personaxes nun periplo polo castro e polo museo.

Como complemento ás visitas escolares, o centro programou unha serie de obradoiros. *Barro en vivo* consistiu na elaboración de distintas pezas para comprender as

técnicas empregadas no tempo dos castrexos. Outros obradoiros centráronse na arqueoloxía e na numismática. En total, 3.214 escolares realizaron estes talleres.



Publicacións

O museo edita anualmente a revista *Croa*, que chegou en 2017 ao número 27. Esta publicación científica recolle temas vencellados ao patrimonio, á historia e á etnografía da provincia de Lugo e da zona do castro. Ademais, en 2017 publicou o conto para nenos *Aventura no Castro de Viladonga*, con texto de Elvira R. Velasco e debuxos de Laura Velasco.



4.11 Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro abrangue dúas zonas. Por unha banda está a área arqueolóxica, de 22 hectáreas, na que se sitúa o propio parque cos gravados rupestres que lle deron fama, nun percorrido de máis de tres quilómetros que tamén inclúe a recreación dun poboado da Idade de Bronce.

Esta experiencia complétase co Centro de Interpretación da Arte Rupestre. A través de distintos materiais, faise análise das representacións e posibles significados que agochan os petróglifos, estúdase o tempo no que foron elaborados e repásase a visión que deles se tivo no tempo, desde fonte de lendas ata obxecto de investigación científica.

Exposicións temporais

Na procura do pasado. Orixe e desenvolvemento da arqueoloxía en Ourense

DATAS: do 21 de xuño ao 3 de setembro de 2017

ASISTENTES: 3.728 persoas

Exposición itinerante promovida polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (véx. 4.8).

Visitas guiadas

O parque mantivo varios programas de visitas en 2017. As visitas guiadas xerais, que durante todo o ano ofreceron percorridos guiados por especialistas, completáron-

se os sábados de xullo e de agosto cos *Atardeceres no parque*, itinerarios realizados á luz do solpor nos que se mostraron espazos fóra do itinerario principal.

Tamén no verán, desenvolvéronse as visitas teatralizadas *O retorno*, a cargo das compañías Os Quinquilláns Teatro e Volta e Dálle Teatro. Foron un total de cinco sesións. En setembro foi a terceira edición das *Noitepedras 2017: Cazadores e guerreiros na Idade de Bronce*, visitas nocturnas a través da área expositiva e a arqueolóxica.

Nesta programación participaron máis de 9.000 persoas.

Obradoiros

Ademais dos realizados ao longo do ano dentro do programa de visitas para escolares e das visitas para o público xeral, o parque organizou diversos obradoiros durante o verán. O *Obradoiro e concerto de Neonymus*, a cargo de Silberius de Ura, propuxo o 29 de xullo un concerto didáctico para público familiar cun percorrido a través da música desde a prehistoria á actualidade. *Un día na Idade de Bronce. Arqueoloxía experimental*, realizado o 12 de agosto, achegou os participantes ás técnicas de fabricación dos obxectos que empregaban os humanos nesta época.

Incluindo os obradoiros escolares, foron preto de 5.700 persoas as que participaron nestas actividades.

Cursos e xornadas

O parque organizou en 2017 varios cursos e xornadas. As *Xornadas de narrativas da arte rupestre galega* tiveron lugar o 8 de abril e nelas analizáronse textos arredor dos petróglifos de Galicia e do norte de Portugal. O curso *Metodoloxías e criterios para a redacción dun programa de mantemento de sitios arqueolóxicos con arte rupestre*, realizado do 12 ao 14 de maio e impartido por Fernando Carrera, supuxo unha primeira preparación para a conservación de petróglifos. *Técnicas de documentación tridimensional da arte rupestre*, levado a cabo entre o 8 e o 9 de xullo, afondou nas formas de documentación gráfica deste patrimonio. E, o 7 de outubro, a *Xornada profesional de turismo arqueolóxico*, con propostas de dinamización deste legado patrimonial, completou a programación, á que asistiron 150 persoas.



4.12 Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa

O castro de San Cibrao de Las é un dos maiores expoñentes da cultura castrexa tardía en Galicia, cunha extensión de preto de 10 hectáreas. Para profundar no legado e avanzar na análise dos espazos e pezas descubertas, construíuse ao seu carón o centro de interpretación.

Xuntos, estes dous espazos conforman o Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa Lansbrica ou PACC, unha iniciativa de carácter autonómico que se sitúa na provincia de Ourense, entre os municipios de San Amaro e Punxín. As actividades que desenvolve o centro teñen a vocación de trasladar o visitante ao pasado e familiarizalo cos usos e actividades de hai 2.000 anos.

Exposicións

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Historia e coleccións

DATAS: do 19 de maio ao 31 de outubro de 2017

ASISTENTES: 9.971 persoas

Mostra sobre a traxectoria do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense na que se destaca a súa historia e colección mediante unha serie de paneis con texto e imaxe.

Visitas guiadas

O parque mantén unha oferta permanente de visitas guiadas, que poden ser tanto polo castro de San Cibrao como polo centro de interpretación, nas que se resaltan

os aspectos máis interesantes do xacemento e que mergullan o visitante na cultura castrexa. Tamén para grupos de escolares. En Semana Santa, do 13 ao 16 de abril, ampliouse o horario de apertura, con tres pases diarios de visitas guiadas polo castro. Ao longo do ano rexistráronse 900 visitas.



Obradoiros

O PACC ofrécelles aos visitantes a posibilidade de participar nunha serie de obradoiros cun programa adaptado tanto para adultos como para público infantil. A través deles, pódense coñecer as vivendas castrexas, o traballo dos profesionais da arqueoloxía ou as prácticas de cultivo e caza. En 2017 realizáronse 200 obradoiros, coa participación de 4.000 persoas.



Conmemoración do terceiro aniversario

O PAAC celebrou en 2017 o seu terceiro aniversario, o 11 de marzo, cunha xornada especial. Houbo visitas guiadas polo castro e á exposición permanente, e exhibicións sobre dous elementos clave da cultura da Idade de Ferro: o lume e os cereais. Os máis pequenos puideron participar nas actividades *Pequen@s arqueólog@s* e *O clan do xefe Reburinus*. Houbo 257 asistentes.



Noite das perseidas

No verán foi a *Noite das perseidas*. O programa da xornada, realizada o 5 de agosto, incluíu unha visita nocturna guiada ao castro, observación das estrelas, coa colaboración da Agrupación Astronómica Rías Baixas, e cena temática. Acudiron á cita 110 persoas.

Colaboracións con outras entidades

O Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa participou o 25 de abril no programa *Coñece Ourense* para difundir o patrimonio da provincia entre o alumnado, cunha visita guiada polas instalacións e polo castro e cun obradoiro, nunha iniciativa na que colaborou coa Deputación de Ourense. Ademais, por cuarto ano consecutivo colaborou con Renfe e Inorde no *Tren dos viños O Ribeiro-Rías Baixas*. O 5 de agosto houbo visita guiada ao castro e o centro de interpretación do PACC para os participantes do programa *Galicia a todo tren* da ruta do viño do Ribeiro-Rías Baixas.

Ademais, as instalacións do PACC acolleron o *X Encontro de amigos da cultura celta*, promovido pola Asociación de Amigos da Cultura Celta, e que congregou o 16 de agosto preto de 120 persoas.



4.13 Conxunto Etnográfico do Cebreiro

Desde hai centos de anos, o Cebreiro dálles a benvinda ás persoas que entran en Galicia polo Camiño Francés. Trátase dun pequeno núcleo de poboación onde a construción máis característica son as pallozas, vivendas de planta ovalada con teitos de palla e apenas ventás ou portas. Son casas adaptadas ás duras condicións climatolóxicas da contorna, que compartían persoas e animais. Pola súa persistencia no tempo, resultan un dos elementos etnográficos máis curiosos da nosa terra.

Catro destas pallozas conforman na actualidade o Conxunto Etnográfico do Cebreiro, de titularidade estatal e xestionado pola Xunta de Galicia. Tres das vivendas están musealizadas e pódense visitar. O conxunto está declarado como ben de interese cultural.





4.14 Cifras de visitantes dos museos en 2017

Museo	Visitantes 2016	Visitantes 2017
Centro Galego de Arte Contemporánea	46.721	60.374
Museo de Belas Artes da Coruña	31.136	28.755
Museo das Peregrinacións e de Santiago	34.353	38.557
Museo Pedagóxico de Galicia	10.246	9.995
Museo do Mar de Galicia e Salinae	47.935	62.249
Museo Massó	17.450	20.303
Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense	19.891	18.200
Museo Etnolóxico de Ribadavia	11.245	12.081
Castro de Viladonga	24.010	25.852
Museo do Castro de Viladonga	21.924	22.956
Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro	13.850	14.773
Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa de San Cibrao de Las	15.029	15.138
Conxunto Etnográfico do Cebreiro	15.854	18.277
Total	309.644	347.510



05

DIFUSIÓN DAS ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS



Osurrealismo de Maruja Mallo, a singular ollada de Berta Álvarez Cáccamo, a linguaxe única de Lamazares, a iconografía de Álvaro Negro, o legado do Mestre Mateo, o dominio da cor e da composición de Alfonso Sucasas, o virtuosismo de Quessada... 2017 foi un ano para gozar e admirar a arte galega, tanto nos centros museísticos autónomos coma nos proxectos e espazos culturais impulsados por distintas entidades artísticas galegas, cos que a Consellería de Cultura e Educación colabora.



5.1 Exposicións de artes plásticas e visuais nos centros de xestión autonómica

As artes plásticas e visuais ocupan un espazo central dentro dos centros museísticos autonómicos e das súas actividades de difusión artística, e así se visibiliza na súa programación. En 2017, os museos e espazos expositivos dependentes de Cultura e Educación programaron un conxunto de mostras diversas para lle achegar a creación artística á cidadanía. Ás exposicións que se comentan a seguir súmanse as mostras impulsadas polo Museo Centro Gaiás, que se poden consultar no capítulo 10.

Berta Cáccamo. *Expansión ensaio*

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 4 de novembro de 2016 ao 22 de xaneiro de 2017

COMISARIO: David Barro



Vinculada á corrente renovadora do grupo Atlántica, Berta Álvarez Cáccamo móvese no conceptual e na abstracción. Considerada unha das pintoras españolas máis importantes da súa xeración, os seus traballos son esixentes e reflexivos, produto dunha mirada inquieta, emocional e afectiva. Por iso o título fala de *Expansión*, en referencia ao proxecto vital que supón a obra; e de *ensaio*, porque esta se escribe en presente continuo, inscribíndose na memoria da pintura como material fundamental.

Eva Lootz. *Cut Through the Fog*

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 28 de outubro de 2016 ao 29 de xaneiro de 2017

COMISARIA: Alicia Murría

A exposición concibiuse non como unha obra antolóxica, senón máis ben como unha aproximación a unha serie de pezas que arrincan na década dos setenta para chegar ata a actualidade. O título, *Cut Through the Fog*, apunta a unha forma de entender a realidade, a alusión a un corte máis alá do visible. Unha posición ante a vida.



[Ex] posicións críticas. Discursos críticos na arte española, 1975-1995

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 17 de febreiro ao 28 de maio de 2017

COMISARIOS: Armando Montesinos e Mariano Navarro

Nesta exposición de exposicións, tres grandes bloques cartografaron as liñas emerxentes máis significativas da crítica de arte en España de 1975 a 1995, a través da revisión e da relectura de 11 exposicións producidas neses anos. Amonosáronse obras dos artistas españois presentes nelas, así como material documental. O proxecto, dirixido por Santiago Olmo e comisariado por Armando Montesinos e Mariano Navarro, puxo así de manifesto o xurdimento, durante ese período, de profundas transformacións, de novos enfoques críticos e interpretativos no panorama artístico do país.



Bañistas. Fotografías atopadas, 1880-1963



CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 2 de xuño ao 21 de novembro de 2017

COMISARIO: Xosé Manuel Buxán Bran

A fotografía atopada refírese ao conxunto disperso de imaxes antigas do ámbito familiar que se atopan á venda en mercados ou feiras de antigüidades. Este material, democrático e anónimo, vén xerando un crecente interese entre creadores contemporáneos, coleccionistas e institucións artísticas, transformándose en artefacto cultural. Seguindo esta liña, a exposición percorreu a iconografía dos bañistas, coa exploración das posibilidades eróticas da masculinidade, a través dunha nova mirada artística e estética. Foi unha mostra pioneira, a primeira deste tipo nun centro de arte contemporánea de referencia en España.

Lugar. Continxencias de uso



CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 22 de xuño ao 29 de outubro de 2017

COMISARIA: Susana González

O proxecto incluíu obras producidas expresamente para distintos espazos do CGAC, de tres artistas vinculadas ao panorama de América Latina: Sofía Táboas, Patricia Esquivias e Luciana Lamothe. Os traballos reflexionaron sobre a cidade contemporánea e a arquitectura, en diálogo coa obra de Álvaro Siza e achegándose ao feito arquitectónico por medio dun proceso de procura dun espazo de continxencia común.



Luis Gordillo. Confesión xeral

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 30 de xuño ao 17 de setembro de 2017

COMISARIOS: Juan Antonio Álvarez Reyes e Santiago Olmo

Un total de 200 pezas esenciais permitiu realizar un percorrido por seis décadas de traxectoria do sevillano Luis Gordillo, na que foi a primeira mostra do artista andaluz en Galicia. A exposición foi coproducida polo CGAC, polo Padroado da Alhambra e polo Generalife, polo Centro Guerreiro de Granada, polo centro Koldo Mitxelena Kulturenea de San Sebastián-Donostia e polo Centro Andaluz de Arte Contemporánea (CAAC).



Y. Álvaro Negro



CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 29 de setembro de 2017 ao 28 de xaneiro de 2018

COMISARIO: David Barro

A mostra, primeira retrospectiva do artista lalinense, incidiu no paulatino descubrimento dunha iconografía propia e recoñecible que nace nas primeiras series de Álvaro Negro e que na última década se consolida e extrema. Incluíu obras dos anos noventa, como *Item perspectiva* ou *Horizonte vertical*, vídeos da súa etapa londiniense, a serie audiovisual *Monteagudo*, os cadros *Penumbrosos* e unha coidada selección de traballos realizados nos últimos anos en materiais como espello, pedra, tea de saco ou papeis, a maior parte deles inéditos.

Eduardo Batarda. *Mise an Abye*



CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 11 de outubro ao 25 de febreiro de 2018

COMISARIO: Julião Sarmento

Eduardo Batarda é un dos artistas máis recoñecidos de Portugal. As súas obras funcionan como inscricións enigmáticas. A súa é unha pintura cifrada e incómoda, que hai que ler e descodificar, polo que a actitude do receptor resulta fundamental. *Mise en Abye*, a primeira mostra individual do artista en España, contou coa cómplice mirada de Julião Sarmento, compañeiro en exposicións, admirador e coleccionista do seu traballo.



Modelo x armar. Arte en Galicia na colección CGAC

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 9 de novembro de 2017 ao 13 de maio de 2018

COMISARIO: Santiago Olmo

Un achegamento á arte galega das últimas décadas ata hoxe a través de obras da colección CGAC. A mostra reuniu traballos dunha trintena de artistas, con nomes de referencia como os de Antón Lamazares, Menchu Lamas, Xosé Lodeiro, Mónica Alonso, Luis Caruncho, Pamen Pereira, Manuel Mampaso, Manolo Paz, Francisco Leiro, Reimundo Patiño, Manolo Moldes, Montse Rego, Silverio Rivas, Ánxel Huete e Din Matamoro, entre outros.




Madame B: explorando o capitalismo emocional

CENTRO EXPOSITIVO: CGAC

DATAS: do 25 de novembro de 2017 ao 4 de febreiro de 2018

Co texto clásico de Gustave Flaubert como punto de partida, esta instalación multipantalla de Mieke Bal e Michele Williams Gamaker ofrece unha revisión da novela do século XIX *Madame Bovary*. Foi gravada en Åland (Finlandia) durante o verán de 2012, e en París no inverno do 2013. A obra, mediante a exploración de lazos que ligan o capitalismo e o amor romántico, intenta mostrar como Flaubert foi, desde moitos puntos de vista, un posmodernista e un feminista.



Alfonso Sucasas



CENTRO EXPOSITIVO: Museo de Belas Artes da Coruña
DATAS: do 1 de decembro de 2017 ao 25 de febreiro de 2018
COMISARIO: Miguel Fernández-Cid

A exposición propuxo un percorrido pola obra realizada polo pintor de Lalín entre o ano 1957 —data á que pertence o seu primeiro autorretrato— e 2010. Preto de 100 pinturas e debuxos cun novo achegamento ao traballo de Sucasas, e con vías diferentes de interpretación para coñecer mellor os postulados desde os que pintaba, así como os seus intereses e inquiredanzas.



California Dreaming



CENTRO EXPOSITIVO: Museo de Belas Artes da Coruña
DATAS: do 30 de marzo ao 3 de setembro de 2017
COMISARIO: Pedro de Llano

A través da biografía de 10 autores que traballaron na área de California a mediados do século pasado trazouse unha historia da vivenda low-cost, que supuxo un cambio radical no concepto da elaboración dunha arquitectura máis liviá, coa introdución de novos materiais e adaptada á estética do momento. En colaboración coa Escola Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña.

Observadores observados

CENTRO EXPOSITIVO: Museo de Belas Artes da Coruña

DATAS: do 12 de maio ao 30 de setembro de 2017

Observadores observados foi unha insólita instalación distribuída polas distintas salas do museo, composta por 33 retratos masculinos pertencentes á serie *Doblemente vigiados (W-DV)*, do artista Roberto González Fernández. A través dela, o autor estableceu un diálogo entre os seus lenzos e unha selección de pezas da colección permanente, invitando o público a revisitar a colección e a achegarse a ela desde unha nova perspectiva.



A contemplación do invisible. Colección Santos-Illueca de iconas rusas

CENTRO EXPOSITIVO: Museo das Peregrinacións e de Santiago

DATAS: do 13 de xullo de 2016 ao 31 de xaneiro de 2017

COMISARIO: Xoel Rodríguez Martínez

A mostra achegoulle ao público a colección Santos-Illueca, custodiada no Museo das Peregrinacións. Esta compilación reuniu 280 pezas, 276 delas iconas rusas, datables entre os séculos XV e XX.





Agion Oros. Peregrinación ao monte Athos. Fotografías de Fernando Molerés

CENTRO EXPOSITIVO: Museo das Peregrinacións e de Santiago
 DATAS: do 7 de xullo ao 15 de outubro de 2017

Agion Oros (Santa Montaña) é o nome do estado teocrático constituído polos 20 mosteiros ortodoxos que ocupan a península coñecida como monte Athos. Coa súa cámara, o fotógrafo Fernando Molerés (Bilbao, 1963) documentou a realidade cotiá deste territorio, principal referente do monacato ortodoxo. A través de 36 fotografías, a exposición convidou a coñecer a riqueza patrimonial, paisaxística e cultural da rexión, retratando os escenarios e as persoas, pero tamén o sentimento e a espiritualidade.



O Camiño Francés a Santiago

CENTRO EXPOSITIVO: Museo das Peregrinacións e de Santiago
 DATAS: do 9 de novembro ao 31 de decembro de 2017



O Camiño é unha fonte inesgotable de inspiración para a creación artística contemporánea. Munehiro Ikeda plasmou a experiencia de percorrelo na obra *O Camiño de Santiago en España*, realizada nos anos 1983-1984, cuxo exemplar orixinal forma parte da exposición permanente do museo. Enmarcada no II Encontro Internacional de Cadernos de Viaxe *Compostela ilustrada*, dirixido por Miguelanxo Prado, a mostra recolleu reproducións a grande escala dunha selección dos debuxos deste libro de viaxes.

Por fin Santiago!

CENTRO EXPOSITIVO: Museo das Peregrinacións e de Santiago

DATAS: do 9 de novembro de 2017 ao 31 de marzo de 2018

Tamén dentro do programa *Compostela ilustrada*, o Museo das Peregrinacións e de Santiago acolleu unha exposición cunha selección de debuxos que Alfredo González, Premio Nacional de Ilustración 2017, realizou de Santiago de Compostela no ano 2012 para unha mostra que o museo produciu ese mesmo ano.



II Mare (1996-2016)

CENTRO EXPOSITIVO: Museo do Mar de Galicia

DATAS: do 16 de decembro de 2016 ao 5 de febreiro de 2017

COMISARIO: Xosé Carlos López Bernárdez

O mar como paisaxe, en certo modo desolada, onde a figura humana non ten cabida, foi o protagonista desta escolla da obra de Paula Mariño. A través de distintos soportes como madeira, papel, libros de artista, caixas e lenzos, a creadora viguesa constrúe a súa visión plástica da contorna marítima.



O alabastro a través do tempo. Colección de Jaime Trigo

CENTRO EXPOSITIVO: Museo do Mar de Galicia

DATAS: do 10 de marzo ao 13 de xullo de 2017

COMISARIO: Ramón Yzquierdo Peiro

Esta mostra dedicada á colección do anticuario galego Jaime Trigo chegou a Vigo tras a súa exhibición no Museo da Catedral de Santiago. Unha escolma de 85 pezas seleccionadas de entre as máis de 300 da compilación de Trigo permitiu realizar un percorrido pola arte do alabastro desde o século I ata o XX. A exposición adaptou os seus contidos para o Museo do Mar de Galicia, prestándolles especial atención aos fluxos comerciais marítimos deste material entre Reino Unido, Nova York e Galicia.





5.2 Colaboración con mostras e outras iniciativas

Tras o seu paso polo Museo Nacional do Prado, onde foi visitada por máis dun millón de persoas, a exposición **Mestre Mateo** recalou en 2017 no pazo de Xelmírez de Santiago de Compostela, ata febreiro de 2018. A Xunta de Galicia colaborou nesta mostra para a posta en valor e difusión da figura e da obra do artista galego. Ramón Yzquierdo Peiró foi o comisario da mostra.

Difusión de creadores

A Secretaría Xeral de Cultura apoiou a exposición **Materia infinita**, que desde novembro de 2017 e ata febreiro de 2018 amosou o último traballo do escultor ourensán Xosé Cid na Sala Ángel Valente da cidade de Ourense. A mostra completouse coa edición dun catálogo e con diversas actividades de difusión.

O departamento de Cultura colaborou coa Fundación Rosón Arte Contemporáneo na edición do catálogo *The answers are blowin' in the wind*, que indaga na obra do artista **Marcos Covelo** a partir da instalación do mesmo nome que o creador vigués exhibiu na fundación, en Pontevedra, en 2015.

Convenios con museos e fundacións

Co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento da programación anual de actividades expositivas, didácticas e de difusión cultural no Mu-

seo de Arte Contemporánea (MARCO) en Vigo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estableceu con esta entidade un convenio de colaboración, que supuxo unha achega de 100.000 euros por parte da Administración autonómica.

O departamento de Cultura colaborou tamén coa **Real Academia de Belas Artes** de Nosa Señora do Rosario para a catalogación de fondos, a conservación, mantemento e protección do patrimonio artístico académico, a realización de eventos culturais e o mantemento da páxina web.

No caso da **Fundación Eugenio Granell** apoiouse a realización de actividades culturais, como a mostra *Amparo Segarra - A colaxe e a arte étnica*, mentres que a colaboración coa **Fundación Laxeiro** permitiu o desenvolvemento das actividades didácticas *Coñece a Laxeiro*, a organización de visitas guiadas á colección permanente e actividades de catalogación.

O Real Padroado de Sargadelos, en Cervo, contou igualmente coa cooperación de Cultura para o funcionamento da Casa da Administración e para a exposición permanente do **Museo Histórico de Sargadelos**, que recolle fotografías, cerámica antiga e pezas de fundición, así como gravados, escultura e pintura contemporáneos cedidos polo Seminario Sargadelos.

Pasearte

Converter as rúas do centro de Santiago en galerías de arte ao aire libre. Ese foi o obxectivo de Pasearte, que durante as datas de Nadal encheu os escaparates dos comercios locais cos fondos das galerías Trinta, Metro, Luisa Pita e Federica No Era Tonta e ofreceu obradoiros de arte, foros, encontros con artistas e visitas guiadas. O proxecto, apoiado pola Secretaría Xeral de Cultura, o Concello de Santiago de Compostela, a Dirección Xeral de Comercio e por distintas empresas da cidade, contribuíu a dinamizar o comercio de proximidade e a convertelo nun espazo de colaboración arredor da cultura.

Apoio á ilustración

A Consellería de Cultura e Educación contribuíu a promover a actividade dos ilustradores e ilustradoras galegos a través dun convenio de colaboración coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI), que se destinou á creación dun novo web para o colectivo, así como a apoiar o XIV Encontro Galego da Ilustración, que reuniu en Santiago de Compostela algúns dos ilustradores máis destacados do panorama internacional.



5.3

Efemérides das artes plásticas 2017

Día da Arte Galega para Maruja Mallo

En 2017, a Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario dedicoulle o Día da Arte Galega á artista Maruja Mallo, unha das figuras senlleiras do surrealismo, nun acto que tivo lugar en Viveiro, a súa vila natal. Co gallo desta conmemoración, a Consellería de Cultura e Educación deseñou un variado programa de actividades sobre a creadora, con obradoiros, conferencias e mostras en bibliotecas públicas; a incorporación do Día da Arte Galega ao Calendario do Libro e da Lectura 2017; e exposicións en distintos centros de xestión autonómica. O Museo Pedagóxico de Galicia sumouse á celebración cunha ruta para lembrar as mulleres comprometidas coa educación en Galicia, con especial atención á figura de Maruja Mallo, mentres que o Centro Galego de Arte Contemporánea acolleu entre abril e maio unha exposición con litografías, textos e imaxes da artista pertencentes á súa colección, así como un punto de documentación específica na biblioteca do centro.

Álvaro Cebreiro no Día da Ilustración

O Día da Ilustración abriu en 2017 unha serie de homenaxes a artistas históricos galegos co debuxante, caricaturista e humorista gráfico Álvaro Cebreiro (1903-1956). A conmemoración desta data, que coincide co nacemento de Castelao, é unha iniciativa da Consellería de Cultura e Educa-

ción en colaboración coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración para lembrar e reivindicar o papel dos profesionais da ilustración na industria cultural.



A ilustradora Perrilla foi a creadora do cartel conmemorativo da edición de 2017, arredor da cal os centros bibliotecarios de xestión autonómica promoveron diversas iniciativas dirixidas a todos os públicos, como exposicións e obradoiros.

Décimo aniversario do pasamento de Quessada

A sala de exposicións de Afundación en Ourense acolle desde o 20 de decembro de 2017 e ata o mes de marzo de 2018 a exposición *Quessada. Sociedade e represión*, que homenaxea o pintor no seu décimo cabodano. Con esta mostra, que inclúe unha escolma do pintor ourensán de máis de 50 pezas, preténdese recuperar a memoria das súas achegas estéticas. A Secretaría Xeral de Cultura colaborou con este proxecto expositivo, que se completou coa edición dun catálogo para poñer en valor a obra dun dos artistas máis salientables da historia da arte en Galicia.



5.4 Apoio a certames artísticos e premios

Fotografía contemporánea

O Premio Galicia de Fotografía Contemporánea chegou en 2017 á súa quinta edición cos obxectivos de favorecer a creación artística actual e de dar a coñecer propostas de calidade neste ámbito. A Consellería de Cultura e Educación e a Deputación de Lugo colaboraron co festival Outono Fotográfico na convocatoria deste galardón, dotado con 8.000 euros, que se traducen na realización dunha exposición itinerante e na edición dun catálogo. O fotógrafo alacantino Alfonso Almendros foi o gañador desta edición co ensaio fotográfico *To name a mountain*.

Un ano máis, a Xunta de Galicia colaborou co premio de fotoxornalismo **Galicia en Foco** do Club de Prensa de Ferrol, que en 2017 foi para Felipe Carnotto.

Concurso de Cartelismo Francisco Mantecón

O estudio portugués United By, dirixido por Miguel Palmeiro, obtivo o primeiro premio da 13ª Bienal Internacional de Cartelismo Terras Gauda-Concurso Francisco Mantecón, polo que o seu cartel pasa a ser a imaxe da bodega para os dous próximos anos. Máis de 1.500 traballos de

62 países participaron nesta edición, que tamén recoñeceu á polaca Monika Prus (accésit Autoridade Portuaria de Vigo), ao portugués João Machado (segundo accésit) e ao xerezano Fernando Pinteño (mención especial).



XIV Premio Laxeiro

Co fin de distinguir unha persoa ou institución pola súa contribución á difusión e á potenciación da cultura galega, a Fundación Laxeiro convocou en 2017 a décimo cuarta edición do Premio Laxeiro, coa colaboración da Xunta de Galicia. O galardoado foi o arquitecto e escritor vigués Jaime Garrido Rodríguez.

VIII Premio de Gravado Atlante

Promovido pola Fundación Museo de Artes, o certame chegou en 2017 á súa VIII edición, con máis de 250 obras presentadas. O galardón distinguiu os traballos de Manuel Moreno Morales, de Julio Sánchez Ramos, de Arvon Wellen, de Alberto Ramírez Hernández e de Antonio Taboada Vázquez. Acompañouse dunha mostra coas obras premiadas e finalistas.





06

PROMOCIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS, MUSICAIS E AUDIOVISUAIS

iniciativas diversas e dirixidas aos diferentes públicos nos ámbitos musical, audiovisual e escénico conforman a oferta cultural que vén promovendo anualmente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, principalmente a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (véx. 9). Canda estas actuacións, a Secretaría Xeral de Cultura materializa con distintas entidades e organismos convenios e outras colaboracións co fin de enriquecer a programación cultural de Galicia en todo o territorio.



6.1 Oferta musical

Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia (RFG) forma un proxecto único coa Escola de Altos Estudos Musicais, centro de formación para profesionais da música. Ambas están xestionadas polo Consorcio de Santiago, do que forma parte a Xunta de Galicia.

Ademais do director titular da orquestra, Paul Daniel, a RFG contou en 2017 coa presenza doutras batutas a través do seu programa de directores convidados, con mestres como Jonathan Webb, Diego García Rodríguez ou Víctor Pablo Pérez. O público tivo oportunidade de falar con eles e cos solistas convidados na iniciativa *CONvers@ndo con*, previamente á actuación. No que respecta ao equipo técnico, Sabela García Fonte foi elixida como nova directora técnica da formación.

O ano 2017 pechou para a RFG con 25 actuacións de abono na súa sede estable. A orquestra realizou varias iniciativas lonxe da programación clásica, como as actuacións coa cantante Uxía; a apertura do encontro Conecta Fiction (véx. 11.3) cun concerto de bandas sonoras de televisión; a colaboración co festival Cineuropa, a través da banda musical para dous filmes, ou a estrea da obra *Formiga*, adaptada sobre *A galiña azul*, de Carlos Casares, co gallo dos concertos polo Día das Letras Galegas. A última cita levou a orquestra fóra de Santiago de Compostela, ata Ourense. Así, a formación compaxinou a súa programación estable na capital galega con saídas periódicas a outras cidades. En total, a orquestra actuou en 2017 nas cidades de Vigo (10 actuacións), Ourense (1 actuación), Ferrol (3 actuacións) e A Coruña (1 actuación).

A Real Filharmonía de Galicia mantivo as súas propostas para achegarlles a música clásica a novos públicos, con medidas coma os concertos gratuítos en espazos públicos, os concertos didácticos para alumnado ou o ciclo *Descubre unha orquestra para ti, a túa!*, con horarios e prezos accesibles para familias e rapazada. Nesta liña, en maio

púxose en marcha o proxecto RFG Solidaria, que vincula cada unha das actuacións do ciclo cunha ONG de defensa da infancia, dándolle así visibilidade.

Programación da Orquestra Sinfónica de Galicia

O 2017 foi unha data sinalada na traxectoria da Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) pola conmemoración do seu primeiro cuarto de século de existencia. Creada en 1992 polo Concello da Coruña, a formación ten a súa sede no Palacio da Ópera e está xestionada polo Consorcio para a Promoción da Música, do que forman parte o Concello, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia.

A comezos de ano, a OSG recibiu a homenaxe da cidade co nomeamento dunha das rúas da Coruña como Sinfónica de Galicia. A orquestra celebrou no mes de maio o seu 25 aniversario co Festival Beethoven, unha serie de concertos nos que interpretaron o ciclo composto polas nove sinfonías de Ludwig van Beethoven.

A programación da Sinfónica de Galicia ofreceu 38 actuacións no Palacio da Ópera, na súa tempada de abono, e 22 concertos fóra da cidade da Coruña, en Vigo (8), Ferrol (7), Narón (1), Santiago de Compostela (2), Ourense (1), Vilagarcía de Arousa (1), Ar-



teixo (1) e Monforte de Lemos (1). A orquestra viaxou, entre outros destinos, a Bilbao, onde participou no festival Musika-Música 2017.

Xunto coa Academia Galega do Audiovisual, a Sinfónica organizou a II Semana das Músicas do Audiovisual na Coruña, en Santiago de Compostela e Narón, que ofreceu entre novembro e decembro obradoiros, clases maxistras e un concerto. Dentro das iniciativas de formación incluíuse o programa Son Futuro, para impulsar os novos talentos mediante a Orquestra de Nenos, a Orquestra Xove, os Nenos Cantores e o Coro Xove. Na mesma liña, organizouse unha nova edición do ciclo Son Futuras Promesas. Os Nenos Cantores actuaron xunto co artista Amancio Prada na catedral de Santiago, no 30 aniversario da declaración do Camiño de Santiago como Primeiro Itinerario Cultural Europeo.

Ademais do director titular, Dima Slobodeniouk, outras figuras dirixiron a orquestra durante o ano, entre eles o mestre Gustavo Dudamel.

Do Audible: música en diálogo coa ciencia, coa arte e co pensamento contemporáneos

A quinta edición do ciclo de concertos Do Audible aprofundou con catro novas propostas na súa vocación de renovar a linguaxe musical. Catro citas, promovidas pola Secretaría Xeral de Cultura baixo a dirección artística de Vertixe Sonora, nas que a música serviu como eixe sobre o que integrar distintas temáticas, disciplinas artísticas e de pensamento. A arte xaponesa da caligrafía, a auga, a evolución das especies e dos instrumentos e as posibilidades sonoras do corpo centraron a programación de 2017.



Caligrafía e son

DATA E LUGAR: 9 de xuño, Basílica de Santa María a Maior, Pontevedra

COLABORAN: Vicerreitorado de Pontevedra, Fundación Japón, Casa Galicia-Japón e departamento de Xaponés das Escolas Oficiais de Idiomas de Vigo e A Coruña

O primeiro concerto supuxo a estrea de varias composicións do nipón Toshio Hosokawa e nel participaron a performer e calígrafa nipoa Aoi Yamaguchi, e a colaboradora de Vertixe Sonora Masako Hattori, na videocreación.

Memorias líquidas

DATA E LUGAR: 21 de xuño, Museo Galego do Entroido, Xinzo de Limia

O percusionista brasileiro Luís Bittencourt explorou as posibilidades musicais da auga, nun programa no que se abordou o concepto de sociedade líquida.

Hibridación

DATA E LUGAR: 7 de novembro, Paraninfo da Universidade da Coruña

COLABORA: Universidade da Coruña

O zoólogo Julio Parapar foi o convidado da terceira sesión, na que a partir da evolución animal se levou a cabo un paralelismo cos instrumentos híbridos como resultado de mutacións acústicas que nos acompañan desde a orixe dos tempos.

Recoller cascallos

DATA E LUGAR: 23 de novembro, Casa do Saber, Lugo

Coa proposta de música entendida como un comisariado de arte de L'Imaginaire, de Estrasburgo. O programa presentou por vez primeira en España a obra dos compositores Filippo Perocco, Andrea Sarto e Nicolas Mondon.

Apoio ás programacións das asociacións de amigos da ópera

Na promoción dos diversos xéneros musicais, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria apoiou a programación das asociacións vinculadas á lírica: a Asociación de Amigos da Ópera de Vigo, a Asociación de Amigos da Ópera de Santiago e a Asociación de Amigos da Ópera da Coruña, esta última, a través da Agadic (véx. 9.1).

Co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, o festival Outono Lírico dos Amigos da Ópera de Vigo ofreceu na cidade tres representacións. Comezando cunha das obras centrais do *bel canto* italiano de comezos do XIX, *La Sonnambula* de Vincenzo Bellini (8 de outubro), coa Real Filharmonía de Galicia. Seguiu o 14 de outubro *Trouble in Tahiti*, ópera nun acto de Leonard Bernstein, a cargo de Ensemble Vigo 430. A última obra en escena foi a célebre *Rigoletto*, de Giuseppe Verdi, representada o 5 de novembro pola OV430. Houbo tamén tres conferencias arredor destas pezas e outras tantas charlas de distintos temas relacionados coa ópera, da man de especialistas como Victoria Stappells e Arturo Reverter.

A colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago tivo como un dos seus puntos centrais a produción da ópera *Il segreto di Susanna*. O espectáculo contou coa soprano Clara Jelihovschi e o barítono Javier Franco nos papeis principais, Cándido Pazó na dirección artística e os músicos do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC).

Estreouse o 16 de decembro. Meses antes, o 13 de maio, a asociación puxo en escena o espectáculo *Apprendete pietà*, con obras de Claudio Monteverdi coma *Il combattimento di Tancredi e Clorinda* e *Il lamento di Arianna*.



Programacións locais de música clásica

Co fin de estender as programacións de música clásica ao conxunto do territorio galego, a Consellería de Cultura e Educación colaborou na realización de varios festivais que se levaron a cabo en escenarios diversos.

Dúas das iniciativas vincularon música e patrimonio. O **VIII Ciclo de concertos didácticos de órgano** levou á igrexa de San Salvador de Celanova alumnado de distintos centros educativos para interpretar pezas cos seus propios instrumentos e acompañados polo órgano da igrexa. Foron 10 xornadas entre marzo e xuño, dirixidas pola profesora Marisol Mendive, nas que se desenvolveron 30 sesións desta actividade.

De abril a setembro, a igrexa barroca de San Martiño, no concello de Covelo, acolleu a novena edición do **Ciclo de música relixiosa de San Martiño de Barcia de Mera**. Entre as seis citas houbo unha interpretación do *Cantar de los cantares*, na tradución de frei Luis de León, con dous intérpretes e un músico.

Promovido pola Asociación Cultural Xingros, en colaboración coa Xunta de Galicia, o Concello de Celanova e a Deputación Provincial de Ourense, o **Festival Hércules Brass** desenvolveuse en Celanova do 31 de xullo ao 4 de agosto. O ciclo mantivo na súa cuarta edición a dobre filosofía das anteriores: formación e divulgación do vento-metal, cun curso desta tipoloxía de instrumentos e nove concertos. Participaron preto de 90 estudantes.

Do 11 ao 18 de agosto tivo lugar a quinta edición do **Festival Rogelio Groba** en Ponteareas. Aquí déronse cita intérpretes tanto de Galicia coma de fóra, nunha semana de actuacións e de formación. A divulgación de compositores galegos foi un dos eixes centrais do festival, coas figuras do lucense Luis Álvarez Cabado e do propio Rogelio Groba como principais protagonistas.



O **Festival Internacional Peregrinos Musicais** reuniu entre o 12 e o 17 de xullo un total de 12 novos talentos da música, oito de Galicia e catro de fóra do país, que actuaron en diferentes escenarios de Santiago de Compostela. O evento, promovido pola Asociación Peregrinos Musicais, afondou na súa vocación de contribuír á promoción dos novos artistas galegos cun programa de cinco concertos e, como novidade, unha clase maxistral do violinista Sergey Arutyunyan.



En 2017, a Secretaría Xeral de Cultura tamén apoiou a posta en marcha do **I Concurso Internacional de Piano Cidade de Vigo**, promovido pola Asociación de Amigos da Música Clásica de Galicia. O concerto inaugural, que tivo lugar o 8 de abril, correu a cargo do recoñecido pianista Josep Colom.

Outras propostas musicais

O folk tivo unha cita o 1 e o 2 de xullo en Mos co **Festival Intercéltico O Son do Pazo**, que na súa terceira edición presentou un cartel encabezado pola gaiteira Susana Sevane, xunto con agrupacións como Radio Cos, Os Carunchos e Abóbriga. Cultura apoiou tamén o **Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas** nas súas fases celebradas nos concellos de Quiroga e de Manzaneda.



A décimo terceira edición do **Encontro Galego de Saxofón** tivo lugar en Santiago de Compostela tamén na primeira semana de xullo, do día 2 ao 7. Impulsada pola Asociación Sax Factory -Factoría Galega do Saxofón, a iniciativa, que ten como eixe central a formación, constitúe un espazo de encontro entre saxofonistas, estudantes deste instrumento e expertos internacionais.

Os pendellos de Agolada volveron transformarse un ano máis en espazos escénicos e de formación na duodécima edición do **Festival Internacional Merza Percusión**, ao que asistiron, entre outros, Píscore, In Sito ou Mbira-Duo. Estivo precedido polo

Campamento Agolada Musical 3.0, enfocado como un curso de música con parte de aprendizaxe e parte de actividades ao aire libre para participantes de entre 10 e 20 anos.

En setembro realizouse en Ourense a primeira edición do festival **Piano Meeting**, baixo a dirección do pianista Javier Otero. A proposta levou a música deste instrumento a catro puntos da cidade das Burgas, con actuacións ininterrompidas durante todo o día a cargo de 20 pianistas, tanto músicos consolidados como afeccionados.



O **Encontro de Música de Pulso e Púa** mesturou formación con música con actuacións en centros escolares, auditorios e teatros da provincia da Coruña. O programa de concertos xuntou do 4 ao 8 de outubro intérpretes de procedencias diversas, chegados de Rusia, Colombia, Italia, Bulgaria e A Rioxia.

No remate de 2017, o **Festival Internacional Rebulir** organizou a súa edición número 12 baixo o lema *Bailar coa terra*. Foron catro días de obradoiros de temáticas diversas, como danzas, regueifas, animacións e, sobre todo, concertos, en Ramirás, Celanova e Ourense. Entre os participantes, agrupacións locais, nacionais e internacionais, chegadas de Castela e León, País Vasco, Ecuador, Portugal e Ucraína.

A Consellería colaborou tamén coa **Coral Casablanca** nos concertos para conmemorar o 60 aniversario da súa creación.



6.2 Iniciativas escénicas e audiovisuais

A colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con outras entidades para contribuír á difusión das artes escénicas e audiovisuais favoreceu o desenvolvemento de diversas iniciativas en 2017.

Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense

A Secretaría Xeral de Cultura apoiou a **Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense (MITEU)**, realizada do 20 de abril ao 6 de maio. Na súa edición número 22, a convocatoria reuniu case unha trintena de compañías, entre os grupos de teatro universitario das principais cidades galegas, de Madrid e doutras cidades de España e de Portugal, e compañías profesionais de España, Portugal, Iraq, Suecia, Holanda, Colombia e Costa de Marfil. O programa completouse con charlas, encontros e concertos.



Titirideza e Noites Teatrais de Vilamarín

Realizado en Lalín do 24 ao 27 de agosto, o Titirideza incluíu na súa décimo sexta edición sete espectáculos de monicreques, dous no Salón Teatro da vila e os restantes polas rúas. O fío condutor foi este ano a muller, con espectáculos producidos e dirixidos por compañías femininas. A mostra *A casiña de Fernanda Cabrera*, sobre a creadora da compañía Marionetas Trécola e unha das grandes figuras das marionetas en Galicia, formou parte da programación do festival.

Tamén no verán, do 10 ao 14 de xullo, as Noites Teatrais de Vilamarín desenvolveiron a súa trixésima edición. Teatro do Morcego, Malasombra Producións e Contraproducións foron algunhas das compañías que conformaron o cartel do 30 aniversario.

AMAL. Semana do Cine Árabe

A Secretaría Xeral de Cultura apoiou, un ano máis, a Semana Internacional de Cine Euroárabe AMAL, que tivo lugar en Santiago de Compostela do 23 ao 27 de outubro. A 15 edición desta proposta mesturou cinema de ficción e documental a través das 11 producións que se proxeccionaron no Teatro Principal, tres delas de estrea en España. A programación incluíu unha clase maxistral co director do certame, Ghaleb Jaber Martínez.



Outros festivais de referencia do ámbito audiovisual como o Festival de Cans, Play-Doc e Curtocircuíto contaron co apoio da Consellería de Cultura e Educación a través da Agadic (véx. 9.2).





07

IMPULSO AO LIBRO E Á LITERATURA GALEGA



O libro constrúe un dos piares fundamentais da política cultural galega. Durante o ano 2017, a Secretaría Xeral de Cultura destinou máis de 1,7 millóns de euros ao fomento da lectura, á dinamización do comercio editorial e ao apoio á produción do libro galego.

De acordo co papel destacado que ocupa no marco da nas industrias culturais, e polo seu valor seu valor para a sociedade, o libro será un dos eixes centrais da Estratexia da Cultura Galega 2021.



7.1 Apoio ao sector editorial

Consello Asesor do Libro

O Consello Asesor do Libro, organismo dedicado ao estudo e ao asesoramento sobre as políticas relacionadas coa Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, reuniuse o 15 de decembro na Biblioteca e Arquivo de Galicia para avanzar nas políticas de dinamización do sector e de fomento da lectura. Representantes das administracións autonómica e local, e das principais entidades galegas do sector participaron na xuntanza para tratar, entre outros temas, a nova convocatoria para a compra de novidades editoriais en galego e de mellora das coleccións da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, os obxectivos da Estratexia da Cultura Galega 2021 para o sector do libro, o Mapa de bibliotecas de Galicia, as iniciativas de dinamización da lectura como o programa Ler conta moito, as feiras do libro de Galicia e internacionais, as axudas á tradución e a regulación do Depósito Legal en Galicia.

Axudas á tradución e á produción editorial

En 2017, a Secretaría Xeral de Cultura convocou unha nova liña de axudas para a tradución de libros ao galego e do galego a outras linguas. O orzamento destas axudas foi de 200.000 euros, dos que 120.000 euros se destinaron á tradución de obras ao galego desde outras linguas e 80.000 euros, de obras desde o galego a outros idiomas.

Das 60 obras que se beneficiaron desta convocatoria, 45 títulos foron textos doutras linguas para seren traducidos ao galego. Das 15 obras restantes concedéronse axudas para a súa tradución ao inglés, ao catalán, ao castelán, ao portugués e ao portugués do Brasil.

Entre os títulos publicados orixinariamente en galego incluíronse *Minimalario*, de Pinto & Chinto, ao catalán; *Muros de aire*, de An Alfaya, ao castelán; *O último día de Terranova*, de Manuel Rivas, ao portugués; *A soidade das medusas*, de Iria Collazo, ao brasileiro; e mais *Nordeste*, de Daniel Asorey, tamén ao brasileiro. Completan esta relación os seguintes títulos galegos para a tradución ao inglés: *Tártarus*, de Manuel Antonio Fraga; *Europa Express*, de Andrea Maceiras; *Ámote, Leo A. Terminal de... chegadas?*, de Rosa Aneiros; *Lume de cobiza*, de Miguel Anxo Fernández; *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz; *Cando petan na porta pola noite*, de Xabier P. Docampo; e mais as obras de Uxío Novoneyra *Os Eidos*, *A voz herdada*, *Tempo de elexía* e *Antonoloxía poética*.

Muros de aire, *A señora Dalloway*, *Saltón verde*, *O curioso mundo de Calpurnia Tate*, *Ler o mundo*, *O ano da lebre*, *O neno do vestido*, *Oryx e Crake* e *Corredoira-Holloway* son algunhas das 45 obras escritas orixinariamente en diferentes linguas que resultaron beneficiadas para a súa tradución ao galego.

Edicións Xerais, Rinoceronte, Kalandraka, Kalandraka Catalunya e Kalandraka Portugal, Sacaúntos, Novovinilo, Irmás Cartoné, Edicións Laiovento, Hércules de Ediciones, Hugin e Munin, Catro Ventos, Fundación Uxío Novoneyra, Editorial Galaxia e Small Stations Press foron as entidades e profesionais beneficiados.

Ademais, a Secretaría Xeral de Cultura apoiou a produción editorial galega a través das liñas de subvencións para a compra de novidades editoriais en galego con destino á Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e para a mellora das coleccións bibliográficas desta rede, cun orzamento total de 550.000 euros (véx. 1.3).

A Secretaría Xeral de Política Lingüística tamén convocou axudas para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios, que tiveron un orzamento de 170.000 euros e que foron outorgadas a 100 das 103 propostas presentadas. As editoriais Edicións Xerais de Galicia, Baía Edicións, Editorial Vicens Vives, Editorial Luis Vives, Edicións Obradoiro, Ediciones Don Bosco-Editorial Rodeira-Edebé, Grupo Anaya, Xerme Edicións e Servipost Editores foron as beneficiarias destas subvencións.



Feiras do Libro de Galicia

Do 31 de marzo ao 26 de agosto, as Feiras do Libro de Galicia 2017 percorreron 16 municipios das catro provincias cun amplo escaparate de novidades editoriais para dinamizar o comercio interior do libro e para lle achegar a lectura á cidadanía, acompañado dunha programación de actividades diversas para todos os públicos. A Secretaría Xeral de Cultura destinou 120.000 euros a impulsar esta iniciativa, promovida pola Federación de Librarías de Galicia.

O municipio ourensán de Verín foi o punto de partida dun calendario de citas que proseguiron en Ferrol e que tamén chegaron a Santiago de Compostela, O Porriño, Lugo, Ourense, Redondela, Ribeira, Vigo, Rianxo, Mondoñedo, Ponteareas, A Coruña, Viveiro, Foz e Monforte de Lemos.



7.2 Librería Institucional da Xunta de Galicia

A Librería Institucional da Xunta de Galicia é o portal en liña para a venda e distribución do fondo editorial da Administración autonómica. Esta plataforma, accesible en www.libreria.xunta.gal, ofrece acceso ás obras de carácter bibliográfico editadas polo Goberno galego e polos seus órganos dependentes, tanto de difusión gratuíta como comercial. Trátase dun servizo transversal coordinado pola Secretaría Xeral de Cultura, pola Amtega no ámbito tecnolóxico e polo Cixtec, centro adscrito á Conselle-

ría de Facenda, para a xestión de pagamentos en liña, e que implica o conxunto das consellerías da Xunta de Galicia.

O número de publicacións na plataforma ascendeu no remate de 2017 a máis de 2.500. Con 736 usuarios rexistrados, o portal superou nese ano as 77.200 páxinas vistas. En total, distribuíronse 690 publicacións en 2017, das que 482 foron venais e as 208 restantes, non venais. Entre as publicacións venais máis distribuídas destacaron a *Guía para a renovación do carné básico de usuarios profesionais de produtos fitosanitarios* e o manual *Aula de galego 4: Curso de galego*. No caso das publicacións non venais, as máis solicitadas foron o *Manual de horta ecolóxica* e o libro *Uxío Novoneyra. A voz herdada*.

7.3 Colaboración coas entidades profesionais

Os mercados do libro e os sistemas literarios requiren da existencia dun entretecedo consolidado de empresas, servizos e profesionais entre os que se inclúen as entidades profesionais ligadas aos diferentes elos do mundo da edición.



Xunto co apoio á **Federación de Librarías de Galicia** para a realización das Feiras do Libro de Galicia (véx. 7.1), a Secretaría Xeral de Cultura apoiou en 2017 a actividade da **Asociación Galega de Editoras (AGE)**, que, ademais de favorecer a asistencia a

feiras internacionais do libro (véx. 11.1), contribuíu á realización de seminarios e de xornadas, e da Gala do Libro Galego, un evento anual que conta cunha organización rotatoria entre a Federación de Librerías de Galicia, a AGE e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

A Gala do Libro Galego de 2017, realizada en maio en Santiago de Compostela, tivo como gañadores a *Labrego con algo de poeta: biografía de Manuel María*, de Mercedes Queixas, publicado pola Editorial Galaxia (ensaio); *Historia do nobre Ponto, que foi rei de Galiza e de Breñaña*, na tradución de Henrique Harguindey Banet para Rinoceronte Editora (tradución); A Seg. Plataforma de Crítica Literaria, como mellor proxecto literario na rede; a obra *Jules Verne e a vida das mulleres planta*, de Leticia Costas, publicada por Edicións Xerais de Galicia (literatura infantil e xuvenil); *Aulas sen paredes*, de Rosalía Fernández Rial e de Edicións Positivas (iniciativa bibliográfica); o ciclo *Vermú entre libros*, da Librería Paz (iniciativa cultural ou de fomento da lectura); *Canta connosco*, de Óscar Villán publicado por Kalandraka Editora (libro ilustrado); o libro *Moito Morro Corporation. Sociedade Limitada*, de Carlos Labraña editado por Galaxia (teatro); *Zig-zag Diario*, da TVG (xornalismo cultural); *Todo canto fomos*, de Xosé Monteagudo, publicado por Galaxia (narrativa), e *O cuarto das abellas*, de Antía Otero, que viu a luz en Edicións Xerais de Galicia (poesía).



A ilustración é un dos piares do sector editorial galego. En colaboración coa **Asociación Galega de Profesionais da Ilustración** (AGPI), a Secretaría Xeral de Cultura promove, ao abeiro do *Calendario do libro e da lectura*, a celebración do Día da Ilustración, ademais de apoiar diversas iniciativas impulsadas por esta asociación profesional (véx. 7.3). Para lle dar visibilidade internacional, a Xunta de Galicia tamén apoia a presenza dun ilustrador ou ilustradora na Feira do Libro de Boloña, onde a ilustración


galega conta cun espazo propio no stand institucional de Galicia para a visibilización do seu traballo.



Para incentivar o mercado e a difusión da literatura infantil e xuvenil, Cultura colabora coa **Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil** (Gáliz) na realización de actividades culturais, ademais de contribuír coa participación de Gáliz na Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil (OEPLI). Entre as iniciativas que promove esta entidade estatal destaca o certame literario Andersen Hoxe, que en Galicia recoñeceu en 2017 as obras de Cristina Garrido, de Ángela Fontecoba e de Katia Tojo, nas categorías de primeiros lectores, lectores avanzados e superlectores, respectivamente.



A colaboración con Gálix tamén é o xerme do catálogo *Libros infantís e xuvenís de Galicia*, que na súa edición 2017 reuniu 109 novos títulos da LIX en galego publicados por 23 editoriais. O catálogo viu a luz nunha edición trilingüe (en galego, castelán e inglés) que, ademais de estar dispoñible en liña, se distribuíu nas principais feiras internacionais do libro (véx. 11.1).



Coa **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**, a Consellería de Cultura e Educación colaborou un ano máis para apoiar actividades diversas, como o proxecto oral das *Polafías*, a creación e mantemento de diversos contidos para a web da asociación, a convocatoria de eventos literarios como obradoiros e reunións ou a homenaxe A Escritora na súa Terra, que en 2017 recoñeceu a Pilar García Negro. O *Ciclo de literatura infantil e xuvenil. O teatro e as súas potencialidades na educación infantil* foi outras das iniciativas que se apoiaron ao abeiro do convenio coa AELG.

Finalmente, o **Centro PEN Galicia** levou a cabo iniciativas como a homenaxe ao poeta Víctor Campio Pereira ou a entrega do Premio Voz de Liberdade. Este galardón, instituído polo PEN internacional, recoñeceu na súa oitava edición o labor de Xosé Luís Méndez Ferrín.

7.4 Premios para alentar a creación literaria

Unha das principais vías de difusión das obras de novos creadores é a dos certames literarios. Con este fin de lle achegar ao público a obra dos autores e autoras, a Consellería de Cultura e Educación promove e colabora coa convocatoria de premios de diferentes xéneros.

Certames de narrativa

O **Premio de Narrativa Breve Repsol**, promovido pola Fundación Repsol en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, recoñeceu en 2017 a obra *O sono das sereas*, de Xosé Antonio Neira Cruz. O certame, dotado con 12.000 euros, inclúe a publicación da obra pola Editorial Galaxia.

Por outra banda, a Secretaría Xeral de Cultura tamén convocou en 2017 unha nova edición do **Premio Literario Nortear** para a mocidade escritora de Galicia e do Norte de Portugal (véx. 11.5). A mediados de 2017 pechouse o prazo de envío de exemplares da segunda convocatoria do **Premio de Relato Breve Nélide Piñón**, ao que se presentaron máis de medio centenar de traballos. A Consellería de Cultura, o Concello de Cerdeiro-Cotobade e a Deputación de Pontevedra promoven este certame.



Finalmente, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Fundación Xosé Neira Vilas promoveu as convocatorias do II Premio Xosé Neira Vilas de

Novela Curta. A Consellería de Cultura e Educación apoiou tamén, canda os concellos de Boqueixón e Vila de Cruces, e a Deputación de Pontevedra, o **II Concurso Balbino de Relatos** inspirados no rural galego, impulsado por Técnicas & Gramaxe S.L. An Alfaya e Ricardo Cid Paz foron, respectivamente, os gañadores.

Premios poéticos

No ámbito da poesía destaca o **Premio de Poesía Afundación**, convocado por Afundación e o Centro PEN Galicia coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura e dotado economicamente con 6.000 euros. Estíbaliz Espinosa foi a gañadora da décimo quinta edición do certame polo poemario *As neuronas irmás*. En 2017 tamén se convocou a décimo sexta edición do premio.

Coa mesma dotación económica, o Concello de Dodro convocou, co apoio da Xunta de Galicia, o **XXX Premio Eusebio Lorenzo Baleirón**, que recaeu en Estevo Creus Andrade por *O lugar que non hai*, mentres que o **VI Certame de Poesía Xosé M. López Ardeiro** do Concello de Negreira foi para a obra *Ser, corazón e boca*, da santiaguesa Claudia Castro. O traballo finalista foi *Círculo*, do autor Raúl Gómez Pato.

O **Premio de Poesía Concello de Carral**, convocado polo Concello de Carral co apoio das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, e dotado con 2.500 euros, recoñeceu en 2017 a obra *Das árbores tropicais e do amor*, do poeta e profesor Xosé Luís Mosquera Camba.

Escrita teatral

Polo que respecta á escrita teatral, en 2017 resolvéronse dúas novas edicións do **Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico**, organizado pola Radio Galega en colaboración coa Secretaría Xeral de Cultura. Na décima edición, o xurado outorgoulle o galardón á obra *O quinto inverno*, escrita por Eva F. Ferreira, mentres que o premio da audiencia foi para *Un bo final*, de Carolina Alba Castro. Na undécima edición, os galardóns, dotados economicamente con 3.000 euros cada un, recaeron en Marcos Abalde, por *Psicofonías*, e Avelina Pérez, por *Alianzas*, respectivamente.

Ademais, a Consellería de Cultura e Educación promove, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, o **Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais**, o **Manuel María de literatura dramática infantil** e o **Barriga Verde** (véx. 9.1).

Investigación e ensaio

No ámbito da investigación, o **XI Certame Condado de Pallares**, impulsado pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares e dotado con 3.000 euros, foi para Alberta Lorenzo Aspres pola obra *Traslado de tres templos románicos no condado de Pallares*.

O **Premio Ramón Piñeiro de Ensaio**, promovido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e pola Editorial Galaxia, coa colaboración de Gas Natural Fenosa, foi para Xosé Constenla Vega por *O colapso territorial en Galiza*.

A Consellería de Cultura e Educación tamén apoiou os **Premios Antón Losada Diéguez**, financiados pola Deputación Provincial de Ourense e polos concellos de Boborás e do Carballiño. Os galardoados en 2017 foron Inma López Silva e Xosé Ramón Pena, nos ámbitos da creación e da investigación literaria, respectivamente.

7.5 Colaboración con fundacións de autor e casas museo

As secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística veñen colaborando coas principais fundacións de autor de Galicia para poñer en valor e para contribuír á difusión do legado das escritoras e dos escritores referenciais da literatura galega. Nesta liña de actuación destaca o apoio ás entidades representantes das tres figuras centrais do Rexurdimento das letras galegas: Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal. No mes de xuño, representantes destas e doutras casas museo e fundacións de autor de Galicia realizaron un encontro en Ponteceso no que se valoraron diversas iniciativas para avanzar na coordinación do labor que estas insitucións levan a cabo a prol da difusión das escritoras e dos escritores galegos.

Ademais de apoiar os traballos de mellora das instalacións da casa museo da escritora (véx. 3.4), a Consellería de Cultura e Educación impulsou en 2017 a colaboración coa **Fundación Rosalía de Castro** a prol da divulgación e da posta en valor da figura e da obra da autora fundacional das letras galegas, a través dun amplo programa de actividades, así como dos labores de investigación e recompilación da obra da escritora para completar a biblioteca e o arquivo rosalianos, a través do Centro de Estudos Rosalianos. A celebración do Día do Libro, os recitais poéticos da Aula da Diversidade e o Maio rosaliano, coas entregas dos Premios Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra, que recaeron en 2017 na propia Fundación Rosalía de Castro e no profesor e poeta Martín Veiga, respectivamente, foron algunhas das iniciativas impulsadas pola fundación, que o 15 de xullo, logo de 45 anos da súa apertura, inauguraba o novo discurso expositivo da Casa de Rosalía cunha museografía enriquecida con numerosas pezas artísticas e documentais. En 2017, a Fundación Rosalía de Castro tamén foi galardoada co Premio da Cultura Galega de Patrimonio Cultural (véx. 8.1).

Coa **Fundación Curros Enríquez** colaborouse en diversas iniciativas para poñer en valor e difundir a obra do escritor e tamén a do poeta Celso Emilio Ferreiro, como as rutas culturais por Celanova e os seus arredores, as visitas teatralizadas nocturnas polos mosteiros do municipio, o programa escolar *Ven coñecer a Celanova de Curros e Celso Emilio* ou a entrega do Premio Celanova, Casa dos Poetas, que na súa décimo terceira edición distinguiu a Corporación Hijos de Rivera.

Ademais de apoiar diversas iniciativas de celebración do centenario do pasamento de do escritor (véx. 7.6), a Xunta de Galicia colaborou coa **Fundación Eduardo Pondal** con iniciativas como o festival Festiletras.

Tamén se lle deu continuidade en 2017 á colaboración co labor de divulgación, estudo e preservación do legado de **Vicente Risco**. A través do apoio á fundación que leva o seu nome, impulsáronse traballos de catalogación e de dixitalización de fondos

bibliográficos e documentais, así como un programa de actividades diversas arredor de Vicente e de Antón Risco, entre elas, conferencias, actuacións musicais e xornadas literarias.

Coa **Fundación Otero Pedrayo** promoveuse un programa de actuacións orientadas a coñecer e a divulgar a figura do escritor. A Festa Literaria de Trasalba, coa entrega do Premio Trasalba, que recaeu no filósofo Carlos A. Baliñas, xunto con traballos de recompilación e de investigación sobre a vida e obra de Otero Pedrayo foron algunhas das iniciativas realizadas en 2017.

O feito de ser o autor homenaxeado coas Letras Galegas situou a **Carlos Casares** nun dos focos principais da axenda cultural galega en 2017. Con este motivo, a Consellería de Cultura e Educación colaborou coa fundación que leva o nome do escritor con diversas iniciativas, entre as que destacou a exposición *Os mundos de Carlos Casares* (véx. 7.6).

Arredor de **Manuel María**, autor homenaxeado coas Letras Galegas en 2016, apoiáronse diversas actividades culturais promovidas pola casa museo do autor, como conferencias e recitais poéticos, ademais da elaboración de material divulgativo da obra literaria do escritor.

Como continuidade dos actos de celebración en 2016 do 150 aniversario do nacemento de **Ramón María del Valle-Inclán**, a Consellería de Cultura e Educación apoiou a Fundación Valle-Inclán na realización de diversas iniciativas, entre elas, a Escola de Teatro Valle Innova, o II Premio Fundación Valle-Inclán e a edición dun número especial da revista *Bradomín*. Así mesmo, en colaboración coa Asociación Cultural Amigos de Valle-Inclán, publicáronse os números trixésimo terceiro e trixésimo cuarto de *Cuadrante. Revista Semestral de Estudos Valleinclinianos e Históricos*, que contribuíron á recuperación de documentos inéditos da vida e da obra do dramaturgo. Ademais, en 2017, tras a entrada da obra do escritor en dominio público, o Centro Dramático Galego levou a escena en galego *Martes de Carnaval* (véx. 9.5).

A colaboración coa **Fundación Antonio Fraguas** favoreceu a realización de actividades a prol da actualización do pensamento e da memoria do historiador e antropólogo galeguista, así como do estudo e da divulgación da súa obra. Entre as iniciativas coas que se colaborou destaca o Proxecto Didáctico Antonio Fraguas, dirixido a fomentar o traballo de investigación do alumnado de primaria e secundaria en diversos ámbito do patrimonio de Galicia.

Ademais, a Secretaría Xeral de Cultura tamén lle deu continuidade á colaboración co **Museo Casa da Troia** para a apertura durante os meses de verán desta entidade, na que se recrea o ambiente estudantil da afamada pensión compostelá de finais do século XIX inmortalizada na novela *La Casa de la Troya*, de Pérez Lugín.



7.6 Datás sinaladas

As efemérides constitúen unha oportunidade para traer á actualidade o labor de persoeiros destacados, obras e iniciativas singulares da cultura galega. Algunhas das máis destacadas en 2017 incorporáronse ao *Calendario do libro e da lectura* que publica cada ano a Secretaría Xeral de Cultura (véx. 1.6).

Co gallo do 60 aniversario do poeta Ramiro Fonte, a Xunta de Galicia participou na presentación da reedición do libro *As cidades da nada*, publicada por Trifolium, que tivo lugar o 9 de setembro en Pontedeume, concello natal do escritor.

Carlos Casares, protagonista das Letras Galegas

O escritor homenaxeado durante 2017 co gallo do Día das Letras Galegas, por decisión da Real Academia Galega (RAG), foi Carlos Casares, unha das figuras máis renovadoras e destacadas da literatura galega das últimas décadas do século XX.

Ao longo do ano, a Consellería de Cultura e Educación promoveu unha completa programación de actividades, na que participaron activamente as bibliotecas e os museos de xestión autonómica, ademais de colaborar con diversas entidades na celebración do 17 de maio. Nesa data, a Xunta de Galicia realizou un acto institucional de homenaxe ao escritor que tivo lugar en Xinzo de Limia.

No marco do convenio de colaboración entre a Fundación Carlos Casares e a Consellería de Cultura e Educación, a través das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, leváronse a cabo actividades diversas durante o ano, entre as que destacou a exposición itinerante *Os mundos de Carlos Casares*. Para dar a coñecer o universo vital

e literario do autor, a mostra percorreu ao longo de 2017 as catro provincias a través dos concellos de Ourense, A Coruña, Ribeira, Arzúa, Vigo, Lugo e Xinzo de Limia.



Dirixida ao ámbito educativo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística tamén convocou unha nova edición do Concurso-Exposición Letras Galegas. Os traballos gañadores foron *Carlos Casares, un escritor desta Galaxia*, elaborado polo CEIP Plurilingüe Anxo da Garda da Coruña, e *Carlos Casares Mouriño, coleccionista de historias*, do IES Carlos Casares de Vigo.



Ademais de exposicións, a programación das Letras Galegas tamén incluíu actividades de formación e académicas como o *Simposio Carlos Casares* impulsado pola Real Academia Galega co apoio de Cultura ou o *XIV Curso de formación. A literatura infantil e xuvenil. Relacións texto-imaxe*, dedicado a Carlos Casares e promovido polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, polo Grupo de Investigación LITER21 do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

No ámbito das artes escénicas destacou a coprodución *Os mortos daquel verán*, entre o Centro Dramático Galego e Talía Teatro, e para o público familiar, a Rede de Dinamización Lingüística, a través de FalaRedes, programou *A galiña azul*, unha adaptación teatral do libro de relatos homónimo escrito por Casares.

Tampouco faltou a música, con iniciativas coma o disco *Casares*, de Xardín Desordenado, apoiado pola Secretaría Xeral de Cultura, ou o espectáculo *Cantos de poeta* de Gelria, promovido pola Cidade da Cultura de Galicia. Nin faltaron os traballos de investigación e as publicacións conmemorativas. O volume *XXXVII Cadernos Ramón Piñeiro. Carlos Casares: homenaxe. De amicitia*, promovido polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, afondou na figura e na obra do escritor. Ademais, en 2017 tamén viu a luz a primeira tradución ao inglés de *Ilustrísima*, editada na colección Galician Classics da Secretaría Xeral de Cultura e do selo Small Stations Press baixo o título *His Excellency*. Coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a colección As miñas Primeiras Letras Galegas, dos Bolechas, dedicoulle un volume a Carlos Casares.



Rutas literarias nos concellos de Vigo e de Ourense e actividades que ligaron o deporte, a literatura e a ruta xacobeá, como a IV Carreira Camiño das Letras, foron outras das iniciativas coas que se conmemoraron as Letras Galegas 2017.

Centenario do pasamento de Eduardo Pondal e de Fanny Garrido

Con motivo dos cen anos da morte de Eduardo Pondal, a Xunta de Galicia apoiou a realización de actuacións promovidas ao longo de 2017 pola fundación que leva o nome do poeta. Homenaxes, recitais poéticos e ofrendas florais foron algunhas das iniciativas realizadas. A celebración central tivo lugar o 12 de marzo en Ponteceso, onde tres actores que interpretaron a Rosalía, Curros e Pondal fiaron un acto festivo que incluíu unha visita ás distintas dependencias da fundación, onde se puido ver unha mostra das actividades e obradoiros que desenvolve a entidade.

O 11 de setembro, a Secretaría Xeral de Cultura, en colaboración coa Real Academia Galega, organizou unha charla-concerto en homenaxe a Fanny Garrido para recuperar e poñer en valor o labor literario e social levado a cabo por esta escritora e tradutora galega de finais do século XIX. Coincidindo coa celebración do centenario do seu pasamento en 2017, a musicóloga especialista na obra de Marcial del Adalid Laura Touriñán Morandeira foi a encargada de desvelar algunhas das claves da traxectoria vital e profesional de Fanny Garrido, en conversa coa xornalista Isabel Bugallal. O acto rematou cun concerto a cargo da soprano Susana de Lorenzo e o pianista Alejo Amoedo, que interpretaron os poemas galegos creados por Fanny Garrido e musicados por Marcial del Adalid.



Planificación do centenario da Xeración Nós

Co fin de avanzar na planificación do programa de actividades co que se conmemorará o centenario da Xeración Nós en 2020, a Xunta de Galicia impulsou en 2017 un

grupo de traballo para a coordinación desta efeméride coa participación de diversas administracións e das principais entidades culturais de Galicia, entre elas, o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, as universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, a Fundación Otero Pedrayo, o Centro PEN Galicia, a Asociación Galega de Escritoras e Escritores, as deputacións da Coruña e Ourense, os concellos de Ourense e Celanova, o Museo do Pobo Galego e o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

7.7 Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH) é un organismo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, adscrito á Secretaría Xeral de Política Lingüística, que se ocupa de levar adiante e difundir proxectos de investigación lingüística, literaria, histórica e antropolóxica centrados en Galicia. O seu coordinador científico é o académico da lingua galega Manuel González González.

As liñas de traballo CRPIH xiran arredor de diversos proxectos de investigación, sobre lingüística aplicada, fraseoloxía galega, literatura medieval, literatura infantil e xuvenil, recuperación de publicacións literarias ou identidade colectiva desde un punto de vista antropolóxico, que se poden consultar no portal web <http://www.cirp.es/>.

Novas ferramentas de tecnoloxía e de investigación lingüística

Entre as liñas de traballo do CRPIH figura a das tecnoloxías lingüísticas ou da fala, que permiten facer do galego unha lingua moderna, útil e eficiente para responder ás necesidades da sociedade actual e asegurar a súa viabilidade futura. Neste marco, o centro presentou en 2017 a versión definitiva do sintetizador de voz **CoToVía**, un sistema de conversión automática texto-voz para a lingua galega fundamental para a automatización das comunicacións, da información e das relacións sociais.

CoToVía é un proxecto interdisciplinar do CRPIH no que traballou un equipo integrado por enxeñeiros superiores de Telecomunicacións da Universidade de Vigo (baixo dirección de Eduardo Rodríguez Banga) e de lingüistas da Universidade de Santiago de Compostela (baixo a dirección de Manuel González González). O seu obxectivo foi construír un sistema de conversión automática texto-voz para a lingua galega. Ao longo dos últimos anos foron presentándose distintas versións ata chegar a esta definitiva, construída con unidades pregravadas extraídas da lingua natural.

Outra das ferramentas que presentou o Centro Ramón Piñeiro en 2017 foi a nova versión ampliada do **Corpus Documental do Galego Actual (CORGA 3.0)**, unha ferramenta lingüística en liña representativa do uso lingüístico do galego actual, con 36,8 millóns de palabras, das que algo máis de 570.000 son formas diferentes. Esta nova versión, dispoñible en liña en <http://corpus.cirp.es/corga>, incorpora unha pequena

mostra representativa do rexistro oral da década dos 90 con transcricións nas que se aliña o texto coa voz e a etiquetaxe automática a través do Etiquetador/Lematizador do Galego Actual (XIADA), desenvolvido conxuntamente polo Piñeiro e polo grupo COLE das universidades da Coruña e Vigo.



XVII Cadernos de Fraseoloxía Galega

En 2017 viu a luz un novo número da revista científica *Cadernos de Fraseoloxía Galega*. O volume décimo sétimo desta publicación foi o primeiro editado baixo a dirección da profesora María Isabel González Rey, actual responsable do proxecto de Fraseoloxía galega, iniciado polo académico Xesús Ferro Ruibal. O novo número dedícase ao alemán, ao galego, ao francés, ao maorí, ao ruso e ao castelán. Mantén as seccións habituais ata o momento nesta revista de investigación, aínda que variando a súa extensión.



Formación en investigación

Cada ano, o Centro Ramón Piñeiro forma titulados universitarios de diferentes áreas de traballo no campo da investigación. Durante 2017, abriu a convocatoria de oito bolsas de investigación ligadas aos proxectos Etiquetador-lematizador para o galego actual (CORGA/XIADA), Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (Codolga), Bibliografía informatizada da lingua galega (Bilega), Terminoloxía científico-técnica, Informes de literatura, Recuperación de textos poéticos e xornalísticos galegos, Lírica profana galego-portuguesa e Dimensión da identidade colectiva de Galicia, nos que traballarán ata 2019. Estes bolseiros e bolseiras sumáronse aos preto de 500 que nos 24 anos de vida do centro pasaron polas súas instalacións.

Incorporación do legado de Jürgen Untermann

No mes de setembro, a familia do doutor Jürgen Untermann (1928-2013), o maior especialista en linguas prerromanas da Península Ibérica, doou ao Centro Ramón Piñeiro o legado científico deste catedrático de Lingüística Comparada na Universidade de Colonia (Alemaña), que chegou a ser considerado a máxima autoridade no estudo das linguas paleohispánicas.





7.8 Fundación Pública Galega Camilo José Cela

Favorecer o estudo e dar a coñecer a obra do premio Nobel galego, Camilo José Cela, así como custodiar e poñer en valor o legado do escritor son os principais obxectivos da Fundación Pública Galega Camilo José Cela, organismo público desde 2012, adscrito á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A fundación, que ten a súa sede en Iria Flavia, no concello coruñés de Padrón, é a depositaria dunha colección diversa ligada ao autor na que se encontran desde os manuscritos das súas obras ata a súa biblioteca persoal, ademais da hemeroteca do escritor ou da súa colección de arte.

Durante o segundo semestre do ano, a fundación estivo pechada ao público para acometer obras de mellora na súa sede e a renovación do seu proxecto museográfico.

Participación en iniciativas arredor da figura e da obra de Cela

A fundación promoveu ao longo do ano convocatorias de distintos eventos, visitas guiadas e actividades diversas para todos os públicos, o que lle permitiu conectar con lectores, seguidores e persoas interesadas na figura do autor. Ademais, participou en diversas iniciativas vinculadas coa figura do premio Nobel, como a xornada realizada na Cidade da Cultura de Galicia o día 24 de xaneiro baixo o título *Camilo José Cela. O centenario dun Nobel* ou a VI Xornada de arquivos privados celebrada en Xerez da Fronteira (Cádiz). Así mesmo, a fundación colaborou coas Bodegas Marqués de Vizhoja na posta en marcha dunha exposición en homenaxe ao autor, *CJC, el elogio del vino de un Nobel*, que se exhibiu entre o 20 de abril e o 18 de xuño. Para a realización desta mostra a fundación cedeu diversos obxectos persoais do escritor que axudaron a poñer en contexto a relación de Cela co viño e o seu papel como embaixador dos viños tanto galegos como españois.

Exposicións na sede da fundación e noutros espazos

Camilo José Cela: Yo, más que colecciono, amontono

DATAS: do 22 de novembro de 2016 ao 18 de marzo de 2017

ASISTENTES: 631 persoas

Recompilación das coleccións máis curiosas que o escritor realizou ao longo da súa vida. Entre os obxectos expostos incluíronse necrolóxicas, réplicas de placas de rúas, caixas de mistos, caixas de latón, billetes de lotería, moedas, billetes antigos, cromos, selos ou discos de vinilo, elementos que Cela gardaba e que ata entón non foran exhibidos publicamente.

Xeración do 27: moito máis que un número

DATAS: do 4 de abril ao 23 de xuño de 2017

ASISTENTES: 935 persoas

Co gallo do 90 aniversario da Xeración do 27 da literatura española rendéuselles unha homenaxe aos diferentes escritores que formaron parte dela, cunha atención especial ás mulleres da xeración, coñecidas como Las Sinsombrero. A mostra incluíu unha centena de pezas do fondo da fundación, entre as que había fotografías, cartas, primeiras edicións dedicadas a Camilo José Cela polos autores e mesmo debuxos realizados por algúns dos poetas do grupo.

Camilo José Cela (1916-2016). O centenario dun Nobel. Un libro e toda a soidade

DATAS: do 19 de novembro de 2016 ao 19 de febreiro de 2017

ASISTENTES: 6.313 persoas

LOCALIZACIÓN: Museo Centro Gaiás, Cidade da Cultura, Santiago de Compostela

A exposición foi xa un dos elementos da actividade da fundación na recta final de 2016 e continuou durante os primeiros meses de 2017. Con motivo do centenario do nacemento do autor, a exposición seguiu a súa biografía e súa bibliografía partindo de diversos obxectos do legado do escritor. Máis de 600 pezas foron expostas ante os visitantes e quedaron inmortalizadas no catálogo da exposición. A fundación contou coa colaboración da Xunta de Galicia, da Fundación Cidade da Cultura de Galicia e de Acción Cultural Española.



Iniciativas para o ámbito educativo

A fundación conta cunha programación específica de visitas dinamizadas, obradoiros, concursos, recursos e actividades destinados aos escolares, desde infantil ata secundaria, cos que poden descubrir a vida e a obra do autor, pero tamén aprender máis sobre a creación literaria e a lingua.

No que respecta ás visitas dinamizadas, en 2017 chegaron a 989 alumnos, que visitaron o museo acompañados por 71 profesores. En total, ofrecéronse tres tipos de visitas, axustadas ás necesidades de cada un dos tres ciclos formativos aos que estaban destinadas. Ademais das visitas realizáronse cinco obradoiros e proxeccións de películas e documentais. Nestas actividades participaron 111 estudantes e oito profesores.

Durante a semana das Letras Galegas, a fundación celebrou o Letreseo, con actividades como o espectáculo *O contador de contos de Carlos Casares*, a cargo de Marisa Irimia, no que participaron 270 alumnos e alumnas de educación infantil do concello de Padrón, acompañados por 10 profesores.

Publicacións e club de lectura

Ademais da publicación do catálogo da exposición *Camilo José Cela (1916-2016). O centenario dun Nobel. Un libro e toda a soidade*, a fundación tamén traballou coa propia Universidade Camilo José Cela na edición tanto do *Anuario de estudos celianos* como no volume *Cela, cien años más*. Esta última obra recolleu os traballos presentados en 2016 no simposio que a universidade celebrou con motivo do centenario do nacemento do autor.

En 2017, a fundación tamén lle deu continuidade ao club de lectura que se desenvolve en colaboración co Concello de Padrón. Entre xaneiro e maio de 2017, os participantes no club leron e analizaron catro novelas de tres escritores hispanoamericanos.

Investigación e formación

A Fundación Cela tamén leva a cabo un labor de atención, de asesoramento e de préstamo de fondos pertencentes ao legado do escritor a entidades, investigadores e outras persoas que así o precisen como ferramenta de apoio para os seus traballos. En 2017 prestóuselles servizo a un total de 37 persoas.

7.9 Xestión do Rexistro da Propiedade Intelectual e do Depósito Legal

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Subdirección Xeral de Bibliotecas, é o departamento responsable en Galicia do Rexistro da Propiedade Intelectual, que xestiona a tramitación e a resolución dos procedementos

de inscrición dos dereitos de autor das obras literarias, artísticas e científicas, ademais de certificar os dereitos de propiedade intelectual das obras.

Galicia conta con sete oficinas do Rexistro da Propiedade Intelectual localizadas na Coruña, Pontevedra, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol. Todas elas funcionan como puntos de información e tamén como espazos para a tramitación de expedientes de rexistro. En 2017, estas oficinas xestionaron 1.628 solicitudes de inscrición de obras. O importe recadado a través das taxas foi de 21.691,70 euros.

O Depósito Legal é a institución xurídica que permite recoller exemplares das publicacións de todo tipo reproducidas en calquera soporte e destinadas á súa distribución ou comunicación pública. A súa finalidade é a reunión, a conservación e a difusión das publicacións do patrimonio bibliográfico, sonoro, visual, audiovisual e dixital da cultura dun país. A súa xestión en Galicia é competencia da Administración autonómica, através da Subdirección Xeral de Bibliotecas.

Os editores e produtores con obras en soporte tanxible suxeitas a depósito legal deben solicitar un número nas oficinas habilitadas para tal efecto, que se atopan nas catro delegacións provinciais e en Vigo. En 2017, o número total de solicitudes foi de 4.461, das cales 2.273 se xestionaron na oficina da Coruña; 200, na de Lugo; 421, na Ourense; 752, na de Pontevedra e 815, na de Vigo.

No ano 2017 desde a Subdirección Xeral de Bibliotecas impulsouse a redacción do anteproxecto dun novo decreto para a regulación do depósito legal en Galicia. Esta actualización normativa ofrecerá un marco legal pioneiro na materia entre as lexislacións autonómicas ao abordar nun mesmo texto normativo o depósito das publicacións en soporte tanxible e das publicacións en liña, incluídos os sitios web.

Primeira recolección dos sitios web con dominio .gal

No que se refire ao depósito legal electrónico, a Biblioteca de Galicia impulsou en decembro de 2017 a primeira recolección dos sitios web con dominio .gal, co que se identifica na rede a cultura e a lingua galegas. Os máis de 140 GB de información recollida pasaron a formar parte da colección web de Galicia e do seu depósito legal electrónico, cuxa xestión é responsabilidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Biblioteca de Galicia.

A Biblioteca Nacional de España foi a encargada de realizar o rastrexo do dominio, cuxa finalidade principal é arquivar e preservar a maior cantidade posible dos contidos que conforman os recursos web baixo dominio .gal. Para levar a cabo a iniciativa, a Asociación PuntoGal colaborou coa Biblioteca de Galicia na realización dunha listaxe dos 4.261 dominios .gal rexistrados ata o momento da recolección, que foron cedidos a través dun convenio de colaboración.





08

A CULTURA, PARA TODAS E TODOS

A cultura e a lingua constitúen os máis sólidos piares da identidade dun pobo, polo que cómpre deseñar estratexias que garantan a súa difusión e a súa promoción. En recoñecemento ao labor cultural impulsado por persoas e institucións, a Xunta de Galicia convocou unha nova edición dos Premios da Cultura Galega en 2017, ano no que a axenda cultural galega tivo entre os seus eixes principais o Pergamiño Vindel, que chegou a Galicia para a súa exhibición pública nunha exposición por primeira vez na historia.

A cultura é tamén un factor imprescindible para o progreso e para o benestar social. Polo seu carácter integrador, preséntase como unha ferramenta valiosa para avanzar na inclusión daqueles colectivos con necesidades específicas. Por iso, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén colaborando con iniciativas que favorecen a participación activa de todas as persoas na cultura, sen exclusións, a través das súas múltiples expresións.



8.1 Recoñecemento ao labor a prol da cultura

Como recoñecemento público a aquelas persoas, institucións e colectivos que enriquecen a cultura galega nos seus distintos ámbitos e que contribúen á súa excelencia, á súa conservación e ao seu espallamento, en 2017 concedéronse diversos galardóns.

Premios da Cultura Galega

Os Premios da Cultura Galega distinguiron un ano máis o traballo desenvolvido nos ámbitos das letras, das artes plásticas, das artes escénicas, da música, do audiovisual, da lingua, do patrimonio cultural e da proxección exterior. A edición de 2017 dos premios, convocados pola Xunta de Galicia, contou cun xurado conformado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, polo Consello da Cultura Galega, pola Universidade de Vigo, pola Real Academia Galega e pola Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, así como polos profesionais Chelo Matesanz (artista plástica), Xosé Manuel Budiño (músico), Dolores Ben (presidenta da Asociación Galega de Produtoras Independentes-Agapi) e Belén Pichel (presidenta de Escena Galega).

A entrega dos galardóns celebrouse o 12 de decembro no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia, nun acto institucional que estivo presidido polo presidente da Xunta de Galicia. A escritora e dinamizadora cultural Yolanda Castaño foi a encargada de presentar a gala, baixo a dirección artística de Mónica Mejías, na que actuaron Sonia Lebedynski, acompañada de Carlos Freire, Roberto Comesaña, Marcos Teira, José Manuel Díaz e Javier Pereiro; o Wind Ensemble da Banda Unión Musical de Meaño e o dúo MUUM, formado por Manuel Fonte e María Move. A bailarina Nuria Sotelo e o músico Germán Díaz desenvolveron as transicións coreográficas e musicais. A identidade visual correu a cargo de Roi Fernández e as pezas videográficas foron creadas por Sr. Pause.

As galardoadas e os galardoados recibiron unha peza escultórica do artista lucense Paco Pestana, denominada *Case relicario de amor*.

Letras

Nun recoñecemento que lle chegou a título póstumo, pouco despois do seu pasamento, **Xohana Torres** foi a galardoada na modalidade de Letras. A académica da lingua galega, que cultivou a poesía, o teatro, a literatura infantil e xuvenil, o ensaio, a tradución e a narrativa, constitúe un referente imprescindible para a literatura galega contemporánea. A filla da escritora, Elena Ellacuría, foi a encargada de recoller o galardón de mans do presidente da Xunta de Galicia.

Artes plásticas

A artista **Berta Álvarez Cáccamo** leva máis de tres décadas desenvolvendo unha prolífica traxectoria artística, iniciada baixo a influencia do movemento Atlántica. A súa pintura conceptual constitúe un proxecto vital e de ensaio, do que nacen cadros de grandes manchas de cor, á vez delicadas e profundas. A súa obra atópase en prestixiosas coleccións.

Artes escénicas

Mabel Rivera constitúe un dos nomes imprescindibles do teatro galego. Cunha extensísima experiencia sobre os escenarios, a súa traxectoria iniciouse nos anos sesenta





e desde entón formou parte de innúmeras obras, como *Agasallo de sombras*, *As alegres casadas* ou *Voaxa e Carmín*. En 1987 funda, con Rosa Álvarez e Marisa Soto, a compañía Teatro de Malbaratea, a primeira de Galicia formada só por mulleres.

Música

Con máis de tres décadas de traxectoria, a de **Uxía** é unha das grandes voces da música galega, na que converxen a recuperación e a renovación da música tradicional xunto co impulso de numerosos proxectos internacionais. Autora dunha ducia de álbums e creadora do seu propio selo, ademais de escribir e de compondo para numerosos artistas e bandas, Uxía conta no seu haber con prestixiosos galardóns.

Audiovisual

Malia a súa xuventude, **Óliver Laxe** leva recibidos destacados recoñecementos internacionais. Os seus traballos *Todos vós sodes capitáns* e *Mimosas* convertérono no único cineasta español dúas veces premiado en Cannes e hoxe está considerado como o mascarón de proa do novo cinema galego, así como un dos máis talentosos cineastas da súa xeración en todo o Estado.

Lingua

O **Proxecto Apego** é unha iniciativa municipal colectiva que incide na socialización da lingua propia desde a primeira infancia. Concibido por iniciativa da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), desenvolven este proxecto cooperativo os servizos de normalización lingüística dunha trintena de concellos galegos.

Patrimonio cultural

Con 70 anos de historia, a Fundación Rosalía de Castro é unha institución cultural de referencia en Galicia, dedicada á divulgación e á posta en valor da figura e da obra da autora fundacional das letras galegas, así como a manter e a acrecentar o legado da súa memoria. Cunha renovada museografía, a Casa de Rosalía procura na actualidade enriquecer o coñecemento da cidadanía sobre a escritora, a súa época e a súa familia. Actualmente, Anxo Angueira Vitorro ocupa o cargo de presidente da fundación.

Proxección exterior

A carreira de **Cristina Pato** é unha clara mostra da súa vocación internacional. A gaiteira, pianista, educadora e produtora, artista residente nas universidades de Harvard e de California, desenvolve gran parte do seu traballo en colaboración con artistas e institucións internacionais, tanto na parte da representación musical como no labor pedagóxico.

Premio Otero Pedrayo

O Premio Otero Pedrayo foi instituído pola Xunta de Galicia e polas deputacións provinciais de Galicia no ano 1977, co dobre obxectivo de honrar a memoria do autor que lle dá nome e de recoñecer o traballo daquelas personalidades da cultura galega que contribuísen de xeito destacado ao desenvolvemento da cultura galega.

En 2017 decidíronse dous premios. O da edición de 2016 recaeu nos escultores Acisclo Manzano e Manuel Bucíños, membros da Xeración dos Artistiñas. O galardón de

2017 foi por vez primeira para unha muller, a académica, escritora e catedrática de comunicación audiovisual Margarita Ledo Andión.

Colaboración con outras distincións

En 2017, os **Premios da Crítica de Galicia**, que convoca a Fundación Premios da Crítica Galicia co apoio do Goberno galego, celebraron o seu 40 aniversario co recoñecemento ás obras *Querido H.P. Lovecraft*, de Antonio Manuel Fraga, en creación literaria; e *A prensa en Galicia na Transición*, de Marcos Pérez Pena, en investigación; o Grupo Nove, en cultura gastronómica; o Festival S8. Mostra de cinema periférico da Coruña, en cine e artes audiovisuais; Flor Maceiras, en artes escénicas; María Luisa Sobrino, en artes plásticas; o programa Conciencia, en iniciativas culturais e científicas, e Luís Emilio Batallán, en música.

8.2

Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas

O Pergamiño Vindel, coas sete cantigas de Martín Códax, chegou a Galicia para a súa exhibición pública, por vez primeira, nunha mostra organizada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo que tivo lugar no Museo do Mar de Galicia, en Vigo, do 10 de outubro de 2017 ao 4 de marzo de 2018 (véx. 4.6).



Arredor desta mostra, o Goberno galego desenvolveu unha ampla programación dirixida a todos os públicos co fin de poñer en valor e de dar a coñecer entre a cidadanía este tesouro da lírica medieval no que se nos transmitiron as únicas mostras que se conservan de cantigas de amigo galego-portuguesas con acompañamento musical. En 2017 realizáronse diversas iniciativas no marco desta programación, que tivo continuidade ata marzo de 2018.



O Pergamiño Vindel e a música na época de Martín Códax

A música foi un dos elementos protagonistas das actividades. Da man do grupo Pres de Cambrai, nun formato de charla-concerto, o obradoiro *O Pergamiño Vindel e a música na época de Martín Códax* propuxo unha viaxe ao pasado a través da música dos trovadores, na que se interpretaron diferentes mostras da música dos séculos XII e XIII cunha colección de réplicas de instrumentos medievais. Dirixido a adultos ou rapaces e rapazas desde os 12 anos, estes obradoiros tiveron lugar os sábados de novembro en Vigo, Redondela, Baiona e Cangas.

Ondas do mar de Vigo

Na última fin de semana de outubro e nas tres primeiras de novembro, 800 persoas participaron nestas travesías marítimas, organizadas pola Secretaría Xeral de Cultura co obxectivo de difundir o valor das cantigas medievais de Martín Códax e de afondar na súa vinculación co mar a través do patrimonio natural e paisaxístico da ría de Vigo.

O Vindel nas librerías

Para contribuír coa difusión e a posta en valor do Pergamiño Vindel, Cultura distribuíu diverso material entre as 164 librerías federadas galegas, que recibiron diverso material divulgativo (marcapáxinas e postais) das cantigas de Martín Códax para agasallar entre a súa clientela, xunto con cartelería da exposición para o establecemento. Esta campaña de difusión tamén chegou a todos os centros da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, que recibiron cadanseu cartel da mostra.

VindeCine

No marco da iniciativa *VindeCine. O tempo de Martín Códax a través do audiovisual* leváronse a cabo tres ciclos de cine cunha temática común: o medieval. A programación contou coa colaboración do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) da Axencia Galega das Industrias Culturais, de Numax e de Multicines Nortes, que proxectaron nas cidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, respectivamente, un total de 21 filmes desde o 4 de decembro ata o 15 de marzo de 2018.

Vindevídeos

Coa finalidade de incentivar a creación de videocantigas en lingua galega entre o alumnado dos diferentes niveis educativos, as secretarías xerais de Política Lingüística e de Cultura convocaron no mes de novembro este certame. Na categoría de educación secundaria e ensinanza especiais, o primeiro premio foi para o IES Francisco Asorey, de Cambados, mentres que o segundo recaeu no Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño, de Ferrol. Na categoría de infantil e primaria, outorgóuselle o primeiro premio ao CEIP do Carballal, de Marín, e o segundo foi para o CEIP Ortigueira, de Vedra.



A lírica medieval en Culturgal

As cantigas de Martín Códax tamén estiveron presentes na décima edición da feira das industrias culturais galegas (véx. 9.4). O Pergamiño Vindel formou parte da programación de actividades cun coloquio no que participaron os profesores da Universidade de Santiago de Compostela Pilar Lorenzo e Carlos Villanueva, xunto co comisario da exposición do Pergamiño Vindel, Francisco Singul, e co secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, para afondar no interese literario e musical do manuscrito. No stand da Xunta de Galicia púxose ao dispor do público diversa información e material sobre as cantigas de Martín Códax.

Scriptorium

Obradoiro impartido por Mekané para achegarlles aos máis novos o labor que os monxes realizaban no seu afán de conservar e transmitir o coñecemento. A actividade, dirixida a estudantes de primaria e educación secundaria do concello de Redondela, incluíu 16 obradoiros entre o 14 de novembro e o 15 de decembro, coa participación de 358 rapaces.

8.3

Impulso á oferta cultural no conxunto do territorio

Axudas para a mellora do equipamento e das instalacións culturais

A Consellería de Cultura e Educación promoveu en 2017 unha nova convocatoria de axudas dirixida aos concellos para a adquisición de equipamento e para a mellora dos seus locais e instalacións onde se leva a cabo unha programación cultural estable. Desta liña de subvencións, dotada con 500.000 euros, beneficiáronse 53 entidades: Ramirás, O Porriño, a Mancomunidade Terra de Celanova, Bande, Maceda, Xove, Muras, Redondela, Corcubión, Arteixo, Portomarín, Xermade, Burela, Carballeda de Avia, Vilarmaior, O Grove, Teo, O Barco de Valdeorras, Riotorto, Vilar de Barrio, Baños de Molgas, Cercedo Cotobade, Rodeiro, Ribas de Sil, Viveiro, Miño, o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, O Saviñao, Monterroso, Guntín, Tordoia, Oza-Cesuras, Muíños, Lobeira, Verín (con dous proxectos), A Pobra do Brollón, Ourel, o Organismo Autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra, O Vicedo, Cariño, Baiona, Pantón, Oleiros, Alfoz (con dous proxectos), Bóveda, Outeiro de Rei, Vilamarín, As Neves, A Veiga, Cabanas, O Valadouro, O Carballiño e A Baña.

Ao longo do ano tamén se apoiaron proxectos doutras localidades ou organismos que permitiron acondicionar ou rehabilitar a casa da cultura de Vilanova de Arousa, diverso equipamento cultural de Crecente, o Casino de Noia, o auditorio de Escairón, dous centros socioculturais de Vedra, o auditorio municipal e a casa da cultura de Portas, o local da casa da cultura, da música e o espazo formativo de Salvaterra de Miño e a sede da Fundación Paco Lareo.

Axudas a certames e festivais de carácter afeccionado

A Secretaría Xeral de Cultura impulsou en 2017 unha nova convocatoria de axudas para o financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais e certames escénicos e musicais de carácter afeccionado, promovidos por institucións sen fin de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos.

Un total de 33 iniciativas resultaron beneficiarias destas axudas, dotadas con 50.000 euros. Delas, 20 foron actividades musicais: o XXIV Festival de Bandas de Música de Galicia de Vila de Cruces, os Xoves Musicais do Grove, a VII edición do Live for Madness Metal Fest, o XX Filandón de músicas do Courel, o IV Ribeiro Blues WineFestival, o Ciclo de órgano e música antiga de Xunqueira de Ambía, o VI Festival Son da Burga, o III Ciclo Ecos da Pedra-Sons da Terra, III Festival Rois Arrasa, Festival Felipop, o Festival OurenRock Sound, a décima edición do Artificial, o Castañazo Rock, a XXIV Mostra de Instrumentos de Música Tradicional, o Morrasound Rock Festival, o XVII Festival Xironsa, o Armadiña Rock, o XXIV Festival de Bandas de Música de Silleda, o XVI Revoltallo de Música e o III Festival Intercéltico O Son do Pazo.

Nove foron festivais ou mostras escénicas: o Festival das Artes Escénicas de Riós, a Semana de Teatro de Catoira, a XI Mostra de Teatro Xosé Agrelo, as Tardes de Teatro no Inverno, a VII Semana de Teatro Cómico de Sarria, Teatrosfilia 2017. XIV Mostra de Teatro Amador de Vedra, o IV Festival Internacional de Teatro Amador, a XVIII Mostra Internacional de Teatro Amador de Palas de Rei e o certame XXI Memorial de Teatro Ibán Toxeiro.

Dous dos proxectos beneficiarios foron de carácter literario: o III Festival dos Eidos da Fundación Uxío Novoneyra e o VIII Encontro internacional de poesía da Asociación Cultural Círculo Poético Ourensán. Tamén se apoiaron o encontro contemporáneo interdisciplinar de arte e cultura de vangarda de Sargadelos e o obradoiro de técnica vocal e canto coral Rosario Orfebre Vocal.

Ademais da convocatoria destas axudas, a Consellería de Cultura e Educación colaborou coa organización doutros eventos de carácter afeccionado, como o *Circuíto galego de teatro amador*, promovido pola Federación Galega de Teatro Afeccionado (Fegatea). A cita acadou a súa undécima edición cun programa de máis de 60 funcións entre xuño e outubro en 13 localidades galegas, a cargo das compañías da federación. Tamén se colaborou coa federación en actividades de formación como as *Xornadas de teatro afeccionado*, celebradas en Sada do 29 de setembro ao 1 de outubro, nas que se enmarcou o Festival Transfronteirizo de Teatro Amador ou FETTA.

A Fegatea promoveu a realización do XVI Festival Agustín Magán, outra das propostas de teatro amador apoiadas pola Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Cultura e da Agadic, que levou a Santiago de Compostela do 29 de outubro ao 1 de novembro os espectáculos de seis compañías.

Ao abeiro dun convenio de colaboración coa Federación Coral Galega, Fecoga, celebrouse a XIV Romaría Coral Galega. Tamén se colaborou noutras iniciativas de posta en valor das artes tradicionais, como as *IV Xornadas sobre o baile tradicional*, as *V Xornadas arredor da música tradicional*, o Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas e o XI Certame Galego de Bandas de Música Populares.

A Secretaría Xeral de Cultura tamén apoiou, dentro do festival ALT, o programa ALT. procrea en Feminino. Esta iniciativa estivo chamada, como en anteriores edicións, a darlle visibilidade á creación intelectual, artística e cultural impulsada polas mulleres.



8.4 Difusión da lingua entre a mocidade

A dinamización do uso do galego entre a xente nova é un dos principais obxectivos das liñas de actuación que vén desenvolvendo a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Con este fin, o departamento da Consellería de Cultura e Educación promove diversas iniciativas de fomento do galego dirixidas ao público infantil e xuvenil, ao tempo que avanza na elaboración do primeiro plan de dinamización da lingua galega entre a mocidade.

O galego campa!

Preto de 1.500 rapaces e rapazas participaron en 2017 no programa de dinamización lingüística *O galego campa!* Foron un total de 19 campamentos os que se realizaron entre os meses de xullo e agosto nas instalacións dedicadas a tal fin dos municipios de Quiroga, Coles, Entrimo, Sada, Boiro, Palas de Rei, Melide, Muíños, Manzaneda, Porto do Son, Bueu (illa de Ons), Forcarei, Bergondo, Ribadeo e Vilanova de Arousa, con dúas localizacións en cada localidade. Cada un dos campamentos xirou arredor dunha temática.

Promovido polas consellerías de Cultura e Educación e mais de Política Social, o programa vén ofrecendo desde 2011 actividades para promover a visibilización e o uso da lingua galega no contexto dos campamentos de verán da Xunta de Galicia, así como formación e recursos para o monitorado. Estes últimos están recollidos desde o 2015 no *Repositorio dixital do tempo libre en galego*, accesibles en liña en www.lingua.gal/o-galego-campa.

Proxecto Dragal

Este programa de animación e fomento da lectura, que celebrou a súa cuarta edición no curso 2016/17, recibe o seu nome da triloxía da escritora Elena Gallego Abad

na que se basea. Cunha proposta que mestura o incentivo da lectura e a creación en galego coas novas tecnoloxías, o proxecto chegou a 327 alumnos e alumnas de educación secundaria obrigatoria de seis centros educativos de Zas, Santiago de Compostela, Vila de Cruces, O Barco de Valdeorras, Cuntis e Castroverde. A lectura do primeiro libro da triloxía, *Dragal I. A herdanza do dragón*, foi seguida de actividades sobre o texto e o patrimonio material e inmaterial de Galicia.



Lingua de namorar

Foron case 600 as persoas que participaron na quinta edición deste concurso en liña, tanto a través do envío de mensaxes de amor como de votacións. Promovido pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, e pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, o certame está dirixido a mozos e mozas de 14 a 35 anos e ten como obxectivo fomentar o uso do galego nas relacións persoais a través dos diferentes sistemas de mensaxería instantánea. Un xurado elixiu os seis vencedores da edición de 2017 entre as 50 mensaxes máis votadas.

Nós tamén creamos!

A adaptación de narracións literarias en curtas de animación en galego é o eixe central dos premios *Nos tamén creamos!*, dirixidos a centros escolares de infantil e primaria. Promovido pola Consellería de Cultura e Educación en colaboración coa CRTVG e con OQO editora, o certame busca favorecer a innovación educativa para promover xeitos cada vez máis efectivos de aprendizaxe de linguas, fomentar a creatividade en

lingua galega e difundir as posibilidades de ocio en galego que ofrece a Televisión de Galicia. Os gañadores en 2017 foron o alumnado de educación infantil do CEIP de Santo Paio de Abaixo, de Redondela, por *Que mal cheira!*; o CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao de Vigo na categoría de primeiro e segundo de educación primaria con *O mundo nos ollos*, e o CEIP Mestre Rodríguez Xixirei de Santiago de Compostela entre os de terceiro e cuarto de primaria por *A guerra dos números*. Ademais, o festival de Cans proxectou *A figueira de Pelostortos*, a curta do CEIP de Ponzos que vencera na categoría de terceiro e cuarto de primaria na edición de 2016. Foi na sección Cans do Futuro, apoiada pola Xunta de Galicia.



Inventa en galego

A terceira edición do certame que promove Igaciencia, a Institución Galega de Ciencia, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística para a elaboración dunha app Android na linguaxe de programación de App Inventor recaeu na aplicación BiciCoruña, elaborada por alumnado de segundo de bacharelato do IES Ramón Menéndez Pidal da Coruña, baixo a dirección da profesora Paz Freire Campo. O segundo premio recaeu no conxunto de apps presentadas polo estudiantado de primeiro de bacharelato do IES Eduardo Blanco Amor de Culleredo, coordinado polo docente Ángel Acción Lamas.

A iniciativa achégalle a programación á mocidade para axudala a desenvolver o pensamento computacional. Así mesmo, créanse aplicacións que se executan en dispositivos de uso cotián para a xente nova, o que axuda a ampliar o seu uso en galego.

OUFF Escola

Celebrado no marco do Festival de Cine Internacional de Ourense OUFF, o certame de cinema OUFF Escola recibiu na súa VIII edición un total de 74 traballos audiovisuais de ficción, documental ou animación. Entre estes escolléronse os seis centros educativos gañadores, que foron: na categoría de infantil e primaria o CEIP Coirón-Dena de Meaño, Torre-Illa da Illa de Arousa e Eduardo Pondal de Vigo, como 1º, 2º e mellor guión, respectivamente; e noutros niveis os IES Macías o Namorado de Padrón, Poeta Díaz Castro de Guitiriz e Santiago Basanta Silva de Vilalba, tamén de 1º, 2º e mellor guión (véx. 9).



Axudas ás iniciativas de dinamización do galego no ámbito educativo

A Secretaría Xeral de Política Lingüística destinou en 2017 un total de 300.000 euros en axudas para o desenvolvemento de iniciativas de fomento do uso da lingua galega nos centros de ensino públicos de Galicia, impulsadas polos **equipos de dinamización de lingua galega**. Esta liña de subvencións completouse con 22.600 euros para centros privados.

Ademais, ao abeiro da convocatoria de **proxectos de innovación educativa** en dinamización lingüística para os centros docentes de titularidade pública da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, seleccionáronse cinco proxectos aos que se lles recoñece a consideración de excelentes. As propostas premiadas no curso académico 2016/17 foron *A lingua delas, a nosa lingua*, do IES Plurilingüe Aquis Celenis de Caldas de Reis; *A palabra é vida e vai ao lonxe*, do CPI Plurilingüe de Vedra; *Nós somos un mundo: Cuntis, concello amigo da lingua*, do CPI Aurelio Marcelino Rey García de Cuntis; *Proxecto Informa.gal*, do CEIP de Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa, e *Un novo Broadway en Verín: o musical Grease*, do IES Xeús Taboada Chivite de Verín.

Tamén no ámbito escolar, Política Lingüística deulle continuidade á colaboración coa **Federación Española de Religiosos da Ensinanza de Galicia - Centros Católicos** (Ferega-CECA) para desenvolver iniciativas destinadas a difundir a lingua, a literatura e a cultura galegas. O XIV Premio Frei Martín Sarmiento, a Festa da Lingua e o VIII Concurso de Curtametraxes Rec-Curta foron algunhas das actuacións que contaron co apoio do Goberno galego en 2017.

No **ámbito universitario**, destináronse 77.500 euros a colaborar coas universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela co fin de impulsar iniciativas conxuntas en favor da promoción da lingua entre o profesorado e o alumnado, na investigación etc.

8.5 Rede de Dinamización Lingüística

Parte importante da oferta de lecer en galego prográmase a través da Rede de Dinamización Lingüística (RDL), un proxecto impulsado polo Goberno galego no ano 2010 co obxectivo prioritario de establecer e consolidar vías estables de colaboración, cooperación e coordinación entre as administracións local e autonómica, dando así un paso máis na promoción planificada da lingua galega. Ampliar os usos do idioma propio de Galicia, incrementar o seu prestixio e favorecer a súa visibilidade nos distintos ámbitos sociais son os seus principais propósitos.

O diálogo entre administracións, fundacións, asociacións, colexios profesionais e consorcios, entre outras entidades, supuxo desde entón unha nova dinámica de traballo na que prima a optimización dos recursos, ao tempo que se evitan as duplicidades e se busca favorecer unha política lingüística máis eficiente e eficaz.

A RDL pechou o ano 2017 cun total de 187 membros, entre os que se atopan a propia Xunta de Galicia, o Consello da Cultura Galega, a Federación Galega de Municipios e Provincias, tres das catro deputacións e varias mancomunidades. As últimas incorporacións foron as dos concellos de Paradela, O Páramo, Narón, Rodeiro, Moraña, Pazos de Borbén, Oímbra, Portas e mais a Fundación Pazo de Mos, cuxa solicitude de adhesión se ratificou na reunión ordinaria anual que tivo lugar en Xinzo de Limia o 29 de decembro.

Ao longo de 2017, a RDL realizou preto de 200 accións, deseñadas e desenvoltas nos concellos, baixo a coordinación da Secretaría Xeral de Política Lingüística e no marco dos coñecidos programas FalaRedes, Redecinema, Nadal en Rede, Toponimízate ou A Rede celebra.

FalaRedes

A sexta edición desta iniciativa ofreceu de marzo a novembro un total de 63 actividades escénicas en galego de acceso gratuíto. **A galiña azul** foi unha das propostas, en forma de tributo a Carlos Casares no seu ano como autor homenaxeado polas Letras

Galegas. Coa colaboración de Ubú Teatro e da editorial Galaxia, a proposta incluíu cinco historias entrelazadas, para as que se empregaron distintas técnicas, entre elas monicreques e clown. Diseñada para un público familiar con nenos e nenas de 6 a 10 anos, cada grupo asistente recibiu unha edición especial do libro de Casares. En total realizáronse 22 funcións, incluíndo un pase especial no Culturalgal.

Tic Tac Toc levou o músico e compositor Pablo Díaz en concerto por 19 concellos da xeografía galega, nunha actividade para familias e nenos e nenas de ata 7 anos. Díaz, acompañado do guitarrista Diego Barral e con Álex Fente ao acordeón, integrou nas súas actuacións as temáticas propias do universo infantil con ritmos doutros países, como O Brasil ou Cuba.

Por último, Os Bolechas volveron á RDL no tramo final do ano co seu espectáculo **Os Bolechas, de Chispa a Tatá. Imos de Moraña a Zas**, no que a historia leva os espectadores a través de distintas probas de habilidade física e de coñecementos sobre Galicia. Ademais das 22 actuacións que realizaron, destinada a público infantil con cativada de entre 4 e 10 anos, o espectáculo tivo continuidade na páxina dos Bolechas.



RedeCinema

A segunda edición deste programa impulsado pola Consellería de Cultura e Educación por medio das secretarías xerais de Política Lingüística e de Cultura, e mais da Agadic, chegou desde xullo ata outubro de 2017 a 22 concellos da RDL en formato de cinema de verán e incluíu, tres títulos en carteleira: *A praia dos afogados*, *9 ondas* e *Maimiño e o espello máxico*. As finalidades do programa son promover o uso do galego nas actividades lúdicas e de lecer; darlle visibilidade á acción dinamizadora en lugares abertos e públicos; potenciar creadores e dinamizadores galegos e favorecer a

incorporación do galego á programación das actividades para o verán realizadas polos concellos, ademais de apoiar e promover a industria cultural, principalmente a audiovisual galega e en galego.

Toponimízate

Como novidade en 2017, a RDL presentou en novembro *Toponimízate. Falámosche dos nomes da túa terra*, un ciclo de conferencias a cargo de Vicente Feijoo, filólogo, especialista en toponimia e membro do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, que botou a andar na Coruña, en Arteixo, en Boqueixón, en Lousame, en Melide, en Miño, en Vedra, en Palas de Rei, en Sober, no Carballiño, en Ourense, en Cangas, no Grove e en Silleda. Nestes 14 concellos realizáronse outros tantos encontros en aberto dirixidos á cidadanía en xeral co obxectivo de concienciar sobre a importancia e a necesidade da xeorreferenciación e xeolocalización deste patrimonio inmaterial.

Nadal en Rede

Nadal en Rede pechou o ano cun programa de actividades que se prolongou do 16 de decembro ao 7 de xaneiro de 2018 cunha variada oferta cultural en galego típica da época. Na programación incluíronse as propostas *Os Bolechas. Un conto de Nadal*; *Cos Reis Magos en galego*, modelos para escribir as cartas nesta lingua e a aplicación para mensaxes personalizadas *Resposta dos Reis Magos*; a obra de monicreques de Fantoches Baj *O castiñeiro do Apalpador*; *Nadal Novoneyra. Uxía canta a Uxío*, actuacións da cantante sobre os textos do poeta; o concerto didáctico *Picariño*, de Senén Vaamonde e de Alfredo e Manuel, da formación A Roda; e *Cancións para nenas e nenos*, coa artista María do Geo. A sexta edición de Nadal en Rede chegou a 41 municipios.





8.6 Visibilización e integración social a través das artes

O traballo pola inclusión nas artes e actividades culturais implica, por unha banda, darlles visibilidade a proxectos de colectivos que habitualmente non entran nas canles de programación. Por outra banda, tamén se trata de ofrecer propostas coas que se chegue a todos os sectores da sociedade. A Consellería de Cultura e Educación avanzou na súa axenda para 2017 nestas dúas direccións.

En-Red-Arte

En 2017 déuselle continuidade á colaboración impulsada en 2016 coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) a través do programa En-Red-Arte. Este proxecto busca fomentar a participación destes colectivos mediante un programa de actividades pensados especificamente para formar e motivar, principalmente obradoiros de distintas artes ou técnicas como fotografía artística, escritura creativa, música ou danza. Entre os obxectivos que fixou Cogami na primeira edición e que repetiron para a segunda convocatoria están axudar incentivar as persoas a superarse e propiciar nelas o hábito de participación en actividades e eventos culturais.

Bienal de Teatro ONCE

Oito grupos de teatro, dous deles galegos, pasaron do 30 de marzo ao 2 de abril por 10 localidades galegas na décimo sexta edición desta bienal, que tivo a súa base no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. As compañías participantes neste proxecto, formadas por intérpretes con discapacidades visuais, foron Valacar, da Coruña; Muxicas,

de Ourense; La Luciérnaga, de Madrid; La Ruina, de Albacete; Orozú Teatro, de Cádiz; Sa Boira, das Illas Baleares; Samaruc, de Valencia; e Sarau, de Barcelona. A Xunta de Galicia e a ONCE renovaron, así mesmo, o convenio de colaboración para actuacións de normalización lingüística, destinada á adaptación de libros editados en galego a persoas con discapacidades visuais, mediante transcripción ao braille ou gravación dos exemplares solicitados polos membros da organización.

Artes pola Integración

Do 8 ao 11 de xuño celebrouse a sexta edición deste encontro itinerante, celebrado en 2017 na cidade da Coruña. A iniciativa mantivo unha dobre función. Por unha banda, serviu de altofalante aos axentes culturais vinculados a colectivos en situación desfavorecida. Ademais, amosou propostas creativas nas que se visualizan os retos aos que se enfrontan as persoas con diversidade funcionais ou psicolóxicas, coa vocación de chegar a sectores máis amplos da sociedade. Entre as propostas que conformaron a axenda do evento houbo obradoiros, charlas e mostras, xunto con outras iniciativas como intervencións en espazos urbanos ou espectáculos multidisciplinares.

VI Festival Arte pola Igualdade

O 4 de maio o Teatro Colón da Coruña acolleu este festival, organizado arredor da figura de Carlos Casares, autor homenaxeado nas Letras Galegas 2017. O espectáculo incluíu un recitado de poemas, a representación da peza *Un polbo xigante*, inspirado na obra do mesmo nome de Casares, e un concerto breve a cargo da Orquestra Sinfónica do Conservatorio de Música da Coruña. A organización estivo a cargo do Centro de Educación Especial María Mariño e do conservatorio, e na representación da obra participou o alumnado do María Mariño e do CEIP Eusebio da Garda.





8.7 Illa de San Simón

As illas de San Simón e de San Antonio conforman un enclave de gran valor patrimonial e ambiental situado na enseada da ría de Vigo, que ao longo da historia foi testemuña de traxedias e avatares marítimos, referencia literaria na lírica medieval galego-portuguesa, refuxio monacal, lazareto para doentes infecciosos ou cárcere durante a ditadura franquista. Na actualidade, este Ben de Interese Cultural que forma parte da Rede Natura 2000 como hábitat natural europeo protexido é un espazo público xestionado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Cultura, onde se desenvolve unha importante actividade cultural.

Ao longo do ano, as súas instalacións acollen o desenvolvemento dunha extensa programación, como lugar de colaboración con diversas entidades e organismos para actividades culturais, formativas e de investigación.

En 2017, realizáronse un total de 336 visitas, con 24.404 visitantes. Encontros lúdicos para a mocidade, foros e xornadas de formación foron algunhas das iniciativas que se levaron a cabo en San Simón, que un ano máis acolleu, co apoio do Goberno galego, a homenaxe en recordo ás vítimas da ditadura franquista.

San Simón Fiddle

Do 2 ao 9 de xullo a illa acolleu unha nova edición do campamento infantil e xuvenil de violín folk promovido por Galicia Fiddle, vinculado en 2017 á música mexicana. A iniciativa, para alumnado de entre 7 e 18 anos, combinou actividades formativas

como clases de instrumentos e obradoiros sobre diversos aspectos relacionados coa música, con propostas de lecer como deportes acuáticos, paseos en barco, concertos e cine.

Sinsal SON Estrella Galicia

Dúas semanas despois do peche do campamento San Simón Fiddle foi a quenda do Sinsal SON Estrella Galicia. O festival repetiu coa súa proposta de cartel secreto, que non se desvelou ata a mesma data dos concertos. Un total de 23 actuacións sucedéronse nos catro escenarios do evento, que conseguiu esgotar as entradas dous meses antes da súa celebración. Como novidades, o xoves previo ao festival houbo unha xornada especial, a modo de versión reducida do programa.



Con barqueira e remador

Por primeiro ano, o Obradoiro Internacional de Tradución Poética *Con barqueira e remador*, dirixido por Yolanda Castaño, tivo como lingua vehicular o portugués. Na súa sexta edición, celebrada do 16 ao 21 de outubro, contou coa participación de seis poetas e tradutores: Estevo Creus, Antón García, Francesca Cricelli, Rita Dahl, Tomica Bajsić e Hu Xudong. Ademais da programación destinada ao traballo conxunto, houbo tres recitais poéticos multilingües abertos en Redondela, Vigo e Pontevedra.





09

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Máis de 1.800 funcións escénicas, concertos e proxeccións de cine: ese foi o balance co que pechou o ano 2017 a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic). Entre as programacións das súas propias entidades e as dos circuítos de distribución de espectáculos, a Agadic vén impulsando unha ampla oferta de actividades de artes escénicas, musicais e audiovisuais en todo o territorio galego. Tamén apoia diferentes iniciativas privadas do sector para contribuír cunha oferta máis ampla e variada, e cun mercado profesional estable.

O impulso á produción e á distribución das industrias culturais galegas son outras liñas de actuación prioritarias deste departamento da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



9.1 Fomento da música e das artes escénicas

Liñas de subvención para a produción escénica

A Axencia Galega das Industrias Culturais conta cunha liña de axudas públicas de carácter bianual coas que fomenta a produción escénica das compañías con actividade en Galicia. Na convocatoria 2017/18, dotada con 600.000 euros, resultaron 31 beneficiarios.

Na modalidade de nova creación foron Celtia Figueiras Rama para o espectáculo *As aventuras de Gale*, Borja Fernández Rodríguez para *Salvador*, Baobab Teatro para *Tifón*, Laura Villaverde Carrera para *Chola, a it girl*; Brais Gutiérrez Ríos para *Concerto punkinfantil*, Cristina Collazo Gómez para *A gata con zocas*, Diana Mera Estévez para *6 cubos negros en corpo branco*, Rubén Pérez Pombo para *Logos*, Magín Blanco García para *O camiño dos paxaros*, Julio Fenández Peláez para *Chuvia*, Victoria Pérez Varela para *Aguratrat!!*, e Juan Carlos Corredoira Pombo para *Diferenzas*.

Na modalidade de pequeno formato, os beneficiarios foron Redrum Producciones para *A canción do elefante*, Astestudio Xestión Cultural para *Gaia*, Teatro do Noroeste para *Animais de compañía*, Tanxarina para *A galiña azul*, Producciones Teatrais Excéntricas para *Mofa e Befá: Cranios privilexiados*, Títeres Cachirulo para *Farsas de Don Ramón*, Viravolta Títeres para *Todos ao balcón*, Emedous Producción e Distribución, S.L. para *Robin Hood*, Teatro Ensalle para *Procedimientos ante el vacío*, Elefante Elegante para *As botas*, Caramuxo Teatro para *Ela* e Inacio Vilariño Sanmartín para *Os golfiños e o xigante*.

Na modalidade de mediano formato, Sarabela Teatro con *O rei morre*, Kukas Producciones con *Réquiem para un monicreque*, Contraproduccións para *Nacidas Libres*, Pistacatro para *Orquesta malabar*, Santiago Cortegoso para *Casa O'Rei* e Vallés&Patiño para

Circo de pulgas resultaron beneficiados. Producións Teatrais Talía con *O servidor de dous amos* foi o único beneficiario na modalidade de gran formato.



En 2017, a través dunha resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 4 de decembro, tamén se convocaron as axudas a produción escénica para a bianualidade de 2018/19, dotadas con 650.000 euros (200.000 euros con cargo ao exercicio 2018 e 450.000 euros con cargo ao exercicio 2019).

Axudas a salas privadas para programación

Con carácter anual, a Agadic lanza tamén unha liña de axudas para as salas privadas, coas que contribúe a consolidar a súa programación dun xeito estable e profesional. Ás axudas, que teñen un orzamento de 70.000 euros, poden optar os xestores de salas de artes escénicas de titularidade privada con capacidade igual ou inferior a 250 localidades que contén cun proxecto de programación artística para o ano. Resultaron beneficiados en 2017 as salas Teatro Ensalle e Sala Artika de Vigo, e Teatro del Andamio e Sala Gurugú da Coruña.

Impulso á distribución

Igualmente, e cun orzamento de 435.000 euros, a Agadic abriu en marzo a convocatoria para a obtención de subvencións á distribución para as industrias culturais. Esta liña de axudas ten como obxectivos non só axudar á distribución interior de bens e servizos culturais producidos tanto por compañías, grupos profesionais e empresas con sede galega, senón tamén impulsar a distribución exterior do seu traballo. Os beneficiarios foron 134 entidades e profesionais e en total subvencionáronse 466 actuacións de artes escénicas e concertos no exterior (véx. 11.3), 47 asistencia a feiras e 107 actuacións dentro de Galicia.

Galicia Escena PRO

Destinado aos xestores culturais, aos programadores e aos distribuidores, o mercado Galicia Escena PRO tivo un ano máis unha cita en Santiago de Compostela, dos días 12 ao 15 de xuño. O evento contou con asistencia tanto de público profesional, con 163 inscritos, como de público xeral, un total de 1.958 persoas que presenciaron as 20 representacións teatrais que se realizaron en diferentes escenarios da capital galega. O Salón Teatro, a Fundación SGAE, o Auditorio Abanca, o Teatro Principal e a Casa das Crechas foron os espazos de actividade nesta edición.

O programa busca dar a coñecer as novas propostas escénicas que se fan en Galicia entre os responsables da programación de teatros e auditorios tanto de dentro como de fóra da comunidade. De feito, durante esta edición, non só estiveron presentes axentes culturais chegados desde fóra de Galicia, senón que tamén se puideron ver espectáculos foráneos grazas á colaboración coa Feria de Ciudad Rodrigo e ao intercambio con compañías de Castela e León. Durante o evento presentouse a XX Feria de Teatro de Castilla y León.

A edición de 2017 contou con máis días de actividade que a de 2016, co arranque dun programa de novas actividades paralelas e cunha versión mellorada da páxina web do encontro. Ademais das representacións teatrais, os profesionais puideron participar en 10 presentacións en formato *pitching*. Tamén se realizou durante o evento unha reunión da xunta directiva da Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidade pública.



Apoio a festivais de artes escénicas e musicais

Durante 2017, a axencia destinou 390.000 euros á súa liña de axudas públicas para festivais de artes escénicas e de música. Con estas subvencións, procúrase axudar a

fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega. Os beneficiarios teñen que desenvolver a súa actividade en Galicia e organizar festivais profesionais cun interese estratéxico para o sector. En 2017, foron 20 os beneficiados.

Do orzamento das subvencións, 220.000 euros destináronse a apoiar festivais de música: o Resurrection Fest, o Festival WOS, o Sinsal SON Estrella Galicia, o Portamérica, o Festival de la Luz, Cantos na Maré, o Revenidas, o Festival SonRías Baixas, o FIV, o Festival V de Valarés e o XXVI Festival de Jazz de Lugo.

Pola súa banda, os festivais de artes escénicas levaron 170.000 euros. O XXII Festival Galicreques, o XXVI Festival Internacional Outono de Teatro FIOT, a XXIV Mostra Internacional de Teatro Cómico de Cangas, o Festival Internacional de Teatro de Ourense, o Festiclown Vilagarcía, o Corpoaterra, o XVIII Festival Internacional de Títeres de Redondela M. Juanjo Amoedo, a XXXIX Mostra de Teatro de Cariño e o Festival de Teatro Galego do Carballiño foron os beneficiados.

Ademais, a Agadic tamén colaborou na posta en marcha do Marisquiño, da Semana da Música da Coruña, do Ourense Dance e do Festival Feito a Man 2017.

A través dun convenio de colaboración co Concello de Ribadavia, a Axencia Galega das Industrias Culturais apoiou a MIT-Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que tivo lugar entre os días 15 e 24 de xullo. Ademais das funcións e estreas de obras das compañías galegas e españolas que participaron no festival, os asistentes puideron ver funcións de grupos do Reino Unido, Grecia, Alemaña, Francia, Portugal e Lituania. O programa tamén contou coa posta en escena da obra de Valle-Inclán en galego.

Soporte das programacións musicais

A Agadic colaborou coa Asociación D'Orfeu no programa OuTonalidades, que se desenvolveu no mes de outubro e que fixo posible o intercambio cultural entre agrupacións musicais galegas e portuguesas.

A música clásica estivo presente nas actividades grazas ao X Festival Internacional de Música de Ourense Pórtico do Paraíso, que se realizou entre o 3 e 12 de marzo en diferentes espazos da cidade e que lle achegou ao público a primeira liña no panorama nacional e internacional da música clásica con diferentes concertos e actuacións.

O xénero lírico tamén estivo representado nos convenios asinados en 2017 pola Agadic. A axencia colaborou coa Asociación de Amigos da Ópera da Coruña na produción da ópera *Un ballo in maschera*, de Giuseppe Verdi, representada no Teatro Colón da Coruña entre o 1 e o 3 de setembro.

Polo que respecta á música popular, a Agadic apoiou o Encontro de Tocadores de Caminha. Realizado entre o 2 e o 4 de xuño e enmarcado no Entre Margens, contou coa participación de aCentral folque na organización.

Estímulo aos certames de bandas de música

Ademais de establecer unha programación activa musical nas diferentes localidades galegas, a Agadic apoia mediante convenios de colaboración e actividades específicas a cultura musical galega noutras áreas. Unha delas é a das bandas de música e a música bandística, un xénero cunha enorme tradición na historia musical galega. Ao

abeiro dun convenio coa Federación Galega de Bandas de Música Populares, organizouse o XI Certame Galego de Bandas de Música. De maio e de novembro, leváronse a cabo concertos ao longo de Galicia, que remataron cunha actuación entre os días 25 e 26 de novembro no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela, coa participación de 10 agrupacións e máis de 600 músicos. As bandas gañadoras en 2017 foron a Banda Xuvenil de Vilatuxe, a Escola de Música de Meaño e a Lira de Ribadavia. A Xove Banda de Valga levou o galardón á mellor interpretación.



A outra liña de traballo foi a colaboración co XI Concurso Galego de Composición, do que saen as composicións que os participantes no Certame Galego de Bandas de Música teñen que interpretar na seguinte edición do certame. Gerardo Israel Quintas Alonso, con «Suite Istoría», e Christian Overhead, con «Lendas do monte», foron os gañadores na sección primeira e na sección segunda, respectivamente. Robert Alan Ely, con «Noite de San Xoán», e Carmen Rodríguez Rodríguez, con «A cova sumerxida», foron os finalistas nesas dúas categorías. Na sección terceira a obra finalista foi a de Lois Pimentel Iglesias, «As dúas en punto (A hora de rebeldía)».

Tras a posta en marcha do certame en 2016, en 2017 a Agadic volveu tamén apoiar a celebración do Festival de Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia mediante un convenio de colaboración coa Federación Galega de Bandas de Música Populares. A data desta segunda edición foi o 9 de xullo na Cidade da Cultura de Galicia. Uns 500 instrumentistas participaron no encontro, que busca dar a coñecer o traballo que fan as formacións máis novas das bandas de música galegas, ao tempo que se fomenta unha xornada de convivencia entre os seus compoñentes, procedentes de toda a xeografía galega.

Residencias Paraíso

En 2017, a Agadic puxo en marcha as Residencias Paraíso, un programa desenvolvido en colaboración co colectivo RPM, tanto de investigación no terreo da danza como de creación na danza contemporánea. A residencia é concibida como un espazo e un tempo dedicado á investigación, o que lles permite aos residentes traballar no seus terreos de interese sen ter que mostrar un produto escénico concluído ao final do período de forma obrigatoria.

Os participantes nas residencias de 2017 traballaron en diferentes espazos escénicos galegos entre xullo e decembro de 2017. Os concellos da Coruña, Lugo, Narón, Ourense e Carballo cederon espazos para a posta en marcha destas residencias. O orzamento da actividade foi de 18.000 euros e cada un dos seleccionados recibiu entre 2.500 e 3.000 euros.

Recoñecemento ao talento escénico e musical

A Agadic colaborou un ano máis coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia na organización dos **Premios de Teatro María Casares**, que cada edición recoñecen os mellores profesionais e as mellores producións teatrais que se puxeron en escena durante o ano anterior. Na gala de entrega, que tivo lugar o 29 de marzo de 2017 no Teatro Rosalía Castro da Coruña, unha das obras galardoadas cun dos premios que convoca a Agadic de texto teatral logrou tamén o premio ao mellor texto orixinal do ano. Foi para Santiago Cortegoso por *Raclette*, premio Álvaro Cunqueiro 2016.



O tolleito de *Inishmann*, de Contraproducións, e *Eroski Paraíso*, de Chévere, foron as máis recoñecidas, con cinco e catro galardóns, respectivamente. A primeira levou os premios de mellor iluminación (Afonso Castro), mellor adaptación/tradución (Cándido Pazó, Santi Romay, Alberto Rodríguez), mellor actriz secundaria (María Roja), mellor actor secundario (Evaristo Calvo), mellor actor protagonista (Santi Romay); a segunda acadou os de mellor música orixinal (Terbutalina), mellor actriz protagonista (Patricia de Lorenzo), mellor dirección (Xron) e mellor espectáculo.

O resto dos galardóns foron parar a mans de *Voaxa e Carmín*, de ButacaZero e de Eme2, co premio á mellor maquillaxe (Trini F. Silva) e mellor vestiario (Mari Seoane); *Danza da choiva*, de Elefante Elegante, premio ao mellor espectáculo infantil, e *Foucellas*, de Talía Teatro, premio á mellor escenografía (Dani Trillo). Na gala tamén se entregou o premio de honra Marisa Soto, que recaeu no director teatral Eduardo Alonso.

Mediante un convenio de colaboración coa Asociación Músicos ao Vivo, a Agadic apoiou un ano máis o desenvolvemento dos **Premios Martín Códax da Música**. Os galardóns foron entregados nunha gala realizada o 4 de maio de 2017 no Pazo da Cultura de Pontevedra, para recoñecer e poñer en valor a creación, diversidade e calidade artística das producións musicais galegas. En total, foron premiados grupos, solistas ou colectivos en 16 categorías.

Os Amigos dos Músicos (pop/indie), Agoraphobia (rock), Iago Fernández (jazz/músicas improvisadas), Maladrómeda (hip hop/músicas urbanas), Alberto Vilas (clásica/contemporánea), Vaamonde, Lamas e Romero (folque), Davide Salvado (música tradicional galega), Talabarte (músicas do mundo), María Fumaça -Aire! (música infantil), Pálida (música electrónica), Aphonnice (metal), O Sonoro Maxín (reggae/ska/mestizaxe), Áureas en Voga (orquestras/grupos/música de verbena), VooDoo (blues/funk/soul), Sonia Lebedynski (canción de autor) e Ejazz (cursos e grupos vocais) foron galardoados na edición de 2017.

A gala tamén foi o punto de entrega dos premios Organistrum, que foron parar a Surfing the Lérez (festivais), A Pousada das Ánimas (salas) e ZigZag-TVG (espazos de comunicación musical). O premio honorífico nesta edición foi para Dorothé Schubarth.



Publicacións e alento á escrita teatral

Co fin de lle achegar o teatro á cidadanía, entre as liñas de axudas e de actuación que segue a Agadic neste ámbito están a publicación de textos teatrais e o apoio á escrita para teatro. En 2017, a Agadic levou ao prelo as catro obras que resultaron gañadas na edición 2016 dos tres premios á escrita teatral que convoca.

As obras publicadas foron *O valo*, de Carlos Labraña e IX Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2016, en coedición con Edicións Xerais de Galicia na colección Biblioteca Dramática Galega; *Suite Artabria*, de Manuel Lourenzo, obra gañadora do XXIII Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais 2016 e coeditada por Xerais na mesma colección; *Marcha fúnebre para un monicreque*, de Roi Vidal e XII Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques 2016, modalidade adultos, en coedición con Baía Edicións dentro da colección Barriga Verde; e *Os golfiños e o xigante*, de Inacio Vilariño e XII Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques 2016, modalidade infantil, que tamén foi publicada por Baía Edicións.

Non foron os únicos textos publicados. En coedición con Edicións Positivas e dentro da colección do Centro Dramático Galego O Papel do Teatro, lanzouse a versión en galego de *Martes de Carnaval (As galas do defunto e A filla do capitán)*. A publicación estivo vinculada á estrea das obras, as primeiras traducións ao galego da obra de Ramón María del Valle-Inclán, polo Centro Dramático Galego no mes de abril.

Durante o exercicio tamén se abriron as convocatorias para 2018 do XXIV Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, do X Premio Manuel María de literatura dramática infantil e do XIII Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, nas modalidades para rapaces e para adultos.

A Agadic colaborou coa Escola Superior de Arte Dramática de Galicia na organización do IV Premio Pegada de Teatro Radiofónico, que convoca este centro de ensinanzas artísticas. O gañador foi *Camiños de luz*, de César No.

9.2 Promoción do audiovisual galego

Apoio a producións e coproducións de contido cultural galego

En 2017, a Agadic convocou unha nova edición das subvencións a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego, que teñen un carácter trianual. As producións beneficiarias reciben pagos durante un período de tres anos. En total, a esta partida de axudas foron destinados dous millóns de euros, distribuídos en 214.000 euros para o exercicio 2017, 600.000 euros para o exercicio 2018 e 1.186.000 euros para o de 2019.

Os beneficiarios foron *Eles transportan a morte*, de Filmika Galaika; *A lei do plomo*, de La Ley del Plomo; *O Santa Isabel*, de Agallas Films; *Quen a ferro mata*, de Vaca Films Studio; *Unicorn Wars*, de Abano Producións; *Tomás Fábregas. Romper fronteiras*, de Social-docs; *A loita*, de Agallas Films; *Gallo*, de Frida Films; *A media voz*, de Matriuska Produc-

ciones; *The Monkey*, de Xosé Manuel Zapata; *Elisa e Marcela*, de Zenit Televisión; e *Auga seca*, de Portocabo.

Axudas ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais

Os programas de axudas da Agadic non só contribúen coa posta en marcha de proxectos audiovisuais, senón tamén co traballo previo, o do seu desenvolvemento. En 2017 a axencia lanzou unha nova convocatoria de axudas para producións que se atopen en fase inicial de desenvolvemento, con previsión para ser desenvolvidas nos exercicios 2017 e 2018. O orzamento total previsto foi de 200.000 euros: 25.000 para 2017 e 175.000 para 2018.

Os beneficiarios foron *O vello e o can*, de Caladiño Filmes; *Veinte e Ultramar*, de Vaca Films; *Melita*, de Abano Producións; *Tres flores sen piedade*, de CTV; *Unha casa en Amargura*, de Ficción Producciones; *Garbo, o espía que enganou a Hitler*, de Portocabo TV; *After*, de Frida Films; *Cores*, de Ladybug Films; *Kevin vs Ray*, de Pulsa Control Z, e *Letters through the wall*, de Alfonso Vázquez Cortizo.

Aposta polo talento audiovisual

Igualmente, promoveuse unha convocatoria de subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego, destinadas a potenciar a escrita e a produción de proxectos en versión orixinal galega. O orzamento total destinado a estas axudas foi de 145.000 euros.

Os beneficiarios foron *Anguías*, de Nuria Mosqueira Varela; *Os días calados do señor Stevens*, de César Souto Vilanova; *Só (unidade mínima)*, de Antonio Chouza López; *Dúas vellas, sete gatos, tres máquinas de coser*, de Marta Pérez Pereiro; *O corpo aberto*, de María Ángeles Huerta González; *Matria*, de Álvaro Gago Díaz; *A carta xeométrica*, de Miguel Mariño Lamas; *Exhalación*, de Alberto Díaz López; *Sendeiro*, de Lucía Estévez González; *Tódalas mulleres que coñezo*, de Xiana Gómez Díaz; *9 fugas*, de Alfonso Vázquez Cortizo; *Ursúas*, de Laura Villaverde Carrera; e *Manoliño Nguema*, de Filmika Galaika.

Premios Mestre Mateo

Recoñecer o labor dos profesionais da industria e estimular o traballo no mercado audiovisual de Galicia: estes son dous dos obxectivos dos Premios Mestre Mateo, que organiza a Academia Galega do Audiovisual co apoio da Agadic mediante un convenio de colaboración. Na XV edición dos galardóns premiáronse traballos en 25 categorías divididas en dúas modalidades: produción e profesionais. Ademais, entregóuselle o premio de honra Fernando Rey á directora de arte Marta Villar e o premio honorífico José Sellier, ao programa *En Xogo* da Televisión de Galicia.

María y los demás, con cinco estatuñas (premio á mellor longametraxe, á mellor interpretación feminina, ao mellor guión, ao son e á música orixinal), foi a longametraxe que conseguiu máis distincións na entrega de premios, que tivo lugar o 4 de marzo no Auditorio Gaviota do Palexco da Coruña. A serie de televisión *Dalia, a modista lo-*

grou catro estatuíñas (interpretación feminina de reparto, dirección de arte, vestuario e maquillaxe e peiteado) e foi o segundo título que acumulou máis premios. O terceiro máis galardoado foi o documental *Esquece Monelos* (mellor documental, dirección de fotografía e montaxe).

Colaboración cos festivais audiovisuais

A Agadic apoiou diversos festivais audiovisuais que se realizaron en 2017 en Galicia. Así, convocouse unha liña de axudas, dotada cun orzamento de 115.000 euros, á subvención de festivais do sector audiovisual. Os beneficiarios destas axudas foron as *Xornadas de cine e vídeo en Galicia Xociviga 2017*, organizadas polo Concello do Carballiño; o XIII Play-Doc Festival Internacional de Documentais de Tui, pola Asociación Cultural Enfoques; o (S8) 8º Mostra Internacional de Cinema Periférico, pola ESE 8 Asociación Cultural; e o Festival Internacional de Curtas de Bueu, pola Asociación FIC Bueu. Os festivais Curtocircuíto de Santiago, Primavera de Cine de Vigo, FKM da Coruña e Festival de Cans do Porriño recibiron tamén apoio da Agadic, neste caso mediante diferentes convenios de subvención.



Tamén se pechou un acordo de colaboración coa Asociación Galega de Guionistas para a organización do V Encontro de Guionistas que tivo lugar en Santiago de Compostela entre o 2 e o 4 de novembro coa asistencia de 158 profesionais do sector.

Así mesmo, a axencia conta cunha liña de subvencións á promoción e difusión do cine galego en festivais e mostras de cine de prestixio nacional e internacional de fóra de Galicia. Os beneficiarios foron os representantes dos filmes *El paisaje está vacío*, *Plus ultra*, *A estación violenta*, *Mimosas*, *Tseweesh*, *Montañas ardientes que vomitan fuego*, *Noc-*

turno, *fantasmas de mar en puerto*, *Dhogs*, *Fajr* e *Os fillos da vide*, que recibiron diferentes contías para asistir a varios festivais e mostras de cine.

A Agadic destinou un total de 38.500 euros á presenza institucional e ao apoio á asistencia de produtoras a festivais e mercados internacionais. Esta partida orzamentaria tivo 25 beneficiarios e permitiu a asistencia aos festivais de Clermont Ferrand (Francia), EFM (Berlín), MIPTV (Cannes), Sunny Side of the Doc (La Rochelle), Mipcom (Cannes), Ventana Sur (Buenos Aires).

Por outra banda, entre o 20 e o 27 de outubro de 2017 desenvolveuse en Ourense o Festival de Cine Internacional de Ourense OUFF, co que a Axencia Galega das Industrias Culturais colabora mediante un convenio co Concello de Ourense. Entre as seccións competitivas e as de exhibición, puideron verse 65 filmes. O festival acolleu tamén o *III Encontro de coprodución Portugal-Galicia* (véx. 9.4) e o I Foro de Posproducción Áncora.

O impacto do festival como dinamizador do audiovisual galego vai máis alá da propia programación cinematográfica, con iniciativas como o programa Extramuros, que traballa en áreas vinculadas dun xeito transversal ao cine, como poden ser os libros de cine; e o OUFF Escola, certame destinado aos centros de ensino non universitario e que conta coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística (véx. 8.4).



Na categoría de centros de infantil e primaria, o certame recoñeceu os traballos *Quero un patio novo*, do CEIP Coirón-Dena (1º premio), *Conversas en lata*, do CEIP Torre Illa (2º premio) e *Árbores no camiño*, do CEIP Eduardo Pondal (mellor guión). Nos niveis de ensino non universitario foron galardoados *Verba*, do IES Macías O Namorado (1º premio), *Algo pasa en Guitiriz*, do IES Poeta Díaz Castro (2º premio); e *O rumor*, do IES Basanta Silva (mellor guión). O IES Arzúa levou unha mención.

Dinamización da programación cinematográfica en Galicia

A Agadic colaborou coa Fundación Pazo de Mos no desenvolvemento da Mostra de Cine de Mos, que tivo lugar entre o 15 de outubro e o 25 de novembro. *100 años de perdón*, *Migas de pan*, *Sicixia* e *María (y los demás)* foron os títulos de produción ou coprodución galega que se puideron ver no encontro, no que tamén se proxectou o filme de animación *Ballerina*.

Programación en colaboración cos cineclubs galegos

A Agadic vén apoiando a programación cinematográfica dos cineclubs galegos a través dun convenio de colaboración coa Federación de Cineclubes de Galicia, ao abeiro do que se desenvolve un programa de exhibición de filmes aos que poden acceder os membros da entidade. En 2017, foron 12 os cineclubs que organizaron ciclos de cine e oito os que se acolleron á modalidade das semanas de cine.

Ademais, a Agadic conta cunha liña de colaboración específica co cineclub Padre Feijoo de Ourense e co Lumière de Vigo a través do Centro Galego de Artes da Imaxe (véx. 9.7). Este ano, sumouse tamén o Club Cultural Valle Inclán de Lugo a esta liña de traballo.

Publicacións para a proxección exterior

En 2017, a Agadic editou unha nova edición de *Films from Galicia* e de *Shorts from Galicia*, dous catálogos especializados para dar a coñecer as obras audiovisuais producidas en Galicia. *Films from Galicia* recolleu as longametraxes producidas en Galicia, mentres que *Shorts from Galicia* se centrou nas curtas. Os dous catálogos foron distribuídos nos diferentes mercados e foros nos que participou a Agadic.

9.3

Programacións escénicas, cinematográficas e musicais da Agadic

A Axencia Galega das Industrias Culturais conta cunha programación cultural propia ligada aos centros que dela dependen, como son o Centro Dramático Galego, o Centro Coreográfico Galego e o Centro Galego de Artes da Imaxe. Para chegar a unha parte máis ampla da cidadanía, para poder ofrecer unha maior variedade de contidos e para conseguir crear unha programación estable de artes escénicas cunha penetración que vaia máis alá das cidades nas que estes centros operan, a Agadic apóiase tamén nunha serie de redes de espazos de representación.

Son a Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Música ao Vivo e a Rede Galega de Salas, que a axencia xestiona en colaboración con varios organismos públi-

cos e privados. En total, estas redes permitiron ofrecer un total de 853 actuacións que ampliaron a programación cultural galega, dotándoa dunha maior variedade xeográfica e temática. Estas actividades súmanse ás accións ligadas aos programas da Agadic Cultura no Camiño, Danza 3 ou Cinemas de Galicia, de xeito que se contribúe a que a diversidade da oferta escénica galega sexa aínda máis ampla.

Rede Galega de Teatros e Auditorios

A Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA) integra auditorios e teatros galegos, aos que lles facilita contar cunha programación de actividades escénicas coas que chegar aos habitantes das súas localidades. Coa RGTA quérese tamén asegurar a presenza nas táboas de xéneros que resultan menos comerciais e do teatro en galego, para axudar de forma paralela a incentivar a produción teatral en Galicia. Durante 2017, foron 44 espazos os que se integraron na rede e que acolleron 539 representacións de 147 compañías. No exercicio rematado, ademais, aumentou a flexibilidade de contratación entre os participantes.



En total, en 2017 as actividades chegaron ata 39 concellos repartidos por toda a xeografía galega. A Coruña, A Estrada, A Rúa, Ames, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Burela, Cambados, Cangas de Morrazo, Carballo, Cedeira, Cee, Ferrol, Foz, Gondomar, Lalín, Lugo, Monforte de Lemos, Muros, Narón, Noia, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Oleiros, Ortigueira, Ourense, Ponteareas, Pontevedra, Redondela, Ribadeo, Sada, Santiago de Compostela, Tui, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Vimianzo e Viveiro son os concellos con teatros e auditorios que se integraron na rede durante o ano 2017.

Por segundo ano consecutivo, a Rede Galega de Teatros e Auditorios aumentou o seu orzamento. Se en 2016 contou cuns fondos de 689.360,97 euros fronte aos 600.000 euros de 2015, en 2017 a rede aumentou o seu orzamento ata os 746.000 euros.

Rede Galega de Salas

Cun presuposto de 60.200 euros, unha cifra que supera lixeiramente a cantidade coa que se dotou a esta rede en 2016, a Rede Galega de Salas (RGS) facilitou a distribución de obras escénicas e musicais de diferentes estilos entre as localidades galegas. Na rede están integradas cinco salas privadas, Teatro del Andamio (A Coruña), Sala Gurugú (A Coruña), Fundación SGAE (Santiago de Compostela), Sala Ingrávida (O Porriño) e Teatro Ensalle (Vigo), que pola súa pertenza á rede poden contar cunha maior estabilidade á hora de establecer a súa programación anual.

Entre xaneiro e decembro de 2017, a RGS acolleu 119 representacións escénicas e musicais, nas que tiveron cabida todos os xéneros e todos os estilos. Corenta e catro foron as compañías participantes nesta edición.

Rede Galega de Música ao Vivo

Destinada á cidadanía en xeral pero ao público mozo en particular, a Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV) é un dos programas cos que a axencia intenta tanto promover como darlle maior difusión á música que se fai en Galicia. A previsión para o ano 2018 é lanzar unha nova convocatoria do programa, pero tamén modificar a normativa.

Na Rede están integradas 27 salas privadas de música ao vivo en 19 concellos galegos, como son A Coruña, A Illa de Arousa, Allariz, Bueu, Cangas de Morrazo, Cervo, Culleredo, Ferrol, Laxe, Lugo, Melide, Moaña, O Barco de Valdeorras, O Grove, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e Vilagarcía de Arousa. Cun orzamento de 100.000 euros, a Rede apoia a captación de novos públicos e facilita o acceso da cultura a novos mercados. Ademais, tamén se crea un marco que permite unha mellor profesionalización do sector, xa que axuda a que se cree unha programación musical estable nas salas participantes.

A actividade desenvolveuse entre xaneiro e decembro e permitiu que se desenvolvesen 196 concertos de 57 grupos musicais. Todos os estilos teñen cabida na RGMV.

Entre xullo e setembro, ademais, os espazos desta rede acolleron tamén a xira de concertos dos grupos gañadores do programa *Vas sacar nota!*, da Radio Galega.

Cultura no Camiño

Un ano máis, entre abril e setembro, o Camiño de Santiago converteuse nun espazo aberto ás artes escénicas. O programa, ao que a Agadic destinou 241.118,63 euros durante 2017 e que chegou a unha estimación de 1,5 millóns de potenciais espectadores, puxo en marcha unha serie de espectáculos de teatro, maxia ou novo circo nos 98 concellos que están vinculados ao Camiño de Santiago. Deste xeito, tanto a poboación

local como os visitantes poden descubrir diferentes produtos culturais galegos, que logran unha maior visibilidade ao se representaren nunha contorna que xa de por si logra espertar moita atención.

Durante a edición de 2017 foron realizadas 371 funcións de artes escénicas e de música por 156 compañías e grupos galegos.



Danza 3

Achegarlle ao gran público a danza e a música tradicionais galegas é o principal obxectivo do ciclo de difusión da música e o baile tradicionais Danza 3, que un ano máis puxeron en marcha a Axencia Galega das Industrias Culturais e as agrupacións integrantes do colectivo XOC (Xacarandaina, O Fiadeiro e Cantigas e Agarimos). O ciclo, que está dotado cun orzamento de 50.000 euros, leva as tres agrupacións de danza aos concellos galegos entre maio e decembro, onde tanto en emprazamentos ao aire libre como en auditorios mostran as artes do baile tradicional galego. Nesta edición, Redondela, Baltar, O Irixo, Mos, Muros, Sanxenxo, Oroso, Vilalba, Carral, Carballo, Ortigueira e Ribadeo foron os concellos participantes no ciclo.

Cinemas de Galicia

Apoiar a produción audiovisual galega non só implica traballar cos produtores audiovisuais para crear novas obras, senón tamén impulsar os comportamentos de consumo destes produtos culturais por parte da cidadanía. O programa Cinemas de Galicia busca traballar neste terreo, impulsando a asistencia do público ao cine e sobre todo facéndoo en municipios que non contan con salas de cine comerciais.

Mediante acordos de colaboración con diferentes concellos, o programa oferta en espazos municipais pases de películas feitas en Galicia ou do cinema europeo.

Na edición de 2017, os beneficiarios do programa foron nove concellos galegos (Foz, As Pontes, O Grove, Ortigueira, Bueu, Allariz, Celanova, Cariño e Cedeira) nos que se programaron filmes do 3 de abril ao 25 de xuño e do 11 de setembro ao 3 de decembro. No primeiro tramo do programa, a carteleira estivo composta polos filmes *100 anos de perdón*, de Daniel Calparsoro; *100 metros*, de Marcel Barrena; *Ballerina*, de Érin Warin e Éric Summers; *Elle*, de Paul Verhoeven, *Eu, Daniel Blake*, de Ken Loach; *Lobos sucios*, de Simón Casal; *María (e os demais)*, de Nely Reguera; *Mimosas*, de Óliver Laxe; *Os días afogados*, de César Souto e Luis Avilés; *Pelerinaxes*, de Simone Saibene; *Psiconautas, os nenos esquecidos*, de Alberto Vázquez e Pedro Rivero; *Sicixia*, de Ignacio Vilar; *Siembra*, de Ángela Osorio e Santiago Lozano; e *Toro*, de Kike Maíllo.

A partir de setembro tamén sumaron *Angélica (unha traxedia)*, de Manuel Fernández-Valdés; *Baixo a area*, de Martin Zandvliet; *Esquece Monelos*, de Ángeles Huerta; *Franz*, de François Ozon; *Fuocoammare*, de Gianfranco Rosi; *Manuel Vilariño. Ser luz*, de José Manuel Mouriño; *Migas de pan*, de Manane Rodríguez; *Neruda*, de Pablo Larraín; *Piedad*, de Otto Roca; *Pozoamargo*, de Enrique Rivero; *Toni Erdmann*, de Maren Ade; *Torre de Breoghán*, de Jorge Coira, e *Un amor de verán*, de Catherine Corsini.

Axudas á distribución

Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra das fronteiras galegas é un dos obxectivos fundacionais da Agadic e un dos puntos que apoia mediante unha liña de axudas específicas para a distribución de produtos culturais. Esta liña de axudas contou durante 2017 cun orzamento de 435.000 euros, unha cifra superior á de 2016. As axudas foron parar a mans de 60 beneficiarios na primeira quenda de distribución, 52 na segunda quenda e 23 na terceira quenda. A través desta liña financiáronse máis de 500 concertos, funcións e participacións de empresas galegas en festivais e feiras.

9.4 Formación e apoio sectorial

III Encontro de coprodución audiovisual Portugal-Galicia

Por terceiro ano, a Agadic organizou, en colaboración co Instituto do Cinema e do Audiovisual de Portugal (ICA) e no marco do Festival Internacional de Cinemas de Ourense OUFF, o III Encontro de coprodución audiovisual Portugal-Galicia, un punto de encontro entre os profesionais do audiovisual —tanto do cine como da televisión— de ambos os lados do Miño. O encontro favorece a colaboración entre as empresas do sector galegas e portuguesas, xa que permite atopar socios estratéxicos, financiamento e outras cuestións profesionais no mercado veciño. Na edición de 2017, producíronse máis de 80 reunións. As entidades galegas participantes foron a Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi), Adiviña Producións, Agallas, Cinemar, Control

Z, CTV, Ficción Producciones, Ollo Vivo, Portocabo, Recrea, Sr. Pause, Vía Láctea Filmes, Voz Audiovisual, Walkie Talkie Films e Televisión de Galicia (TVG).

SeriesLab 2017

Entre o 18 e o 23 de xaneiro, Santiago de Compostela acolleu por primeira vez o obradoiro SeriesLab do Torino FilmLab, organizado polo Museo Nazionale del Cinema e pertencente ao seu programa formativo. Grazas a un acordo de colaboración, o programa trouxo a Santiago un obradoiro especializado no desenvolvemento de guións para series de televisión no que participaron unha vintena de profesionais. Para esta actividade foron seleccionados 12 proxectos europeos, tres deles galegos: *The Writer*, de Manuel Darriba; *The Brussels Blueprint*, de Alphone de la Puente e Guillermo Madjarian, e *Chrysalis*, de Samuel Lema e Daniel Froiz.

Conecta Fiction

En colaboración co ICEX e a Fundación SGAE tamén se organizou este verán o encontro Conecta Fiction, un evento centrado na ficción televisiva que busca conectar o mercado europeo co de América Latina e Estados Unidos. En total, asistiron 400 participantes internacionais, que mantiveron unhas 2.000 reunións e encontros de traballo durante tres días de xuño (véx. 11.3).



Culturgal

Culturgal, a feira das industrias culturais de Galicia, realizou en 2017 a súa décima edición do 1 ao 3 de decembro no Pazo de Pontevedra coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación, principal patrocinador do encontro. O departamento contou

con dous stands: o stand da Xunta de Galicia e un expositor do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) no novo Espazo Arte Contemporánea de Culturalgal. Ademais do CGAC, as secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) e a Fundación Cidade da Cultura contribuíron cunha programación que incluíu unha vintena de actividades dirixidas tanto aos profesionais como ao público en xeral. Tampouco faltaron propostas para o público infantil, como o obradoiro de arquitectura organizado polo CGAC.

Os programas Cinemas de Galicia, Conversas Nortear, a 4ª Semana de Convergências Portugal-Galiza, o FalaRedes ou o Pequefilmes foron algunhas das iniciativas que se desenvolveron na feira, na que tamén se presentaron a exposición *Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas*, o Centro de Emprendemento Creativo Gaiás, o festival Escenas do Cambio 2018, a Memoria Dixital de Galicia, o proxecto Uxía-O, o Caderno Ramón Piñeiro dedicado a Carlos Casares e un estudo metodolóxico sobre a repercusión económica e social dos eventos culturais, realizado por Fran Núñez.

Catorce mil persoas visitaron a décima edición de Culturalgal, que contou con Portugal como cultura convidada.



Formación para profesionais das artes escénicas e audiovisuais

A Agadic tamén colaborou en 2017 coa Fundación Universidade da Coruña na posta en marcha de accións formativas no eido audiovisual, como por exemplo o desenvolvemento do **Máster en Produción e Xestión Audiovisual (MPXA)**, posgrao propio da Universidade da Coruña. O programa de formación busca educar profesionais especializados na produción executiva.

No terreo do audiovisual celebráronse varias clases maxistras do programa **Augal 2016/17**, que tras a proxección de filmes galegos invita a un coloquio para debater o seu contido. As cinco sesións tiveron lugar na facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra, destinadas a estudantes, profesionais do sector e intere-

sados, e chegaron a 124 persoas inscritas e preto de 1.000 asistentes. Os filmes analizados foron *Sicixia*, *María (y los demás)*, *Migas de pan*, *Psiconautas* e as curtas *Einstein-Rosen*, *Men* e *Volver alí*. O orzamento deste programa foi de 3.065,78 euros.



Outras das accións de formación para o sector foi o programa **Galicia Profilme**, destinado á formación continua dos profesionais en activo e que tivo un orzamento de 6.000 euros e chegou a 160 persoas. Neste marco realizáronse sesións informativas en colaboración coa Asociación de Guionistas, a Fundación Media España, a canle de televisión Clan TV ou os festivais Curtocircuíto en Santiago de Compostela e Novos Cinemas en Pontevedra.

Durante este ano, tamén se colaborou coa **Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas** (Escena Galega) para a posta en marcha dun xeito conxunto dunha serie de actividades de dinamización, promoción e formación no terreo da actividade escénica profesional. Entre as actividades realizadas incluíronse accións de participación en feiras que resultan estratéxicas para o sector, a posta en marcha de cursos, a realización de encontros e xornadas ou a publicación de materiais para a difusión e promoción do traballo escénico galego.

En colaboración coa Fundación Paideia e Estudios Mans, organizáronse as **Xornadas industrias musicais**, que do 14 de marzo ao 13 de xuño chegaron a 200 persoas. En catro xornadas analizáronse diferentes puntos ligados á industria musical: o papel das salas de música, o peso do xornalismo musical, o valor da formación en xestión de talento e os diferentes formatos de festivais musicais. Igualmente, a axencia tamén colaborou coa Asociación Galega de Deseño na organización do **IV Foro FEED**, un encontro profesional centrado no sector da edición e o deseño e que se desenvolveu en Santiago de Compostela a principios de novembro, e co Clúster do Audiovisual Galego, na posta en marcha da xornada de traballo **I+P Ideas para producir**, que tivo lugar tamén en novembro na capital de Galicia.

Tamén se organizou o **Curso de medios audiovisuais de Celanova** (CEMAC), un curso de verán que na edición de 2017 se centrou na obra audiovisual como suma de talentos e ao que asistiron 500 persoas entre o 4 e o 7 de xullo.



9.5 Centro Dramático Galego

Ir ao teatro era historicamente unha das principais actividades de ocio para a cidadanía. Recuperar ese papel para o teatro e axudar a que o público o coñeza e o goce unha vez máis son dous dos obxectivos da Axencia Galega das Industrias Culturais na súa estratexia de achegamento a esta arte. O Centro Dramático Galego (CDG) é un dos seus principais apoios neste traballo.

O CDG é a unidade propia de produción teatral da Xunta de Galicia. Traballa non só para lles descubrir aos galegos e galegas o teatro, senón tamén para ofrecer unha programación propia de obras, xa sexa en formato de produción propia como de coprodución.

Producións propias e coproducións

O programa de producións propias do CDG durante 2017 estivo centrado en Valle-Inclán. Dirixida por Marta Pazos, o CDG puxo en escena a obra *Martes de Carnaval* (composta por *As galas do defunto* e *A filla do capitán*). Esta foi a primeira produción que o Centro Dramático Galego fixo dun texto de Valle-Inclán e unha das primeiras representacións en galego das obras dramáticas do autor por calquera compañía. Os ensaios da obra abarcaron desde finais do mes de febreiro ata mediados de abril, cando foi estreada no Salón Teatro de Santiago de Compostela, a sede do CDG.

A obra tivo 23 funcións no Salón Teatro e saíu de xira pola Coruña, O Barco de Valdeorras, Ourense, Pontevedra, Rianxo, Tui, Valencia e Vigo. As representacións tiveron un público de 2.165 persoas no Salón Teatro e de 3.828 en xira.

Participaron no espectáculo os actores e actrices Iria Azevedo, César Cambeiro, Mercedes Castro, Anabell Gago, Miquel Insua, Alejandro Jato, Pablo Rivero Madriñán,

María Roja, Machi Salgado e Sergio Zearreta. O equipo artístico estivo conformado, ademais de pola súa directora Marta Pazos, por Rut Balbís (movemento), Fernando Ribeiro (escenografía), Uxía Vaello (vestiario), José Álvaro Correia (iluminación), José Díaz e Hugo Torres (música), Esther Quintas Salgado (caracterización), Manuel Cortés (tradución), Hugo Torres (asesoría de dramaturxia), Rosa Moledo (asesoría lingüística), Ernesto Arias (traballo da palabra), Gena Baamonde (asistencia de dirección), José Faro Coti (asistencia de escenografía e iluminación), María Villas (asistencia de vestiario) e José Díaz (asistencia de produción).



Ademais das producións propias, o CDG tamén colabora con outras compañías en réxime de coprodución. A estratexia de selección das obras que forman parte deste tipo de colaboracións parte do interese do centro por apoiar proxectos artísticos que xa foron deseñados e están xa perfilados. As seleccións baséanse no interese que poden espertar como títulos puntuais ou no que achegan os equipos que están detrás delas.

No caso das coproducións de 2017, houbo dúas grandes liñas de traballo. Por un lado, ao abeiro da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, apostouse por fomentar o diálogo con Portugal. Neste terreo enmárcase a coprodución *O conto de inverno de William Shakespeare*, dirixida por Marcos Barbosa e posta en escena pola Compañía Teatro Oficina de Guimarães; e *Daniel Faria*, dirixida polo galego Pablo Fidalgo e coproducida pola súa propia compañía, conformada tanto por galegos como por portugueses.

Por outro lado, a difusión e promoción das artes escénicas e a dramaturxia contemporánea galegas potenciaron a selección doutras dúas obras. *Os mortos daquel verán*, de Carlos Casares, dirixida por Artur Trillo e da Compañía Talía Teatro; e *Elisa e Marcela*, dirixida por Gena Baamonde e da Compañía A Panadaría.

As catro obras que se beneficiaron deste formato de traballo en 2017 contaron cunha audiencia de 1.924 espectadores.

DramatUrxente

Trátase dun programa de apoio, fomento e promoción da dramaturxia galega contemporánea. Naceu non só co propósito de levar á escena textos de autoras e autores galegos, senón tamén co de desenvolver actividades de moi diversa índole que aumenten a visibilidade das dramaturgas e dramaturgos galegos, dentro e fóra das nosas fronteiras.

Por outra banda, tres das coproducións do CDG no 2017 tiveron como núcleo o traballo de autores galegos contemporáneos. Así mesmo, as residencias artísticas puxeron en valor creadoras e creadores como Santiago Cortegoso (*Desconexión*), Borja Fernández (*Salvador*), Julio Fernández (*Chuvia*), Gonçalo Guerreiro e María Torres (*A danza da choiva e Tropical*), Ernesto Is (*Política de terra queimada, Exilio das moscas e Tras Tannhäuser*), Gena Baamonde e Esther F. Carrodegua (*Elisa e Marcela*), Javier Martín (*O estado cru*) ou Marta Pérez (*Fémína Sapiens e Té con Kant*). A exhibición no Salón Teatro tamén recolleu propostas escénicas a partir de *Unha rosa entre as pernas* (Afonso Becerra de Becerreá), *Bicos con lingua e Pelos na lingua*, a cargo dun grupo de autores galegos encabezados por Avelino González; *O Valo*, de Carlos Labraña; *A casa do avó*, de Cándido Pazó ou *Ela*, de Juan Rodríguez e Laura Sarasola, entre outras moitas.

Programa de residencias

Outro programa ligado ao CDG é *En residencia... como na casa*, no que tanto os espazos como o persoal do Salón Teatro permiten a realización de residencias artísticas e técnicas para aquelas compañías que o solicitan. Entre as actividades que realizaron os residentes en 2017 estiveron as de montaxe, ensaios, talleres ou mesmo funcións. Os residentes foron as compañías Santa Nómína con *Política de terra queimada*, Xurxo Cortázar con *Desconexión*, Elefante Elegante con *Tropical*, A Panadería con *Elisa e Marcela*, Feira do Leste con *Exilio das moscas e Tras Tannhäuser*, Javier Martín con *O estado cru*, Anómico Teatro con *Chuvia* e Inversa Teatro con *Té con Kant e Fémína Sapiens*.



Actividade pedagóxica

Ademais das funcións especialmente orientadas ao seu público máis novo, ao longo do ano, o CDG desenvolve diferentes actividades formativas, entre as que se inclúen obradoiros, conferencias, presentacións, coloquios, xornadas de portas abertas con visitas guiadas gratuítas, guías didácticas das producións propias e a publicación da colección *O Papel do Teatro*, así coma outros eventos do programa *Ninguén nace aprendido*, unha acción educativa tanto para profesionais como para espectadores sobre diferentes puntos de vista das artes escénicas.

Programación do Salón Teatro

O Salón Teatro, en Santiago de Compostela, é a sede do CDG e por tanto é o escenario no que se representan e estrean as obras producidas por este centro. As súas táboas tamén acollen a representación das súas coproducións e a de diferentes actividades ligadas dun xeito ou outro ao ámbito teatral.

A programación teatral profesional é complementada con outras colaboracións. Así, o Salón Teatro é unha das sedes das representacións do XVI Festival Agustín Magán de teatro amateur durante o mes de outubro, a Mostra de Teatro Universitario de Galicia, o Festival Internacional de Teatro Universitario e a colaboración coa Asociación Down Compostela. O programa de exhibicións ligadas a festivais complétase co XXII Festival Internacional Galicreques e co Festival Escenas do Cambio. Durante o ano, o Salón Teatro tamén acolleu producións externas. Foi o caso das obras *Helena. Xuízo a unha lurpia* (Teatro do Atlántico), *Trinta e tantos ósos* (Aporía Teatro), *Symon Pédicrí* (Diego Anido), *BU21* (Avento Producións), *Arturo Arthur Artur* (Down Compostela) e *Möbius* (D10!-Pistacatro).

En abril, o Salón Teatro programou *Unha rosa entre as pernas*, dirixida por Gloria Rico e da compañía Teatro En Punto e que inaugurou o ciclo Teatro Ob-Sceno, con espazos alternativos aos tradicionais para a súa representación. Neste caso, a obra representouse nos baños dos camerinos.

Ao longo do ano, programa diversas actividades pensadas para o público familiar. As obras exhibidas tamén en horario escolar foron *A danza da choiva* (Elefante Elegante), *Bicos con lingua* e *Pelos na lingua* (Talía Teatro), *Desconexión* (Xurxo Cortázar), *Helena. Xuízo a unha lurpia* (Teatro do Atlántico), *Martes de Carnaval* (CDG), *Tropical* (Elefante Elegante), *Os mortos daquel verán* (Talía Teatro), *Pitusa Semidifusa* (Editorial Galaxia), *O valo* (Culturactiva e Pallsos en rebeldía), *Té con Kant* e *Fémína Sapiens* (Inversa Teatro) e *Pum Pum* (Baobab). En decembro ofreceuse o ciclo de Nadal **Gran Teatro para os máis Pequenos**, con funcións que se acompañaron de obradoiros previos para que as cativas e cativos visen dunha forma máis completa a función teatral. Nesta ocasión conformaron o ciclo *A danza da choiva* (Elefante Elegante), *A casa do avó* (Tanxarina) e *Ela* (Caramuxo).

Igualmente, o Salón Teatro foi o escenario para varios ciclos de cinema, como proxeccións de Cineuropa, organizado polo Concello de Santiago de Compostela, e da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico e a Proxección dos Premios Gaudí, ambas organizadas polo Museo do Pobo Galego.

9.6 Centro Coreográfico Galego

A danza é unha das artes tradicionais, aínda que a súa historia e a súa evolución fixeron que nos últimos tempos o abano de espectáculos que se levan a escena neste terreo sexa moi variado. O Centro Coreográfico Galego (CCG) é o organismo que se encarga en Galicia de impulsar tanto a creación como a produción, a formación e a investigación neste campo.

Favorecer un contexto propicio para contar cunha programación e cunha oferta de danza profesional e dar a coñecer a danza en todas as súas variantes entre o público galego, para impulsar a asistencia a estes espectáculos, son obxectivos clave do CCG.

O Centro Coreográfico Galego pechou en 2017 os acordos para desenvolver as coproducións que chegarán a escena en 2018. A liña de colaboración permitirá apoiar *Pink Unicorns*, de La Macana; *Directo 9*, de Pisando Ovos; e *Corps Sonore*, de SÓLODOS. As tres propostas son danza contemporánea.

Programa de formación

O CCG contou en 2017 cunha oferta de cursos específicos para escolares mediante o Programa Formativo de Novos Públicos. Desenvolvéronse dúas actividades centradas na música tradicional galega, o concerto didáctico de música tradicional e a acción *Queres coñecer a gaita galega?* 835 alumnos de centros públicos e concertados da provincia da Coruña participaron nestas actividades. A eles hai que sumar os 1.083 escolares das provincias de Pontevedra e da Coruña que participaron en faladoiros de danza. A oferta formativa comprendeu as actividades *Aprender unha coreografía*, *Achegamento á danza galega*, *Que é bailar e os seus beneficios*, *A danza como estudos universitarios* e *Historia da danza en relación cos acontecementos históricos do momento*.

O programa desenvolveuse nos meses de marzo, abril e maio e foi realizado naquelas escolas que o solicitaron previamente.

Os plans formativos do CCG tamén chegan aos profesionais da danza en Galicia. Bailaríns e coreógrafos en activo, así como estudantes de danza, tanto de clásica, contemporánea como doutros estilos, foron os destinatarios do programa de formación 2017. Esta oferta ten, como elemento de cohesión, a súa vontade de mellorar a cualificación artística, técnica e profesional dos participantes e tamén de axudar a potenciar o sector.

En total, 131 persoas participaron nestes cursos formativos. O plan incluíu sete cursos, realizados ao longo do ano. Óscar Torrado impartiu un curso de danza clásica e Ana Abad Carlés ofreceu un de ensino e análise do repertorio coreográfico; Ricardo Franco, un de danza clásica, puntas e *pas de deux*; o de danza clásica correu a cargo de Lázaro Carreño, mentres que Bárbara Monteagudo impartiu un de danza contemporánea; Marisa Mateo e Tino Morán ofreceron outro de clásica e Fernando Lázaro, un de contemporánea e moderna.



9.7 Centro Galego de Artes da Imaxe

O traballo do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) - Filmoteca de Galicia aséntase sobre dous piares: o cine e a fotografía. O organismo depende da Agadic e centra a súa actividade en crear unha programación de proxeccións, exposicións etc. ligada a estas artes, dalas a coñecer, chegar a novos públicos e manter a súa memoria. Ademais, presta unha especial atención a ofrecer un servizo cidadán de carácter didáctico

Programación do centro

Achegarlles o cinema aos galegos e ás galegas implica contar cunha oferta de sesións de cine que resulte divulgativa, atractiva e accesible, para isto traballa o CGAI - Filmoteca de Galicia. O departamento de programación do CGAI tivo en 2017 un orzamento de 90.000 euros.

A Filmoteca de Galicia ten a súa sede na cidade da Coruña, na que se concentra o groso da súa programación cinematográfica. O CGAI establece unha actividade constante durante todo o ano, coa organización de diferentes ciclos temáticos nos que inclúen distintas películas de diversas cinematografías. Durante o ano 2017 programáronse 284 sesións de cine, o que deixou un total de 10.221 espectadores.

A programación cinematográfica completouse cun curso de cinema da man de Óliver Laxe.

Por outra banda, e no marco das actividades ligadas á exposición do Pergamiño Vindel no Museo do Mar de Galicia, o CGAI participou nun ciclo de cine especial sobre a Idade Media promovido pola Secretaría Xeral de Cultura e que botou a andar en decembro de 2017 (véx. 8.2). VindeCine programou pases na Filmoteca de Galicia, na Coruña e tamén en Numax (Santiago de Compostela) e nos Multicines Norte (Vigo).

Ademais da programación específica na cidade da Coruña, o CGAI tamén conta cunha axenda de exhibicións noutras cidades galegas dun xeito indirecto, grazas ao acordo asinado cos cineclubs Lumière, en Vigo, e Padre Feijóo, en Ourense.

O acordo con ambos os cineclubs permitiu ofrecer en cada unha das cidades unha programación dun filme por semana do 1 de abril ao 15 de decembro de 2017 dos que como mínimo sete foron de produción galega, con excepción dos meses de xullo e agosto. Entre os títulos ofertados tamén se atopaba unha escolma representativa da propia programación que o CGAI proxecta na súa sala coruñesa.

Por outra banda, en 2017 chegouse a un acordo coas mesmas condicións co Club Cultural Valle-Inclán, de Lugo, o que permitiu ampliar o número de cidades galegas ás que chega a programación do Centro Galego de Artes da Imaxe. En total, o balance en 2017 de pases organizados fóra de Coruña foi de 16 sesións con 640 espectadores en Ourense, 17 sesións con 688 espectadores en Lugo e 18 sesións con 537 espectadores en Vigo.

Cinema para escolares

O CGAI forma parte do proxecto **CinEd**, coordinado pola asociación A Bai A Qu e liderado polo Institut Français en colaboración coa Cinémathèque Française. O programa ofrece unha colección de películas libres de dereitos e materiais de apoio para que se poida traballar con elas no mundo escolar. A rapazada descobre así o cinema europeo, aprende a valorar estas obras e amplía os seus horizontes culturais. Ademais, tamén axuda a levar o cine e a súa experiencia de visionado ás pantallas de cine de espazos rurais.

Entre xaneiro e xuño, o período no que estivo operativo en 2017, o programa chegou a un total de 221 escolares dos sete centros asociados en Galicia: os institutos Fracisco Aguiar de Betanzos, o Catabois e o Carballo Calero de Ferrol, o Rafael Dieste da Coruña, o Mosteirón de Sada, o de Cacheiras-Teo e o IES de Poio.

Durante todo o ano, o CGAI contou tamén co programa **CGAI Jr**, cunha programación mensual para familias e unha programación específica para centros escolares. Neste último caso, os profesores reciben material curricular ligado aos diferentes filmes para preparar a visita ao CGAI, onde se visiona a cinta preparada. Tanto nun caso coma no outro, procúrase que o cine teña unha vontade educativa. Por iso, as fitas seleccionadas abarcan desde o cine mudo ao contemporáneo e préstase especial importancia a aquelas cinematografías que habitualmente non son incluídas nos circuitos comerciais.

O programa chegou a 1.844 escolares da comarca da Coruña e a 436 persoas nos pases familiares. O orzamento destinado a CGAI Jr foi de 3.000 euros.

Cinema en curso / Fotografía en curso

Outra das actividades coas que se busca achegar os cativos ao audiovisual é o programa Cinema en curso / Fotografía en curso, destinado a escolares galegos de centros públicos de 6 e 18 anos. O programa desenvolveuse entre xaneiro e xuño e buscou darlles a coñecer tanto o cine como a fotografía aos rapaces. Os escolares descubren

estas artes, ao tempo que as poñen en valor e que se converten eles mesmos en novos públicos tanto para o cine como para a fotografía.



As actividades que artellaron o traballo foron obradoiros con fotógrafos e profesionais do cine en escolas, unha programación de cine específica, a elaboración de materiais educativos específicos, a formación do profesorado nestas áreas ou o traballo dos escolares en documentais que posteriormente foron exhibidos. O programa tivo un orzamento de 26.950 euros e chegou a 474 persoas, das que 36 foron docentes e 438 alumnos. O programa tivo continuidade durante os meses de peche do ano, pero xa dentro da programación para o curso 2017/18.



Unha memoria do audiovisual galego

O departamento de **Arquivo Cinematográfico** traballa para a conservación, a restauración, a catalogación, a dixitalización e a difusión do patrimonio cinematográfico galego. O arquivo é coma o valedor da memoria audiovisual da comunidade, que recupera os materiais da historia audiovisual galega e os mantén en perfectas condicións e accesibles. Leva xa case tres décadas de funcionamento e custodia 10.000 carteis de películas, 3.000 copias en celuloide e unhas 8.000 copias en vídeo de materiais audiovisuais.



Entre os traballos que se realizaron durante 2017, por exemplo, estivo o de dixitalizar, recuperar e catalogar filmacións do traballo realizadas pola empresa Navantia desde os anos 50 do século XX. Con esta empresa, de feito, a Agadic pechou en 2017 un convenio de colaboración —sen custo para o organismo— para a conservación e dixitalización do Arquivo Audiovisual de Navantia, depositado agora no CGAI e que achega unha documentación de gran valor histórico sobre o sector naval en Galicia.

O departamento de **Fotografía** do CGAI organizou unha exposición de fotografías de Alberto Martí sobre a emigración, que se puido visitar no Centro Galego de Bruxelas entre o 10 de maio e o 10 xuño; na Oficina de Turismo de Ribadeo, entre o 30 de xuño e o 15 de xullo, e na Sala de Arcos do Concello de Celanova, do 22 de agosto ao 17 de setembro.

Igualmente, colaborou co Concello da Coruña na posta en marcha da exposición *Fernando Rey, cabaleiro do cinema (1917-2017)*. O papel do CGAI dentro do traballo asociado a esta última exposición estivo ligado á dixitalización de 1.048 fotos do fondo de Fernando Rey, un dos tipos de traballos que habitualmente realiza o departamento. Ademais de difundir as imaxes dos fondos do CGAI, o departamento de fotografía tamén se encarga de conservar, dixitalizar e catalogar as imaxes que chegan aos fondos do centro.

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA





10

CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Realizar unha viaxe emocional dos bosques de Galicia ao mobile contemporáneo, admirar a obra dun pintor que quixo ser poeta, vivir nunha cidade imaxinaria e retrofuturista, observar unha terceira torre nas Hejduk, gozar do atardecer con música, deixarse levar por cantos de poeta, descubrir a natureza do Gaiás... Todas estas aventuras, e moitas máis, foron posibles en 2017 na Cidade da Cultura de Galicia. Cultura, coñecemento e creatividade contemporánea para todos os públicos.

A Cidade da Cultura de Galicia desenvolve unha programación estable de actividades que lle dan visibilidade ao mellor das nosas expresións artísticas e conectan Galicia ás redes nacionais e internacionais de creatividade e coñecemento. Está xestionada pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia, na que, ademais da Xunta de Galicia, están integradas empresas e entidades como Abanca, Afundación, Inditex, Inveravante, Gas Natural Fenosa, Fundación Barrié, Banco Sabadell Gallego, Coren, Campo, Gadis, Grupo Nosa Terra 21, Astillero Barreras, Estrella Galicia, R e Monbús.

En 2017, a Cidade da Cultura de Galicia, a través do departamento de Acción Cultural, organizou 156 actividades ás que asistiron 120.418 persoas. Xunto coas actividades realizadas no Museo Centro Gaiás, no Centro de Innovación Cultural (CINC), na Biblioteca e Arquivo de Galicia, na praza exterior ou mesmo na Cantina, seguiuuse impulsando a creación de propostas para os espazos exteriores do Bosque de Galicia, do Xardín Literario e do Bosque do Lago.

As zonas verdes e de lecer continúan crescendo, coa aprobación en 2017 da segunda fase do Bosque de Galicia, o que suporá a ampliación en 10 hectáreas e 4.500 árbores de especies autóctonas da superficie verde creada nas ladeiras do Gaiás. Unha vez rematada esta fase prevista para a primavera de 2018, o bosque será un pulmón verde de 34 hectáreas e máis de 12.000 árbores.





10.1 Exposicións

EXPOSICIONES

Camilo José Cela (1916-2016). O centenario dun Nobel. Un libro e toda a soidade

DATAS: do 18 de novembro de 2016 ao 19 de febreiro de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 3.065 persoas no ano 2017

COMISARIO: Adolfo Sotelo Vázquez

DESEÑO EXPOSITIVO: Marta Villar Sanjurjo

Xornalista, editor, dramaturgo, actor, pintor, coleccionista... Ademais da súa faceta máis coñecida, a de novelista, a potencia creativa de Camilo José Cela abrangueu múltiples ámbitos. A mostra recolleu manuscritos e primeiras edicións das novelas máis relevantes, as que o fixeron merecedor do Nobel, do Cervantes, do Príncipe de Asturias e de decenas de galardóns. Unha escolla de obxectos persoais permitiu explicar o universo psicolóxico do autor, dando testemuña das súas ricas relacións persoais e da súa actividade como editor e activista cultural. Curiosidades como fragmentos de películas nas que traballou ou as súas numerosas coleccións completaron o percorrido.

A exposición, comisariada polo profesor Adolfo Sotelo, un dos maiores especialistas na obra de Cela, chegou á Cidade de Cultura tras o seu paso con éxito pola Biblioteca Nacional de España. Realizouse coa colaboración da Fundación Pública Galega Camilo José Cela e Acción Cultural Española.





A liña Hejduk, de Irma Álvarez-Laviada

DATAS: do 16 de marzo ao 20 de agosto de 2017

ESPAZO: Torres Hejduk

COMISARIA: Susana González

Empregando liñas de led, a artista Irma Álvarez-Laviada conseguiu facer visible o invisible. Debuxou a contorna do espazo baleiro entre as dúas torres Hejduk construídas para facer emerxer a silueta dunha terceira torre invertida da mesma proporción ca as existentes, facendo visible unha parte do proxecto arquitectónico de John Hejduk que ata o de agora pasaba inadvertida para moitos visitantes.

A proposta completouse cunha mostra no interior das torres, na que se explicou a investigación sobre a arquitectura deste espazo levada a cabo pola artista, así como o proceso e a metodoloxía desta intervención. *A liña Hejduk* inscríbese dentro dos traballos de Álvarez-Laviada arredor do concepto de baleiro.

Da árbore á cadeira

DATAS: do 7 de abril ao 5 de novembro de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 29.163 persoas

COMISARIO: Carlos Seoane

EQUIPO DE ASESORAMENTO: Soledad Bugallo Chouciño, Alfonso Bar Blanco e Oscar Fuertes Dopico



Da madeira ao mobiliario doméstico. Da riqueza ambiental dos bosques galegos ao deseño contemporáneo do moble, pasando pola tradición e os oficios da madeira. A mostra convidou os visitantes a realizar un percorrido que comezou entre árbores, baixo a ollada de fotógrafos como Manuel Vilariño, Vari Caramés, Xosé Caruncho, Juan de la Sota ou Juan Rodríguez; de grandes artistas plásticos como Castelao, Seoane e Maside; e de figuras contemporáneas como Pamen Pereira ou Jorge Perianes. A segunda etapa desta viaxe discorreu entre os deseños de grandes arquitectos e deseñadores galegos, desde os pioneiros Isaac Díaz Pardo, Alejandro e Jesús de la Sota e Xosé Bar Bóo, ata os contemporáneos Manuel Gallego Jorreto, Irisarri e Piñera, Noguerol e Díaz, Iago Seara, Carlos Quintás, Creus e Carrasco, Tomás Alonso, Elías Cueto, Lucía Buceta ou Iñaki Leite.

Comisariada polo arquitecto Carlos Seoane, a exposición reuniu máis de 40 cadeiras e 42 pezas artísticas. Contou coa colaboración do Grupo Cándido Hermida, a Fundación Banco Sabadell e Viaqua e co apoio do Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia.

O catálogo da mostra, con 264 páxinas, está dividido en dúas partes para reflectir claramente a dualidade temática da exposición, que recolle

unha parte dedicada ao bosque galego e outra que percorre a historia do deseño do moble en Galicia. O deseño das cubertas, formado por dúas pezas de madeira que encaixan para lle dar o formato de dous libros independentes, pero dunha soa unidade, é un traballo do estudio de deseño compostelán Cenlitrosmetroscaadrado. O deseño e maquetación foron a cargo de Imago mundi, Xosé Díaz.

José Suárez. Uns ollos vivos que pensan

DATAS: do 11 de abril ao 26 de maio de 2017
ESPAZO: Instituto Cervantes de París
ASISTENTES: 980 persoas

DATAS: do 18 de xullo ao 24 de agosto de 2017
ESPAZO: Instituto Cervantes de Tokio
ASISTENTES: 2.000 persoas

DATAS: do 11 de outubro ao 10 de decembro de 2017
ESPAZO: Instituto Cervantes de Nova Dehli
ASISTENTES: 2.000 persoas

COMISARIOS: Manuel Sendón e Xosé Luis Suárez Canal



Logo do seu paso por Santiago de Compostela, Madrid, Buenos Aires e Montevideo en 2016, a mostra continuou viaxando en 2017, dentro do programa de itinerancias co que a Xunta de Galicia, en colaboración con institucións como o Cervantes, o Centro Cultural Borges ou o Centro Cul-

tural España de Montevideo, promove un maior coñecemento dun artista galego que se converteu nun nome imprescindible na historia da fotografía do século XX.

No ano 2017 as súas imaxes volveron a París, cidade na que xa no ano 1935 o fotógrafo foi protagonista dunha exposición no Salón da Oficina de Turismo de España, cun catálogo prologado por Miguel de Unamuno. Tras a súa exhibición na cidade do Sena, a mostra, comisariada por Manuel Sendón e Xosé Luis Suárez Canal, puido admirarse en Tokio e Nova Dehli. A súa viaxe continuará en 2018, cando está previsto que chegue a Salamanca e á Coruña.

Lamazares. Flor Novoneyra

DATAS: do 2 de xuño ao 7 de xaneiro de 2018

ESPAGO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 25.175 persoas en 2017 (25.948 en total)

COMISARIA: María Díaz



O testamento pictórico do pintor que quixo ser poeta. Esta é a esencia de *Flor Novoneyra*, unha mostra que, en palabras da súa comisaria, supón «unha loita contra a extinción da cultura labrega, en comunión íntima e poética coa Terra». A exposición reuniu pezas inéditas realizadas por Lamazares nos dous últimos anos entre Berlín e Madrid, nas que o autor fusiona a súa pintura cunha selección de versos de Uxío Novoneyra traducidos ao Alfabeto Delfin, un código inspirado no abecedario occidental creado por Lamazares en homenaxe ao seu pai.

A conexión Lamazares-Novoneyra reforzouse coa exhibición de 50 caligramas realizados polo poeta do Courel, considerado un dos intro-



dutores da poesía caligráfica na literatura galega. Coa colaboración da Fundación Uxío Novoneyra.

A exposición acompañouse dun catálogo de 320 páxinas que inclúe un texto de Anxo Pastor, do padroado da Fundación Uxío Novoneyra; un texto do columnista Manuel Jabois e, para finalizar, un extenso texto poético do premio nacional de poesía Juan Carlos Mestre. Diseñada por Niko Alvarellos, na publicación reproducense as 181 obras de Antón Lamazares co seu correspondente verso de Uxío Novoneyra, 41 caligramas realizados por Uxío Novoneyra e catro retratos do poeta asinados por Laxeiro, Lorente, Martínez Tavera e Tino Grandío.

A través dun horizonte sen corpo, de Fredy Solano

DATAS: do 31 de agosto ao 26 de novembro de 2017

ESPAZO: Torres Hejduk

Unha tea de fío de rede, de 150 metros cadrados e 25 metros de alto, permitiu ofrecer unha nova contorna da Cidade da Cultura de Galicia, enchendo o espazo negativo entre a torre de pedra e a de cristal no espazo Hejduk para revelar unha torre «non existente». Fredy Solano, de orixe salvadoreña pero residente actualmente en Vigo, quixo plasmar así no Gaiás o seu concepto da arte como ocupación e intervención do espazo público. O seu proxecto resultou gañador da IV Convocatoria de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk, organizado pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia no marco do Encontro de Artistas Novos 2016 (EAN16).

A proposta completouse coa proxección dentro dunha das torres dun vídeo en *time lapse*, creado por Adrián Álvarez, que permitía apreciar o efecto da luz sobre o fío de rede, facendo emerxer ao longo do día a torre «non existente».



Fantasia de Nadal. Escenografías dos circos de inverno

DATAS: do 21 de decembro de 2017 ao 7 xaneiro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 1.863 persoas en 2017 (3.205 en total)

Fantasia de Nadal foi unha exposición dentro do programa Nadal no Gaiás, formada por pezas escenográficas orixinais creadas pola compañía de circo La Fiesta Escénica. Fundada na Arxentina na 1995 por Abel Martín, o seu actual director, a compañía trasládase a Galicia no ano 2001, onde deciden quedar, coa instalación da súa sede en Baiona.

A exposición dividiuse en tres seccións: escenografías e personaxes de contos clásicos, pezas de grandes espectáculos creados para o Nadal e elementos circenses que amosaron elementos de acrobacias e outras disciplinas do mundo do circo.





10.2 Música e escena

MÚSICA &
ESCENA

Escenas do Cambio. Festival de inverno de teatro, danza e arte en acción



DATAS: do 28 de xaneiro ao 15 de febreiro de 2017

ESPAZOS: Museo Centro Gaiás, Biblioteca de Galicia, Salón Teatro e Teatro Principal

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 31

ASISTENTES: 3.149 persoas

DIRECCIÓN ARTÍSTICA: Pablo Fidalgo

COLABORACIÓNS: INAEM, Concello de Santiago de Compostela, Institut Français, Goethe Institut, CGAC, Agadic, Goberno de Chile, Lisboa 2017 Capital Iberoamericana de Cultura, Ministerio de Cultura da Arxentina, ADIF, Teatro Municipal María Matos, Azala, San Sebastián 2016 Capital Europea da Cultura e Universidade de Vigo

Esta actividade volveu encher a Cidade da Cultura de Galicia de creación escénica contemporánea. Na súa terceira edición contou con 25 pezas de artistas e compañías de 10 países diferentes.

O teatro galego tivo unha presenza destacada con nomes como Chévere, que presentou *Cheverografías*; Matarile Teatro, con *Antes de la metralla*; ou ilMaquinario, con *Resaca*. A ollada á escena galega convivió coa atención ao teatro contemporáneo de América Latina, con propostas de Federico León, Rodrigo García, Guillermo Calderón, Mariano Pensotti,

Manuela Infante ou Magdalena Arau. A programación completouse con propostas de compañías de gran relevancia no panorama internacional, como o colectivo BERLIN, ou os proxectos de Ant Hampton e Tim Etchells, Takao Kawaguchi ou Trajal Harrell.

Editouse, ademais, unha publicación con textos e reflexións de distintos autores participantes na segunda edición do festival, realizada en 2016.

Día da Música con Siniestro Total

DATA: 17 de xuño de 2017

ESPAZO: praza exterior da Cidade da Cultura

ASISTENTES: 3.500 persoas

A Cidade da Cultura adiantouse ao Día da Música para festexalo por todo o alto con Siniestro Total. A formación liderada por Julián Hernández subiu ao escenario para interpretar algúns temas do seu último disco, *El mundo da vueltas*, e parte do seu repertorio clásico, con grandes himnos como *Bailaré sobre tu tumba*, *Ayatollah!* ou *Miña Terra Galega*.



Atardecer no Gaiás

DATA: do xoves 5 de xullo ao sábado 26 de agosto de 2017

ESPAZO: praza exterior

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 22

ASISTENTES: 11.590 persoas

As mellores bandas do momento déronse cita os xoves, venres e sábados de xullo e agosto na praza exterior da Cidade da Cultura para acompañar as postas de sol estivais con música ao aire libre. Esta sétima edición, coa que colaborou o INAEM, tivo un intenso sabor galego, con actuacións en pequeno formato de Triángulo de Amor Bizarro, Malandrón, Familia Caamagno, Músculo!, Terbutalina ou Víctor Prieto.



Atardecer no Gaiás 2017 contou, ademais, con artistas do panorama nacional e internacional como C. Tangana, un dos grandes nomes do rap actual; Manel e o seu pop en catalán; Carla Morrison, gañadora de dous Grammys latinos; Hidrogenesse e o seu tecno pop e o trobador brasileiro Gustavo Almeida. Por segundo ano consecutivo realizáronse tres sesións de cine ao aire libre coa música como protagonista.

II Festival Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia

DATA: 9 de xullo de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás e praza exterior

ASISTENTES: 2.712 persoas

O Festival de Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia, organizado pola Federación Galega de Bandas de Música Populares, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, busca dar a coñecer o traballo que fan as formacións máis novas das bandas de música galegas, ao tempo que posibilita unha xornada de convivencia entre os seus compoñentes, procedentes de toda a xeografía galega.



Co nexo común do seu amor pola música, 14 formacións interpretaron durante 20 minutos o repertorio elixido para a ocasión. O festival rematou cunha actuación conxunta de todas as agrupacións na praza exterior, na que interpretaron o himno galego.

Final da XXVI Liga de Bandas de Gaitas

DATA: 29 de xullo de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 400 persoas

O Gaiás acolleu por primeira vez a final deste certame, que reuniu uns 200 músicos dunha ducia de bandas de toda Galicia. As agrupacións competiron por ser as mellores en cinco apartados: afinación, gaita, percusión, estética e conxunto.

A banda Trempiado (Ponteareas) resultou gañadora na categoría de primeiro grao, a principal das tres divisións nas que se organiza esta liga. A Escola de Gaitas Provincial de Pontevedra acadou o primeiro posto no segundo grao e a banda de San Xoán de Paramos (Tui), no terceiro.





Concerto Uxía-O

DATA: 14 de outubro de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 500 persoas

A pintura de Lamazares e a poesía de Novoneyra. A música de Uxía e os versos do poeta do Courel. Todas estas conexións foron posibles na Cidade da Cultura, que acolleu o concerto *Uxía-O*, o último traballo da cantante galega.

Este novo título é unha homenaxe ao escritor Uxío Novoneyra, cuxos versos traducidos ao Alfabeto Delfín formaron parte da mostra *Flor Novoneyra*, de Antón Lamazares. Uxía vestiu de música os seus poemas, con ecos de muiñeira, *ragtime*, alalá e reggae. Para que esta visión fose a máis actual e universal posible, a artista colaborou de novo co recoñecido músico brasileiro, radicado en Galicia, Sérgio Tannus.

Magostos no Gaiás

DATA: sábados, 11 e 18 de novembro de 2017.

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 600 persoas (300 persoas a cada unha das citas)

COLABORACIÓNS: Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia e Agadic



O Gaiás retomou os seus xa tradicionais magostos coa combinación de sempre: boa música e castañas. Neste 2017 volveuse ampliar a cita con dúas datas diferentes: o sábado 11 de novembro, a xornada tivo como protagonista a Susana Seivane, un dos nomes máis prestixiosos dentro do mundo da gaita, mentres que o sábado 18 contou coa actuación de Luís Emilio Batallán, que ofreceu, co magosto como fío condutor, un percorrido polos seus temas máis aclamados e polos seus últimos traballos, nun repertorio no que non faltaron os versos de Curros Enríquez, de Celso Emilio Ferreiro, de Ramón Cabanillas, de Rosalía de Castro e de Álvaro Cunqueiro.

Ademais das castañas asadas, este produto volveu estar presente dunha forma moi orixinal: a través da degustación de petiscos que a teñen como ingrediente principal e grazas á colaboración da Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia.



10.3 En familia

EN
FAMILIA

Nadal no Gaiás. Cancións por regalos

DATA: 3 de xaneiro de 2017
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 341 persoas

Cancións por regalos volveu ao Gaiás polo Nadal co lema «Trae un regalo, goza da música e fai feliz a un neno». Da man de Ernie Producciones, os cativos e as súas familias achegáronse á música indie do momento a cambio dunha entrada simbólica. Chumi Chuma sorprendeu co seu proxecto integrado por Chumi, músico zaragozano que formou parte de grupos como Tulsa ou Ringo, e por Chuma, un monstro doutra dimensión. Ademais, a banda galega Igloo fixo bailar nenos e maiores co seu indie-rock.



Pequefilmes

DATA: 14 e 15 de xaneiro de 2017
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 1.326 persoas
 DIRECCIÓN ARTÍSTICA: Jorge Rivero

Os máis pequenos da casa puideron gozar no mes de xaneiro do seu propio festival de cine, Pequefilmes, con proxeccións, votacións, premios do público e obradoiros cos que descubrir a maxia da sétima arte.





En total, proxectáronse 40 curtametraxes de animación destinadas a dúas franxas de idade: de 5 a 8 anos e de 9 a 12 anos. As curtas seleccionadas ofreceron unha pluralidade de temas, puntos de vista e historias, incidindo en numerosos aspectos sociais e éticos.

O público puido exercer de espectador de cine crítico e curioso, votando as súas curtametraxes preferidas. *Cuerdas*, de Pedro Solís, e a galega *Einstein-Rosen*, de Olga Osorio, foron as favoritas desta primeira edición. O programa completouse con catro obradoiros de *stop motion* en cartolina e en plastilina, mesa de luz e sonorización.

Nexos infantil

DATA: de febreiro a maio de 2017
 ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia
 NÚMERO DE ACTIVIDADES: 4
 ASISTENTES: 158 persoas



As sesións do ciclo Nexos, que busca relacionar a literatura, as artes e os diferentes aspectos da vida, teñen a súa réplica infantil, baseada na mesma idea de que a través da cultura e da expresión artística podemos entender a realidade, transformala e melloralas. Dirixida a nenos e nenas de primaria, cada sesión articulouse baixo a fórmula «ver-ler-escoitar-facer-falar». Este ano desenvolvéronse as seguintes temáticas: *A crise existencial de Europa* (18 de febreiro), *O aforismo e a beleza da síntese* (4 de marzo), *Maruja Mallo e a xeometría do signo* (1 de abril) e *Arquitectura. A influencia da Escola de Porto* (13 de maio).



Baile de Entroido

DATA: 27 de febreiro de 2017
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 400 persoas

Unha viaxe polos diversos entroidos galegos e do mundo a través da música e do baile. A primeira ruta estivo guiada por Pesdelán, a través de *Entroidanzas*, un animado espectáculo de iniciación ao baile, onde descubrir a música do noso Entroido e as de países como O Brasil, Colombia, Portugal ou O Perú. A festa continuou con DJ Bigote Mix, cunha sesión moi especial na que cativos e maiores gozaron con todo tipo de temas propios destas datas.



Cidade verde

DATA: 25 de marzo de 2017
 ESPAZO: Parque do Lago, Bosque de Galicia, Xardín Literario e Museo Centro Gaiás
 NÚMERO DE ACTIVIDADES: 7
 ASISTENTES: 956 persoas

Coincidindo coa celebración do Día Internacional dos Bosques (21 de marzo) e do Día Internacional da Auga (22 de marzo), a Cidade da Cultura, coa colaboración de Víaqua, organizou unha xornada para convidar a gozar dos seus espazos verdes en familia. A diversión e a promoción da conciencia ecolóxica, a vida activa e o coidado do medio ambiente centraron as actividades.

O Bosque de Galicia, o Xardín Literario e o Parque do Lago foron os escenarios de catro obradoiros nos que grandes e pequenos puideron adquirir habilidades para sobrevivir na natureza, ir na busca dun tesouro, aprender a predicir o tempo e crear a súa propia música a través de elementos naturais como ramas, follas ou herbas. Ademais destas propostas creativas, a Cidade da Cultura promoveu hábitos de vida saudables cunhas rutas en familia nas que descubrir os espazos verdes do Gaiás, e dunha divertida carreira popular lúdica, Holi Gaiás. A actividade foi posible grazas ao patrocinio de Víaqua e á colaboración da Fundación USC Deportiva, de Coca Cola e da Federación Galega de Atletismo.





Día da Danza

DATA: 29 de abril de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 50 persoas

Un ano máis, a Cidade da Cultura festexou esta efeméride, nesta ocasión cun obradoiro familiar no que descubrir os bailes tradicionais. Seguindo as indicacións de Mercedes Prieto, os participantes aprenderon os pasos dos xogos e bailes de roda como a carrasquiña, o chotis de Vilaxoán ou o gharutiño. Ademais, fixéronlle unha chiscadela ao calendario, introducíndose nas danzas dos maios. Todo acompañado coa música en vivo de Serxio Cobos, que interpretou diferentes sons co acordeón e coas percusións.

Día dos Museos

DATA: 20 de maio de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 8

ASISTENTES: 1.000 persoas



Xogos tradicionais, música, obradoiros e exposicións formaron parte do programa de actividades de balde co que a Cidade da Cultura celebrou os cinco anos de programación cultural do Museo Centro Gaiás, coincidindo co Día dos Museos (que se conmemora o 18 de maio). Ademais de recordar a traxectoria do museo en forma de carteis, o eixe central foi a exposición *Da árbore á cadeira*. Os visitantes puideron participar en visitas comentadas, así como descubrir 33 prototipos realizados por estudantes de deseño galegos na mostra *Artesáns da madeira: as novas xeracións*. De madeira foron tamén os xogos tradicionais propostos, como a chave ou os birlos.

Realizáronse, ademais, tres obradoiros para fomentar a creatividade dos máis pequenos: de papiroflexia, de robots en cartón e de láser graffiti. A xornada completouse cunha sesión vermú cortesía de Petroni, amenizada polo DJ Delafé.



Unha noite no bosque

DATA: 7 e 14 de xullo e 18 e 25 de agosto de 2017
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás e Bosque de Galicia
 ASISTENTES: 116 persoas

Os máis aventureiros gozaron dunha acampada na que compartir e coñecer a nosa flora e fauna, a importancia dos bosques e hábitats e os costumes e oficios vencellados á madeira a través da mostra *Da árbore á cadeira*. Como colofón, os cativos gozaron de actividades na natureza e á luz das estrelas, e coñeceron lendas mitolóxicas no corazón do Bosque de Galicia.



Cidade imaxinaria

DATA: 19 de agosto de 2017
 ESPAZO: espazos exteriores
 NÚMERO DE ACTIVIDADES: 14
 ASISTENTES: 7.500 persoas

As historias de Julio Verne, H.G. Wells e Arthur Conan Doyle inspiraron a sétima edición de *Cidade imaxinaria*, engalanada coa estética retrofuturista do *steampunk*. Un ano máis, non faltaron os equilibristas, malabaristas e trapecistas, que convidaron a vivir en primeira persoa a esencia do circo. Unha batucada *steampunk* foi a encargada de poñer a banda sonora, e espectáculos itinerantes de luces e artefactos como unha balea, un rodafonio e velocípedos levaron música, risas e maxia a cada recuncho.

Espectaculares burbullas xigantes, circuítos de xirociclos e monociclos, espectáculos como *Máis alto aínda*, da compañía Desastronauts, ou os malabares con batería de Musicoloco contribuíron a recrear este tempo



fantástico. Esta cidade feita de ilusións e diversión tamén incluíu visitas guiadas ás exposicións do Museo Centro Gaiás.



Miúda clásica!

DATA: 7 de outubro de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 500 persoas



A través da música, a Orquestra de Cámara Galega quixo evocar como o Atlántico toca nas rochas, nos cantís, nas praias... Da man de creadores de ambos os lados do océano, estas melodías recaloron durante o concerto nunha sentida homenaxe a un dos nosos máis prolíficos compositores, o mestre Rogelio Groba. Representáronse obras creadas por diversos compositores, baixo o mesmo influxo do Atlántico; desde as terras do Brasil, con pezas de Ernani Aguiar, ata Inglaterra, coas composicións de Benjamin Britten.

Nadal no Gaiás. Ludo Circus Show

DATA: 22 de decembro de 2017
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 340 persoas

Como grande espectáculo para dar a benvida ao Nadal, a Cidade da Cultura programou Ludo Circus Show, unha representación na que o espírito do xogo se fai espectáculo. Sete personaxes trangalleiros asomáronse ao escenario con ganas de xogar, apareceron gañadores e perdedores, golpes voluntarios e involuntarios, sintonía e desencanto, diversión, traballo en equipo e individualismo. En Ludo Circus Show pequenos e grandes recoñécéronse en moitas situacións vividas: porque nalgún momento, nalgún lugar, todos temos xogado.



Nadal no Gaiás. O campamento do circo

DATAS: do 26 ao 29 de decembro de 2017 e do 2 ao 5 de xaneiro de 2018
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 PÚBLICOS: de 6 a 12 anos
 ASISTENTES: 32 persoas en 2017

No Nadal no Gaiás os máis pequenos puideron ser acróbatas, malabaristas, equilibristas ou clowns. Argallouse unha pequena escola de circo para achegar os nenos e nenas entre 6 e 12 anos a todas as disciplinas que o conforman. Os campamentos foron dirixidos polos profesionais do Novo Circo Galego e como profesores convidados traballaron cos e coas inscritos os mellores da comunidade galega en cada unha das disciplinas. Estes campamentos circenses non só se centraron nas disciplinas, senón que tamén lles permitiron aos asistentes achegarse ás escenografías do circo e aos espazos máis descoñecidos da mesma Cidade da Cultura, tanto arquitectónicos como zonas verdes e naturais, da man do departamento de Didáctica do Museo Centro Gaiás.





10.4 Letras e pensamento

LETRAS
& PENSA
MENTO

Nexos



DATA: de febreiro a maio de 2017
 ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia
 NÚMERO DE ACTIVIDADES: 4
 ASISTENTES: 467 persoas
 DIRECCIÓN ARTÍSTICA: Marcos Lorenzo

O ciclo de cultura contemporánea Nexos volveu convidarnos a reflexionar sobre as claves e tendencias da nosa sociedade, cun formato didáctico e ameno que conxuga os enfoques científico e humanístico. Como novidade, esta quinta edición contou cun artista residente, o pianista Pablo Seoane, quen deseñou e interpretou, acompañado por outro artista convidado o apartado artístico de cada sesión. A actividade contou coa colaboración do Instituto Camões, de Pan do Mar, de Conservas Pérez Lafuente e de Bodegas Martín Códax.

- 18 de febreiro. *A crise existencial de Europa*. Relator: Ignacio Sánchez-Cuenca. Actuación musical: *Parabase Permanente*, con Pablo Seoane e Evaristo Calvo.
- 4 de marzo. *O aforismo e a beleza da síntese*. Relator: Jorge Wagensberg. Actuación musical: *Non me pertenzo*, con Pablo Seoane e Carme Gurriarán.

- 1 de abril. *Maruja Mallo e a xeometría do signo*. Relatorio: Carme Vidal e Carlos Bernárdez. Espectáculo poético-musical: *Longa e profunda liña da sorte*, con Belén Bermejo e Pablo Seoane.
- 13 de maio. *Arquitectura. O espléndido legado da Escola do Porto*. Relatorio: Pedro Bandeira. Espectáculo de luz e son: *A muda*, con Carlos Álvarez-Ossorio e Pablo Seoane, creado a partir da casa imposible de Álvaro Siza.



Día das Letras Galegas

DATA: 17 de maio de 2017
 ESPAZO: Sala Eisenman
 ASISTENTES: 150 persoas

A Cidade da Cultura de Galicia celebrou o 17 de maio con música e poesía para homenaxear os nosos autores e autoras. A través da voz e a música de Gelria, *Cantos de poeta* ofreceu unha experiencia cultural e un percorrido histórico por Galicia a través dos seus principais poetas e versos. Sons tradicionais e de raíz, jazz, clásicos e contemporáneos serviron de base para esta antoloxía musicada da poesía galega, que incluíu cancións como «Amemos», feita a partir do poema homónimo de Carlos Casares, autor protagonista das Letras Galegas 2017. A cita clausurouse cun vermú literario grazas á colaboración de Petroni.



10.5 Intercambio

INTER
CAMBIO

Xornada académica Camilo José Cela. O centenario dun Nobel

DATA: 24 de xaneiro de 2017
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 48 persoas

Afondar na figura, no legado e na posta en valor do patrimonio literario e iconográfico de Cela. Ese foi o principal obxectivo desta xornada académica, realizada no marco da exposición *Camilo José Cela 1916-2016. O centenario dun Nobel. Un libro e toda a soidade*. Contou coas intervencións dos expertos que participaron na realización da mostra, como Adolfo Sotelo, comisario; Marta Villar, responsable da montaxe; e persoal da Fundación Camilo José Cela.

Mazurca para Camilo José Cela

DATA: 11 de febreiro de 2017
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 35 persoas

A Cidade da Cultura acolleu a presentación do libro homenaxe *Mazurca para Camilo José Cela*, que reúne 16 traballos sobre a figura e a obra do escritor. Contou coa intervención do presidente da Real Academia Española e autor do prólogo da obra, Darío Villanueva; de Paco López-Barxas, promotor da iniciativa; e de Xosé A. Perozo, autor dun dos textos do volume e responsable de Auga Editora. Rematou cunha visita comentada pola exposición.

Xornadas académicas Da árbore á cadeira

DATA: do 7 ao 9 de xuño de 2017
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 50 persoas



Tres días nos que reflexionar sobre a xestión cultural e pór en valor o deseño de mobiliario. Cuestións como a elección do tema dunha mostra, a concepción do proxecto, o equipo de comisariado e a coordinación expositiva centraron a primeira parte das xornadas. O deseño contemporáneo e, en especial, o mobiliario e a súa vinculación cos sectores da madeira e do deseño centraron a segunda parte. Arquitectos, biólogos,

deseñadores, artesáns, xestores culturais, directores de programación e empresarios impartiron as conferencias didácticas.

VII Encontro de Artistas Novos (EAN)

DATA: do 27 ao 31 de agosto de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 50 persoas

Por sétimo ano consecutivo, a Cidade da Cultura converteuse nun espazo de encontro no que creadores e creadoras emerxentes de Galicia e doutros puntos de España e de América Latina tiveron a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e de debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio. Coordinado por Rafael Doctor, o EAN pon, ademais, en contacto os participantes con outros axentes do sector, como críticos, comisarios ou *art followers*. Así, artistas e creadores xa consolidados como Xosé Artiaga, María Cañas e Berta Álvarez Cáccamo compartiron con eles as súas experiencias e reflexións.

O programa contou coa colaboración do Ministerio de Cultura da Nación da República Arxentina, que cubriu os gastos de traslado entre A Arxentina e España de tres artistas desta nacionalidade.





Homenaxe a Germán Lago

DATA: 4 de novembro 2017

ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia

ASISTENTES: 50 persoas

O Auditorio Neira Vilas da Cidade da Cultura acolleu un acto de homenaxe á figura de Germán Lago (Vigo, 1883 - Madrid, 1967), fundador e director de diferentes agrupacións musicais de pulso e púa. No marco do 50 aniversario do seu pasamento e co gallo do depósito do seu legado artístico no Arquivo de Galicia (véx. 2.2), esta homenaxe serviu para que as persoas asistentes se achegaran aos principais fitos biográficos de Germán Lago nun relatorio do guitarrista e investigador galego Samuel Diz seguido dun concerto do Cuarteto Aguilar, do que foi fundador.

Ponnos verde!

DATA: sábados 2, 9 e 16 de decembro de 2017 (continuación no 2018 todos os sábados ata o 24 de marzo)

ESPAZO: Bosque de Galicia

ASISTENTES EN 2017: 133 persoas

PATROCINIO: Viaqua

COLABORACIÓN: Fundación USC Deportiva



A Cidade da Cultura de Galicia volveu pedir a colaboración simbólica da cidadanía na construción do Bosque de Galicia, nesta segunda etapa iniciada no 2017, plantando unha árbore no Gaiás, a través da Fundación Cidade da Cultura, co apoio da Fundación USC Deportiva e co patrocinio de Viaqua.



Por iniciativa individual ou en grupo, aquelas persoas que quixeron puideron acudir a encher de vida as ladeiras do monte Gaiás. Ademais de plantar unha árbore, os participantes realizaron un percorrido polo Bosque de Galicia para coñecer de primeira man o proxecto e puideron levar para casa unha fotografía e un diploma co que recordar e acreditar a súa contribución a este espazo verde.

Ciclo Vai de cine: 3 autores, 3 miradas

DATA: 15, 16 e 17 de decembro de 2017

ESPAZO: Centro de Innovación Cultural CINC

ASISTENTES: 28 persoas

COLABORACIÓN: CGAI (Agadic)

O ciclo *Vai de cine: 3 autores, 3 miradas* reuniu no Gaiás tres filmes entre o máis salientable do recente audiovisual galego, tanto por acollida crítica como por presenza en festivais e premios recibidos. Ao tempo, as propostas responderon a tres xéneros diferentes, reflexo da diversidade da actual produción audiovisual galega. Proxectáronse 3 filmes con tres miradas diferentes: *Mimosas* (2016), de Óliver Laxe, *María (y los demás)* (2016), de Nely Regueira (2016) e *El desconocido* (2015), de Dani de la Torre.





10.6 Aula Gaiás

AULA
GAIÁS

Cóntame un conto

DATA: do 18 de novembro de 2016 ao 19 de febreiro de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 1.382 persoas no ano 2017

Durante os meses de exposición da mostra *Camilo José Cela 1916-2016. O centenario dun Nobel. Un libro e toda a soidade*, escolares de toda Galicia puideron participar nunha visita guiada á exposición, así como no obradoiro de creación literaria *Cóntame un conto*. Da man do departamento de Didáctica, os participantes achegáronse a ferramentas para a creación de estruturas narrativas e personaxes.

Visitas didácticas á exposición *Da árbore á cadeira*

DATA: do 7 de abril ao 5 de novembro de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 3.747 persoas



Afondar na conexión íntima entre a natureza e o deseño, como dous aspectos fundamentais na nosa vida. A partir desta premisa organizáronse as visitas didácticas á mostra, cun percorrido adaptado aos diferentes niveis educativos e catro eixes didácticos: valoración do medio ambiente, da paisaxe e do hábitat humano; interpretación da árbore como elemento cultural; divulgación dos oficios tradicionais de transformación da madeira; e exploración dos valores do deseño contemporáneo.

Finde na balea

DATA: setembro de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás e espazos exteriores

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 3 (en 5 sesións)

ASISTENTES: 77 persoas

Os sábados de setembro, os máis pequenos da casa tiveron unha cita coa arte no Gaiás. As exposicións *Da árbore á cadeira* e *Flor Novoneyra* marcaron a temática dos obradoiros, nos que os cativos puideron amosar o seu potencial artístico construíndo un xardín coas plantas que se dan espontaneamente no Gaiás (*Xardíns portátiles*); crear un poema visual co Alfabeto Delfín de Lamazares (*Poesía visual*); e reflectir plástica e pictoricamente a súa propia visión da Cidade da Cultura (*Debuxando o Gaiás*).



10.7 Visitar

VISITAR

Visitas guiadas ao Gaiás

DATA: de xaneiro a decembro de 2017

ESPAZO: saídas desde o Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 822 persoas

A Cidade da Cultura seguiu abrindo en 2017 as súas portas ao público para dar a coñecer o complexo deseñado por Peter Eisenman. Acompañadas do persoal do servizo de visitas, mediación e atención ao público, as persoas asistentes puideron coñecer en profundidade os edificios e o proxecto arquitectónico da Cidade da Cultura de Galicia.

Visitas guiadas á exposición *Da árbore á cadeira*

DATA: do 7 de abril ao 5 de novembro de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 5.826 persoas

Os participantes puideron coñecer, da man dun guía profesional, os contidos da mostra *Da árbore á cadeira*, un percorrido emocional da materia ao produto, dos bosques galegos ao deseño contemporáneo do moble.





Visitas guiadas á exposición Flor Novoneyra

DATA: do 2 de xuño de 2017 ao 7 de xaneiro de 2018

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 523 persoas

Unha visita comentada ás pinturas de Antón Lamazares, que percorreu nesta mostra unha selección de poemas de Uxío Novoneyra, traducidos ao seu particular Alfabeto Delfín.

Andainas de primavera

DATA: de abril a xuño de 2017

ESPAZO: Bosque de Galicia, Xardín Literario e Parque do Lago

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 6

ASISTENTES: 179 persoas



Para recibir a primavera, a Cidade da Cultura convidou a descubrir o seu rico patrimonio natural a través de rutas guiadas polas zonas verdes do complexo. Nunha andaina de hora e media de duración, os participantes puideron coñecer a flora do Monte Gaiás, así como descubrir as características, anécdotas e lendas de cada especie. Tamén puideron gozar do poético Xardín Literario, con vistas á catedral, e descubrir os segredos do Parque do Lago. O 23 de xuño levouse a cabo unha andaina especial na que se recolleron herbas de San Xoán. Ao remate destas actividades, os participantes puideron incorporarse á visita guiada da exposición *Da árbore á cadeira*.

Astronómicas

DATA: de xullo a setembro de 2017

ESPAZO: punto de encontro no Espazo On

ASISTENTES: 700 persoas



Os sábados de verán, a Cidade da Cultura converteuse nun lugar privilegiado para descubrir a maxia das estrelas e das noites de Compostela. A través de telescopios e prismáticos, e seguindo as explicacións técnicas dos monitores do Observatorio Astronómico Ramón María Aller, os participantes aprenderon a observar a lúa, os planetas, fenómenos curiosos como as nebulosas etc.

Camiño ao Gaiás

DATA: de xullo a setembro de 2017

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 11

ASISTENTES: 202 persoas

Descubrir o patrimonio de Compostela dunha forma saudable. Este é o principal obxectivo de Camiño ao Gaiás, que cada ano se realiza en colaboración coa Fundación USC Deportiva. A ruta parte da zona vella compostelá e percorre as súas rúas para despois poñer rumbo cara á Cidade da Cultura a través de espazos naturais como o Bosque de Galicia ou o Parque do Lago. Como novidade, esta edición incorporouse unha ruta nocturna ao remate dos concertos do ciclo Atardecer no Gaiás, desde a praza exterior do Gaiás á praza de Galicia. Un final saudable para unha noite musical.



As nocturnas

DATA: outubro de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 139 persoas

O comezo do outono tivo un engado especial no Gaiás grazas a As nocturnas. Sesións DJ, petiscos e viños acompañaron as visitas nocturnas comentadas ás exposicións *Da árbore á cadeira* e *Flor Novoneyra*; esta última, con guías de excepción: a comisaria María Díaz, Uxío Novoneyra (fillo) e Antón Lamazares. Noites distendidas e de lecer nas que os asistentes incluso puideron darlle renda solta á súa creatividade cunha actividade de láser graffiti. Coa colaboración de Galicia Calidade.





10.8 Emprender no Gaiás

Espazo de coworking, viveiro de empresas, programa de asesoría, tutoría e acompañamento, identificación de novas oportunidades, networking... O Centro de Emprendemento (CEM) do Gaiás é un espazo centrado en potenciar a incubación de empresas culturais, creativas e tecnolóxicas, axudando os emprendedores a facer realidade a súa idea de negocio. No ano 2017, máis de 100 empresas beneficiáronse dos servizos do CEM. Realizáronse máis de 130 sesións e eventos con preto de 13.000 asistentes.

Premios Mágnun 2017

DATAS: 7 de marzo de 2017
 ESPAZO: Centro de Emprendemento
 ASISTENTES: 300 persoas



O Instituto Galego do Viño celebrou na Cidade da Cultura a gala da VII edición dos Premios Mágnun do Viño Galego, que reconece os traballos e os profesionais máis destacados do sector no último ano.

Networking Cidade Creativa

DATAS: 30 de marzo de 2017

ESPAZO: Sala Eisenman

ASISTENTES: 150 persoas

Cinquenta artistas tiveron a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos nesta feira de artesanía e produto, exhibicións e intercambio de coñecementos. En colaboración con 7H Cooperativa Cultural.



Feira V de Viñerón

DATAS: 1 de abril de 2017

ESPAZO: Centro de Emprendemento

ASISTENTES: 300 persoas

Cun formato desenfadado e multisensorial que combinou feira de viños, *street food* e música en directo, este evento impulsado polo Instituto Galego do Viño deu a coñecer 15 dos mellores novos talentos do viño. Viti-cultores, profesionais do sector hostaleiro, agroalimentario e turístico, e bloggers e medios de comunicación tiveron a oportunidade de coñecer e catar estas propostas.

Encontros WOS Festival 2017

DATAS: 6 e 10 de setembro de 2017


ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia

ASISTENTES: 150 persoas

No marco deste festival da cultura alternativa e de vangarda leváronse a cabo distintas actividades vinculadas co emprendemento cultural: novas estratexias de comunicación e presenza de marcas en proxectos culturais, modelos de xestión e festivais musicais e un encontro con Robert Henke, referente da música electrónica e autor do software de creación musical Ableton Live.



III Maker Faire Galicia



DATAS: 24, 25 e 26 de novembro de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 10.000 persoas

A Cidade da Cultura acolleu esta feira de inventores, que na súa terceira edición se consolidou como a máis importante da Península, situándose entre as cinco con máis visitantes de Europa. Un espazo para compartir coñecemento, favorecer contactos profesionais e dar a coñecer os proxectos do movemento *maker*, con actividades de diferentes disciplinas para todos os públicos: robótica, mecánica, ciencia, arte urbana, música, electrónica etc.



Presentación en Culturgal

DATAS: 1 de decembro de 2017

ESPAZO: Pazo da Cultura de Pontevedra

ASISTENTES: 50 persoas

Presentación do Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura na feira galega das industrias culturais. Na mesa redonda participaron Ana Isabel Vázquez, directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura, Berta

Álvarez-Buya, responsable do Centro de Emprendemento; María Isabel Pernas de Paripepop, empresa do coworking do CEM, e Tamara Rodríguez de Soundlikemarket, iniciativa gañadora do Premio Sixto Seco 2017.



Xornada Inquedu

DATAS: 1 de decembro de 2017

ESPAZO: Edificio CINC

ASISTENTES: 175 persoas

Compartir inquedanzas, divulgar ideas e fomentar a reflexión sobre a nova educación. Estes foron os obxectivos de *Inquedu*, *falemos de educación*, un espazo aberto e innovador dirixido a educadoras e educadores, a nais e pais. En colaboración coa Fundación Galicia Sustentable.





TEDxGalicia 2017

DATAS: 2 de decembro de 2017

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 450 persoas

Por terceiro ano consecutivo a Cidade da Cultura foi o escenario das charlas TEDxGalicia, que nesta edición, a última tras oito anos de actividade, tivo como lema *Ultreia. Ánimo para ir máis alá*. O evento serviu para difundir ideas innovadoras e inspiradoras con conferencias en vivo e vídeos das coñecidas *TedTalks*.

Ciclo Anima Galicia

DATAS: 20 de decembro de 2017

ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia

ASISTENTES: 75 persoas



Organizados por Acción contra a Fame coa colaboración da Cidade da Cultura e a Fundación Incyde, os obradoiros de *Anima Galicia* permítilles aos participantes adquirir coñecementos técnicos e desenvolver competencias empregadoras. Tamén se presentaron os resultados da *Investigación de oportunidades en Galicia*.

Colaboración con asociacións empresariais

Dentro do obxectivo de fomento do emprendemento no Gaiás, a Fundación Cidade da Cultura renovou a colaboración coa Asociación de Jóvenes Empresarios (AJE) da provincia da Coruña para o impulso de actividades formativas, de asesoramento e de encontro entre emprendedores e empresarios. O curso para emprendedores *Da idea ao proxecto* e as sesións *O teu discurso. A túa mellor ferramenta para vender*, *Como potenciar a túa marca en Instagram* e *Que pode facer a comunicación pola miña empresa?* foron algunhas das iniciativas desenvolvidas neste marco.

En outubro asinouose ademais un convenio coa Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia segundo o cal o Centro de Emprendemento lle cede a esta asociación un espazo de balde no CEM como sede para a súa delegación en Santiago de Compostela. AJE Galicia realizará en 2018 xornadas de networking e formación para os seus afiliados nas que tamén poderán participar os emprendedores dos espazos de coworking e do vi-veiro do Gaiás.

Tamén AJE Pontevedra realizará en 2018 actividades no Gaiás, en virtude doutro convenio asinado en 2017 que recolle a cesión gratuíta de espazos aos gañadores Xove Empresario e Xove Emprendedor do Ano que anualmente convoca esta entidade.

Servizo de titorización do CEM

Ademais, en 2017 a Cidade da Cultura puxo en marcha un programa de titorización para as empresas do Centro de Emprendemento. O servizo inclúe asesoramento e acompañamento empresarial a emprendedores das industrias culturais e creativas en aspectos como estudo de viabilidade, plan de empresa, procura de financiamento e desenvolvemento de negocio. Nunha primeira fase realizouse unha toma de contacto coas empresas para localizar os puntos débiles de cada modelo de negocio e estudar alternativas. A prestación inclúe a realización de xornadas de formación en emprendemento, a primeira das cales versou sobre marca persoal.

Programa Go2Work: aceleración de empresas culturais e tecnolóxicas

Grazas á colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), o Centro de Emprendemento acolle un dos espazos coworking da Escola de Organización Industrial (EOI), especializado no sector das industrias culturais e tecnolóxicas. Neste marco, de xuño a novembro de 2017 foron 22 os proxectos que se beneficiaron dun plan integral de apoio a emprendedores con sesións formativas, titorías e networking, que rematou cun Demo Day, unha presentación na que cada participante dispón dun tempo moi breve para dar a coñecer a súa iniciativa.

Durante 2017 tamén se realizou o Demo Day dos proxectos que participaron na primeira edición de Go2Work, o *I Encontro espazos coworking* e o *I Foro investimento proxectos coworking*, que incluíu presentacións de proxectos e experiencias de captación de investimento. Foron 287 as persoas que asistiron ás diferentes actividades.



Premios Emprende Gaiás-Sixto Seco

Na súa quinta edición, os galardóns do concurso de ideas e proxectos innovadores Emprende Gaiás-Sixto Seco recaeron en tres proxectos liderados por mulleres. O premio da modalidade aplicacións informáticas ou proxectos culturais en Internet foi para a plataforma en liña de intermediación en operacións de compra-venda de arte WCube, ideada por Gabriela Lusquiños; o de deseño, creación artística e plástica recoñeceu o recurso didáctico Kandoro, de Inés Rodríguez; mentres que o de xestión cultural recaeu en Soundslidemarket, de Tamara Rodríguez, unha plataforma que pon en contacto profesionais do sector musical.

Cada premio supón a incorporación gratuíta durante 12 meses ao Centro de Emprendemento do Gaiás; así como unha dotación en metálico de 2.000 euros, grazas á colaboración do Igape e o patrocinio de Afundación.

Ao acto de entrega dos galardóns, que tivo lugar o 14 de novembro, asistiron 350 persoas e incluíu unha conferencia de Emilio Duró. Como novidade, os gañadores déronse a coñecer durante a gala.





11

PROXECCIÓN EXTERIOR DA CULTURA GALEGA

A visibilidade da cultura galega no ámbito internacional é unha das prioridades do traballo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Para a consecución deste obxectivo, o departamento traballa seguindo varias liñas de actuación: o impulso das industrias creativas, o establecemento de relacións con diferentes países, a presenza en institucións académicas e de investigación do exterior, as contribucións á imaxe positiva da produción cultural propia e a posta en valor do patrimonio cultural ligado á emigración.

Con estes fins, a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), a Secretaría Xeral de Cultura, a Cidade da Cultura de Galicia e a Secretaría Xeral de Política Lingüística promoven e apoian distintas iniciativas nos sectores estratéxicos da cultura: o libro e a literatura, a creatividade musical, escénica e audiovisual, a lingua e as artes plásticas e visuais. Neste marco, apóstase tamén por reforzar o diálogo cultural no ámbito da lusofonía.



11.1 Libro e literatura

A difusión internacional do libro galego en 2017 favoreceuse a través de dúas actuacións fundamentais: a promoción da súa presenza en feiras e encontros comerciais do sector, e as axudas e apoios á tradución de textos en galego a outros idiomas.

Presenza en feiras do libro nacionais e internacionais

Galicia estivo presente cun expositor propio en diversas citas de referencia internacional do sector editorial, nunha acción coordinada pola Subdirección Xeral de Bibliotecas en colaboración coa Asociación Galega de Editoras (AGE) e coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración.

A primeira das citas en 2017 foi na **Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña**, realizada entre o 3 e o 6 de abril. Ademais de servir como escaparate das publicacións máis recentes destinadas a estes públicos, o evento puxo o foco na ilustración cunha mostra do traballo de varios artistas e sesións de ilustración en directo de Nuria Díaz e Santy Gutiérrez, coa vontade de dar a coñecer o talento galego.

Nesta feira difundíuse o catálogo *Libros infantís e xuvenís de Galicia 2017*, no que se recollen 109 títulos en galego publicados no ano anterior por 23 empresas editoras, dos que se ofrece información en galego, castelán e inglés. Está coeditada pola Secretaría Xeral de Cultura e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gáliz), co apoio da AGE.

Do 25 de abril ao 15 de maio tivo lugar a **Feira Internacional do Libro de Buenos Aires**, onde, ademais do stand de Galicia, o libro e a cultura galega tiveron unha destaca-

da difusión a través dunha ducia de actividades nas que participaron os escritores Antón Riveiro Coello, Inma López Silva e Andrea Maceiras, xunto co booktuber Sebastián G. Mouret. Encuentros, conferencias, charlas, unha mesa redonda e presentacións de libros foron as propostas coas que se dinamizou a presenza galega na capital porteña.

Ao abeiro desta programación tamén se presentou a obra *Galicia entre nosotros. Relatos de estudantes arxentinos*, cos traballos gañadores do certame homónimo promovido en 2016 pola Consellería de Cultura e Educación, e a Academia Argentina de Letras.

Galicia regresou cun stand institucional propio á feira internacional do libro LIBER, que tivo lugar en 2017 en Madrid do 4 ao 6 de outubro, seis anos despois da súa última presenza institucional. No stand da comunidade houbo mostras do traballo de 15 editoriais en galego. Na seguinte semana, entre os días 11 e 15 de outubro, o libro galego participou na **Feira Internacional do Libro de Frankfurt**, considerada a principal cita mundial para a venda de dereitos de edición do sector. No stand galego estiveron representadas 12 editoriais.



Pechouse o ano na **Feira Internacional do Libro de Guadalaxara** (México), que se desenvolveu do 25 de novembro ao 3 de decembro. Ademais do stand de Galicia para lle dar visibilidade á produción editorial das empresas galegas, a Consellería de Cultura e Educación apoiou a presenza na feira de catro autores galegos: Paula Carballeira, Federico Fernández, Mariluz Ferreiro e María Canosa, que participaron en encontros

con lectores, en sinaturas de libros, en exposicións, en obradoiros de ilustración en directo, en conferencias e en contacontos para dar a coñecer a literatura, a ilustración e a cultura galega.



Impulso á tradución

A Consellería convocou outro ano máis **axudas para a tradución**, tanto do galego a outras linguas como doutros idiomas ao galego, dotadas con 200.000 euros (véx. 7.1). Beneficiáronse 60 obras, das cales 15 foron títulos en galego que, a través destas subvencións, se puideron verter ao inglés, castelán, catalán e portugués europeo e do Brasil.

Dentro da colección **Galician Classics**, un proxecto da Secretaría Xeral de Cultura e o selo editorial Small Stations Press, lanzouse a tradución ao inglés de *Ilustrísima*, de Carlos Casares, realizada por Jacob Rogers baixo o título *His Excellency*. Trátase da primeira tradución a este idioma da obra, no ano no que se lle dedicou o día das Letras Galegas ao autor ourensán. Este título figura no web **Portico of Galician Literature**, portal de obras galegas traducidas ao inglés que incorporou en 2017, co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, fragmentos traducidos ao inglés das obras *Ébora*, de Xosé Carlos Caneiro; *Sentinela, alerta!*, de María Xosé Queizán; *As horas roubadas*, de María Solar; *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila; e *Chamádeme Simbad*, de Francisco Castro.

En 2017 viu a luz a edición bilingüe en galego-xaponés da primeira parte de *Os Eidos*, de Uxío Novoneyra, nunha tradución do profesor e académico correspondente da Real Academia Galega Takekazu Asaka, que contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística. A Secretaría Xeral de Cultura tamén colaborou coa antoloxía poética *Six Galician Poets*, unha edición bilingüe en inglés e galego de poemas de Xosé María Álvarez Cássamo, Yolanda Castaño, Chus Pato, Estevo Creus, María do Cebreiro e Daniel Salgado, nunha edición de Manuela Palacios que viu a luz en Arc Publications.

Un ano máis, *Con barqueira e remador*, o obradoiro internacional de tradución poética dirixido por Yolanda Castaño, volveu á illa de San Simón en outubro, coa participación de seis poetas e tradutores (véx. 8.7).

11.2 Artes plásticas e visuais

Para a difusión das artes plásticas e visuais favoreceuse a presenza de creadores e creadoras galegos no exterior a través de exposicións da súa obra ou de subvencións para que acudisen a citas destacadas do sector.

Exposicións itinerantes

A exposición da Cidade da Cultura *José Suárez. Uns ollos vivos que pensan* (véx. 10.1) continuou coa itinerancia que comezara en 2016 en Madrid e que proseguira por Buenos Aires e Montevideo. Durante 2017 visitou dúas cidades ás que o fotógrafo estivo vinculado en vida: París e Tokio, a onde chegou a mostra en abril e en xullo, respectivamente. Na cidade do Sena, Suárez realizou unha exposición do seu traballo en 1935, mentres que en Xapón viviu de 1953 a 1955. Esta estancia, realizada no seu tempo no exilio, resultaría clave para a súa vida e obra. O terceiro destino da mostra foi Nova Delhi, onde chegou en outubro. A exposición ocupou as sedes do Instituto Cervantes destas tres cidades.





11.3 Internacionalización das industrias musical, escénica e audiovisual

Ben sexa a través de iniciativas fóra de Galicia, ben mediante a realización na comunidade de eventos con clara vocación internacional, ben a través da concesión de axudas, a Consellería de Cultura e Educación favoreceu a proxección cara ao exterior de actividades culturais galegas relacionadas co teatro, a danza e outras artes escénicas, así como do sector musical e audiovisual.

Axudas á distribución de espectáculos

A liña de 435.000 euros de axudas da Agadic á distribución de bens e servizos no exterior destinou 335.000 euros para a distribución e representación de espectáculos de artes escénicas e musicais fóra de Galicia, de xeito autónomo ou en feiras e festivais, ademais do desenvolvemento de espectáculos escénicos no territorio da comunidade autónoma. No que atinxe ao financiamento de actividades no exterior, apoiáronse 466 actuacións de artes escénicas e concertos, en 24 países. En total, beneficiáronse destas subvencións 134 entidades e profesionais.

Entre os eventos que se apoiaron en artes escénicas estiveron as xiras de compañías como Baobab Teatro ou Títeres Cachirulo, a presenza de Voadora en festivais como o FITEI ou o de Alcalá, as xiras nacionais das obras de Teatro Ensalle *Procedimientos ante el vacío* e *Después de Camarina*, que viaxou tamén coa axuda da Agadic ata México e Chile, ou o espectáculo de novo circo de Pistacatro, que chegou a festivais de Nova Zelandia, de Australia e do Reino Unido

No ámbito musical, beneficiáronse desta liña de subvencións Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre nas súas actuacións en Cataluña, Estados Unidos, Arxel, Noruega, Escocia, Francia e Estocolmo; Luar na Lubre, en varios dos seus concertos por España

e por México; Radio Cos, no seu paso por Barcelona, Madrid, León, Vilanova, Bélxica, República Checa e Polonia, ou artistas e agrupacións como Carlos Núñez e Novedades Carminha nas súas xiras internacionais.

As empresas culturais galegas tiveron presenza nunha serie de mercados no exterior grazas a estas axudas, como no South by Southwest de Austin e Pinta Miami, de Estados Unidos; a edición 2017 do Womex, que se desenvolveu en Katowice, Polonia; Exib Música en Évora ou a FETEN, feira europea de artes escénicas para nenos e nenas, que se celebrou en Xixón.

Outras iniciativas para a proxección das artes escénicas e musicais

A edición de 2017 do festival de inverno de teatro, danza e arte en acción **Escenas do Cambio** (véx. 10.2) ofreceu na Cidade da Cultura, entre xaneiro e febreiro, 25 propostas de 10 países. Dentro desta colaboración internacional destacou a relación entre Galicia e América Latina, que se traduciu na participación de autores como Mariano Pensotti e Magdalena Arau ou na retrospectiva sobre o director e dramaturgo arxentino Federico León.



En virtude da colaboración que ten coa Agadic (véx. 9.4), Escena Galega realizou varios encontros para desenvolver o proxecto de rede de distribución e circulación escénica **Camiños do Norte**, en colaboración coas asociacións profesionais de País Vasco (Eskena), Cantabria (Acepae) e Asturias (Foro Escena e ACPTA). Tamén estivo presente en agosto na feira de teatro Ciudad Rodrigo de Castela e León, como apoio ás compañías galegas presentes no evento.

Alén destes intercambios, producíronse outros fitos en 2017. En xuño estreouse en Oxford a ópera galega *O arame*. A obra, composta por Juan Durán sobre un texto do escritor Manuel Lourenzo, foi unha coprodución entre o Centro John Rutherford de Estudos Galegos, dependente da rede de Centros de Estudos Galegos; do Queen's College da Universidade de Oxford e de XOGA (Xove Ópera Galega-Galician Youth Opera).

En agosto, a banda compostelá The Funkles repetiu participación coa súa proposta de versións dos Beatles en galego no festival *Beatleweek*, de Liverpool. A iniciativa contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística.



Do 2 de outubro ao 2 de novembro, a cultura galega participou no festival *Remover Roma con Santiago*, que levou á capital de Italia un programa de actividades de música, teatro, cine, arte e ciencia, coa asistencia de Uxía e Sérgio Tannus, Óliver Laxe, Manuel Rivas e Xurxo Lobato e Andrés Pinal, entre outros. A organización estivo a cargo da Embaixada de España en Italia, a Real Academia de España en Roma, o Instituto Cervantes da cidade, EEHAR, Spagna Cultura+Scienza e a Via Francigena, coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación.

Conecta Fiction

Do 20 ao 23 de xuño, Santiago de Compostela acolleu a primeira edición do Conecta Fiction, que tivo á Arxentina como país de honra. A cita, promovida pola Agadic, ICEX España Exportación e Inversiones, e a Fundación SGAE, e producida por Inside Content, estivo centrada na coprodución de ficción televisiva coa vontade de establecer pontes entre os mercados de Europa, Estados Unidos e América Latina.

Participaron preto de 400 profesionais do sector televisivo de 20 países distintos, entre os que houbo representantes de canles de televisión e plataformas como Fox, France Télévision, HBO, Mediaset, Movistar+, Netflix, Radio Televisión Española, RTP de Portugal, Sony Pictures TV, Telemundo, Televisa ou Univisión, entre outras.

No marco do evento, que desenvolveu o seu programa diúrno na Cidade da Cultura de Galicia e o nocturno noutros espazos da cidade, asinouuse un memorando de entendemento entre Galicia e A Arxentina, co fin de impulsar producións cinematográficas e para televisión entre os dous países. Isto reflectiuse na creación dunha coordinadora con representación das dúas partes, que se encargará da elaboración de convocatorias públicas para axudas á coprodución.

A iniciativa terá continuidade nunha segunda edición do 18 ao 21 de xuño de 2018.



Asistencia a certames e feiras do audiovisual

A Agadic estableceu en 2017 unha liña de subvencións de 30.000 euros ao abeiro da que o cinema galego se difundiu en festivais e mostras no exterior de prestixio nacional e internacional. Resultaron beneficiadas Zeitun Films con *Mimosas*, que asistiu ao International Film Festival Rotterdam e ao Buenos Aires Festival Internacional de Cine Independiente (BAFICI), e con *Tshweesh*, que estivo no Locarno Festival. A este mesmo certame acudiu *Plus Ultra*, de Filmika Galaika, ademais de participar no Festival Internacional de Cine de San Sebastián e no Festival Internacional de Cine de Mar del Plata. Helena Giron levou ao Festival Internacional de Cine de Karlovy Vary *Montañas ardientes que vomitan fuego* e Álvaro Fernández Fernández participou no Festival Internacional de Cine de Xixón con *Nocturno, fantasmas de mar en puerto*. Acanea Impulsión levou *Dhogs* á Bafici e ao 50 Festival Internacional de Cine Fantástico de Sitges, onde foi a

primeira longametraxe en galego proxectada no certame. Lois Patiño Lamas levou *Fajr* ao International Film Festival Rotterdam. No Festival de Cine Europeo de Sevilla estiveron Ana María Domínguez Díaz con *Os fillos da vide* e Matriuska Producciones con *A estación violenta*. Por último, Carla Fernández Andrade levou ao Festival Internacional de Cine Documental y Cortometraje de Bilbao *El paisaje está vacío*.



A presenza galega en mercados sectoriais internacionais viuse impulsada polo programa de proxección exterior do audiovisual galego para 2017, organizado pola Agadico co apoio económico do Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe) e coa colaboración do Clúster Audiovisual Galego (Clag) e da Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi). As marcas *Films from Galicia* e *Shorts from Galicia*, incluídas na proposta, renovaron a súa imaxe, catálogos e vídeos promocionais co fin de darlles visibilidade ás producións galegas.

O programa recolleu a participación en oito citas destacadas do sector: o Festival Internacional de Curtametraxes de Clermont-Ferrand (Francia), o European Film Market de Berlín (Alemaña), o MIPTV, o Marché du Film e o Mipcom, todos en Cannes (Francia); o Sunny Side of the Doc de La Rochelle (Francia) e o Ventana Sur de Buenos Aires, A Arxentina, ademais do Conecta Fiction.

Iniciativas de formación

Santiago de Compostela recibiu no mes de xaneiro a primeira das tres residencias do obradoiro de formación *SeriesLab* 2017, unha iniciativa do Torino FilmLab orientada ao desenvolvemento de series de ficción para televisión. Este proxecto implicou

unha vintena de profesionais de toda Europa e nel participaron 12 proxectos, tres deles galegos: *The Writer*, de Manuel Darriba; *The Brussels Blueprint*, de Alphonse de la Puente e Guillermo Madjarian, e *Chrysalis*, de Samuel Lema e Daniel Froiz. Ademais das catro xornadas de traballo entre os participantes e os seus titores, organizáronse dúas sesións informativas, abertas aos profesionais do sector.

En novembro, levouse a cabo unha nova sesión informativa MEDIA, dentro do programa de formación da Agadic Galicia ProFilme. Nesta ocasión falouse sobre as convocatorias de axudas ás producións audiovisuais e as vantaxes das coproducións internacionais.

Ese mesmo mes celebrouse o *pitching I+P Ideas para producir*, no que se presentaron 15 proxectos de producións audiovisuais na busca de financiamento ou distribución. Durante a xornada realizáronse uns 200 encontros bilaterais. Entre os executivos que participaron estaban directivos de canles de televisión, distribuidoras e produtoras nacionais.

11.4 Lingua e cultura

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, impulsou en 2017 a aprendizaxe da lingua galega no exterior, en universidades de Europa e de América, así coma en centros de ensino de secundaria de fóra de Galicia. Esta liña de actuación completouse con diversas iniciativas que favoreceron a difusión e a posta en valor da lingua e da cultura galegas no exterior.

Aprender galego no mundo

Parte importante da estratexia de difusión internacional do galego é a contribución ao seu estudo. En 2017 cumpríronse 25 anos da sinatura do convenio da Xunta de Galicia co Ministerio de Educación que permitiu ofrecer estudos de galego no **Instituto Español Vicente Cañada Blanch de Londres**, onde se pode cursar galego como actividade extraescolar en primaria e, como optativa, no ensino secundario. 57 alumnos e alumnas de ESO, preto do 40% do alumnado total, e 30 de primaria aprenderon a lingua e a cultura galegas na capital británica no curso académico 2016/17. Ademais, as secretarías xerais de Política Lingüística e da Emigración colaboraron na realización dunha estadía cultural en Galicia dun grupo de 42 alumnos e alumnas.

O blog Fala Londres (www.galegoenlondres.gal) e os perfís Galego en Londres nas redes de Facebook, Twitter e Instagram dan conta da ampla actividade que se desenvolve arredor das clases de galego no IE Vicente Cañada Blanch. Como parte e complemento delas xurdiu o proxecto Galego en Londres, que involucra a comunidade galega da cidade do Támesese para dar testemuño ante o alumnado dunha Galicia punteira nos eidos artístico, científico e profesional.

Outro dos centros de ensino de galego no exterior é o **Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol** de Buenos Aires, especializado na educación nas etapas infantil e xuvenil, e en parte financiado pola Consellería de Cultura e Educación. En 2017, alumnado do último curso realizou unha viaxe de estudos a Galicia, na que visitou diversas entidades culturais, entre elas, a Cidade da Cultura de Galicia. O Centro Santiago Apóstol conta actualmente con máis de 500 alumnos e alumnas que estudan a materia de Lingua Galega desde a etapa preescolar (3 anos) ata o nivel secundario (primeiro de bacharelato) e que cursan en galego as materias de Lingua e Literatura e mais Xeografía e Historia de Galicia. Ao alumnado do Santiago Apóstol súmanse en América os case 400 estudantes do **Colexio Castelao da Hermandad Gallega de Caracas**, que cursan tamén galego co apoio da Consellería de Cultura e Educación.



Para promover os estudos de lingua e cultura galegas en universidades de fóra de Galicia, a Secretaría Xeral de Política Lingüística xestiona a rede de **Centros de Estudos Galegos (CEG)**, conformada por 35 universidades de 15 países: Alemaña, O Brasil, Croacia, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Hungría, Italia, Irlanda, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia, Suíza e España, que conta con centros na Universitat d'Alacant, na Universitat de Barcelona e, na mesma cidade, na Universitat Autònoma; na Complutense, en Madrid; nas universidades de Salamanca, Granada, Extremadura e Deusto, en Bilbao; e na UPV, en Vitoria.

En 2017, a rede incorporou 10 novos lectores, que se estableceron durante o curso 2017/18 en Barcelona, Cork (Irlanda), Deusto, Minho (Portugal), Algarve (Portugal), Extremadura, Granada, Madrid e Padua (Italia). O total de lectores de galego en universidades é de 27 persoas. As iniciativas impulsadas a través dos centros de estudos galegos pódense consultar no Portal da Lingua Galega, en www.lingua.gal.

En 2017, a Xunta de Galicia asinou un convenio de colaboración por tres anos coa Universidade de São Paulo para darlle continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas no centro. Tamén renovou un acordo similar coa Sapienza Università di Roma (Italia).

O **Instituto Cervantes** tamén incluíu na súa oferta de formación o estudo da lingua e cultura galegas nas súas sedes de Berlín, Lisboa, Roma, Varsovia, Río de Xaneiro e São Paulo, grazas ao acordo asinado en 2016 coa Consellería de Cultura e Educación.

O estudo da lingua galega nas zonas estremeiras experimentou un aumento en 2017. O **Programa de Promoción da Lingua Galega no Bierzo e en Sanabria** rexistrou 1.101 estudantes matriculados para o curso 2017/18, fronte aos 980 do período anterior. O proxecto incorporou en 2017 un novo centro de estudo, o CRA leonés Cubillos del Sil, co que ascenden a 19 os centros de ensino primario e secundario nos que se pode estudar galego, ademais da escola oficial de idiomas. No mes de marzo celebráronse en Vilafranca do Bierzo as IX Xornadas Martín Sarmiento, nas que se congregaron os estudantes de galego da zona. A consellería apoiou tamén a visita de máis de 150 alumnos e alumnas a Galicia.

O ensino do galego na educación secundaria en Cataluña canalízase a través do **Proxecto Galauda**, unha iniciativa da sección de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universitat de Barcelona coa colaboración do departamento de Educación da Generalitat de Catalunya e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Para favorecer a aprendizaxe do galego, a editorial nipoa Kakenhi publicou, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a *Nova gramática galega* en xaponés, do lingüista e profesor Takekazu Asaka, con prólogo do académico da lingua galega Francisco Fernández Rei.



Participación en redes europeas para a promoción lingüística

Para promover a diversidade lingüística e impulsar o uso dos idiomas minoritarios, a Unión Europea creou en 2008 a **Network to Promote Linguistic Diversity NPLD**), da que a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, é membro de pleno dereito. O 11 de novembro o grupo reuniuse na conferencia *Os retos actuais das linguas minoritarias das complexas sociedades de hoxe*, organizada pola NPLD e o Centre Maurits Coppieters.

Cursos e congresos

A Real Academia Galega convocou en 2017 unha nova edición dos *Cursos de verán de lingua e cultura galegas para persoas de fóra de Galicia*, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística e o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Estes cursos están abertos a calquera persoa maior de idade de fóra de Galicia, malia que os seus destinatarios principais son o alumnado e profesorado universitario. Na súa trixésima edición, desenvolvéronse en Santiago de Compostela do 3 ao 24 de xullo.

En setembro, a Universidade de Coimbra organizou o congreso *Neofalantes nunha Europa multilingüe: políticas e prácticas*, terceiro da rede The Newspeakers da European Cooperation in Science and Technology (COST). No marco desta iniciativa tivo lugar o panel *Neofalantes e o futuro dos medios galegos: papel dos xornais galegos sostidos por financiamento colectivo na creación de políticas lingüísticas de abaixo arriba*, no que participou o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García.

Actividades culturais apoiadas pola Secretaría Xeral da Emigración

A Secretaría Xeral da Emigración convocou en 2017 unha liña de axudas para a realización de obradoiros relacionados cos costumes e tradicións galegas que permitiu levar a entidades do exterior de Galicia actividades de formación de folclore, de artesanía, de gastronomía e seminarios de cultura galega. Beneficiáronse delas asociacións do Brasil, Venezuela, Cuba, A Arxentina, Chile e Estados Unidos, entre outras.

11.5 Diálogo cultural coa lusofonía

A importancia de establecer un ecosistema de cooperación con comunidades afíns queda patente coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, coñecida como Lei Paz-Andrade. Aprobada polo Parlamento de Galicia en 2014, a lei define o marco para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía: unha vía coa que potenciar a presenza de Galicia

no ámbito internacional a través do apoio mutuo entre culturas con raíces históricas e lingüísticas compartidas.

A lei promove a aprendizaxe da lingua portuguesa e as culturas lusófonas: as similitudes do galego co idioma de Camões constitúe unha vantaxe competitiva para a cidadanía galega, que pode e debe ser explorada polos beneficios económicos e culturais que achega. Neste último aspecto, o achegamento entre as dúas comunidades foméntase mediante o establecemento dunha serie de actividades conxuntas, que abranguen os principais ámbitos da cultura e a creación. En 2017 déuselles continuidade a proxectos de traballo nesta dirección e fomentáronse novas vías para o encontro, como a presenza de Portugal como país convidado na Feira das Industrias Culturais Cultural (véx. 9.4).

Programacións conxuntas, coproducións e colaboracións en festivais foron algunhas das vías polas que se canalizou a cooperación de Galicia coas industrias creativas do país veciño.

Programa Nortear

Este proxecto conxunto da Secretaría Xeral de Cultura, da Dirección Rexional de Cultura do Norte de Portugal e da Agrupación Europea de Cooperación Territorial da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal busca impulsar o diálogo cultural entre Galicia e Portugal a través de diversas iniciativas culturais. Con este fin, o programa conta co programa **Conversas Nortear**, do que en 2017 se levaron a cabo dúas edicións. A primeira celebrouse no mes de marzo en Pontevedra, coa escritora galega Inma López Silva e o autor portugués Valter Hugo Mãe como protagonistas. A segunda das citas foi en decembro, durante a celebración do Cultural. Aquí xuntáronse os escritores Miguel Sande e Virgínia do Carmo para dialogar sobre as literaturas galega e portuguesa. Lara Dopazo e Rui Cerqueira, respectivamente, foron os encargados de conducir as conversas.

Outra das iniciativas do programa é o **Premio Literario Nortear**, do que en 2017 se entregou o galardón da súa terceira edición e se convocou a cuarta. Este certame, cunha dotación económica de 2.000 euros, busca incentivar a produción literaria entre os autores e autoras de Galicia e do Norte de Portugal que teñan entre 16 e 36 anos. A premiada deste ano foi a escritora vilalbesa Cecilia Fernández Santomé. O seu relato *34, Rue Saint Jacques* foi seleccionado entre os 31 traballos presentados.

Ao abeiro do programa Nortear tamén se impulsaron dous proxectos expositivos. Por unha banda, **Libertas** estivo formado por sete instalacións artístico-fotográficas acompañadas de texto, dedicadas a outros tantos escritores e activistas en prol dos dereitos humanos. A mostra, organizada polo Centro PEN Galicia e coordinada polo seu director, Xabier Castro, baixo a coordinación de Olegario Sampedro, exhibiuse no Museo Alberto Sampaio de Guimarães no mes de maio. Por outra banda, en Galicia, a igrexa da Universidade de Santiago de Compostela acolleu do 18 de outubro ao 29 de novembro a mostra fotográfica *Camiños do ferro e da prata. Liñas do Douro e do Miño*. A exposición asomou o espectador ao proceso de construción das vías férreas do noroeste de Portugal e sur de Galicia mediante unha serie de imaxes procedentes de legados familiares.

Outras das iniciativas que viron a luz no marco do programa Nortear foron o intercambio de fondos bibliográficos para enriquecer a sección de literatura portuguesa da

Biblioteca de Galicia e a sección galega da Biblioteca da Dirección Rexional de Cultura do Norte, ademais da realización de dúas rutas literarias dixitais sobre Rosalía de Castro e Valle-Inclán.

Espazos para o encontro musical

Ao longo do ano houbo diferentes propostas de colaboración entre músicos de Galicia e Portugal que contribuíron a explorar e compartir as raíces sonoras conxuntas e os novos traballos de creadores e creadoras. **Cantos na Maré**, o festival internacional da lusofonía, desenvolveu unha nova edición en Pontevedra. Producido por Nordesía, co apoio da Agadic e coa cantante Uxía como directora artística, na edición de 2017 actuaron Guadi Galego, o guineano Manecas Costa, o angolano Paulo Flores, a portuguesa Celina da Piedade e a brasileira Kátya Teixeira, coa participación de Santiago Auserón como artista convidado.

En 2017 tivo lugar a quinta edición do **International Keyboard Festival & Masterclass da Eurocidade Tui-Valença**, o IKFEM, un ano máis co apoio da Secretaría Xeral de Cultura. Este proxecto combina parte didáctica, con obradoiros, clases maxistras e actuacións musicais, que nesta edición foron da man de artistas e agrupacións como Abe Rábade & Javier Otero, Best Boy e Ignacio Prego, entre outros.



Tamén repetiu a Agadic a súa colaboración coa asociación D'Orfeu no programa de intercambio cultural **OuTonalidades**. Esta iniciativa levou de outubro a decembro unha serie de actuacións musicais a distintas localidades de Portugal e Galicia.

O proxecto didáctico-cultural **aRi[t]mar** preséntase como unha vía para achegar linguas e culturas e divulgar a música e a poesía galego-portuguesas actuais. Promovido pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, a iniciativa conta co impulso da Secretaría Xeral de Política Lingüística. En 2017 levouse a cabo a segunda convocatoria dos premios aRi[t]mar. Os galardoados foron Paco Souto e Pedro Craveiro polos mellores poemas galego e portugués, respectivamente. Sés resultou vencedora na categoría de mellor canción galega e Quinta do Bill, na da portuguesa.

Coproducións teatrais

No eido das artes escénicas, a colaboración entre Galicia e Portugal deu como froito a coprodución de *O conto de inverno*. Na adaptación da obra de William Shakespeare colaboraron o Centro Dramático Galego, a compañía Teatro Oficina de Guimarães, a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e Teatro Aveirense. Teatro Oficina foi a encargada de poñela en escena, e o elenco contou coa participación dos intérpretes galegos Marta Pazos, Xosé Barato e Santi Cuquejo.

O Centro Dramático Galego, o Teatro Nacional D. Maria II de Lisboa e o Teatro Municipal Rivoli do Porto coproducion co artista vigués Pablo Fidalgo o proxecto *Daniel Faria*, sobre o autor e monxe luso, considerado un dos mellores poetas do século XX do seu país.



Cooperación no ámbito audiovisual

O principal evento de colaboración entre Galicia e Portugal no terreo audiovisual foi o **III Encontro de Coprodución Audiovisual Portugal-Galicia**. Esta cita desenvolveuse, como nas edicións anteriores, durante o Festival de Cine Internacional de Ourense, o OUFF, e na súa organización colaboraron a Agadic e o Instituto do Cinema e do Audiovisual de Portugal.

No encontro participaron 12 empresas ou organizacións portuguesas do audiovisual (Anexo 82, Animais AVPL, David&Golias, Jumpcut, Lightbox, Lx Filmes, Mares do Sul, Original Features, Stopline Filmes, Take 2000, Zulfilmes e Radio Televisão de Portugal) e 15 galegas, que foron a Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi), Adiviña Producións, Agallas, Cinemar, Control Z, CTV, Ficción Producciones, Ollo Vivo, Portocabo, Recrea, Sr. Pause, Vía Láctea Filmes, Voz Audiovisual, Walkie Talkie Films e Televisión de Galicia (TVG).

Durante o evento realizáronse máis de 80 reunións para o establecemento de colaboracións en cinema e televisión, concertadas previamente pola organización entre representantes das compañías representadas e posibles socios.

Un dos proxectos que saíran do primeiro encontro e que se materializara no 2016, a miniserie galego-portuguesa *Vidago Palace*, estreouse en marzo de 2017.

Libro e literatura

Ás iniciativas impulsadas ao abeiro de Nortear no ámbito do libro e da literatura sumáronse outras actividades, como a **III Semana Cultural Convergências Portugal-Galiza**, que contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística. A programación estivo dedicada á poetisa galega Rosalía de Castro e ao compositor portugués Zeca Afonso, no ano no que se cumpriron 180 e 30 anos dos seus nacemento e pasamento, respectivamente. Realizada na cidade de Braga entre o 19 e o 25 de febreiro, a iniciativa incluíu actuacións musicais, representacións, conferencias e coloquios.

A illa de San Simón acolleu en outubro a sexta edición do Obradoiro Internacional de Tradución Poética *Con barqueira e remador*, que en 2017 tivo como lingua vehicular o portugués (véx. 8.7).

Artes plásticas e visuais

Ademais dos proxectos expositivos realizados no marco do programa Nortear, no ámbito das artes plásticas e visuais arrancou en novembro, no Barco de Valdeorras, a mostra itinerante da **XII Bienal de Pintura Eixo Atlántico 2017/18**, para despois cruzar a fronteira ata Viana do Castelo. Un total de 29 traballos inéditos de creadores galegos e portugueses, seleccionados entre os máis de 120 traballos admitidos a concurso, conformaron a exposición desta bienal, promovida polo Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular co apoio da Consellería de Cultura e Educación. A obra *Série 0, Desconstruído*, de Fátima Teles, foi a gañadora do primeiro premio, mentres que o segundo recaeu

nos traballos *Two Big Women*, de Marco Macedo, e *América*, de Xosé Luís Carreira López. O premio de novos talentos distinguiu a obra *Fragments de memória*, do brasileiro Fábio Araújo.



Lingua

Para apoiar o estudo do galego en Portugal, a Xunta de Galicia conta con tres dos **centros de estudos galegos** no país veciño, situados na Universidade Nova de Lisboa, na Universidade do Algarve e na Universidade do Minho, en Braga. Tamén se ofrecen cursos de galego na sede do Instituto Cervantes de Lisboa. No ámbito da lusofonía, no Brasil, hai centros de estudos galegos na Universidade Federal da Bahia, na Federal Fluminense de Niteroi, na Universidade de São Paulo e no Instituto de Letras de Río de Xaneiro. Estas dúas últimas contan tamén con sedes do Instituto Cervantes nas que se imparten clases de lingua galega. O Instituto Camões ten un Centro de Língua Portuguesa en Vigo, a través do que contribúe ao estudo e difusión da lingua e cultura propias do país.

A Consellería de Cultura e Educación tamén lle deu continuidade ao convenio coa asociación cultural e pedagóxica **Ponte... nas ondas!** Este acordo incluíu a elaboración de unidades didácticas de contidos de patrimonio inmaterial para alumnado de educación primaria e secundaria. A asociación realizou unha retransmisión especial con escolares galego-portugueses desde o Museo do Mar do Mar de Galicia co gallo da estancia do Pergamiño Vindel en Galicia.

ANEXO 1

Área de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria 2017

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Román Rodríguez González · CONSELLEIRO

Secretaría Xeral Técnica

Jesús Oitavén Barcala · SECRETARIO XERAL TÉCNICO

Secretaría Xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez · SECRETARIO XERAL

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez · SECRETARIO XERAL

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

María del Carmen Martínez Insua · DIRECTORA XERAL

Axencia Galega das Industrias Culturais

Jacobo Sutil Nesta · DIRECTOR

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Ana Isabel Vázquez Reboredo · DIRECTORA-XERENTE

SUBDIRECCIÓNS XERAIS

Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación Cultural

Cristina Fabeiro Varela · SUBDIRECTORA XERAL

Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural

Juan Antonio Naveira Seoane (ata o 29/05/2017) ·

SUBDIRECTOR XERAL

Beatriz González Loroño (desde o 30/05/2017) ·

SUBDIRECTORA XERAL

Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais

Manuel Chaín Pérez · SUBDIRECTOR XERAL

Subdirección Xeral de Bibliotecas

Mª Cristina Rubal González · SUBDIRECTORA XERAL

Subdirección Xeral de Arquivos

Marina García Pita · SUBDIRECTORA XERAL

Subdirección Xeral de Política Lingüística

Mª Lourdes Batán Aira · SUBDIRECTORA XERAL

Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística

Elvira Mª Casal García · SUBDIRECTORA XERAL

XEFATURAS TERRITORIAIS

Xefatura territorial da consellería na Coruña

Indalecio Cabana Leira · XEFE TERRITORIAL

Jesús Espada Martínez (desde o 01/04/2017) ·

ÁREA CULTURAL

Rosario Fernández-Albalat Ruiz · PATRIMONIO CULTURAL

Xefatura territorial da consellería en Lugo

María Carmen Gueimude González · XEFA TERRITORIAL

María José Gómez Rodríguez (desde o 20/01/2017) ·

ÁREA CULTURAL

Ana Mª Carril Cuesta · PATRIMONIO CULTURAL

Xefatura territorial da consellería en Ourense

María Luz Fernández Quintas · XEFA TERRITORIAL

Laura López del Castillo · ÁREA CULTURAL

Alfredo Seara Carballo · PATRIMONIO CULTURAL

Xefatura territorial da consellería en Pontevedra

César A. Pérez Ares · XEFE TERRITORIAL

José Manuel González González (ata o 31/01/2017) ·

ÁREA CULTURAL

María José Echevarría Moreno (desde o 22/03/2017) ·

ÁREA CULTURAL

Alberto Castrillo Escobar (ata o 21/06/2017) ·

PATRIMONIO CULTURAL

Belén Suárez Massó (desde o 01/08/2017) ·

PATRIMONIO CULTURAL

BIBLIOTECAS

Biblioteca de Galicia

Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés
M^a Mar Lauroba Sánchez (ata o 31/03/2017) · DIRECTORA
M^a Sol González Regal (desde o 01/04/2017) · DIRECTORA

Biblioteca Pública de Lugo

M^a Sol González Regal (ata o 31/03/2017) · DIRECTORA
María Elena García Pazos (desde o 03/07/2017) · DIRECTORA

Biblioteca Pública de Ourense

Rosa María Díaz Naya · DIRECTORA

Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

Pilar Fernández Ruiz (ata o 31/03/2017) · DIRECTORA
Alejandra M^a Mosquera Souto (desde o 03/07/2017) · DIRECTORA

Biblioteca Pública de Santiago de Compostela Ánxel Casal

Carina Fernández Faya (ata o 31/03/2017) · DIRECTORA
Jesús Torres Junquera (desde o 03/07/2017) · DIRECTOR

Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel

Inmaculada Concepción Serrano Plaza · DIRECTORA

ARQUIVOS

Arquivo de Galicia

Marina García Pita · SUBDIRECTORA XERAL DE ARQUIVOS

Arquivo Central da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Antonio Fernández Domínguez · RESPONSABLE DO ARQUIVO

Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Lugo

Olimpia López Domínguez · RESPONSABLE DO ARQUIVO

Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra

Alfonso Cascudo Rasilla · RESPONSABLE DO ARQUIVO

Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Vigo

Violeta Bernal Díaz · RESPONSABLE DO ARQUIVO

Arquivo do Reino de Galicia

M^a Carmen Prieto Ramos · DIRECTORA

Arquivo Histórico Provincial de Lugo

Dolores Pereira Oliveira · DIRECTORA

Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Pablo Sánchez Ferro · DIRECTOR

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

Carmen Luisa Corgo Solleiro · DIRECTORA

CENTROS DA AGADIC

Centro Dramático Galego e Salón Teatro

Fefa Noia Ansede · DIRECTORA

Centro Coreográfico Galego

Mercedes Suárez Rodríguez · DIRECTORA

Centro Galego de Artes da Imaxe

Guillermo Escrigas Rodríguez · DIRECTOR

MUSEOS, FUNDACIÓNS E OUTROS

Acción Cultural da Cidade da Cultura de Galicia

María Pereira Otero · DIRECTORA

Centro Galego de Arte Contemporánea

Santiago Olmo García · DIRECTOR

Museo de Belas Artes da Coruña

M^a Ángeles Penas Truque · DIRECTORA

Museo Etnolóxico de Ribadavia

César Llana Rodríguez · DIRECTOR

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Bieito Pérez Outeiriño (ata o 01/12/2017) · DIRECTOR
M^a Esperanza Gigirey Liste (desde o 17/12/2017) · DIRECTORA

Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre

José Manuel Rey García · DIRECTOR

Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa

Xulio Rodríguez González · DIRECTOR

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

Xulio Rodríguez González · DIRECTOR

Museo do Castro de Viladonga

Elena Varela Arias · DIRECTORA

Museo Massó

M^a Covadonga López de Prado Nistal · DIRECTORA

Museo do Mar de Galicia

Vicente Caramés Moreira · DIRECTOR

Museo Pedagóxico de Galicia

Beatriz Seco González · DIRECTORA

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Manuel González González · COORDINADOR CIENTÍFICO

Fundación Pública Galega Camilo José Cela

Illa de San Simón

ANEXO 2

Principais convocatorias de axudas públicas da área de Cultura da Xunta de Galicia

Subvencións para producións ou coproducións de contido cultural galego 2017-2019

Liña de axudas públicas dirixida a empresas produtoras co obxectivo de fomentar a produción e coprodución de películas que contribúan a ampliar a diversidade da cinematografía galega, promovan o talento e consoliden a industria audiovisual.

Modalidades: a1. Longametraxes de ficción de autoría galega que poñan en valor a diversidade cinematográfica de Galicia e os recursos creativos, artísticos e técnicos do audiovisual galego, e que posúan unha alta capacidade de internacionalización; a2. Longametraxes que posúan un especial valor cinematográfico, cultural e social, fomenten o tecido industrial do sector audiovisual galego, teñan vocación de difusión e comercialización nacional e internacional; b. Longametraxes cinematográficas de animación; c. Longametraxes documentais; d. Curtametraxes de ficción, animación e documental; e. Longametraxes e miniserias (submodalidade e1), longametraxes documentais (submodalidade e2) e series de animación infantil e xuvenil (submodalidade e3), todas elas para seren emitidas por televisión.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 17/02/2017
DOTACIÓN ECONÓMICA: 2.000.000 euros

Subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego

Apoio á creación de obras audiovisuais con decidida vocación artística e cultural e, en concreto, a escrita de guións e a realización de curtametraxes a cargo de creadores individuais e de longametraxes realizadas por empresas individuais ou produtoras.

Modalidades: a. Escrita de guión en galego; b. Curtametraxes gravadas en versión orixinal galega; c. Longametraxes en versión orixinal galega.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 23/12/2016
CONTÍA ECONÓMICA: 145.000 euros

Subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega

Liña de axudas públicas dirixidas ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais, que contribúa a asegurar a madurez dos produtos audiovisuais galegos

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 16/06/2017
DOTACIÓN ECONÓMICA: 200.000 euros

Subvencións á distribución para as industrias culturais

Dirixidas a promover a distribución exterior e interior de bens e servizos culturais producidos por empresas, compañías ou grupos profesionais con sede en Galicia, fomentando a captación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais.

Modalidades: a1. Distribución de espectáculos de artes escénicas e musicais fóra de Galicia; a2. Representación de espectáculos de artes escénicas ou concertos en feiras e festivais fóra de Galicia; a3. Asistencia a feiras e mercados culturais fóra de Galicia; a4. Distribución de espectáculos escénicos en Galicia.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 30/03/2017
DOTACIÓN ECONÓMICA: 435.000 euros

Subvencións a festivais de artes escénicas e de música

Dirixidas a festivais de artes escénicas e de música de carácter profesional celebrados en Galicia que, polas súas características, teñan un interese estratéxico para o sector.

Modalidades: a. Festivais de música; b. Festivais de artes escénicas.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 30/03/2017
DOTACIÓN ECONÓMICA: 390.000 euros

Subvencións para festivais do sector audiovisual

Axudas públicas para o apoio a certames, festivais e mostras de cine que teñan por obxecto a promoción e difusión da produción cinematográfica e audiovisual celebrados en Galicia con interese estratéxico para o sector.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 26/12/2016
DOTACIÓN ECONÓMICA: 115.000 euros

Subvencións a salas de artes escénicas

Axudas destinadas ao fomento e estabilidade das salas de artes escénicas de titularidade privada vinculadas ao funcionamento da sala e aos seus proxectos de programación.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 23/12/2016
DOTACIÓN ECONÓMICA: 70.000 euros

Subvencións á produción escénica

Axudas públicas dirixidas ao fomento da produción escénica, en calquera das súas modalidades e disciplinas artísticas, por parte de compañías profesionais con actividade en Galicia.

Modalidades: 1. Producións de espectáculos de empresas de nova creación; 2. Produción de espectáculos de pequeno formato; 3. Produción de espectáculos de medio formato; 4. Produción de espectáculos de gran formato.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 30/12/2016
DOTACIÓN ECONÓMICA: 600.000 euros

Subvencións para a promoción e difusión do cine galego en festivais e mostras de cine de prestixio nacional e internacional que se realicen fóra de Galicia

Axudas destinadas a promover a participación de obras audiovisuais galegas en festivais e mostras de cine de carácter nacional e internacional de recoñecido prestixio e ampla capacidade de difusión.

ORGANISMO: Agadic
DATA PUBLICACIÓN: 11/07/2017
DOTACIÓN ECONÓMICA: 30.000 euros

Subvencións a festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado

Destinadas a institucións sen fins de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos para financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais non profesionais.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 09/06/2017
DOTACIÓN ECONÓMICA: 50.000 euros

Subvencións a concellos de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de programación culturais

Axudas destinadas á mellora e equipamento dos locais de concellos e agrupamentos de concellos para mellora do equipamento e das dotacións técnicas dos locais culturais.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 29/05/2017
DOTACIÓN ECONÓMICA: 500.000 euros

Programa de dinamización da lectura nas bibliotecas Ler conta moito

Programa de dinamización da lectura a través da Rede de Bibliotecas de Galicia, para achegar a cidadanía á lectura e á información dunha maneira lúdica, en colaboración cos concellos vinculados á Rede de Bibliotecas de Galicia, que asumen o 25 % do custo das actividades.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 31/01/2017
DOTACIÓN ECONÓMICA: 163.598,5 euros

Programa de mellora das coleccións das bibliotecas galegas

Programa para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas e axencias de lectura municipais.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 09/01/2017
DOTACIÓN ECONÓMICA: 350.000 euros

Programa de adquisición de novidades editoriais con destino ás bibliotecas galegas

Programa de fomento da edición do libro galego, a promoción da lectura en lingua galega e a actualización de fondos da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 05/01/2017
DOTACIÓN ECONÓMICA: 200.000 euros

Axudas á tradución ao galego e desde o galego a outras linguas

Convocatoria de axudas para o libro galego, no que se refire á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego e á tradución para o galego de obras publicadas orixinariamente noutras linguas.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 05/01/2017
DOTACIÓN ECONÓMICA: 200.000 euros

Axudas destinadas á colaboración no financiamento en materia de arquivos

Convocatoria destinada á mellora dos arquivos de Galicia, garantindo unha custodia responsable e o acceso da cidadanía aos documentos. A finalidade da axuda é a organización de fondos documentais e a mellora dos locais de arquivo.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 11/04/2017
DOTACIÓN ECONÓMICA: 77.740 euros

Bolsas de formación en arquivos

No ano 2017 prorrogáronse automaticamente as bolsas convocadas no ano 2016 en materia de arquivos para a organización, descrición e tratamento técnico dos fondos custodiados nos arquivos municipais de Galicia e noutros arquivos de interese galego

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
RESOLUCIÓN DA PRÓRROGA: 21/12/2016
DOTACIÓN ECONÓMICA: 111.748 euros

Convocatoria de bolsas de formación en biblioteconomía

No ano 2017 prorrogáronse as bolsas de formación en biblioteconomía mediante colaboración titorizada na organización e descrición de fondos e actividades de biblio-

teconomía en bibliotecas, baixo a dirección dos técnicos da Secretaría Xeral de Cultura.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
DATA PUBLICACIÓN: 13/04/2016
DOTACIÓN ECONÓMICA: 154.000 euros

Axudas ao financiamento de intervencións arqueolóxicas

Concesión de axudas aos promotores particulares de calquera tipo de obras que afecten un conxunto histórico, zona arqueolóxica ou xacementos catalogados ou inventariados, nos casos en que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou a figura de planeamento vixente determine a necesidade de realizar intervencións arqueolóxicas. Están destinadas a financiar o custo da execución do proxecto arqueolóxico.

ORGANISMO: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
DATA DE PUBLICACIÓN: 29/03/2017
DOTACIÓN ECONÓMICA: 50.000 euros

Bolsas de formación en materia de patrimonio móbile galego

No ano 2017 prorrogáronse as bolsas de formación en materia de patrimonio móbile en museos xestionados pola Consellería de Cultura e Educación, co fin de proporcionar unha formación teórico-práctica que, engadida á formación académica, contribúa a completar o currículo académico.

ORGANISMO: Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
DATA PUBLICACIÓN: 13/04/2016
DOTACIÓN ECONÓMICA: 46.000 euros

Plan de mellora de bibliotecas escolares

Axudas destinadas á actualización dos fondos da biblioteca e á renovación de mobiliario e outros equipamentos necesarios, co fin de estimular a renovación das bibliotecas escolares.

ORGANISMO: Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos
DATA DE PUBLICACIÓN: 02/06/2017
DOTACIÓN ECONÓMICA: 1.342.000 euros

Clubs de lectura

Axudas destinadas a incentivar o funcionamento de clubs de lectura dirixidas á adquisición de libros para as actividades do club e outros gastos derivados do seu fun-

cionamiento, co fin de fomentar hábitos de lectura entre os participantes e de contribuír á creación dun ambiente proclive á experiencia lectora.

ORGANISMO: Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

DATA DE PUBLICACIÓN: 05/09/2017

DOTACIÓN ECONÓMICA: 215.000 euros

Bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Convocatoria de bolsas de formación nos proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, co fin de contribuír á especialización na súa formación académica, profesional ou investigadora.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística

DATA PUBLICACIÓN: 02/08/2017

DOTACIÓN ECONÓMICA: 190.080 euros

Axudas ás entidades locais para a promoción do galego

Axudas dirixidas aos concellos, agrupamentos de concellos e entidades locais (excluídas as deputacións) de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística

DATA PUBLICACIÓN: 02/05/2017

DOTACIÓN ECONÓMICA: 245.000 euros

Programa da rede de lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en universidades de fóra de Galicia

Programa de lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para universidades de diversos países, mediante convocatoria de bolsas de lectores e unha programación anual de actividades culturais dos centros de estudos galegos.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística

DATA PUBLICACIÓN: 06/06/2017

DOTACIÓN ECONÓMICA: 220.191,12 euros

Subvencións para a edición en galego de recursos didácticos curriculares

Subvencións destinadas ao sector editorial para fomentar e potenciar a publicación de recursos didácticos en galego curriculares para niveis non universitarios.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística

DATA PUBLICACIÓN: 19/05/2017

DOTACIÓN ECONÓMICA: 170.000 euros

Bolsas de formación en lectorados de lingua, literatura e cultura galegas

Convocatoria de cinco bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas nas Universidades do Algarve, de Estremadura, de Granada, da Complutense de Madrid e de Padua.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística

DATA PUBLICACIÓN: 06/06/2017

DOTACIÓN ECONÓMICA: 220.191,12 euros (anualidades 2017-2020)

Bolsas de formación en lectorados de lingua, literatura e cultura galegas

Convocatoria de dúas bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas nos centros de estudos galegos das Universidades Nova de Lisboa (Lisboa) e Federal de Bahía.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística

DATA PUBLICACIÓN: 07/12/2017

DOTACIÓN ORZAMENTARIA: 94.692,96 euros (anualidades 2018-2021)

Axudas para proxectos de fomento do uso do galego en centros educativos públicos

Axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego en centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2016/17

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística

DATA PUBLICACIÓN: 18/01/2017

DOTACIÓN ECONÓMICA: 300.000 euros

Subvencións para proxectos de fomento do uso do galego en centros educativos privados

Subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2016/17

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística

DATA PUBLICACIÓN: 18/01/2017

DOTACIÓN ECONÓMICA: 22.600 euros

Créditos fotográficos

Portada: LUIS POLO; p. 10: NANI MORETÓN; p. 12: MIRAMEMIRA; p. 20: FRANCISCO GÓMEZ. Casa Real; p. 24: XOÁN CRESPO; p. 31: BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA DE OLEIROS (actividade Gargallando); p. 34: PABLO CHOUZA; p. 36: PABLO CHOUZA; pp. 38-39: BANCO DE SABADELL; p. 40: BANCO DE SABADELL; p. 43: XOÁN CRESPO; pp. 52-53: NANI MORETÓN; p. 54: NANI MORETÓN; p. 55: NANI MORETÓN; p. 56a: NANI MORETÓN; p. 56b: NANI MORETÓN; p. 59: M.A.S.; p. 63: MARTA VÁZQUEZ; p. 80: SIRGO TORCENDO; p. 81: SIRGO TORCENDO; p. 82: SIRGO TORCENDO; p. 83: SIRGO TORCENDO; p. 84: CÉSAR MARTÍNEZ; p. 85: CÉSAR MARTÍNEZ; p. 86: CÉSAR MARTÍNEZ; p. 87: ALBERTE PAZ; pp. 90-91: LUIS POLO; p. 96: ANXO RESUA; p. 100: MONCHO FUENTES; p. 104: AIGI BOGA; p. 110: LUIS POLO; p. 112: LUIS POLO; p. 124: JOAQUÍN BARREIRO; p. 129: FRANCISCO MURADAS; p. 133: AIGI BOGA; pp. 134-135: PACO ROCHA; p. 136a: PACO ROCHA; p. 136b: MARK RITCHIE; p. 137b: PACO ROCHA; p. 137c: PACO ROCHA; p. 138a: MARK RITCHIE; p. 138b: PACO ROCHA; p. 138c: PACO ROCHA; p. 138d: PACO ROCHA; p. 139a: MARK RITCHIE; p. 139b: MARK RITCHIE; p. 139c: MARK RITCHIE; p. 140a: MARK RITCHIE; p. 140b: OVIDIO ALDEGUNDE; p. 140c: OVIDIO ALDEGUNDE; p. 141a: MARK RITCHIE; p. 141b: MARK RITCHIE; p. 143b: AIGI BOGA; p. 144a: AIGI BOGA; p. 144b: AIGI BOGA; p. 146: FUNDACIÓN RAC; p. 149a: ÁLVARO CEBREIRO (Depósito familia Cebreiro del Río no Museo de Belas Artes da Coruña); p. 149b: ÁLVARO CEBREIRO (Depósito familia Cebreiro del Río no Museo de Belas Artes da Coruña); p. 150: ALFONSO ALMENDROS; pp. 152-153: MANUEL TATO (70 Mandarinas Comunicación); p. 154: REAL FILHARMONÍA DE GALICIA; p. 155: PABLO RODRÍGUEZ; p. 159a: JOSÉ MANUEL PEIXOTO; p. 158: JOSÉ GROBAS; p. 159b: XAIME CORTIZO; p. 159c: XAIME CORTIZO; p. 160: IÑAKI PRIETO; p. 161: MANUEL TATO (70 Mandarinas Comunicación); p. 162a: ALBA VÁZQUEZ CARPENTIER; p. 162b: ALBA VÁZQUEZ CARPENTIER; pp. 164-165: MONCHO FUENTES; p. 166: Moncho Fuentes; p. 167: MONCHO FUENTES; p. 168: MONCHO FUENTES; p. 169: MONCHO FUENTES; p. 170a: ALBA SOTELO; p. 171a: Ilustración de PERRILLA; p. 171b: MONCHO FUENTES; p. 172: ANTONIO SEIJAS; p. 177: MONCHO FUENTES; p. 178a: FUNDACIÓN CARLOS CASARES; p. 178b: CRIS AILEEN; p. 180: REAL ACADEMIA GALEGA; p. 184: VÍCTOR RIVERA; p. 185: MANUEL G. VICENTE; pp. 188-189: MANUEL G. VICENTE; p. 190: MANUEL G. VICENTE; p. 191: MANUEL G. VICENTE; p. 192: MANUEL G. VICENTE; p. 194: LUIS POLO; p. 195: LUIS POLO; p. 201: PABLO HERNÁNDEZ GAMARRA; p. 202: DANIEL GALLEGO; p. 207: GONZALO BAHAMONDE; pp. 210-211: MIRAMEMIRA; p. 213: RUBÉN PRIETO; p. 222: DANIEL GALLEGO; p. 224: MIRAMEMIRA; p. 226: XOÁN CRESPO; p. 232: MIRAMEMIRA; p. 236: fotograma de *A paixón de Xoana de Arco* (Carl Theodor Dreyer, 1928); pp. 240-241: AIGI BOGA; p. 242: MANUEL G. VICENTE; p. 243b: MANUEL G. VICENTE; p. 244a: MANUEL G. VICENTE; p. 244b: MANUEL G. VICENTE; p. 246a: ÓSCAR CORRAL; p. 247a: MANUEL G. VICENTE; p. 248a: AIGABOGA; p. 248b: MANUEL G. VICENTE; p. 249a: AIGI BOGA; p. 249b: AIGI BOGA; p. 250: MANUEL G. VICENTE; pp. 250-251: AIGI BOGA; p. 252a: MANUEL G. VICENTE; p. 253a: MANUEL G. VICENTE; p. 253c: MANUEL G. VICENTE; p. 254: MANUEL G. VICENTE; p. 255: MANUEL G. VICENTE; p. 256a: ÓSCAR CORRAL; p. 256b: MANUEL G. VICENTE; p. 257: MANUEL G. VICENTE; p. 258a: MANUEL G. VICENTE; p. 259: MANUEL G. VICENTE; p. 261: MANUEL G. VICENTE; p. 262: MANUEL G. VICENTE; p. 263: MANUEL G. VICENTE; p. 264: ÓSCAR CORRAL; p. 265: ZEITUN FILMS; p. 266: MANUEL G. VICENTE; p. 267: MANUEL G. VICENTE; p. 268b: ÓSCAR CORRAL; p. 268c: MANUEL G. VICENTE; p. 269: MANUEL G. VICENTE; p. 270: MANUEL G. VICENTE; p. 270a: MANUEL G. VICENTE; p. 271b: DAVID TOMBILLA; p. 272b: DAVID MADRIÑÁN; p. 273a: MANUEL G. VICENTE; pp. 276-277: DAVID VALDOVIÑOS; p. 280: DAVID VALDOVINOS; p. 282: ANTONIO SEIJAS; p. 283: MANUEL G. VICENTE; p. 284: CONCHI PAZ; p. 288: CONCHI PAZ; p. 289: XOÁN CRESPO; p. 292: JORGE CASTRO; p. 295: EIXO ATLÁNTICO NOROESTE PENINSULAR.

galicia



XUNTA
DE GALICIA